



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 130

**Sesión plenaria**  
27 de xuño de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



# ORDE DO DÍA

---

## Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia (doc. núm. 42313, 11/PL-000016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

Publicación do informe de Ponencia, BOPG nº 505, do 13.06.2023

## Punto 2. Comparecencia

### 2.1 54637 (11/CPP-000131)

Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar da situación e das novas perspectivas da cultura en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

## Punto 3. Mocións

### 3.1 54515 (11/MOC-000164)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla**

Sobre o Servizo de Axuda no Fogar. (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 46669, publicada no BOPG núm. 438, do 19 de xaneiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 13 de xuño de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

### 3.2 54541 (11/MOC-000165)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**González Albert, María**

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios. (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 37443, publicada no BOPG núm. 353, do 1 de agosto de 2022, e debatida na sesión plenaria do 13 de xuño de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

### 3.3 54550 (11/MOC-000166)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Seco García, Martín**

Sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios. (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 53530, publicada no BOPG núm. 494, do 16 de maio de 2023, e debatida na sesión plenaria do 13 de xuño de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023



## Punto 4. Proposicións non de lei

### 4.1 43782 (11/PNP-003718)

#### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

#### **Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 412, do 22.11.2022

### 4.2 51815 (11/PNP-004295)

#### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

#### **Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para determinar normativa-mente os criterios de destino das doazóns de material ao sistema público de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

### 4.3 53222 (11/PNP-004415)

#### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

#### **Castro García, Daniel e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación das e dos emigrantes galegos en Suíza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

### 4.4 53851 (11/PNP-004462)

#### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e G.P. dos Socialistas de Galicia**

Sobre a abordaxe por parte da Xunta de Galicia de diferentes medidas para afrontar o problema de saúde pública que representan a enfermidade renal crónica e a diabetes mellitus tipo 2

Publicación da iniciativa, BOPG nº 499, do 31.05.2023

### 4.5 54057 (11/PNP-004484)

#### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

#### **Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as solicitudes que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central, logo das eleccións xerais, no que se refire á ampliación do autogoberno e á axenda de traspaso de competencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

### 4.6 54166 (11/PNP-004495)

#### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

#### **Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para seguir impulsando o proxecto do corredor atlántico ferroviario, no que se integran as comunidades do noroeste peninsular

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023



**4.7 54249 (11/PNP-004505)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da xestión dos fondos europeos de recuperación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

**Punto 5. Interpelacións****5.1 54065 (11/INT-002613)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a planificación da atención sanitaria na época estival

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

**5.2 54173 (11/INT-002621)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre a loita contra a violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

**5.3 54234 (11/INT-002625)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e dous deputados/as máis**

Sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e a fobia ao colectivo LGBT

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****6.1 54631 (11/POPX-000111)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre os cambios que pensa introducir nas políticas de emprego da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

**6.2 54632 (11/POPX-000112)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre o balance dos catorce anos de goberno do Partido Popular en materia de transferencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 50325 (11/POP-007844)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre o fraccionamento de tres contratos por parte da Axencia de Turismo de Galicia no ano 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 461, do 01.03.2023



**7.2 54292 (11/POP-008311)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre a investigación xudicial aberta contra unha parte da dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 506, do 14.06.2023

**7.3 54124 (11/POP-008291)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre o estado das infraestruturas viarias de competencia estatal en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

**7.4 49721 (11/POP-007673)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego das sentenzas xudiciais contrarias ao desenvolvemento eólico promovido pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

**7.5 53786 (11/POP-008252)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia acerca do compromiso de manter a gratuidade para o cen por cento do alumnado das escolas infantís de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 499, do 31.05.2023

**7.6 54593 (11/PUP-000344)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do grao de mantemento da modalidade de ensino presencial nos ciclos de Formación Profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

**7.7 54624 (11/PUP-000345)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades respecto da modalidade, presencial ou telemática, da docencia na Formación Profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

**7.8 45914 (11/POP-006872)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas medidas que limitan a extracción da mexilla

Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023



**7.9 54634 (11/PUP-000346)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre as políticas impulsadas en materia de prevención e de loita contra a violencia de xénero nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia do deputado don Ramón Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 12.)*

### ***Alteración da orde do día***

***Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte de novos deputados/as.*** (Punto preliminar.)

*Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do previsto no artigo 7.1 do Regulamento, o señor presidente procede ao chamamento para que presten promesa ou xuramento as novas deputadas e deputados. (Páx. 12.)*

*Logo de prestaren xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia, don Moisés Blanco Paradelo, dona María Cristina Fernández Davila, dona María Susana López Abella, don Diego Lourenzo Moura, dona Paula Mouzo Mas, don Ángel Rodríguez Conde e dona Katherinie Varela Fernández acadan a condición plena de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia. (Páx. 12.)*

**Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia.** (Punto primeiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica a existencia de emendas non incorporadas ao ditame e que se manteñen para o debate en pleno. (Páx. 13.)*

*Presentación do ditame: Sra. vicepresidenta da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Díaz Mouteira). (Páx. 14.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 15.), Sra. Carreira Pazos (BNG) (Páx. 20.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 23.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 28.), Sra. Carreira Pazos (BNG) (Páx. 30.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 31.)*

*O señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso) pide a palabra para pechar o debate. (Páx. 33.)*

*Intervención do Goberno: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 33.)*



### ***Votación do texto lexislativo***

Votación das emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia núms. 1, 2, 3, 5, 11, 13, 14, 15, 20 e 21 ao Ditame do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego núms. 1, 3, 4, 17 a 22, 29, 30, 32, 35 a 46 ao Ditame do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia: *aprobado por 42 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

### **Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar da situación e das novas perspectivas da cultura en Galicia.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 35.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 49.), *Sra. Queixas Zas (BNG)* e *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 53.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 61.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 68.) *Nesta rolda interveñen a señora Díaz Varela (S)* (Páx. 68.), *a señora Queixas Zas (BNG)* (Páx. 70.) *a señora Egerique Mosquera (P)* e *o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 72.)

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández, sobre o servizo de axuda no fogar.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 77.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Arias Rodríguez (P)* (Páx. 85.)

*A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 88.)

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María González Albert, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios.** (Punto terceiro da orde do día.)





Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 92.) e *Sr. Armada Pérez (P)*. (Páx. 96.)

*Nova intervención do señor Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 99.)

*Suspéndese a sesión ás tres e oito minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos.*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 104.) e *Sr. Armada Pérez (P)*. (Páx. 107.)

*Nova intervención do señor Seco García (S)*. (Páx. 110.)

***Votación das mocións***

Votación do texto transaccionado sobre a Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández, sobre o servizo de axuda no fogar: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 112)

Votación da Moción de G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María González Albert, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 113.)

Votación da Moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 113.)

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei*. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 120.)



*A señora Otero Lago (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 124.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para determinar normativamente os criterios de destino das doazóns de material ao sistema público de saúde. (Punto cuarto da orde do día.)**

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 125.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 129.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 132.)*

*Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 135.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación das e dos emigrantes galegos en Suíza. (Punto cuarto da orde do día.)**

*Prodúcese unha interrupción e un diálogo coa señora presidenta (Candia López) debido á exposición dunha dúbida sobre o desenvolvemento do punto cuarto da orde do día. (Páx. 137.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Castro García (BNG). (Páx. 137.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Arangüena Fernández (S) (Páx. 140.) e Sr. Rodríguez Pérez (P). (Páx. 143.)*

*Nova intervención do señor Castro García (BNG). (Páx. 146.)*

### ***Alteración da orde do día***

*A señora presidenta comunica un cambio na orde do debate das proposicións non de lei polo que se adianta a número 5, correspondente ao G. P do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 147.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as solicitudes que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central, logo das eleccións xerais, no que se refire á ampliación do autogoberno e á axenda de traspaso de competencias. (Punto cuarto da orde do día.)**

*A señora presidenta ((Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 147.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 149.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 151.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 155.)*

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 159.)*



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para seguir impulsando o proxecto do corredor atlántico ferroviario, no que se integran as comunidades do noroeste peninsular. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 160.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 163.) e *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 165.)

*Nova intervención do señor Balseiro Orol (P)*. (Páx. 169.)

*Suspéndese a sesión ás oito e quince minutos do serán.*



Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifícase unha inasistencia, que é a de don Ramón Fernández Alfonso.

### ***Alteración da orde do día***

### ***Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte de novos deputados/as***

**O señor PRESIDENTE:** Como punto preliminar, procedemos á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas e dos novos deputados. Todo iso faise dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento, polo cal procedo a solicitar a prestación da promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas e deputados.

Segundo o procedemento, a fórmula é de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta que lles faremos desde esta presidencia. Prégolles que respondan desde o escano á pregunta que lles vou formular.

Poñémonos de pé, por favor, todos.

Don Moisés Blanco Paradelo, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

**O señor BLANCO PARADELO:** Si, xuro.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Dona María Cristina Fernández Davila.

**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** Comprométome a ser fiel con Galiza e a defender os dereitos sociais e nacionais dos galegos e das galegas e a súa liberdade. E, por imperativo legal, si, prometo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Dona María Susana López Abella.



**A señora LÓPEZ ABELLA:** Si, xuro.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Don Diego Lourenzo Moura.

**O señor LOURENZO MOURA:** Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos sociais e nacionais dos galegos e das galegas e a súa liberdade. E, por imperativo legal, si, prometo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Dona Paula Mouzo Mas.

**A señora MOUZO MAS:** Si, xuro.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Don Ángel Rodríguez Conde.

**O señor RODRÍGUEZ CONDE:** Si, xuro.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Dona Katherinie Varela Fernández.

**A señora VARELA FERNÁNDEZ:** Si, xuro.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Unha vez prestada a promesa ou o xuramento, adquiren a condición plena de deputados e deputadas desta Cámara. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

*(Aplausos.)*

Agora continuamos coa orde do día. O primeiro punto é un texto legislativo.

### **Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Mantéñense emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame, ten a palabra a vicepresidenta da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, dona Marisol Díaz Mouteira.



**A señora VICEPRESIDENTA DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Díaz Moureira): Bos días.**

Benvidos aos novos deputados e ás novas deputadas.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 6 de outubro de 2022. A Presidencia do Parlamento dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 394, do 13 de outubro de 2022, e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 31 de outubro e 18 de novembro de 2022 para as emendas á totalidade e ao articulado, respectivamente. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordouse a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

As emendas á totalidade e as emendas ao articulado presentadas, que foron cualificadas respectivamente pola Mesa das comisións das sesións do 2 e o 21 de novembro de 2022 e publicadas no BOP número 403 e número 412, respectivamente, foron dúas emendas á totalidade de devolución, unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e 67 ao articulado: 46 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 21 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Na sesión plenaria do 8 de novembro de 2022 rexeitáronse as emendas á totalidade de devolución. A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do 24 de novembro de 2022, designou as seguintes e os seguintes ponentes: do Grupo Parlamentario Popular de Galicia: dona Paula Prado del Río, titular, e don José Alberto Pazos Couñago, suplente; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: dona Iria Carreira Pazos, titular, e don Daniel Castro García, suplente; do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: don Julio Torrado Quintela, como titular, e dona Paloma Castro Rey, como suplente.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o 2 de decembro de 2022, coa presidencia do señor Rey Varela, presidente da Comisión 1ª, e coa asistencia das ponentes titulares señora Prado del Río e señora Carreira Pazos e do ponente señor Torrado Quintela. As seguintes reunións tiveron lugar os días 28 de decembro de 2022, 17 de xaneiro de 2023 e 14 de febreiro, coa asistencia dos ponentes titulares señora Prado del Río, señora Carreira Pazos e señor Torrado Quintela e do ponente suplente señor Castro García o día 14 de febreiro de 2023.

Na derradeira reunión, o día 13 de marzo de 2023, os referidos ponentes remataron a análise do texto articulado obxecto deste proxecto de lei e mais as emendas formuladas. Igualmente, formalizaron proposta de aceptación de emendas, a emisión e a aceptación da transaccións conxuntas ou parciais e o rexeitamento de emendas, e concluíron o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia. O informe elaborado pola ponencia foi debatido e aprobado, con todas as suxestións feitas pola ponencia, na sesión da Comisión 1ª do 15 de xuño.

Ata aquí o percorrido lexislativo deste Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior. Correspóndelle hoxe ao Pleno o seu debate e, se é o caso, a súa aprobación.



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Comezamos, polo tanto, coas roldas dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Comezamos polo Grupo Parlamentario Socialista. Para iso ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Bo día tamén á xente que nos acompaña dende a tribuna.

Algunhas das persoas que están hoxe aquí tamén participaron ou contribuíron a que os grupos tiveramos unha visión máis interesante e máis completa desta lei. E creo que tamén é mérito deles e delas traballar e que consigamos algúns avances, avances que tristemente hoxe non conseguimos.

É unha oportunidade perdida, esta lei é unha grande oportunidade perdida, unha enorme oportunidade que deixamos pasar e que temos pechado en falso.

Este goberno trouxo a este parlamento esta lei, arrastrado pola proposta socialista de hai un ano, na que plantexabamos unha lei que controlaba máis, controlaba mellor e que era moitísimo mellor para regular un contorno feito selvático dende o ano 1985 que non se regulaba.

O proxecto entrou —iso si— con eivas claras. Cabe recoñecer que a consellería que hoxe dixi o señor Calvo presentou en algo máis de seis meses un proxecto que levaba máis de seis anos danzando e pululando contra as paredes por parte do señor Rueda; e, nese sentido, creo que tamén é mérito recoñecelo. Pero é certo que o que se presentou foi un proxecto con eivas, con baleiros, con espazos inconclusos, e, probablemente forzado e arrastrado por esa proposta socialista, veu aquí un texto practicamente incompleto.

Dende o noso grupo traballamos coa confianza de que o traballo permitira mellorar o texto. Non foi así. Traballamos man a man con sectores, con todos os axentes implicados: as empresas do xogo, os traballadores das empresas do xogo, as asociacións de exxogadores que traballan en rehabilitación, entidades que traballan en prevención, asociacións de consumidores, asociacións de nais e pais, hostaleiros; de todo o mundo que tivo algo que opinar nós intentamos obter as súas opinións e trasladalo ás emendas.

Presentamos emendas a este texto que creo —cremos— que melloraban consistentemente o texto que se presentou. Algunhas delas tivemos a vontade de transaccionalas e incluso confiamos no propio Goberno, no Partido Popular, cando dalgunhas, con textos ambiguos, con textos incompletos, se asegurou que realmente fiscalizaban aquilo que nós criamos que se podía facer de maneira máis clara. En virtude do acordo, retiramos incluso algunhas das emendas, entendendo que tiñamos que poñer da nosa parte para o acordo, pero cando chegaron as cuestións esenciais todo evidenciouse nunha pantomima e chegou o bloqueio.



Ao final, nesta lei ¿que ocorre? Evítase marcar partidas para a prevención, converte os locais de hostalería en pequenos locais de xogo e apostas, dificulta enormemente o traballo para as empresas que cumpren, e —iso si— facilita e abre o campo ás grandes multinacionais do xogo. Os menores poderán seguir xogando alí onde se produce o maior enganche e o maior problema, e que *de facto* xogan, como son os locais de hostalería. Os autoprohibidos, que son persoas sensibles que fixeron xa un enorme esforzo por intentar superar un problema, non terán ningunha cortapisa, ningunha limitación e ningún problema en seguir xogando en moitos puntos da nosa comunidade autónoma.

Esta lei traslada responsabilidades, lava as mans, o Goberno lava as mans e deixa a responsabilidade de control do xogo a outros axentes, nalgúns casos, por exemplo, aos propios hostaleiros, e renuncia incluso a darlles ferramentas aos concellos para que poidan limitar ou controlar a implantación de casas de xogo.

¿A quen beneficia esta lei? Esta é unha grande oportunidade perdida. Como dicimos, esta é unha lei que pasou moitos anos sen afrontar unha realidade. No ano 1985 non caera nin o muro de Berlín, e dende aquela levabamos regulándonos, cando o mundo evidentemente ten avanzado algo máis, cunha lei que non tiña ningún sentido que hoxe se segue vixente.

Como dicimos, hai un ano presentamos unha normativa a este parlamento. A oposición tivo que ter a iniciativa e o Grupo Socialista colleu esa bandeira e defendeu neste parlamento unha proposta de lei, que o Partido Popular rexeitou, que o Partido Popular non quixo nin sequera entrar a debater polo miúdo e por participar de mellorar o texto. Sempre —seguro— é mellorable, dende un punto de vista distinto, e que fose un texto de todos, que iso sempre ten que ser o obxectivo dun texto e sobre todo dun que regula un sector tan sensible como este.

Forzado por aquela iniciativa política, evidentemente o Goberno estivo obrigado a traer aquí o seu propio texto, incompleto, feito probablemente ou terminado a todo correr, e de aí nóntanse as eivas que se presentaron: artigos que estaban incompletos, textos con erros, falta de artigos que non presentaban todo ao completo unha regulación, empresas que vían como non tiñan espazo nin sequera para renovar autorizacións, emendas que presentou o propio Goberno. O propio Goberno presentou emendas a este texto que o propio Goberno rexeitou, e así chegou ese texto a este parlamento.

Como dicimos, nós consultamos e traballamos con moitísimos axentes implicados. Dende hai moitísimo tempo que para o Partido Socialista preocupa esta cuestión e vimos realizando xornadas, grupos de traballo, reunións diversas, numerosas ocasións visitando e sendo visitados por colectivos implicados.

E é certo, como dicimos, que nós somos unicamente un instrumento para traballar un texto coma este. E non nos podemos cansar de agradecer aos sectores, a todos os axentes implicados, a colaboración que prestaron, que nos permitiu tamén ter visións distintas que non tiñamos ao inicio e que nos contribúen —cremos— a enriquecer a visión que temos sobre un sector importante e que regula unha conduta que para nós é delicada e que necesita dunha regulación moi explícita, moi clara e pensada en afrontar todas as arestas dunha situación





que pode ter problemas, pero que debemos regular, porque é tamén unha actividade de relevancia.

En todas esas emendas que presentamos hai detrás unha idea consensuada na súa maior parte, e nas ocasións nas que non é posible, porque algunhas veces non é posible consensuar posicións distintas ou confrontadas, tomamos posición; tomámola fundamentalmente polo control de acceso, pola prevención, pola vixilancia do que nós consideramos que é relevante cando tratamos unha lei do xogo, que é protexer os dereitos de todos e, sobre todo, o dereito á saúde e tamén á protección de condutas adictivas, e, especialmente, entre os máis novos, que para nós son o sector tamén especialmente máis preocupante neste debate.

O desenvolvemento da ponencia intentou ser, como dixemos, unha vontade construtiva. Existiu un gran ton de traballo —isto é innegable—, e sempre é moi positivo, permite poder debater moitas cousas. Falamos de moitísimas cuestións que afectan a lei, de realidades que están no día a día. Traballamos sobre exemplos concretos, traballamos sobre casos, sobre ideas, sobre información que coñecemos, contrastamos datos. Foi un debate interesante, o debate foi interesante.

A conclusión é o que nós consideramos unha oportunidade perdida. A última ponencia, como foi expresado aquí pola vicepresidenta da comisión, foi hai tres meses; levamos tres meses sen saber nada desta lei. En fin, isto é unha cuestión tamén que ten a súa curiosidade. No último debate non conseguimos —e tamén vivímolo como un certo fracaso do noso grupo— ser capaces de convencer o Partido Popular da relevancia do momento que vivimos, porque é moi importante regular algunhas cuestións coma esta.

Nós plantexamos que existían algúns defectos, si, e esta lei presentou algúns defectos, en parte é posible que por esa premura coa que se viu obrigada politicamente a ser presentada, en parte tamén por unha cuestión estratéxica: non ten ningún sentido que existisen normas con carácter retroactivo sobre licenzas ou que o propio Goberno emendase algunhas cuestións que o propio Goberno rexeitase.

Foron, evidentemente, cebos postos para poder dicir que algo se modificou, que isto é —permítanme— máis vello que andar para adiante. Presentar un texto que ten eivas notorias para que cando se presenten algunhas emendas rexeitar as que un quere rexeitar e aprobar aquelas que, obviamente, melloran o texto, porque foi posto mal probablemente a propósito.

Emendas de carácter conceptual, nunca se aceptaron as emendas que plantexaban cuestións concretas, nunca. Nin as que pretendían regular organismos como controladores do xogo ou o Observatorio do Xogo, que pretendiamos dende o noso punto de vista incluír e garantir presenza de todos os sectores implicados. Pretendiamos que regulase esta lei, porque ten todo o sentido que así o faga, algunhas cuestións empresariais sobre licenzas ou autorizacións, sobre investimentos; cuestión que non fai, que deixa para posteriores regulamentos, ou non, que xa o Goberno terá a vontade ou non de facer á súa vontade ou ilusión do que cre que debe ser, pero que deberían de ser tramitadas a través desta lei.



Nós presentamos algunhas emendas, por exemplo, como o impedimento de establecer máquinas de apostas deportivas en locais, en recintos feirais e deportivos, —insisto— cuestión que a propia Consellería de Sanidade emendou a esta lei e que o Goberno inicialmente rexeitou. É moi difícil percibir realmente se o Goberno... Ao inicio rexeitou e foi este grupo e non a Consellería de Sanidade a que o convenceu de que tiña que incluílo. É máis fácil pensar, aínda que sexa triste, que este goberno aceptou unha emenda de si mesmo para poder dicir que se aceptaba unha emenda da oposición.

En todo caso, algunhas cuestións como esa foron incorporadas, e iso era o mínimo, moi mínimo, que debía de ser polo menos para poder presentarse e chamarse lei.

Pero a realidade é que, máis alá de aspectos conceptuais, breves e case ortográficos, moi poucas cousas máis debatemos sobre esta lei que foran reais.

Permítanme que focalice en tres cuestións que para nós eran esenciais e que non entraron nesta lei, e que cremos que tiñan toda a lóxica de entrar.

En primeiro lugar, sobre prevención. Nós plantexamos e cremos que isto é unha boa medida, medida que ten a defensa das asociacións de xogadores rehabilitados, de entidades que traballan en prevención e que tamén entenden, con boa lóxica, algunhas das empresas que traballan neste sector, que é destinar o 1 por cento das taxas que se recadan polas empresas do xogo en Galicia á prevención. Porque a prevención, de maneira directa e non por subvencións competitivas, en Galicia ten cero euros de partida, cero. E nós cremos que o 1 por cento das taxas que suporía, collendo a referencia xusto previa á pandemia, 600.000 euros ao ano, é unha posibilidade para dar polo menos un marco de debate, un marco de acción mínimo.

Deféndeno as asociacións, pero, obviamente, tamén o defenden as empresas, que argumentan, con boa lóxica, que se pagan as taxas tamén quixeran que se puideran reverter esas taxas en protexer un ámbito no que eles queren traballar, pero queren contribuír a que sexa o máis transparente, o máis natural e o mellor posible para todos. E ten toda a lóxica. O único que non quere establecer ningunha partida para prevención é o Goberno do PP. Falar de prevención si, medidas concretas non, non vaia ser que funcione.

Tamén traballamos na expansión, no control da expansión das máquinas de apostas, especialmente pensando nas que causan un maior problema nas idades máis novas: as máquinas de apostas deportivas, os puntos de apostas deportivas nos locais de hostalería. Falemos con claridade: os puntos de apostas deportivas nos locais de hostalería é o punto de inicio das apostas deportivas da maior parte da xente moza, moitos deles menores de idade. Que vos tedes argumentarán que a lei lles impide xogar, pero xogan. E xogan sobre todo aí. Tamén xogan a algúns xogos de ámbito nacional, si, como a ONCE, que nós propuxemos dende Galicia regular para combater esa lexislación estatal. Si cremos que era posible. O Goberno renunciou a iniciar esa batalla e tamén —é certo— o Goberno máis combativo co Goberno de España que viviu este parlamento resulta que en materia de xogo achanta contra o Goberno de España, cousa bastante curiosa. Combaten por todo, cen mentiras por minuto, e en cuestións de xogo contra a ONCE frearon; cuestión bastante chamativa.



Pero nós tamén defendemos que os locais de hostalería, onde está o punto de inicio e onde se produciu sempre un punto de xogo moi frecuentado e, nos últimos tempos sobre todo, por rapaces máis novos e tamén nalgúns casos por menores, non podiamos convertelos en locais de apostas. Un local de apostas é un local de apostas e un local de hostalería é un local de hostalería. E non podemos converter estes segundos en pequenas casas de apostas; non pode ser.

E hoxe nós plantexabamos e seguimos mantendo esa emenda, de limitar a unha máquina, a unha máquina por local de hostalería, cuestión á que o Goberno renuncia. Nunca pensou en limitar. A nosa proposta de hai un ano plantexaba esta idea; o Goberno, intentando coller algunha das nosas ideas, plantexou así dúas. Con dúas máquinas de apostas xa teñen máis máquinas que de calquera outra cuestión os bares e, por tanto, convértense en pequenas casas de apostas. E isto non é normal.

E permítanme ir á terceira das cuestións, porque representa para nós unha cuestión grave, moi grave, que evidencia que esta lei é incompleta e que é unha oportunidade perdida.

As máquinas de apostas dos bares, dos locais de hostalería, non poden ser controladas por mecanismos que *de facto* non funcionan. E isto é o que propón esta lei: controlar *de facto* coa mirada unha máquina nun bar.

E isto trae dous problemas: primeiro, o xogo dos menores, que van xogar, porque os menores non poden consumir alcohol, pero consomen; porque os menores non poden comprar tabaco, pero compran. Sexamos listos e aprendamos das cousas que son mellorables doutras normativas, como a Lei antitabaco, que fixo moitísimas cousas moi boas pero que tamén agora mesmo necesitaría ser reformada para mellorar ese control. Esta lei vai permitir xogar aos menores nos bares.

Pero o que é peor: non implanta nin un só mecanismo para controlar os autoprohibidos, persoas que pasando por un drama persoal deron un paso moi importante para recoñecerse cun problema, para figurar nunha lista de autoprohibidos, para que o sistema non lles permita volver xogar. Porque non son donos da súa conduta, porque ante diferentes contextos non teñen a capacidade de controlar facer algo que non queren facer. E hoxe un autoprohibido con esta lei pode entrar nun bar, xogar nunha máquina e ninguén lle pode dicir nada. Porque dos autoprohibidos o seu mecanismo de control é a súa identidade. E existen mecanismos electrónicos que permiten controlar quen accede a xogar gardando a confidencialidade dos datos. Hoxe os mecanismos telemáticos están bastante avanzados e é obvio entender que é posible facelo. E o Goberno negouse a implantar un sistema telemático de control de acceso, que evitaría que xogaran os menores, porque hai que identificarse co DNI, e que evitaría ademais que xogaran os autoprohibidos, porque permitiría ter o acceso a esa listaxe.

Gardando a confidencialidade dos datos, evitaríamos dous problemas graves, e este goberno pasou de puntillas e dixo que non.

Polo tanto, con esta lei que hoxe temos aquí, con esta lei, as empresas que cumpren van ter un problema, as grandes multinacionais van ser moito máis facilitadoras, os autoprohibidos



poderán seguir xogando, os menores *de facto* seguirán xogando, nais e pais seguirán con problemas e preocupados, os hostaleiros terán o problema da responsabilidade de quen lava as mans como goberno e lles pasa a responsabilidade. E ao final temos unha lei que o único que cumprirá é a vontade do Partido Popular de dicir que se fixo unha lei. Pero é unha grande oportunidade perdida. Hoxe temos unha lei, pero ¡que pena que non sexa unha boa lei!

Moitas grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Iria Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Benvidas as novas e os novos deputados desta cámara, antes de nada.

Hai travesías longas polo deserto e despois está a Lei do xogo. Despois de estar durante anos e anos cunha lei claramente desactualizada, unha lei que databa de 1985, despois de que no 2018 se prometese, se iniciasen os trámites para actualizar esa lexislación, despois de seis meses de ponencia, chegamos ao verán de 2023 con este debate. E non foi sen tempo e tam-pouco foi porque non fose algo claramente demandado.

Proxecto de lei que desde o BNG consideramos que presentaba eivas claras xa cando entrou nesta cámara. O máis evidente: este proxecto de lei chega a esta cámara acompañado por un informe do Consello Económico e Social absolutamente demoledor, e, baixo a miña humilde perspectiva, un informe que sería bochornoso para calquera goberno. Un informe que cualificaba o anteproxecto de lei do xogo dun texto de escasa ambición e valentía, con medidas insuficientes e cunha limitación clara para afrontar a problemática do xogo.

Do mesmo xeito que se desoía o Consello Económico e Social, tampouco se prestou atención ao indicado por persoas estudosas do tema, polas ANPA galegas por exemplo tamén, ou, o que nos parece máis grave, polas asociacións de pacientes.

E, por non escoitar, nin sequera se escoita o seu propio Goberno. Desde a Consellería de Presidencia non son quen de recoller as propostas formuladas pola Consellería de Sanidade; propostas como a que sinalou o señor Torrado de prohibir instalar máquinas de apostas nos recintos deportivos e feirais, e que foi a oposición quen recolleu esa iniciativa para incorporala ao texto.

Unha lei pouco ambiciosa, coa que é certo que o Partido Popular cobre o expediente, pero sen chegar tan sequera a poñer freo á expansión do xogo, a pesar de que na propia exposición de motivos se recolle que a oferta de xogo existente na Galiza é excesiva en relación coa demanda real da poboación.



É un proxecto de lei que non entende o impacto máis directo e máis lesivo que este sector ten sobre a sociedade. O xogo non é unha actividade inocua, non podemos entendela simplemente como un sector de ocio, de lecer, como unha actividade económica sen máis. Ten importantísimas consecuencias sobre a saúde, sobre a saúde mental sobre todo, sobre as persoas menores de idade e remata por ser fonte dunha gran problemática social.

O Partido Popular presenta un proxecto para regular os xogos. Desde o BNG entendemos que hai que ir máis alá, hai que ir máis aló de regular o propio sector e hai que ter presente, sempre e en todo momento, a súa influencia na sociedade.

Este texto deixa suxeita a un desenvolvemento posterior a actuación sobre as condutas aditivas, pendente dunha lei de adicións que o Goberno anunciou en varias ocasións pero sobre a que nada sabemos a día de hoxe, a pesar incluso de que, como dicía a Consellería de Sanidade, realizou alegacións ao anteprojecto de lei, solicitando por exemplo a inclusión dunha mención de que a Administración implantará actividades preventivas e asistirá as persoas con problemas de xogo, incluíndo o cribado en pacientes en situacións de risco. Propuxo tamén a Consellería de Sanidade o control de acceso de prohibidos nas máquinas de apostas na hostalería, de xeito análogo ao que sucede coas máquinas de tabaco, ou a necesidade, como dicía anteriormente, de instalar máquinas de apostas en recintos deportivos e feirais pola alta presenza de menores. Propostas da Consellería de Sanidade que ficaron en baleiro, que non foron tidas en conta, pendentes doutros desenvolvementos normativos, ben ao abeiro desta propia lei ou ben de desenvolvementos específicos na área sanitaria, pero que afondan nunha profunda falta de concreción deste proxecto de lei.

Desde o Bloque Nacionalista Galego formulamos unha serie de emendas que cremos que poderían axudar a mellorar este texto lexislativo, 46 emendas que poderían mellorar esa falta de ambición e de valentía e que o que procuran é que este texto sexa o máis completo posible para atender a todos e cada un dos condicionantes que ten o sector do xogo. Tivemos en todo momento vontade de diálogo, vontade de acordo durante todo o transcurso da ponencia, favorecendo en todo momento a aprobación de transaccións para lograr ese obxectivo de ter unha lei o máis completa posible.

E, neste senso, introducimos emendas para que se atenda á saúde das persoas que xogan, emendas que o que buscan é o deseño de estratexias de prevención da ludopatía e a detección de persoas con risco de desenvolver condutas adictivas pero tamén estratexias para atender ás persoas que xa padecen esta patoloxía. Tan importante é evitar que aparezan novos casos como tamén prestar atención e asistencia aos que xa existen.

E desde o BNG recolleemos a demanda das asociacións de pacientes e trasladamos unha emenda para regular o acceso ás máquinas comecartos que hai en locais que non son de xogo, máquinas que hai nos bares e nos locais de hostalería. E quero aproveitar para agradecerlles o enorme labor, o enorme traballo que realizan estas asociacións e sobre todo a súa disposición para continuar avanzando en todo momento.

Nós non entramos en cal ten que ser o mecanismo concreto, se a través do DNI electrónico, se cos propios díxitos do DNI, non imos entrar nas cuestións técnicas deste control de acceso,



pero si que cremos que é necesario establecer algún tipo de sistema que impida a participación efectiva nos xogos de persoas menores de idade e de persoas que consten inscritas no Rexistro de Prohibidos de Acceso ao Xogo de Galiza nas máquinas que están fóra dun local no que exista control de acceso.

Esta emenda non é un capricho noso, esta emenda vén directa, como dicía, das asociacións de persoas con trastornos de adicción ao xogo. Eu non sei se as que estamos nesta cámara asistindo a este debate temos consciencia do que significa ser unha persoa inscrita neste rexistro; significa ser unha persoa xa cun problema grave de adicción que dá o paso, que se inscribe dun xeito voluntario para que se lle axude a non volver entrar outra vez na espiral adictiva.

Tendo en conta a dimensión de todos estes problemas que supón o xogo, o impacto que ten sobre a saúde en termos poboacionais, parécenos indispensable atender a todas estas persoas que están nunha situación moi complicada, escoitar cales son as súas demandas e tratar de articularlas. Falamos de saúde, e iso resulta fundamental. E, ademais —e o que é máis grave—, coñecemos a dimensión do problema que supoñen as máquinas comecartos nos bares, o seu potencial adictivo, a súa facilidade de acceso, polo que entendemos que a regulación destas máquinas resulta fundamental.

Tamén propoñemos regular e limitar a oferta de máquinas de apostas. Do mesmo xeito que se limita o número total de máquinas comecartos que pode haber na Galiza, cremos que tamén sería importante fixar un límite para as máquinas de apostas, porque na lei só se limita a cantidade que pode haber en bares e restaurantes. Se temos claro que hai que limitar as máquinas comecartos, ¿por que non temos claro que hai que limitar as máquinas de apostas, sabendo, ademais, o risco que teñen sobre todo para persoas máis novas, persoas menores de idade?

Seguindo o exemplo paralelo ao que se recolle no proxecto de lei de limitar en función das licenzas xa expedidas, a pesar de considerarmos que é un número elevado, propoñemos que non haxa máis autorizacións de máquinas de apostas e, do mesmo xeito, limitar a presenza que as máquinas de apostas e máquinas comecartos teñen en locais de restauración.

No proxecto recóllese que sexan dúas máquinas. Nós fiamos un pouco máis fino. Propoñemos que nese cómputo entren tamén os puntos de xogo existentes que non dependen da Comunidade Autónoma, como poden ser as loterías ou os puntos de venda da ONCE. O que entendemos desde o BNG é que os bares non poden acabar convertidos nun escaparate de todos os xogos existentes. E quero lembrar neste punto que permitir xogar a xogos de azar a menores é a infracción de todas as que se consideran moi graves que resulta máis habitual e que, ademais, a Xunta de Galiza vén de xeito reiterado sancionando coa menor multa posible.

Tamén cremos que é importante poñer o foco na distancia aos centros de ensino e aos centros de rehabilitación. Sabemos que non existe unha distancia óptima, pero 300 metros parécenos cando menos escasa. Nós propomos incrementar esa distancia, sabendo, como digo, que non está establecido cal vai ser esa distancia idónea pero sabendo que cómpre incrementala, recollendo ademais o formulado incluso polo propio Consello Económico e Social.



Nesta mesma liña, collendo de base outra lexislación existente como pode ser a Lei antitabaco, que cando se implantou parecía que ía ser a fin do mundo e que hoxe vemos que realmente está contribuíndo a desincentivar o consumo desta substancia, propoñemos emendas para regular a publicidade. Partindo da base de que se mesturan competencias estatais e galegas, cremos que sería importante que se marcasse unha liña clara por parte deste goberno regulando a presenza que a publicidade do xogo ten na vida pública.

O xogo non é un sector inocuo, non é simplemente unha fonte de dinamización económica, como dicía o daquela vicepresidente, hoxe presidente, da Xunta de Galiza. O xogo é un sector que impacta socialmente, que é fonte de patoloxía, e ignorar iso parécenos tanto unha temeridade como unha profunda irresponsabilidade.

Por iso cremos que o texto que hoxe se trae aquí a debate a este pleno do Parlamento de Galiza resulta un texto escaso e decepcionante, un texto que peca de escasa ambición e, desde logo, que non atende plenamente ás problemáticas que derivan do xogo.

E quero, xa para ir rematando, poñer simplemente un dato dunha das enquisas múltiples que se teñan realizado referentes á problemática do xogo. A enquisa Estudos do 2021 é unha enquisa que se realiza dentro do Plan nacional sobre drogas ao estudantado do ensino secundario. O 3,4 por cento do alumnado entre 14 e 18 anos son candidatos a presentar un posible xogo problemático. Deixo só este dato enriba da mesa, pero non é o único que alerta sobre a dimensión que ten o problema da adicción ao xogo, sobre todo o problema que ten en menores. Temos falado en numerosas ocasións de estudos incluso realizados en Galiza. Recoñecer o traballo do profesor Rial Boubeta neste senso.

E, por iso, nós entendemos que este texto que hoxe se trae a debate nesta cámara resulta un texto escaso e decepcionante. E é unha mágoa —permítame, señor Torrado, rematar dun xeito similar a vostede— que perdamos a oportunidade e a ocasión de realmente ser valentes e enfrontar o problema que xera o xogo en Galiza como realmente merece, con medidas claras e decididas, para atender a toda esta situación.

Grazas.

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Carreira.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, quero darlles a benvida aos deputados e deputadas que tomaron hoxe posesión e desexarlles moitos éxitos no seu traballo parlamentario.



Despois de meses de traballo, traemos a este pleno a aprobación definitiva do ditame de ponencia da Lei do xogo. Ao longo de todo este tempo, dende que entrou nesta cámara, pois non deixamos de traballar no texto legal para conseguir a mellor Lei do xogo. Traballamos os grupos parlamentarios, pero tamén quero agradecer aos servizos da Cámara polo seu apoio e asesoramento en todo momento para salvar as dificultades nalgúns casos técnicas coas que nos atopamos. E tamén quero agradecer aos axentes sociais implicados no sector, xa que tamén fixeron as súas aportacións ao texto lexislativo que finalmente fixemos de todos. Creo que podemos presumir da xenerosidade coa que traballamos na ponencia, poñendo os intereses xerais por riba dos intereses partidistas. Eu así o manifestei nos inicios dos traballos da ponencia. Con ese espírito traballou sempre este grupo parlamentario ao longo de todas as reunións que mantivemos.

Lamentablemente, señor Torrado, eu pensei que quedara claro no debate de comisión, e lamento profundamente o seu filibusterismo político: volver insistir aquí e intentar deslizar que o Grupo Parlamentario Popular tivo agochado este ditame de ponencia, porque, efectivamente, rematamos os traballos de ponencia o 15 de marzo, pero non estivo agochado nun caixón. O ditame de ponencia estivo á disposición dos tres grupos; non á disposición; cada grupo tivemos o ditame de ponencia na nosa posesión para lelo e para advertir se había algún erro despois dos traballos de ponencia. E sabe vostede moi ben que a única ponente que fixo advertencias de erros foi a que lles fala. Porque eu non sei se vostede chegou a ler o ditame de ponencia neses tres meses ou o fixo á présa e correndo nos dous últimos días, e porque vostede non quería que se debatese esta lei neste período de sesións. Tanta présa coa súa proposición de lei, da que logo falaremos, e agora pretendía vostede atrasar este debate que hoxe traemos aquí. Porque mesmo esta deputada que lle fala advertiu que faltaba algunha emenda do seu grupo, que vostede non advertiu. Non sei se é porque non leu o borrador do ditame ou porque non lle interesaba. Prefiro pensar o primeiro e non o segundo, señor Torrado.

Eu non vou seguir falando disto, porque vostedes ben saben que é un debate interesado, pero cando lles interesa din que atrasamos a ponencia, se falamos meses dun texto lexislativo, e agora que imos por unha vía máis rápida coa Lei do litoral, ¡ai!, aí non lles interesa, iso é unha tramitación exprés e forzamos o regulamento. ¡Claro! Se falamos e temos reunións, estamos atrasando, e, se non, é un debate exprés. Señor Torrado, a vostedes nunca lles vale absolutamente nada.

E di que vimos arrastrados polo Partido Socialista. Mire, non, señor Torrado, este grupo parlamentario, o Partido Popular de Galicia, levaba no seu programa electoral do ano 2016 a necesidade de modificar e de actualizar a Lei do xogo de 1985. E, si, empezaron os traballos e as reunións cos sectores e coas asociacións de persoas afectadas e todo o mundo fixo aportacións. E por iso a realidade é que o proxecto de lei, cando entra neste parlamento, non leva ningunha emenda do Grupo Parlamentario Popular. Vostede mente, cero emendas do grupo do Goberno. Señor Torrado, ¿por que di que hai emendas do Goberno cando non hai nin unha soa emenda deste grupo parlamentario? (*Aplausos.*) Vostede, señor Torrado, a verdade é que xa di tantas mentiras, trolas —chámennles como queiran, porque agora como en política dos socialistas non é mentir senón cambiar de posicionamento político—, eu sinceramente non sei se chamarlles mentiras ou trolas ou cambio de posicionamento. Pero mire, a realidade é





que este grupo parlamentario presentou cero emendas a ese proxecto de lei, que viña co aval de moitos axentes sociais.

Mire, e despois de todo ese tempo, efectivamente, houbo unha pandemia, houbo un atraso nese sentido nos períodos de sesións, pero a realidade é que, cando vostede trouxo o proxecto de lei do Partido Socialista, cando o propuxo para o pleno, foi dous días antes de que se aprobase no Consello da Xunta este proxecto de lei. Así que non diga que vimos arrastrados polo Partido Socialista, porque agora tamén falarei da súa proposición de lei tan marabillosa, que vostede tanto di.

Porque mire, nós imos ter un debate serio e rigoroso da lei e non imos caer nas súas trampas, na súa demagoxia e no seu filibusterismo político, señor Torrado, porque para nós é moito máis importante o traballo que se fixo con esta lei para protexer a quen máis o necesita, as persoas vulnerables, as persoas con risco de adiccións e, por suposto, os menores, que son a quen máis debemos protexer coa aprobación desta lei. *(Aplausos.)*

Mire, voulle dicir só tres cousas que facía a lei que vostede veu aquí defender, a súa lei, a lei socialista. Primeiro, a nosa lei pechaba o mercado, distancias de 300 metros, e vostedes pechaban o mercado e non había novas licenzas máis. Dígame vostede a quen lle ían poñer o límite dos 300 metros; a ningunha.

Propoñían o control do DNI para os menores, pero non para os prohibidos e para as persoas con adicción rexistradas no Rexistro de Prohibidos. E, claro, di vostede aquí agora xa que nós propoñemos dúas máquinas nos locais de hostalería, pero é que a súa lei propoñía unha soa máquina, e ¿sabe de que tipo, señor Torrado? Sabe que o sabe. Pretendían permitir que fose unha máquina de tipo C. Señor Torrado, esas máquinas, como vostede ben sabe, son exclusivas de casino, sen límites de apostas nin de premio; é dicir, as máis adictivas. Iso si que é pretender converter os bares en locais de apostas. Introducir máquinas de tipo C nos locais de hostalería era o que pretendía a norma do Partido Socialista.

E agora di que os menores poden xogar nos bares e que esta lei converte os bares en locais de apostas. É absolutamente falso, señor Torrado, falso, falso. ¿Por que di vostede iso? Señor Torrado, ¿os menores poden consumir alcohol nos bares? Non, ¿verdade? ¿Os menores poden comprar alcohol nos supermercados? Non, ¿verdade? ¿Os menores poden comprar tabaco nos bares? Non, ¿verdade? ¿Os menores poden comprar tabaco nun estanco? Non, ¿verdade? Pois miren, os menores tampouco poden xogar nas máquinas dos bares nin tampouco nos outros locais de apostas no mercado. E ¿por que? Porque hai unha lei que llelo impide. E mire, se os menores non poden comprar tabaco nin alcohol nos bares, porque quen non llo permite é o dono ou o titular dese local de hostalería, tamén o dono do titular de hostalería ten que impedir que eses menores xoguen nas máquinas de apostas. E vostedes veñen aquí dicir que non son policía. ¡Home!, pois tampouco son policía para impedirles que compren alcohol, tampouco son policía para impedir que compren tabaco.

E agora vén vostede dicir aquí que hai que modificar a Lei de tabaco. Pero ¡se levan cinco anos gobernando no Estado e vostedes son os responsables desa lexislación! ¿Por que non a cambiaron, señor Torrado? ¿A quen lle queren botar agora a culpa?, ¿a quen? Dígame. Por-



que, se a vostede lle parece mal o sistema de impedimento de que os menores compren tabaco nas máquinas de hostalería, o dispositivo que se prevé tamén para as máquinas de xogo, ¿por que non o mudaron? ¿Por que non fixeron unha Lei do xogo no Estado nos cinco anos que levan gobernando? ¿Por que non modificaron a lei con todas esas cousas que levan proposto aquí e que son de competencia absolutamente estatal?

E mesmo vostede na súa lei, esa proposición de lei socialista, pretendía que as máquinas de apostas e loterías de SLAE puidesen colocarse non nos bares, claro, pero en calquera outro sitio, en gasolineiras, en centros comerciais, por certo, onde asiduamente van moitos menores, e aí a vostedes non lles importaba absolutamente montar máquinas por todo o territorio.

Señor Torrado, un pouco de seriedade no discurso, un pouco de responsabilidade, que estamos falando de xogo seguro e responsable e delimitar o acceso aos menores a ese xogo. (Aplausos.)

E, despois, o que xa me resulta máis sorprendente é que vostede fale de que na política de prevención non temos un compromiso orzamentario. Mire, eu non sei se vostede leu o artigo 4, que é referente á política de prevención; está redactado polo grupo de traballo de xogo responsable, no que participaban representantes das distintas consellerías, a Universidade de Santiago e as asociacións de loita contra a ludopatía. E sobre o compromiso orzamentario no ámbito do artigo 4, hai varios apartados de política de xogo seguro e responsable no ámbito da sensibilización, da concienciación, do control, da información, das prohibicións. E incluso incluímos máis apartados a proposta dunha emenda, da aceptación dunha emenda, que transaccionamos co Bloque Nacionalista Galego.

E mire, no apartado 9 di textualmente: «As consellerías con competencias en materia de xogo e sanidade consignarán crédito nos seus orzamentos correspondentes para financiar respectivamente o Observatorio Galego do Xogo e as actividades dirixidas á prevención da ludopatía.» ¿Sabe que dicía vostede na súa marabillosa lei? «Poderán consignar». ¿Sabe cal é a diferenza entre «consignarán» e «poderán consignar»? Que «consignarán» é imperativo e «poderán consignar» é optativo. Esa era a súa lei, señor Torrado, e a diferenza é que agora hai que consígnalo.

Pero o que é máis grave é que vostede propón aquí que se destine un 1 por cento, cando vostede sabe —xa llo dixen e vostede sábeo, porque leron os informes que acompañan o proxecto de lei— que a Lei de taxas non permite que sexa esa afectación, porque estamos falando dun imposto fiscal, non extrafiscal.

Señor Torrado, se aínda así tivésemos que destinar ese 1 por cento, que non o permite a lei, e ademais na comisión lles dixen: ¡oia!, se vostede cre que se pode modificar a lei, traian unha emenda, que aínda podemos negociala antes do pleno; e vostede non trouxo nada, señor Torrado. A vostede o único que lle vale é vir aquí, facer un discurso, dicir: queremos destinar o 1 por cento dos ingresos dos impostos das empresas do xogo para a prevención. Sabe vostede que iso son 600.000 euros. ¿Sabe vostede canto é a partida orzamentaria que destina Sanidade para a prevención das adiccións? 2,7 millóns de euros. Por tanto, moití-



simo máis que ese 1 por cento que vostede propón aquí, moitísimo máis que 600.000 euros. Pero é que, ademais, hai 4,5 millóns de euros que se destinan para subvencións aos concellos, ás asociacións e ás entidades para actividades de prevención e loita contra as adiccións en xeral.

Así que, señor Torrado, non veña vostede aquí facer demagogia cun tema tan serio e tan sensible e tan importante para —insisto— protexer os menores. Porque mire, o importante non é a afectación dos ingresos, senón a vontade do Goberno do Partido Popular con aquelas actuacións que se consideran prioritarias en cada momento e cuxo financiamento se garante a través dos recursos xerais dispostos a favor da Facenda galega; doutra maneira, veríanse restrinxidos mediante un uso inadecuado ou xeneralizado das afeccións básicas.

Por tanto, fronte a ese 1 por cento, eses 600.000 euros que vostede pretende destinar, o Goberno galego destina 2,7 millóns de euros.

Mire, tamén di vostede que hai un exceso de regulación por regulamento. Pois mire, lea vostede a súa lei, a súa proposición de lei, porque mire, máis de vinte artigos trasladan ao regulamento, aos decretos de consellos. E mire, xa llo dixen noutras ocasións, ¿non? Xa empeza o artigo 1 dicindo: «A práctica do xogo obxecto desta lei pódese facer de forma presencial a través de medios electrónicos, telemáticos, de comunicación, cos requisitos que se determine nesta lei e nos regulamentos que se desenvolvan.» No artigo 9, sobre xogos autorizables: «Regulamentariamente estableceranse as regras esenciais para o desenvolvemento de cada modalidade de xogo». No punto 5, «por decreto do Consello, por proposta da consellería competente, poderanse incluír no catálogo outros xogos». Así ata vinte. Así que, por favor, señor Torrado, non diga aquí unha cousa e despois cando fai a súa proposta lexislativa é outra.

En calquera caso, eu quero poñer en valor a parte de consenso á que chegamos nesta tramitación parlamentaria. Porque miren, efectivamente, dícialles eu antes que o Partido Popular presentou cero emendas, pero os grupos non. Miren: 46 o BNG e 21 o Partido Socialista, e despois de transaccións e aceptacións, aceptamos 23 emendas do BNG, das 46, isto é, o 50 por cento; e 11 do Partido Socialista, isto é, o 52,38 por cento. Por tanto, creo que é unha porcentaxe moi importante de aceptación das súas emendas.

E cuestións importantes. Dícian vostedes: que non haxa máquinas nos recintos feirais e deportivos. Claro que o aceptamos. Pero é que, señor Torrado, nin que houbera unha en cada recinto deportivo; en toda Galicia hai unha cafetería dun recinto deportivo que ten unha máquina; non pasa nada; nós aceptamos esa emenda e transaccionamos con vostedes esa emenda, porque nos parece importante que iso se recolla.

Porque nós si que vimos negociar as emendas que vostedes presentaron con espírito construtivo, con espírito de mellorar a lei, con espírito de consenso, e lamento profundamente o discurso que vostede tivo hoxe aquí de dicir que é unha oportunidade perdida, cando a oportunidade perdida, señor Torrado, é non falar e non consensuar temas tan importantes para Galicia e para o futuro dos galegos e das galegas, porque son os menores, que son o noso futuro, e esa é a nosa prioridade.



Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Xa ten que ser mala a lei para pasar todo o rato falando da que presentamos nós o ano pasado e non desta. (Aplausos.)

Eu tiña o concepto de que era mala, pero teño a sensación, señora Prado, de que vostede ten peor concepto desta lei ca min, pero peor, jeh! Pero, en fin, se a vostede lle gusta falar das nosas leis, pois encantado; intentaremos seguir traballando como facemos para que vostedes poidan polo menos aprender das que presentamos nós.

Sobre unha cuestión formal, a ver, eu non vou poñerme a debater cousas que son evidentes. O Goberno emendou esta lei, está no anteproxecto, están as emendas presentadas, témolas todos. Quero dicir que negar iso me parece que xa estamos nun debate que xa eu creo que supera calquera tipo de cinismo. Pero, aínda por riba, para non equivocarse, é dicir, o Goberno non emendou porque o grupo parlamentario non presentou emendas, hai que intentar non confundir as institucións. Sei que vostedes son moi partidarios de confundir institucións, pero non hai que confundilas. O Goberno emendou a lei. Se hai que insistir nisto, é un problema. Emendou, o Goberno emendou e o Goberno rexeitou as súas propias emendas. Así que, a partir de aí, creo que discutir isto é unha tontería.

Algunhas cuestións falaces ou argumentalmente falaces que se presentaron aquí para intentar defender esta lei, que parece que non lle gusta nin ao propio Partido Popular. Vou coller un exemplo sobre a Lei antitabaco que se mencionou aquí máis ou menos de xeito lateral; lei antitabaco, por certo, que foi moi boa, sobre a que o Partido Popular dixo auténticas aberracións, barbaridades como poucas veces se podía pensar nunha lei así, que hoxe funciona e que evidentemente co paso do tempo é mellorable, porque a todos os que traballamos en política e a todos os colectivos que traballan no contorno da política pásanos algo que polo visto ao Partido Popular non lle pasa, e é que non somos perfectos e aprendemos co paso do tempo; o Partido Popular, non, fai cousas sempre perfectas. Polo tanto, se vostedes son perfectos, seguirán en contra daquela Lei antitabaco, que, por certo, hoxe deben ser os únicos que están en contra.

Pero mire, vostede argumenta: ¿é que acaso os menores non poden comprar tabaco nos bares ou nos estancos? Hai unha diferenza, moi grande, e é que a realidade —que é sobre o que temos que traballar— di que nos bares non poden comprar tabaco, pero compran. E nos estancos non poden comprar tabaco, pero non compran. ¿E poderá haber algún caso dun es-



tanco? Ben, eu non podo garantir que non, pero diría que é moitísimo máis difícil, moitísimo máis difícil, porque uns son establecementos regulados para iso e outros son engadidos que ten un establecemento que se dedica a outra actividade.

E isto é o que nós pretendemos regular agora con esta lei, porque nesta lei hoxe estamos regulando isto, o xogo, hoxe estamos nisto. E, por tanto, hai que aprender, e aprendamos de que os menores non é tan fácil, é moi difícil que compren tabaco nun estanco, e, por tanto, tamén é moi difícil que xoguen dentro dun local habilitado como un casino ou unha sala de apostas, en que, por certo, aínda entran, pero é máis difícil. Pero é moito máis fácil que xoguen, como é moito máis fácil que compren tabaco nun bar. E, por tanto, nós, que hoxe estamos regulando isto, dicimos: regulemos isto para que non ocorra.

Os autoprohibidos. Non hai —vouno explicar outra vez, porque dá a sensación de que, como hai tres meses disto, igual olvidouse—: se alguén ten que marcar o seu número de DNI nunha máquina para poder xogar, esa máquina pode ter acceso a un censo, a un censo de autoprohibidos, e delimitar se esa persoa pode xogar ou non ou se é maior de idade ou non. Acabouse o debate, acabouse o debate. Se é menor de idade, non pode xogar; se é un autoprohibido, non pode xogar. Acabouse o debate, non hai máis historia. A partir de aí todo é milonga. E iso limitaría o xogo dos menores e dos autoprohibidos, que son dous colectivos, que ademais de calquera outro control da prevención e do control das condutas, non deben xogar, non queren xogar eles, non queren as empresas que xoguen, non queremos ninguén que xogue.

Estamos todos de acordo, menos o Partido Popular, que quere que xoguen, que é xente que ten problemas, que ten problemas claros, que ten unhas patoloxías, e vanlles permitir seguir xogando. E eu sinto, señor Calvo, que a vostede lle moleste, pero coa súa lei os autoprohibidos mañá poden xogar nun bar, poden e vano facer, e vano facer, porque o están facendo. Porque, evidentemente, teñen un problema de conduta, que non poden controlar, porque non teñen unha patoloxía por gusto, teñen unha patoloxía porque a sofren, e, como a sofren, van seguir caendo algúns deles nalgún problema, que podíamos resolver e non resolvemos.

E eu lamento que lle pareza mal, pero é que é exactamente así de grave. E esa rabia que a vostede lle produce que eu o diga debería de utilizala para regular mellor esta cuestión. (*Aplausos.*) Por certo, tiña a nosa lei para facelo, e tiña a nosa emenda para facelo.

Se lle preocupa, fágao. Introduzamos esa emenda, aínda poden votar a favor: control telemático para que non poidan xogar menores nin autoprohibidos; voten a favor desa emenda e está dentro, e xa está, e o demais é palabrería.

Sobre o 1 por cento das taxas, o Goberno, que reduce as taxas para algunhas empresas do xogo, argumenta que non pode regular as taxas. Pois quédalle ben, jeh!, pero a verdade é que é pouco argumentativo. Podemos facelo, porque as cuestións..., é que nós traballamos en definir leis. A palabra dun deputado aquí non é lei, pero a lei si que é lei, e por tanto, se a modificamos, podemos incluír esa cuestión, podemos incluír prevención. Por tanto, se vostedes queren, é posible facelo aínda.



En definitiva, eu preguntábame: ¿a quen beneficia esta lei? Pois non beneficia os menores, non beneficia os autoprohibidos, non beneficia as empresas que cumpren, non beneficia as familias, non beneficia as asociacións de consumidores, non beneficia os traballadores das empresas. Beneficia, probablemente, algunhas grandes multinacionais, que están —e xa vemos nos medios— especulando con montar, por exemplo, hoxe, grande casinos en Galicia, ou casinos máis grandes dos que hai, que se poderán montar agora. E, por tanto, é unha oportunidade perdida.

Nós queremos, en todo caso, agradecer aos colectivos que están aquí, aos que nos seguen e aos que colaboraron con nós dende hai moitísimo tempo para traballar nesta cuestión. Hoxe apróbase unha lei que non é a nosa lei, que non nos gusta, que cremos que é moi mellorable, e sobre a que seguiremos traballando, dunha ou outra maneira, noutros formatos, e intentando melloralala, e intentando mellorar o contorno do xogo, porque ao final do que se trata é de contribuír a que sexa mellor.

Pero si queríamos despedirnos deste debate agradecéndolle ese traballo enormemente, con todo corazón e todo o agradecemento, a todo o tempo que puxo todo o mundo, por facer ou intentar facer que esta lei fose mellor do que é. Non é a nosa lei, pero confiamos en ter a oportunidade de facer unha mellor lei e regular un sector que está todo o mundo de acordo en que é moi mellorable respecto da lei que agora temos, pero, en todo caso, é a lei que o PP quere. É unha grande oportunidade perdida.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas, presidente.

O anteproxecto sometido a ditame parte do feito de considerar o xogo como unha realidade social lícita, por supoñer unha manifestación máis do principio de liberdade individual recollido na Constitución española de 1978, e que ao longo destes anos se mostrou como un sector máis da actividade económica cun marcado carácter dinámico e activo, influído en gran medida pola innovación tecnolóxica, en especial nos últimos anos, e cun elevado transcendencia para a Comunidade Autónoma galega, tanto desde o punto de vista económico e tributario como social.

Non obstante, a actividade de xogo ten unhas características intrínsecas que fan necesaria unha regulación por parte da Administración que estableza mecanismos que ofrezan seguridade ás persoas usuarias dos xogos, garantan a protección das persoas menores de idade e daquelas persoas que o precisen por motivos de saúde.

Isto está sacado directamente do informe emitido polo Consello Económico e Social. Presumía a señora Prado de que esta lei chegaba a este parlamento co aval de múltiples axentes sociais. ¿Cal é o aval que lle dan a este proxecto de lei as persoas científicas especialistas



en xogo? ¿Cal é o aval que lle dan a esta lei as asociacións de pacientes, de persoas con adicción ao xogo? ¿Cal é o aval que lle dan a esta lei as ANPA galegas, preocupadas pola situación que lles queda aos seus fillos e fillas? Porque presumir de aval cando só se escoita unha parte moi concreta da poboación non é digno de honra. (*Aplausos.*)

Quero determe simplemente nun dos puntos, nunha das situacións que quedará despois da aprobación desta lei. ¿Que é o que vai pasar nos bares, nos locais de hostalería? As persoas menores de idade poderán xogar ou non, do mesmo xeito que poden consumir alcohol ou non, ou poden mercar tabaco ou non. ¿Que vai pasar coas persoas que están inscritas no Rexistro de Prohibidos de Acceso ao Xogo? Que estas persoas van ficar sen ningún tipo de protección, porque é certo que un propietario ou unha propietaria dun local de hostalería pode pedirlle o documento de identidade a calquera persoa que entra pola porta do seu establecemento, comprobar se é menor ou maior de idade, e en base a iso denegarlle o acceso ou non. ¿Que pasa se esa persoa é maior de idade? ¿Como vai comprobar se esa persoa está inscrita no Rexistro de Prohibidos de Acceso ao Xogo? ¿Como vai velar esa propietaria dese establecemento de hostalería pola saúde desa persoa?

Eu quero facer un chamado, que honestamente nunca quixera ter que dirixir desde esta tribuna. O noso deber como deputados e deputadas nesta cámara é a protección da sociedade, mellorar a sociedade que temos, e dentro desa protección da sociedade cobra vital importancia a protección dos colectivos máis vulnerables, e aí entran tamén as persoas que teñen unha patoloxía de adicción ao xogo.

Se, como poder lexislativo, non estamos protexendo un colectivo vulnerable como é o destas persoas, tamén o de persoas menores de idade, estamos fracasando no noso deber como deputados e deputadas. (*Aplausos.*) Quen bloquea, quen veta a posibilidade de establecer esa protección, non atende ao seu deber como poder lexislativo, como deputados e deputadas desta cámara, e a min persoalmente caeríame a cara de vergoña só por iso.

E só por esta situación de desprotección na que quedan as persoas inscritas no Rexistro de Autoprohibidos abonda para dicir que esta lei é decepcionante, que é unha lei escasa e que claramente non atende aos problemas que xera o sector do xogo, só porque deixa unhas persoas nunha situación de vulnerabilidade, sen ningún mecanismo efectivo para garantir o seu dereito á saúde. Con iso abonda para dicir —reitero— que é unha lei decepcionante e unha lei escasa.

Grazas.

(*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Carreira.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.



Señor Torrado, cos anos que leva vostede aquí, confundir unha emenda, perdón, un informe cunha emenda do Goberno, a verdade é que di moi pouco, moi pouco de vostede, pero di tamén moito da súa rigorosidade no traballo e moito máis no debate.

E despois de dicir que o Partido Popular quere que os menores e os autoprobidos xoguen, realmente, señor Torrado, xa se retratou vostede; non fai falta que eu diga nada máis, que vostede mesmo acaba de facer o seu retrato como deputado nesta cámara con esa afirmación. *(Aplausos.)*

Ben, si vou destacar esta lei que tan mala din que é, tan mala din que é. Eu, sinceramente, claro que vou defender esta lei, e vouna defender porque a lei limita o número de establecementos de xogos, a lei prohibe conceder préstamos nin calquera outra modalidade de crédito ás persoas usuarias dos xogos, nin conceder bonificacións, nin partidas gratuítas ou elementos que poidan cambiar por diñeiro ás persoas usuarias do xogo.

Os concellos poderán establecer de forma proporcionada e xustificada outros límites, requisitos ou características adicionais para a apertura de establecementos, algo que ata o de agora non era posible, baseándose nas súas competencias de organización, dirección, control e ocupación e utilización do chan, algo que ata o de agora non era posible.

Fíxase un número máximo de dúas máquinas de xogo de calquera dos tipos permitidos nos establecementos de restauración, de lecer e de entretemento.

Establécese na lei a prohibición de todo tipo de publicidade dos xogos de competencia autonómica na Radio e na Televisión de Galicia.

Establécese a obriga de que todos os establecementos de xogo (casinos, bingos, tendas de apostas e salóns de xogo) teñan control de acceso, que prohiba a entrada de menores e de persoas inscritas no Rexistro de Prohibidos; parece que non, pero é así.

Fíxanse novas distancias que deberán cumprir os establecementos de xogo, de xeito que non poderán localizarse a menos de 300 metros dos centros oficiais que imparten ensino regrado ás persoas menores de idade e tamén dos centros oficiais de rehabilitación de persoas xogadoras patolóxicas, así como calquera outro establecemento de xogo; as distancias serán medidas radialmente.

Fíxense se imos por diante doutras comunidades autónomas que nestas últimas eleccións autonómicas do 28 de maio a candidata de Unidas Podemos a presidir a Comunidade de Madrid propoñía que os locais de xogo terían que estar polo menos a 500 metros, e hoxe aquí en Galicia imos aprobar 300 metros. Señorías, non esqueza, señor Torrado, que o ministro do ramo é de Unidas Podemos, e esa é a proposta de Unidas Podemos para a Comunidade de Madrid. Por favor, tomen nota. Agora xa lles queda moi pouco tempo e xa non poden modificar a lei, tiveron cinco anos e agora será un goberno do Partido Popular o que o faga. *(Murmurios.)*

Establécese a obriga... *(Murmurios.)* Tranquilos, tranquilos, están moi alterados, tranquilos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Establécese a obriga de que todas as máquinas





auxiliares de apostas instaladas en establecementos de hostalería contén un dispositivo que impida o xogo de menores.

Tamén a norma establece que as distintas consellerías colaborarán e promoverán políticas de prevención, desenvolvemento, actividades de prevención da ludopatía dirixidas á poboación xeral, adoptando medidas tendentes a desincentivar os hábitos e condutas patolóxicas relacionadas co xogo.

Créase o Observatorio Galego do Xogo como órgano colexiado encargado do estudo, avaliación e seguimento das políticas de xogo.

Señorías, esta é unha boa lei, aínda que a oposición intente dicir o contrario, porque non queren votar co Partido Popular unha lei que consensuamos entre todos. A sociedade galega confiou en nós para que defendamos os seus intereses e que poñamos por riba o interese xeral. Uns máis que outros, señorías, uns máis que noutros, e outros van en caída libre. Elixíronnos para que resolvamos os seus problemas e non para crear máis. Esperan de nós altura de miras, e creo que con esta lei podemos lanzar unha mensaxe aos galegos e galegas, unha mensaxe de que somos capaces de traballar por Galicia con xenerosidade, que fomos capaces de facer unha lei que protexera as persoas máis vulnerables, que se adaptase ao século XXI, e iso foi o que fixemos dende o Partido Popular, con xenerosidade: aceptar e incorporar ao texto lexislativo máis da metade das suxestións da oposición.

Hoxe a lei é máis de Galicia que de ningún dos tres grupos aquí representados. Pídlles un último esforzo para aprobar a lei por unanimidade e mandar unha mensaxe de unidade na loita contra un dos problemas que máis afectan a mocidade e ás persoas máis vulnerables e con riscos de adiccións. Eles son a nosa prioridade.

Máis nada e moitas grazas.

*(Aplausos.)*

*(O señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pide a palabra.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor vicepresidente primeiro.

Déanlle voz ao escano do señor Calvo.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Moitas grazas, presidente.

Eu quería, aproveitando este momento en que estamos a piques de aprobar unha lei importante, mandar unha felicitación á sociedade galega, porque creo que hoxe melloramos unha lei que xa databa do ano 1985, como dicían todos os intervenientes, e que era o momento de mellorar esa lei, e polo tanto creo que debemos de felicitarnos como sociedade.



Quero agradecer tamén o traballo que fixo o grupo de xogo responsable, porque durante moito tempo fixéronse aportacións, deron opinións, que non todas puideron ter cabida neste texto, pero dende logo todas foron tidas en conta, e moitas delas foron incorporadas, e polo tanto as aportacións e ese espírito construtivo dende o Goberno queremos agradecerlo.

E quero agradecer tamén o traballo dos grupos parlamentarios en xeral, pero permítame, presidente, o do Grupo Parlamentario Popular de maneira especial, porque ten amosado durante a tramitación desta lei pois unha capacidade de diálogo sen límites, unha capacidade de diálogo que está enriba da mesa, e, aínda que cause graza nalgún sentido, poucas normas, poucas leis viñeron a este parlamento nas que o grupo maioritario aceptara o 50 por cento das emendas do Grupo Socialista e o 50 por cento das emendas do grupo do BNG. E é unha lástima que esa altura de miras, que ese espírito construtivo e sobre todo pensar en Galicia non fora acompañado por todos, e que o momento electoral no que vivimos leva moitos partidos a posicionarse dunha maneira, como teñen feito hoxe, lonxe do interese xeral.

Moitas grazas de todas as maneiras polas aportacións, porque as acollemos coa mellor das intencións, esperando que puideran tamén ser capaces de dar o seu apoio ou polo menos a abstención. É unha lástima, presidente, pero de todos os xeitos hai que felicitar a sociedade galega porque hoxe é un día importante.

Grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Votación do texto lexislativo***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación. Imos proceder á votación das emendas mantidas e do ditame.

Comezamos votando, primeiro, as emendas que se manteñen, que son as emendas do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, en concreto as números 1, 2, 3, 5, 11, 13, 14, 15, 20 e 21.

Votamos.

*Votación das emendas 1, 2, 3, 5, 11, 13, 14, 15, 20 e 21 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, en concreto as números 1, 3, 4, 17 a 22, 29, 30, 32, 35 a 46.

Votamos.

*Votación das emendas 1, 3, 4, 17 a 22, 29, 30, 32, 35 a 46 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos o ditame da comisión, coas emendas incorporadas.

Votamos.

*Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 31.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o ditame da comisión e, consecuentemente, queda aprobada a Lei reguladora dos xogos de Galicia.*

**O señor PRESIDENTE:** Rematou aquí este punto. E continuamos co punto 2º da orde do día.

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar da situación e das novas perspectivas da cultura en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta comparecencia, ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Con calma. Que colla oxíxeno.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González):** Moi bos días, señor presidente.

Señorías.



Galicia e os galegos temos unha cultura da cal nos sentimos orgullosos, unha cultura que define a nosa identidade e que nos permite entendernos e ser como como somos. A cultura é un feito vivo, en constante proceso de construción, a cultura identifícanos e faino sen enfrontarnos a ninguén. É un elemento que nos integra, que nos cohesiona, e é, sen dúbida, fundamental para a nosa convivencia. Pola súa relevancia en todos os ámbitos da vida, as administracións públicas temos o deber de achegar e tamén de fomentar a cultura a todos os cidadáns e apoiar os creadores e as empresas culturais.

As políticas culturais son un eixo transversal deste goberno, que se apoia principalmente en catro grandes piares: o primeiro é o apoio á difusión e á creación cultural en todo o territorio, tanto dende unha perspectiva puramente profesional como tamén dende a perspectiva da cultura popular e afeccionada; en segundo lugar, o impulso ás nosas industrias culturais e creativas como xeradoras de riqueza, emprego e dinamismo económico; en terceiro, a protección e a posta en valor do noso patrimonio cultural, material e inmaterial en equilibrio co fomento da creación; e, en cuarto, a promoción da lingua en todos os ámbitos como un elemento integrador, transversal, necesario para transmitir e preservar a nosa identidade cultural sempre, sempre, en liberdade e fuxindo de calquera imposición ou conflito.

Os antecedentes inmediatos da actual situación están marcados fundamentalmente por dúas cuestións dun significativo impacto en toda a sociedade pero tamén, por suposto, do mundo da cultura. O primeiro ten sido a pandemia e o segundo ten sido, moi en concreto no ámbito da cultura, a celebración do Xacobeo 2021-2022.

Como todos sabemos, moi recentemente o conxunto da sociedade, da economía, enfrontouse a unha situación absolutamente extraordinaria que afectou negativamente a actividade cultural. Tivemos que repensar o alcance e o ámbito de incidencia das políticas culturais, e, botando a vista atrás, podemos afirmar que este goberno foi capaz de reaccionar con axilidade e con solvencia. Mentres outros chegaban tarde, e chegaban tarde todo o tempo, Galicia foi a primeira comunidade autónoma que ten aprobado un plan de reactivación específico para a cultura. A nosa premisa, o fundamento foi sempre a de manter a actividade cultural e axudar os profesionais deste sector a superar unha situación tan imprevisible como a da que estamos a falar. Incrementamos a colaboración público-privada para evitar a perda do tecido empresarial e o sector mantivo a súa competitividade e a súa presenza; mantivemos, en definitiva, o tecido empresarial.

Tamén, e xunto ás ameazas, aproveitamos as oportunidades estratéxicas dos últimos anos, do pasado recente. Aí está, por exemplo, o Xacobeo 2021-2022, que, ademais de ser o máis longo da nosa historia recente, foi tamén o máis descentralizado polo territorio. Non só se converteu no principal evento cultural do ano 2022, tal e como recolle nos seus informes o Consello da Cultura Galega, senón que nos anos 2020-2021 —e tamén, por suposto, no 2022— actuou como un elemento que reforzou o sector. E isto a pesar de que algúns grupos desta cámara pediron rachar co Xacobeo, un erro que despois se corrixiu rápido. E pese a esta iniciativa de rachar co Xacobeo, a inmensa maioría dos profesionais da cultura —en concreto, un 76 por cento, segundo datos do Consello da Cultura Galega— entenderon que o impacto do mesmo foi positivo ou moi positivo sobre o conxunto da cultura galega.



¿Cal é a situación nestes momentos? Hoxe a saúde da cultura galega é boa, ten unha boa saúde e mantén unha alta vitalidade, e nas últimas décadas viviu unha auténtica transformación. Cómpre recoñecer e recordar que nunca houbo en Galicia tanto consumo cultural como agora. A cultura vai ben. Sempre se pode mellorar, por suposto, pero a cultura vai ben, e así o reflicten os principais indicadores, indicadores cuxa fonte é o Consello da Cultura Galega.

A actividade económica —vinculada, por suposto, á cultura— representa ao redor do 3 por cento do PIB. O emprego cultural está por riba das cifras previas á pandemia; representa aproximadamente un 3,6 por cento; noutras palabras, estamos a falar de aproximadamente 35.400 profesionais. Non só somos a quinta comunidade española en número de empregados no ámbito cultural, senón que esta porcentaxe ou este número vén medrando nos últimos anos; pasamos de 21.400 traballadores, profesionais, culturais no ano 2011 a 35.000 na actualidade —algo máis de 35.000 na actualidade—, é dicir, un 65 por cento máis. Os datos da Seguridade Social tamén apuntan a unha tendencia en positivo, cun crecemento proporcional superior ao doutros sectores.

Afortunadamente, temos tamén en Galicia unha cultura de base que agrupa máis de cinco mil entidades —asociacións, fundacións de todo tipo—, que están moi espalladas e distribuídas polo territorio.

A industria cultural galega é competitiva e increméntanse, como froito desa competitividade, as exportacións de produtos culturais.

Aumenta tamén a confianza dos consumidores e nos últimos exercicios medra o gasto cultural das familias, e, en consecuencia, tamén crece a confianza dos profesionais e fortalécese a creación de empresas.

En todo este tempo a xestión do Goberno autonómico, a xestión da Xunta, foi, de xeito reiterado, a mellor valorada polo conxunto dos profesionais da cultura, moi por riba dos concellos, da Administración local, e, especialmente, moi por riba da do Goberno do Estado, que se sitúa, segundo os profesionais, no último lugar.

Se ampliamos un pouco o foco e miramos dúas décadas atrás, cunha certa perspectiva de maior espazo no tempo, podemos ter unha visión sen dúbida máis ampla. Tamén temos un informe feito polo Consello da Cultura Galega, o Informe de hábitos e prácticas culturais, que chega a unha conclusión tremendamente interesante. Dinos que a cultura galega contemporánea é moito máis robusta hoxe que hai vinte anos, e practicamente en todos os indicadores —na celebración de eventos, na asistencia do público aos propios eventos, no consumo medio das familias, nos índices de lectura, ben, en moitísimos parámetros que se recollen neste informe—, pese a que nos últimos vinte anos tivemos que facerlles fronte a dúas crises moi significativas: unha crise económica a principios da década do ano 2010 e tamén unha crise sanitaria moi profunda nos últimos anos. Tamén nos di este informe que Galicia aproveitou moi ben a innovación tecnolóxica para a difusión e o acceso á cultura.

Así mesmo, sucédense os recoñecementos e os galardóns, tanto a nivel nacional como internacional. No último lustro, sen ir máis lonxe, a cultura galega, os creadores, os profesio-



nais da cultura galega, recibiron dezasete premios nacionais, en ámbitos tan dispares como a creación literaria, artes plásticas, ensaio e outros. Ou tamén algunhas persoas, algúns creadores a título individual, recibiron premios tremendamente significativos a escala internacional; sen ir máis lonxe, o recoñecemento que tivo hai moi pouco Luz Casal, galardoada en Francia, ou, por suposto, os premios que, practicamente xa de xeito habitual, recibe o sector audiovisual en Galicia.

Este goberno, por todo isto, cre realmente na importancia estratéxica do sector da cultura, e por iso temos reiterado, de xeito continuo, a posta en marcha dun PERTE cultural por parte do Goberno de España, un PERTE específico que permita dalgún xeito consolidar os avances dos últimos vinte anos. Queriamos e queremos con este PERTE captar fondos europeos, que-remos dedicalos a mellorar as estruturas produtivas dos sectores culturais. E para isto non o fixemos só, tivemos un proceso participativo moi aberto, participaron máis de cen axentes culturais, e deseñamos un PERTE, unha idea de proxecto cultural con dezanove proxectos tractores que estaban vinculados a diferentes ámbitos, como o patrimonio, os museos, a música ou o audiovisual, cun investimento ao redor dos 370 millóns de euros. E, lamentablemente —como creo que é coñecido por parte de todos vostedes—, o Goberno do señor Sánchez, unha vez máis, non tivo a Galicia en consideración e fixo oídos xordos a esta reclamación.

O balance dos últimos anos —como acabo de dicir— dános unha visión optimista, con traballo, con moitas cousas que mellorar aínda, pero optimista respecto á realidade cultural galega. Pero é obvio que non podemos conformarnos, é obvio que hai que seguir traballando e é obvio que hai cuestións por resolver.

Neste ano 2023 estamos investindo un 8,5 por cento máis no ámbito cultural que o ano pasado. Isto permítenos actuar en todos os ámbitos, por unha parte reforzando a oferta, reforzando a oferta dos creadores e dos axentes culturais galegos, pero tamén incentivando a demanda de produtos e servizos culturais por parte da poboación. De feito, Galicia acadou a súa mellor valoración histórica en calidade e innovación. Somos, segundo un prestixioso informe, o Informe da Fundación Contemporánea, a terceira comunidade autónoma que mellor oferta cultural ten do conxunto de España e que máis medrou nos últimos anos. Neste Informe da Fundación Contemporánea a Cidade da Cultura volve ser unha vez máis unha das tres propostas máis valoradas en Galicia. E tamén aparecen recollidas neste informe outras iniciativas, como pode ser o Centro Dramático Galego ou como poden ser Escenas do Cambio. Na clasificación do mellor do ano 2022 no ámbito cultural de España aparece o CGAC, o Centro Galego de Arte Contemporánea, e aparece tamén o Xacobeo. E hai unha serie de iniciativas impulsadas pola Xunta de Galicia, como pode ser Cultura no Camiño, ou distintos festivais que se celebran nos espazos rurais que están recoñecidos como as mellores propostas españolas no ámbito rural.

A similares conclusións chega o informe do máis destacado da cultura do ano 2022, elaborado tamén polo Consello da Cultura Galega, no que tamén aparecen propostas recollidas como o Bono Cultura, que, como vostedes ben saben, foi posto en marcha no ano 2021 e 2022 e que foi unha iniciativa tremendamente relevante, que posibilitou mobilizar ao redor de 6 millóns de euros, co obxectivo de dinamizar o sector estimulando o consumo cultural.



Se pasamos a un repaso moi somero da actividade, a un balance moi somero da actividade máis recente no ámbito cultural da Xunta de Galicia, temos que dicir que actuamos para protexer e achegar a cultura galega a todos os cidadáns a través das principais institucións culturais: os museos, as bibliotecas e os arquivos.

Museos. O ano 2022 foi un ano de grandes exposicións. Adicamos máis de 5 millóns, cunha proposta tremendamente descentralizada no conxunto de Galicia. Só polos museos xestionados pola Xunta de Galicia pasaron máis de catrocentos mil visitantes; repito: pasaron máis de catrocentos mil visitantes, que participaron nas actividades realizadas nos mesmos.

Tivemos unha programación moi diversa, moi descentralizada, moi pensada para o conxunto da cidadanía, e seguimos nesta liña. De feito, xa neste ano 2023 temos en marcha tamén grandes proxectos. Sen ir máis lonxe, onte pechamos a exposición *Picasso branco no recordo azul*, no Museo de Belas Artes da Coruña, que pechou cun grande avance cuantitativo (cincuenta mil visitas, que fan unha media de 609 visitas ao día) e cualitativo, dende a perspectiva que se afianzou no ámbito cultural a idea do protagonismo que ten tido A Coruña, que ten tido Galicia na conformación cultural e pictórica de Picasso.

Tamén dentro de moi poucos días imos inaugurar no Museo Gaiás a exposición *Luz na Terra*, do Seminario de Estudos Galegos, unha institución da alta cultura, cuxo comisario é o señor Ramón Villares. E con esta exposición poñemos punto final a unha triloxía, que iniciamos no ano 2016, de centenarios básicos e fundamentais para entender o presente cultural de Galicia: as Irmandades da Fala, a Revista *Nós* e agora o Seminario de Estudos Galegos.

Para seguir reforzando a importancia crecente dos museos na sociedade, que hoxe xa non son só centros de conservación senón tamén espazos para a difusión, a investigación e a comunicación cultural, neste ano 2023 creamos o Consello de Centros Museísticos, un órgano asesor e colexiado que comezará a funcionar o próximo mes de xullo, ao abeiro do desenvolvemento da Lei de museos, do ano 2021.

No caso da Rede pública de bibliotecas, pechamos o exercicio 2022 con case 1,6 millóns de préstamos, e cun número moi significativo de actividades, practicamente oito mil, sete mil novecentas actividades, nas cales participaron ao redor de duascentas corenta mil persoas.

Coa vista posta en seguir as súas funcións por todo o territorio, puxemos en marcha, fundamentalmente pensando no ámbito rural, o segundo Mapa de bibliotecas públicas de Galicia. As bibliotecas galegas consolidan o seu papel como a primeira porta de acceso ao universo cultural e como parte da política de apoio ao libro e á lectura, un ámbito que se beneficiou particularmente das medidas específicas como foron as dúas edicións do Bono Cultura.

Nesta liña tamén aprobamos, hai semanas, unha nova batería de accións de apoio, que suman arredor de 3 millóns de euros, 2,9 millóns de euros. E entre elas presentamos unha serie de accións como poden ser as Furgotecas, que é un programa de bibliotecas móbiles que funcionou e está funcionando con grande éxito nos concellos rurais, aqueles que non teñen biblioteca.



Puxemos en marcha e estamos desenvolvendo tamén novas residencias literarias na illa de San Simón e bolsas tamén para realizar estas residencias literarias fóra da Comunidade Autónoma galega.

E impulsamos o Observatorio para a Innovación en Literatura Infantil e Xuvenil, xunto ao CSIC e aos profesionais do sector.

Estamos tamén impulsando o Club de Lectura de Galicia.

E en materia de arquivos temos tamén unha serie de datos pensamos que tremendamente significativos. Aprobouse o Plan de arquivos da Xunta de Galicia para o ano 2022-2026. Queremos mellorar a xestión destes centros e potenciar algo moi importante: a difusión do patrimonio documental e histórico que está vinculado a estes arquivos. Neste caso adícase unha cantidade de arredor de 5 millóns de euros. E desenvolvemos proxectos tan significativos e tan demandados como Galiciana. En Galiciana temos dixitalizado máis de cinco millóns de documentos.

E temos tamén en marcha outras iniciativas, tamén de carácter moi simbólico, como o proxecto Memoria e Concordia, de dixitalización de fondos vencellados á Guerra Civil.

Tamén nos últimos anos dende o ano 2009 investimos máis de 2 millóns de euros en axudar a diferentes organismos públicos e privados na difusión e na mellora do patrimonio arquivístico de Galicia.

Capítulo á parte, como referente da difusión cultural e tamén como fábrica de contidos, aparece a Cidade da Cultura. Este ano 2022 tivemos máis dun millón de visitas, e cando digo un millón de visitas, de persoas que a visitaron, exclúo deste dato os que participaron a principios de ano no proceso de vacinación.

Nos últimos dez anos esta infraestrutura ten dado un salto tremendamente significativo no número de persoas que participan na actividade cultural que se desenvolve no seo da Cidade da Cultura. No ano 2022 o número de participantes só nas actividades vencelladas á Fundación Cidade da Cultura chega practicamente ás duascenas mil persoas, que se achegaron a desenvolver e a practicar a actividade cultural só e exclusivamente nas actividades da fundación.

Temos posto en evidencia que a Cidade da Cultura xera riqueza. Tivemos un estudo, fixemos o primeiro estudo de contabilidade social, elaborado pola Universidade de Deusto, que nos di e concluía que por cada euro público investido o Gaiás retornaba á sociedade arredor de 1,85 euros. O obxectivo cara ao 2027 e co novo plan estratéxico é que esta cantidade chegue a 2,5.

Avanzamos tamén dentro do marco do II Plan estratéxico 2021-2027 unha folla de ruta con setenta accións, que mobilizarán arredor de 30 millóns de euros, e sobre o que imos desenvolver ao redor de cinco mil eventos e actividades culturais.

Este II Plan estratéxico, que xa foi presentado nesta cámara, estrutúrase en catro eixes.





O primeiro, a descentralización, chegando os contidos elaborados na Cidade da Cultura a outras localidades de Galicia; estámolo facendo por exemplo co proxecto Cidades no Tempo. O segundo é a creación e o impulso ao programa de residencias artísticas do Gaiás, que o que busca fundamentalmente é promover o talento e fomentar tamén a elaboración de contidos. O terceiro é a internacionalización. E o cuarto é a dixitalización.

E permítanme que me centre neste caso nun dos proxectos que temos en marcha entendemos que de maior interese, que é a posta en marcha do Centro de Artes Dixitais de Galicia, un espazo pensado para a creación e a exposición mediante e a través das novas tecnoloxías. Este proxecto foi aprobado hai moi poucas semanas no Consello da Xunta e queremos que sexa o primeiro centro deste tipo, por suposto, en Galicia, e vai ser, sen dúbida, un dos primeiros de España.

Queremos aproveitar as oportunidades da tecnoloxía como motor cultural e económico en termos de xeración de empresas innovadoras e tamén de creación de postos de traballo; todo isto pensado, por suposto, para seguir poñendo en valor e divulgando o patrimonio cultural en xeral que temos en Galicia e, en xeral, a cultura galega.

Neste centro vanse desenvolver actividades innovadoras de apoio á creación dixital e de fomento tecnolóxico en eidos como poden ser as artes dixitais, a representación inmersiva. Tivemos tamén algún exemplo: *Sangre y arena*. E tamén as posibilidades que nos aportan as novas tecnoloxías; pensemos tamén no 3D.

Quero deixar moi claro que a súa posta en marcha non vai supor a construción de ningún edificio, senón que o que imos facer é acondicionar os sotos, unha parte dos sotos da Cidade da Cultura, en concreto os que están en fronte ao edificio Fontán, que hai unha superficie de arredor de 4.400 metros cadrados que polas súas características arquitectónicas, é dicir, espazos pechados, son bastante favorables para o desenvolvemento dun centro deste tipo, do que xa hai experimentos, neste caso, por exemplo, accións en Madrid, en Matadero, ou en París en centros tremendamente representativos.

Pensamos que isto vai reforzar o papel do Gaiás como un polo cultural e que vai permitir tamén un aforro significativo ao aproveitarse un espazo xa existente.

Estamos ultimando o proceso de licitación, queremos facelo o antes posible; un proxecto de licitación de obra e de execución para comezar os traballos, entendemos e así o pretendemos, antes do remate do ano, coa intención de que arredor do ano 2026 poida estar xa funcionando.

É tamén un feito que as nosas industrias culturais atravesan un bo momento, atravesan un dos seus mellores momentos.

Puxemos a funcionar o 100 por cento dos fondos do *hub* audiovisual, unha cantidade económica de moi preto dos 9 millóns de euros. Os efectos das iniciativas vinculadas ao *hub*, desenvoltas ao abeiro do *hub* van ter uns efectos estruturantes no sector, xa que se pretendeu reforzar as estruturas de produción das industrias culturais.



E por poñer só un caso da transcendencia que ten dende a perspectiva de xeración de valor, só un caso concreto, que é o fondo da atracción de rodaxes, ao cal se adicaron 3,3 millóns de euros. E, en base a un estudo económico feito pola Universidade de Santiago do retorno económico do mesmo, estamos a falar que este investimento de 3,3 millóns xera un retorno superior aos 30 millóns de euros en Galicia; o cal fala do enorme efecto multiplicador que teñen estes investimentos.

Se nos centramos no audiovisual, estamos actuando, dende sempre e da man do sector, en todas as etapas do proceso de creación audiovisual, en todos os eslabóns da cadea de valor do proceso de creación audiovisual, dende o impulso ao talento, á fase de creación, á promoción, á comercialización e tamén á exhibición dos traballos.

O audiovisual ten un importante efecto multiplicador. Se xuntamos os 23,4 millóns que se adxudicaron na última década só ao ámbito e á liña de produción, e tamén en base a un estudo feito pola Universidade de Santiago, vemos que se mobilizaron preto de 123 millóns de euros e que se crearon dende a perspectiva laboral arredor de mil postos de traballo en base a estes investimentos.

Obviamente, para seguir favorecendo estas sinerxías, acabamos de presentar unha nova estratexia, un paso máis xunto ao sector, algo que foi demandado tamén polo sector, que é a Galicia Film Commission. Con isto o que queremos é ser útiles e seguir apoiando o bo momento que vive o sector audiovisual galego.

Como primeira medida, tamén no ano 2024 imos reforzar os incentivos económicos para seguir consolidando Galicia como un espazo atractivo, como un escenario atractivo para a atracción de rodaxes, moitas rodaxes impulsadas por produtoras galegas, a inmensa maioría, coa colaboración de grandes plataformas nacionais e internacionais, e que perseguen basicamente desenvolver os seus proxectos e executar os seus proxectos en territorio galego.

Imos tamén seguir consolidando o traballo da Fimoteca de Galicia, que está, como vostedes saben, centrado nos campos da conservación, divulgación e promoción do cinema. De media esta institución realiza ao redor de trescentas sesións cada ano e ten un número moi significativo de actividades tamén con escolares e centros educativos.

No que respecta ao ámbito da escena galega, temos tamén unha serie de liñas cremos que moi significativas, apoiando por unha parte a creación e a difusión e colaborando dun xeito moi activo e financiando festivais escénicos e residencias artísticas de todo tipo.

No ano 2022 incentivamos os circuítos de promoción tanto musical como escénica. Estes circuítos beneficiaron máis de 402 formacións, máis de 412 axentes artísticos que realizaron espectáculos escénicos e musicais de todo tipo.

Estas actuacións tiveron lugar en cento cincuenta e cinco concellos. E aí houbo iniciativas como Cultura no Camiño, Danza 3, a rede de teatros, as salas de música ao vivo, e, en concreto, desenvolvemos durante o pasado ano 2022 1.670 espectáculos entre concertos e funcións escénicas.



A isto hai que engadir a intensa actividade que se está a desenvolver, que se desenvolve no Centro Dramático Galego, que dentro de moi pouco celebrará o seu corenta aniversario e que continúa avanzando nas súas liñas estratéxicas: na produción, na proxección exterior e na difusión do teatro, das artes escénicas entre os cidadáns.

En menos de dous anos o teatro público galego estreou nove producións propias, nas que participaron máis dun centenar de profesionais, e tamén participou, ademais das producións propias, en trinta coproducións, nas que estiveron involucrados ao redor de cento cincuenta profesionais.

Hai novidades de apoio a estes sectores. Nestes anos presentamos o programa Territorio Cultura, co obxectivo de ampliar e diversificar a oferta cultural dos espazos rurais. Tivemos dúas edicións. Estamos desenvolvendo vinte e seis proxectos de concellos e axentes culturais privados.

Tamén puxemos en marcha por primeira vez unha liña de modernización das infraestruturas de artes escénicas e musicais galegas, tanto no ámbito público como no ámbito privado. Isto posibilitou investir arredor de 2,5 millóns de euros na mellora das infraestruturas dos contedores culturais do conxunto de Galicia.

Presentamos tamén aceleradoras musicais e de artes escénicas para axudar a cultura máis nova, para axudar os axentes culturais incipientes a poder desenvolver os seus proxectos.

No ámbito da música puxemos en marcha unha aceleradora de proxectos musicais, neste caso en colaboración coa Fundación Paideia.

Estamos impulsando una decena de propostas de artistas e grupos galegos noveis e queremos con isto apoiar o talento mozo e axudar carreiras emerxentes. Tivemos unha primeira convocatoria, que deu e está dando moi bos resultados, e podo adiantar aquí que faremos unha segunda edición da mesma, que convocaremos tamén en próximas semanas, debido a que con este proxecto estamos apoiando os xoves creadores a poder desenvolver as súas carreiras e a poder atopar un nicho e a poder situarse no ámbito profesional no mundo da cultura.

No ámbito das artes escénicas tamén lanzamos as axudas á Federación das Artes Escénicas, para favorecer o crecemento do tecido empresarial e profesional, a transformación dixital e a interconexión con outros sectores e un mellor acceso tamén ao financiamento público.

Elaboramos un plan integral de danza, estruturado en catro liñas e trinta e cinco medidas, un salto cualitativo na profesionalización do sector. E nesta folla de ruta tamén o Centro Coreográfico Galego ten asinado un papel central, contribuíndo á consolidación dun tecido cultural máis profesional, competitivo e sólido, que lles permita aos profesionais e ás compañías consolidarse no tempo e desenvolver a súa actividade dun xeito autónomo.

Tamén este ano Galicia volverá ser sede do Womex, un encontro de música folk e de raíz, sen dúbida o máis importante do circuío internacional. E no marco deste Womex desen-



volveremos o Focus Galicia, que é unha proposta específica que está pensada para dar visibilidade aos músicos galegos desta área e poder abrir liñas de negocio a nivel internacional.

No que respecta aos festivais de música, ampliamos o importe das axudas destinadas a estas citas. Por suposto, seguimos a consolidar e a potenciar a marca «Fest Galicia», algo que nos dá e é sinónimo de calidade e de éxito de público e de retorno económico para as localidades moi descentralizadas no territorio nas cales se celebra e do que tamén temos cuantificado o retorno económico, de aproximadamente 40 millóns de euros.

Conseguimos que o ano 2022 fose un ano cheo de cultura, con moitísima cultura, e por suposto queremos que este ano 2023 tamén o sexa, e por iso presentamos un programa para desenvolver no verán o programa que denominamos Cultur-ON. Baixo esta marca ou baixo este paraugas imos programar máis de dúas mil quiñentas actividades culturais entre o mes de xullo e setembro en toda Galicia. Isto vai mobilizar arredor de 4 millóns de euros. Son todas as actividades programadas e financiadas pola Xunta de Galicia.

Podemos ter en conta arredor de trescentos eventos que imos ter nos diferentes festivais culturais de música e de teatro e audiovisuais financiados ou cofinanciados pola Xunta de Galicia, as máis de sesenta exposicións e mostras, arredor de setenta iniciativas de teatro e danza, entre elas o apoio ao circuíto de teatro afeccionado, o Fegatea, ou a propia MIT de Ribadavia; trescentos concertos espallados polo territorio, polo conxunto da xeografía galega; aproximadamente oitocentas actividades de dinamización da lectura, onde participaron, como xa dixen, ao redor dun cuarto de millón de persoas.

De extensión tamén da bibliotecas móvense as feiras do libro.

Preto de trescentas actuacións programadas no programa cultural do Camiño e outros centos de actividades de creación cultural, formación a investigación cultural, así como tamén de patrimonio cultural.

En definitiva, unha proposta denominada como marca que aglutina Cultur-ON para todos os públicos e que ten unha perspectiva territorial e descentralizada.

Por suposto, dende esta cámara quero convidar a todos os galegos e galegas a sumarse e a desfrutar dun verán cheo de actividades culturais, que vai supor unha reactivación emocional e tamén unha reactivación económica.

No eido do patrimonio, nos últimos anos, nos últimos cinco anos, investimos máis de 55 millóns de euros. E neste último ano estamos actuando sobre cento quince bens en noventa e tres concellos do conxunto de Galicia, e realizamos tamén arredor de corenta actuacións arqueolóxicas, tendo unha forte preocupación neste ámbito.

Avanzamos tamén no obxectivo de poñer en valor os bens de interese cultural, os BIC, vencellados ao Camiño de Santiago, incrementando neste ano a partida en 2,6 millóns de euros.



Continuamos tamén a execución do Plan Catedrais, actuando nas catedrais do país e tamén nas concatedrais. Moi recentemente imos comezar en breve os traballos tamén da concatedral neste caso de Ferrol.

Este verán poremos en marcha un plan de actuacións arqueolóxicas, corenta intervencións específicas de carácter arqueolóxico, cun investimento arredor de 800.000 euros en diferentes xacementos arqueolóxicos do país.

Puxemos o foco na protección de todo o patrimonio cultural galego. Dende a entrada en vigor no ano 2016 da nova Lei de patrimonio cultural de Galicia, declaramos cento oito bens de interese cultural nas diferentes categorías, tanto material como inmaterial.

En patrimonio material, algúns tan significativos desde a perspectiva arqueolóxica como o castro de Santa María, de Cervantes; o Pasatempo, de Betanzos; San Martiño Pinarío, o sesterio de Augusto, a Casa Cornide.

En patrimonio inmaterial, a Festa dos Fachós de Castro Caldelas ou o proceso de fabricación de oleiros de Gundivós, aspectos tremendamente significativos, por exemplo, como xa dixen tamén, a Casa Cornide, que se declarou hai moi pouco tempo.

No tocante ás candidaturas abertas a Patrimonio da Humanidade, temos que dicir que estamos a traballar na reformulación na candidatura para que a Ribeira Sacra sexa Patrimonio da Humanidade. O camiño percorrido ata o momento ten sido moi positivo. Puxemos en marcha, fomos capaces de valorizar, fomos capaces de situar o foco na rehabilitación cultural patrimonial e paisaxística na Ribeira Sacra, de valorizar, en definitiva, o enorme potencial da Ribeira Sacra.

Fixemos un aprazamento estratéxico, da man do Ministerio de Cultura e do Ministerio de Asuntos Exteriores, e estamos traballando para fortalecer os aspectos técnicos que nos permitan acreditar con toda seguridade os valores excepcionais cos expertos que deben reformular o documento técnico. Nesta liña de traballo, neste último trimestre do ano, imos celebrar un congreso internacional da Ribeira Sacra, no que participarán grupos científicos de Icomos en áreas como o patrimonio, a paisaxe e os recursos naturais e tamén expertos e axentes do territorio como primeiros coñecedores do singular valor deste espazo.

Por suposto, estamos e seguimos traballando, e neste caso da man do concello, e fixémoslo moi ben cun antigo alcalde socialista e estou seguro de que o imos seguir facendo moi ben co actual alcalde do Partido Popular na cidade de Ferrol, na candidatura de Ferrol da Ilustración.

E tamén seguimos traballando, aínda que aquí lamentamos que sen lealdade, dun xeito absolutamente ata case diría despreciativo, por parte do Concello de Vigo cara á Xunta de Galicia no proxecto Illas Cíes-Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Actuar sobre o patrimonio é moito máis, señorías, que restaurar bens; actuar sobre o patrimonio é tamén sinónimo de orgullo e sinónimo de riqueza. Ten un impacto transversal



sobre a economía, turismo, comercio ou conservación de profesións e de empregos tradicionais, artesáns, etc.

Hai un exemplo que creo que é moi significativo e tamén deriva dun estudo feito de impacto por parte neste caso da Universidade de Santiago, e este estudo realizado pola Universidade de Santiago conclúe e dinos que só as obras da catedral de Santiago, como exemplo da importancia económica da rehabilitación do patrimonio cultural, supuxo e ten un impacto superior aos 250 millóns de euros anuais en Galicia. É un dato tremendamente significativo e que nos fala ás claras da importancia da rehabilitación do patrimonio.

Un dos nosos patrimonios máis significativos é tamén a lingua. O noso compromiso é garantir que os cidadáns poidan empregala, que poidan usala en calquera ámbito e en total liberdade. A lingua en Galicia non é un problema; ao revés; eu diría que somos un exemplo de convivencia e un exemplo de concordia. Demostramos e estamos a demostrar, a sociedade galega está a demostrar constantemente que o máis importante é que as linguas, por enriba de todo, deben ser un vehículo de comunicación entre as persoas. E isto non é froito da casualidade, isto é froito dos grandes consensos que fomos capaces de artellar no conxunto de Galicia. Sen ir máis lonxe, hai moi poucos días, o 15 de xuño, inaugurouse neste parlamento unha exposición que estaba dedicada ao corenta aniversario da Lei de normalización lingüística, co obxectivo de dar visibilidade aos avances feitos en materia de lingua que se fixeron nos últimos anos.

Estamos comprometidos coa lingua como un elemento que xera riqueza, que nos identifica como cidadáns e tamén que nos identifica fóra de Galicia. Hai uns meses coñeciamos que o galego subía trece posicións no *ranking* das linguas máis prestixiosas do mundo por parte dun barómetro elaborado polo Ministerio de Cultura de Francia, un indicador absolutamente independente e que nos di que o galego subiu en prestixio trece puntos nos últimos tempos dentro das linguas máis prestixiosas do mundo e estamos como lingua no posto 37 de 634 casos analizados, de 634 linguas a lingua galega está no posto 37.

Tamén estamos vendo como as grandes plataformas tecnolóxicas están comezando a usar o galego. Tiñamos a noticia hai moi pouco tempo de Spotify —coñecida por todos—, que se pode xa empregar en galego, e tamén a plataforma Filmin está traballando para poder ofertar os seus contidos e o acceso aos seus contidos en galego.

Por suposto, dende a Xunta de Galicia avanzamos conxuntamente co ámbito académico no Proxecto Nós. É obvio que debemos asegurar que o galego debe formar parte dos novos desenvolvementos tecnolóxicos vencellados á lingua e debe estar ao mesmo nivel que as grandes linguas do mundo.

Hai non demasiado tempo, hai unhas semanas, presentabamos xa tres ferramentas que entendemos que van ser claves nos próximos anos; xa están listas, xa se poden usar. Unha é un tradutor de galego con tecnoloxía neuronal, que supera calquera outro que existira ata agora; outra é a primeira tecnoloxía que entende o galego oral e o pasa a texto; e outra ferramenta parte dun texto e é capaz de lelo en lingua galega.



Estas aplicacións, estas ferramentas o máis importante é que van ser, xa son ofrecidas en aberto, para que calquera persoa, calquera empresa, calquera proxecto as poida usar dun xeito absolutamente gratuíto.

E tamén informo que despois do verán poremos en marcha una gran campaña de doazón de voces, que desenvolveremos polo conxunto da xeografía galega, por todo o territorio galego, e que terá en conta as diferentes variedades dialectais da lingua galega. Isto vainos permitir recoller, tanto presencialmente como telematicamente, milleiros de mostras da nosa fala, que van quedar rexistradas e van quedar para sempre como patrimonio do noso rexistro oral, e vai ser algo histórico na historia da lingua, que ademais estamos seguros de que vai fomentar a autoestima e o sentir de utilidade por parte dos nosos falantes.

Como estou dicindo, temos moito feito. É obvio que queda moito por facer, é obvio que temos que seguir avanzando, temos que seguir traballando da man dos diferentes sectores e seguir facéndoo cunha visión estratéxica e cunha visión coherente e sempre ao servizo dos actores culturais do país.

Nesta liña, aprobamos moi recentemente o Plan Xeración Cultura, un plan que supón un investimento de 34 millóns de euros neste ano, e que ten a vista posta en manter por unha parte o crecemento do sector nun contexto de incremento da oferta e da demanda cultural, que busca apostar pola modernización das estruturas empresariais e de creación, e tamén para que a cultura galega, as estruturas da cultura galega se poidan adaptar aos novos contextos dixitais e usos tecnolóxicos.

E, por suposto, temos que seguir garantindo o acceso universal á cultura, impulsando o talento e fomentando a participación de todos os cidadáns na creación cultural.

O Plan Xeración Cultura estrutúrase en cinco eixos, ten cincuenta e sete accións, seis plans sectoriais e plantexa a entrada en vigor de dúas novas leis.

No relativo ao primeiro eixo, continuamos reforzando os programadores e difusores culturais e poñemos o foco sobre os museos, os arquivos e as bibliotecas como principais achedores da cultura. Vimos de presentar unha batería de medidas de apoio ao libro e á lectura, que suman un investimento total de case 3 millóns de euros, 2,9 millóns de euros.

Avanzamos na tramitación da Lei de cultura accesible e inclusiva, que asegurará a participación de todas as persoas e colectivos no eido cultural, independentemente da súa idade, situación económica, situación persoal ou lugar no que resida. Ao abeiro desta lei, imos desenvolver —e xa temos o anteproxecto— un observatorio da cultura inclusiva e accesible, que vai velar polo cumprimento dos dereitos culturais das persoas e que funcionará como órgano asesor e de avaliación destes dereitos de acceso á cultura.

Como novidade tamén, imos impulsar —xa estamos traballando nela— unha rede de dinamización cultural no rural. Queremos crear sinerxías e favorecer que os creadores e os programadores e os espazos culturais que existen nas zonas rurais poidan funcionar en rede e xerarse sinerxías ao redor dela.



Respecto do segundo eixo, de apoio ao talento e á creación, temos en marcha diferentes accións, algunhas xa citadas que simplemente vou enunciar. A Galicia Film Commission, por exemplo, as residencias creativas, os programas creativos que queremos desenvolver en espazos, como pode ser a illa de San Simón. Temos neste ámbito axudas económicas directas ao sector audiovisual, á creación escénica, á edición, á tradución, ás artes visuais, e imos elaborar o primeiro Plan integral de apoio aos creadores culturais.

O terceiro eixo fai relación á dixitalización e inclúe —como xa dixen— unha lei, unha Lei de cultura dixital de Galicia, que responda a unha realidade que xa non é futura, xa é presente, e que permita ofrecer seguridade e garantías xurídicas aos operadores que desenvolvan a súa actividade cultural no ámbito dixital.

A maiores —como xa dixen anteriormente—, estamos impulsando —xa estamos nos trámites previos á contratación— o Centro de Arte Dixitais de Galicia, e estamos reforzando os traballos de dixitalización do noso patrimonio, da nosa cultura.

Xa citamos Galiciana. Galiciana incrementou nos últimos anos en máis dun 340 por cento o número de usuarios, hai aproximadamente trescentos vinte e cinco mil usuarios de Galiciana, hai arredor de dezaoto millóns de páxinas visitadas. Creo que é un dato tremendamente significativo para esta plataforma.

E tamén outra plataforma, Galicia Le, unha plataforma de contidos dixitais das bibliotecas públicas, vemos que cada vez é máis usada. Estamos aproximadamente en cento corenta mil préstamos anuais vencellados a Galicia Le.

O cuarto eixo céntrase na conservación dos bens culturais. Aquí unha das novidades vai ser a creación do Observatorio da Innovación e do Patrimonio Cultural. ¿Que queremos con este observatorio? Queremos identificar, difundir e impulsar iniciativas de carácter innovador que se estean a producir no ámbito do patrimonio cultural, públicas ou privadas. E tamén que identifiquemos as fortalezas, as oportunidades que teñen os nosos bens máis senlleiros, como dixen antes. A súa rehabilitación e posta en valor significa un retorno económico tremendamente significativo.

Imos tamén pór en marcha unha convocatoria, que vai saír en moi poucos días, e vai ser a primeira liña de axudas a particulares para a conservación do patrimonio etnolóxico, que —como xa digo— sacaremos nas próximas semanas.

Por suposto, temos que actuar e desenvolver un programa de mellora das infraestruturas e dos contedores culturais. Temos proxectos neste sentido —algúns en marcha, outros en elaboración— na illa de San Simón, no Museo Massó, na Casa de don Álvaro, na casa de María Antonia Dans, no Museo do Papel do Carballiño e en diferentes localidades para mellorar o que son os contedores culturais para facilitar o acceso e para que a actividade cultural se poida desenvolver nas mellores situacións.

Xa por último, o quinto eixo atende á formación e á proxección da nosa cultura, porque, sen dúbida ningunha, a cultura é unha parte esencial da marca Galicia, e temos que seguir





apoiando os nosos creadores para que non só poidan producir produtos culturais senón que tamén os poidan presentar e exportar fóra de Galicia. E para iso estamos colaborando na asistencia a diferentes eventos internacionais, diferentes feiras de todo tipo, que van ser — e son— sen dúbida o escaparate dos nosos creadores, sen ir máis lonxe, por exemplo, a Feira do libro de Bos Aires ou a Feira do Libro de Guadalajara.

E imos poñer nesta liña un plan de acción cultural no exterior para poder potenciar a exportación de produtos culturais, un plan de acción cultural no exterior, e, no ámbito interno, imos impulsar un plan de formación no ámbito da cultura, para apoiar a formación; nunca sobra a formación no ámbito da cultura.

A proxección internacional —como xa digo— é un pilar fundamental. Dentro de moi poucos días imos ratificar un acordo neste caso co Goberno do Uruguai que vai posibilitar depositar a Santa de Asorey, que foi adquirida polo Goberno da Xunta de Galicia, nun dos museos nacionais deste país.

En definitiva —e xa para rematar—, esta consellería, a Xunta de Galicia, ten unha folla de ruta para a cultura galega transversal e integral. O Goberno galego cumpre coas súas funcións e busca e persegue seis grandes obxectivos: seguir mellorando o acceso á cultura e a promoción da lingua galega en todo o territorio, en todos os lugares e para todas as persoas; apoiar o desenvolvemento das industrias creativas, especialmente no eido da innovación e dixitalización; mellorar as infraestruturas culturais e o noso legado tanto material como inmaterial; promover a creatividade e a diversidade; incentivar a formación dos profesionais; e actualizar os marcos normativos para que estes poidan responder ás novas realidades.

Moitas grazas, señorías. E continuaremos co debate unha vez que os escoitemos a vostedes.

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro. Eu asegúrolle que estou encantadísima hoxe, por fin, de poder tratar aquí, debater con vostede acerca da cultura no noso país. Pero tamén teño que lamentar que non poidamos hoxe aproveitar a súa presenza para manter outro debate máis urxente, dende logo, ademais, despois de escoitar a súa comparecencia, como o ten que ver con ese pretendido desmantelamento da FP presencial en toda Galicia. É unha mágoa que hoxe non poidamos aproveitar aquí esta a súa comparecencia, a súa presenza. *(Aplausos.)*

Ben, comparece hoxe aquí, por petición propia, para informar da situación e das novas perspectivas da cultura en Galicia, e a min o que me pareceu foi máis ben que a análise foi pouca,



bastante escueta, e aquí o que fixo foi dar conta dos plans que ten vostede, pero iso non son as perspectivas, en todo caso será a programación do Goberno galego en materia cultural.

Non sei moi ben se dará demasiado tempo a tratar todo o que vostede dixo aquí. Eu creo que non todo é tan bonito ou tan bucólico como vostede o pinta, e agora a ver se podemos facer entender isto.

Mire, efectivamente, tal e como di, que non dixo ademais, o Consello da Cultura Galega sabe vostede que fai eses documentos rigorosos que son os seus barómetros; o Consello da Cultura Galega, por certo, órgano estatutario en materia cultural que seguen asfixiando vostedes cun pírrico incremento nos orzamentos, a pesar de que, cando lles convén, ben que aproveitan os seus informes.

Como dicía, este último barómetro moi recente do Consello da Cultura Galega fala de que, ben, efectivamente, os números son cada vez mellores, a pesar de que tamén —sabe vostede ben e non o dixo— que as expectativas eran moito maiores e non se chegou ao desexado ou agardado polo propio sector cultural.

Pero si, parece que o sector da cultura, igual que outras industrias, se vai recuperando desta crise e tamén da anterior. Pero o que xa non nos parece tan apropiado é que asuman vostedes o éxito; se é así, é pola gran calidade da nosa cultura, polo seu grandísimo esforzo e por unha recuperación de públicos, dado que tamén os públicos imos recuperando poder adquisitivo.

Non en van —tampouco o dixo— este barómetro do Consello da Cultura Galega sinala como as grandes fortalezas da cultura, da nosa cultura, por orde, o talento e a creatividade dos e das profesionais do sector, a riqueza do patrimonio cultural galego e a calidade da produción cultural. Como ve, o apoio institucional do Goberno galego non aparece por ningures nesta fortaleza.

Pero, claro, é que o sector da cultura sinala como a eiva máis destacada, ou sexa, a debilidade máis destacada do noso sector cultural, o escaso apoio institucional e a falla dunha política cultural axeitada. Estes datos esqueceu vostede de comentalos.

Nada que nos estrañe. A verdade é que non nos estraña nada, porque, a pesar de que estamos ante o orzamento máis expansivo do Goberno galego, máis amplo, correspondente á Consellería de Cultura, aumentou este ano 2023 menos da media do conxunto; vostede sábeo ben. E sabe ben tamén que o peso orzamentario de Cultura con respecto á totalidade das contas é pouco máis do 0,7 por cento, moi lonxe, moi lonxe do pretendido 1 por cento do Grupo Socialista, que, por certo, aquí presentamos co voto, por suposto, negativo do Grupo Popular, e moi lonxe tamén, señor conselleiro, dos 14,1 millóns que achegaba á materia cultural o Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño. Hoxe son 10,4 millóns, e non lle bote as culpas nin á anterior crise nin a esta crise; falamos dunha diferenza de case 4,0 millóns de euros. Dígoo tamén porque —como dixo vostede— hai que mirar décadas atrás; pois nós tamén fixemos ese exercicio.

Mire, lembra vostede —entendo que si que lembrará— que non hai moito nesta cámara formulaba tamén no Plan de recuperación da covid, pola covid, e propoñía entre as xeneralidades



dese plan pioneiro —si, pioneiro, pero moi xeral— dotar de formación dixital o persoal traballador para poder enfrontarse mellor aos retos futuros máis inmediatos. ¿Lembra vostede que esa era unha das medidas que aparecían nese plan? Ben, pois o barómetro di que a formación do persoal en transformación dixital concentrou un menor esforzo das empresas. Lóxico. ¿Por que? Porque esas empresas, esas industrias, a nosa industria cultural, está —estaba e está— máis ocupada en facer números diante dos incrementos dos custos de produción, algo que tamén sinala o barómetro, que acontece, por suposto, en todos os sectores, pero que vostedes parecen obviar; seguen a manter as mesmas axudas, xa non só sen incremento orzamentario, senón que non tiveron en conta a necesidade de formular outras liñas de axudas que dean resposta a estes incrementos nos custos de produción, que, obviamente, fixeron deixar de lado cousas máis importantes. E non, tampouco destinaron axudas a esa formación dixital.

Agora sei que teñen un plan, teñen un plan, agora chámase Plan Xeración Cultura, ese famoso plan que non é máis que o nome que lle puxeron á planificación que van facer vostedes este ano; non é máis ca iso, pero chámanlle plan.

Nós imos falar hoxe de cultura, non dese plan. Tamén lle digo, señor conselleiro, que non imos falar hoxe de lingua, porque non temos tempo a facelo. Xa o fixemos o mes pasado neste parlamento e tamén na Comisión 4ª en moitas ocasións.

Eu só lle quería dicir algo, e é que, se derrogan o decreto do plurilingüismo, entón, probablemente, as futuras xeracións van poder botar man desas aplicacións tecnolóxicas tan maravilosas das que hoxe falou aquí; como non o fagan, xa lles digo eu que mellor non seguir investindo nesas novas tecnoloxías.

Falaba vostede dese plan, que non foi en absoluto traballado co sector da cultura galega, senón que foi argallado nun despacho —tamén o sabemos, ¿verdade? —, sen ter en conta nin o sector nin os axentes culturais, nin moito menos as súas necesidades, como si o é —e xa tivemos este detalle na Comisión 4ª e entendo que vostede o sabe—, ou era, esa Estratexia da cultura galega 2021, que agora xa o sabemos —e xa nolo confirmaron— que está agochada nun caixón, quizais porque era moi ambiciosa, e ou ben non se ven capacitados para levala a cabo, ou é que tampouco concorda cos seus intereses.

O primeiro que queremos preguntarlle é que pasou, por que se rin tanto dos axentes da cultura, que convocan a un proceso participativo para logo ningunear todo o que propoñen, porque nós si que fixemos un traballo para saber cal é a execución desa Estratexia da cultura galega, e francamente queda moitísimo por facer. ¿Que pasa con esa estratexia, señor conselleiro?

Mire, nese Plan Xeración Cultura falou vostede de que —lembremos que cando volvamos despois deste período de inactividade parlamentaria xa só quedarán catro meses para rematar o ano— porán en marcha dúas leis novas, anuncian que porán en marcha dúas leis novas, pero existen moitas outras xa aprobadas dende hai moitos anos en materia cultural que están sen desenvolver na súa totalidade.

Falou vostede tamén dese Plan sectorial para a danza, dese Plan integral da danza, do que falamos na Comisión 4ª a semana pasada, un plan elaborado polo sector galego, con medidas



boas, moi boas, que vostedes non propuxeron, senón que foi o propio sector. Ben, un plan que nin conta con orzamento específico nin conta con cronograma específico é que parece unha absoluta tomada de pelo. Un plan cuxa inconcreción, precisamente, xa tivo como resposta unha protesta de boa parte do sector.

Da situación do Centro Coreográfico Galego, señor conselleiro, mellor non falemos, non saque peito, mellor non falemos, sabe vostede ben en que situación está hoxe ese centro.

Falou de museos, claro, pero é que só pode sacar peito hoxe aquí do que pasa coa Cidade da Cultura, ese gran contedor cultural, que lle chaman cultural pero eu vou dicir aquí qué contén ademais de cultura. Ten espazos de *coworking*, ten a CIUG, ten a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, ten un centro de excelencia en tecnoloxías innovadoras no ámbito sociosanitario, ten o Centro de Ciberseguridade de Galicia e a Axencia de Modernización Tecnolóxica. Señor conselleiro, cultura, pouca; cultura, pouca.

E, mentres tanto, o que fan é organizar grandes exposicións de arte contemporánea e asfixian o Centro Galego de Arte Contemporánea, que está no centro da cidade, e que tamén é da súa titularidade, por moito que vostede hoxe aquí e tamén o señor Anxo Lorenzo en comisión diga o contrario.

Non falou do Plan de dinamización da lectura, este que tamén aparece no Plan Xeración Cultura, cando o teñen sen elaborar, tal e como obriga a Lei do libro e da lectura de Galicia, unha diagnose pormenorizada da situación do libro en Galicia e un plan de fomento do libro e da lectura, con especial incidencia no impulso da lingua galega. Señor conselleiro, somos a comunidade de todo o Estado cun peor índice de lectura; sómolo, si.

En materia de bibliotecas, falan das bibliotecas móbiles, e falan tamén de dotación de fondos e coleccións. Claro, o problema é que a maior parte do orzamento que había en bibliotecas, que non se incrementou, vai efectivamente a esas bibliotecas móbiles. E, non obstante —e isto non o acertamos a entender, porque falan vostedes do compromiso e o apoio ao libro galego—, o que invisten no apoio ao libro galego é o 17 por cento do que investían o ano pasado. Evidentemente, se minguan ata o 17 por cento unha liña de apoio ao libro en galego e de adquisición de libro en galego, por suposto que así poderán financiar esas bibliotecas móbiles.

Non desenvolven a Lei de bibliotecas, non atenden demandas como unha maior dotación de persoal, incrementar o apoio á rede de bibliotecas públicas, tampouco, nin desenvolven políticas de fomento do libro e da lectura.

Falou vostede tamén do patrimonio cultural. Ben, ese Observatorio de Innovación, que asuman por fin isto, que, por certo, o Partido Popular e o seu grupo aquí, o grupo parlamentario, votou en contra cando nós o presentamos nesta sesión plenaria.

Pero lamento dicirlle que pecan vostedes de novo de falla de estratexia e de compromiso con todo o noso patrimonio cultural, co material e co inmaterial. Dígolle a vostede tamén, por certo, que falou dos BIC tamén, para determinar o patrimonio material, ¿onde está esa de-



claración BIC para o baile tradicional galego? Por certo, tamén figuraba na Estratexia da cultura galega do ano 2021, que, como digo, meteron no caixón.

De haber compromiso co patrimonio, farían caso das propostas en positivo —¿ambiciosas?, si, pero realizables— da Sección do Patrimonio do Consello da Cultura Galega, que nós trouxemos tamén a este parlamento e que tivo un voto negativo, e xa nin sequera sen propoñer transacción por parte do Partido Popular.

Algo moi semellante sucede tamén cos arquivos. Por fin, con oito anos de atraso apróbase ese plan de arquivos, pero saben ben que non o poderán desenvolver, porque o orzamento é absolutamente insuficiente para crear todos eses artigos, que a propia Lei de arquivos e documentos prevé, e tamén impedirá atender aos novos retos con ferramentas, espazos, medios e persoal suficiente. ¿De que nos serve aprobar plans, señor conselleiro, que non fan máis que iso, aprobar plans e facer powerpoints cun deseño bastante pueril, por dicilo dalgunha maneira, pero non fan absolutamente nada máis?

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Remate, por favor.

**A señora DÍAZ VARELA:** Si, xa remato. Simplemente non temos tempo —xa me pasei moito do tempo, agradézollo, presidenta— para ir degrañando todos e cada un dos sectores da cultura do noso país, pero direille, señor conselleiro, que non atopamos ningún argumento que nos permita facer unha valoración positiva da súa xestión, e créame que o lamentamos. Porque, efectivamente, vostedes o que teñen son plans, e terán un plan, pero o que fai falta é estratexia, e iso é o que non temos.

Grazas.

(Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Moitas grazas, señora Díaz.

Quenda agora do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Queixas Zas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Moitas grazas, presidenta.

Moi bo día, señorías, e bo día, señor conselleiro.

Eu quero comezar a miña intervención manifestándolle a miña sorpresa, a nosa dupla sorpresa, pola súa comparecencia hoxe aquí neste pleno. Dupla porque, en primeiro lugar, como vostede ben sabe, no grupo do BNG solicitamos que vostede comparecese hoxe aquí, como conselleiro de Educación que é, para explicar por que está a promover unha reordenación da formación profesional, imposta por vostede de forma unilateral, improvisada, á fin de curso, sen marxe para a actuación nos centros educativos, carente de diálogo, de transparencia, totalmente distante á comunidade educativa e claro exemplo dun talante bastante autoritario pola súa parte.



Como tamén vostede sabe, o Partido Popular vetouna e ao tempo substituíuna por esta comparecencia para falar de cultura. A nós acórdannos varias conclusións.

Primeiro, que vostede só quere vir aquí a falar do que lle parece, empregando o Parlamento como un frívolo escenario para a rolda de prensa diaria, para falar do que a vostede lle pete e lle dá a gana, como dirían os versos do estimado Celso Emilio Ferreiro, mais non para falar aquí do que lle interesa, do que demanda e do que precisa a sociedade galega. É dicir, para nós é un claro exercicio de desprezo ao profesorado e ao alumnado de formación profesional, (*Aplausos.*) o que terá que agardar mañá a súa resposta obrigada que faremos desde o noso grupo.

E a segunda sorpresa, a segunda parte da sorpresa do día, é que a orde do día deste pleno enuncia esta comparecencia, de forma literal, «para informar da situación e das novas perspectivas da cultura en Galicia.» Iso é o que di, e a nós tamén nos causa sorpresa. E dirá vostede: ¿por que, se son o conselleiro de Cultura e propoño falar de cultura? Pois mire, porque imos practicamente darlles cabo aos tres anos desta lexislatura, que, polo que ventan os ventos, parece que vai rematar antes de tempo. Vostede, nestes tres anos de lexislatura, compareceu neste pleno a petición propia en oito ocasións. Levamos aproximadamente case sesenta plenos e vostede compareceu aquí en oito ocasións. Pois ben, hoxe é a primeira en que pide comparecer para falar de cultura, de cultura galega. Permítanos que nos sorprendamos e que tamén cheguemos a algunhas conclusións.

Unha pode ser que estea vostede sobrepasado por esa macroconsellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Outra, que o deseño da política cultural cumpra un papel moi residual no seu caderno de traballo diario. E outra, que este cativo balance cultural confirme a irrelevancia e falta de peso da cultura no proxecto político do Partido Popular, asumido por vostede e asinado desde hai varios anos.

Irrelevancia. Seguramente é isto do que temos que falar, de irrelevancia dentro dos diferentes papeis que ten a súa consellería con moitos apelidos, e irrelevancia dentro do proxecto político do Partido Popular.

É difícil preparar unha intervención de réplica a unha comparecencia da que nada sabemos, asegúrolle que é difícil, seguramente nalgún momento o poderá saber. Mais vostede é certo que tamén é moi previsíbel, e veu aquí falar do que adoita falar: de cifras, de números, descontextualizados, pero, por moitos números dos que vostede fale, esqueceu botar as contas, e os axentes e os sectores culturais botan as contas e resulta que ademais non lles dan.

Porque a primeira pregunta que nos facemos é: ¿como poden entender os axentes e os sectores culturais que, gabándose de ter ano tras ano os orzamentos máis altos da historia, teña vostede acumulado un déficit negativo na cultura de algo máis de 881 millóns de euros? Iso é o que se lles debe aos sectores culturais a día de hoxe desde o ano 2009.

Ou tamén preguntamos: ¿como se pode entender que, gabándose sempre vostedes de que a cultura galega representa o 3 por cento do PIB, o seu Goberno, neste ano 2023, apenas de-



dique o 0,74 por cento de investimentos á cultura? ¡Que triste, que pobre retorno fronte a ese 3 por cento por cento de PIB que xera a cultura!

Á súa cadente música monocorde de hoxe, máis propia dun sorteo de lotaría de Nadal, faltáronlle notas moi importantes que falen realmente do reforzo da súa política cultural ao que é o noso substrato cultural, que están ausentes ano tras ano da súa política.

Porque teño que dicirlle, señor conselleiro, que vostede non é un promotor contratista, non é un programador de eventos nin de festas, nin é o presidente dunha comisión, senón que vostede é un conselleiro de Cultura, que ten a obriga de desenvolver os mandatos do Estatuto de autonomía, nomeadamente aquilo que di a respecto de defender a identidade galega e de facilitar a participación de todos os galegos na vida cultural.

¿E por que dicimos isto? Pois porque —e así o vou definir— vostedes o que teñen en marcha, desde que comezaron no ano 2009, é un proceso de aculturación social, premendo día a día o mando a distancia da cultura galega.

E como nós aquí non somos máis que fieis e honestos representantes do pobo galego, imos cederlles a palabra aos sectores e aos axentes culturais, para que falen aquí, e conclúan realmente cal é a política cultural do Partido Popular que vostede asina como conselleiro de Cultura.

As asociacións de editoras, ilustradoras, tradutoras, librerías e escritoras non acudirán ao Consello Asesor do Libro. A Xunta reduce o 78 por cento da partida de edicións en galego. —Esqueceume dicir que todos son notas de prensa deste ano 2023, ou como moito do 2022—. Un terzo dos concellos galegos non ten biblioteca pública. Galiza debería incrementar nun cento o número de postos de traballo nas bibliotecas para igualar a ratio estatal de persoal. Tradutores profesionais avisan de que non colaborarán coa Administración ante a nova orde de axudas ao sector. Profesionais da tradución e interpretación alertan sobre a situación da lingua galega. A lectura aumenta, pero non en galego. A Asociación Galega de Editoras ve inviable a proposta da Xunta para a participación nas feiras internacionais do libro 2023. A Plataforma Artes do Movemento desvincúlase do Plan integral de danza por considerar que non cumpren as condicións mínimas para o verdadeiro apoio e impulso da danza en Galiza. O teatro galego loita pola estabilidade. *«La Xunta obliga a retirar cartelaría de una obra de teatro titulada “Recortes”, para que un conselleiro evite fotos con esta palabra.»* O Centro Dramático Galego castelaniza a obra *«Shakespeare en Roma»*, orixinalmente en galego, para levala a Mérida. O Partido Popular vota en contra de declarar BIC as bandas de música e o seu legado. Trinta e oito BIC están dentro dos polígonos dos novos parques eólicos. *«El Consello da Cultura Galega contabiliza 275 proxectos eólicos en trámite y pide a la Xunta que los pare.»* Denuncian a asfixia económica dos arquivos en Galicia, cuxas contas están conxeladas. *«Eterna espera por el BIC del Museo Carlos Maside, sin fecha pese a acordarlo el Parlamento en 2010.»* *«O Mural lleva a la Xunta al Tribunal Superior de Xustiza de Galiza para iniciar expediente BIC de los murales de Lugo de A Coruña.»*

E incluso a cultura lles vale para facerse a súa propia oposición interna no Partido Popular: *«El popular Borja Vereá apoyará la creación de un conservatorio profesional de danza en Santiago.»*



E ao mes seguinte: «O conselleiro de Educación non é quen de xustificar a súa negativa á creación dun conservatorio de danza en Santiago.»»

Isto é o que temos na cultura galega, por máis que vostede veña aquí cantarnos cifras como se fosen as bólas da lotaría de Nadal. Semella que eses catro eixos de actuación, que vostede dixo no comezo, quedan absolutamente na teoría mais non son representados na práctica. Unha visión optimista que, polo que vemos, os axentes e sectores culturais non comparten. Acabamos de comezar o período de rebaixas no sector comercial pero, desde logo, no BNG pensamos que vostedes obrigan a cultura a vivir nun estado de rebaixas permanentes.

Aínda máis, queremos facerlle unhas preguntas que a vostede lle esqueceu hoxe comentar: ¿onde está a cultura galega na CRTVG? Non se ve. ¿Onde está vostede cando se recoñece a cultura? Non o vimos na entrega dos Premios Follas Novas, na Gala do Libro, nin na entrega dos Premios Martín Códax. ¿Non é suficiente esas dúas galas? ¿Non teñen suficiente importancia a Gala do Libro ou a Gala da Música ou o recoñecemento dos premios para que vostede os acompañe? ¿Onde está vostede cando se recoñece a cultura internacionalmente? ¿Onde estaba cando o noso escritor internacional Manuel Rivas foi o convidado de honra a pechar a Feira do Libro Internacional de Frankfurt e sentiu absolutamente a soidade máis absoluta por parte do seu Goberno? ¿Onde está o plan do libro e da lectura? Seguimos esperando. O propio grupo parlamentario na Comisión 4ª mesmo trouxo unha proposición non de lei pedindo que por favor se aprobase instar a Xunta a elaborar ese plan. ¿Onde está a necesaria e actualizada Lei de artes escénicas? ¿Onde está o desenvolvemento normativo da Lei de bibliotecas? ¿Onde está o nomeamento da dirección ou do persoal bibliotecario, o inicio do proceso de dixitalización da Filmoteca de Galiza? ¿Por que votan en contra da nosa petición de declaración BIC para os bens mobles do pazo de Meirás, por exemplo? ¿Por que nos expuxeron —e aínda hoxe aquí volve gabarse— á vergoña internacional da candidatura de Patrimonio da Humanidade da Ribeira Sacra?

Vostede recoñeceu nalgún momento que algún deses plans que sucesivamente nos van entreteendo tiña ocos. Podería ter resolto algún deses ocos efectivamente nese Plan Xeración Cultura que vostede hoxe aquí volveu mencionar outra vez, pero volve perder outra oportunidade, porque agora que conseguimos por fin que nos enviasen esa sinopse a través do artigo 9 vemos que non é só o corte e pega dos plans anteriores, agora é un corta, pega e coloreo nese azul modelo corporativo do Partido Popular. Un plan que en calquera caso sabe vostede que non responde en absoluto ao Plan estratéxico de Galiza, que aprobaron vostedes aquí moi recentemente, entre o 2022 e o 2030, un plan que ignora os sucesivos informes do Consello da Cultura Galega.

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** ¡Que sorpresa hoxe que por fin vostede mencione aquí os informes do Consello da Cultura Galega! Realmente parabenízoo por terlle dedicado un pouco de atención, pero, se o tivese feito antes —sobre todo nese tempo de pandemia, que aínda hoxe vostede recordou—, seguramente que poderían ter traballado moito mellor e de forma máis directa coa cultura.

Mire —xa remato, señora presidenta—, hoxe vostede veu aquí demostrar que teiman nese camiño de aculturación que mencionei antes desde unha visión cultural exclusivamente pro-





ductivista, industrial e economicista, como un simple entretemento e desde a distancia cómoda dun palco VIP que sabemos que lles gusta no Partido Popular. Hai moitos retos para a cultura...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** ...neste momento, pero eu só lle quero deixar aquí unha pregunta —realmente responda se é que o ten claro—: ¿que é a cultura galega para vostedes e para que sociedade destinan a cultura galega?

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Moitas grazas, señora Queixas.

É agora a quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidenta.

Bos días.

Bos días, conselleiro, benvido ao Parlamento.

O conselleiro, señor Román Rodríguez, fixo un balance moi completo da xestión da política cultural da Xunta de Galicia. Fala de resultados; fala dunha xestión de política cultural con feitos, con plans, con accións e —como digo— con resultados. E os grupos da oposición poden discrepar pero non poden negar a acción e non poden negar ademais que definira claramente que é a política cultural, que é a cultura, polo que lle pregunta vostede, señora Queixas, ao conselleiro; parece que non o escoitou, porque o dixo claramente.

E tamén, por suposto, un horizonte; un horizonte, porque cada vez que os galegos e galegas se queren adicar á cultura, queren vivir da cultura —malia que vostede só vexa ese couto pequeno, espazo economicista—, si é certo que cada vez hai máis galegos e galegas que, vivan onde vivan, poden adicarse á cultura. E iso tamén é grazas ás ferramentas que a Xunta de Galicia pon enriba da mesa.

Vostedes, voceiras do Partido Socialista de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, critican ferozmente a xestión da Xunta, de que o conselleiro fai tamén en certo modo autocrítica de moitas cousas pero que tamén fai balance. Pero non falan vostedes da xestión cultural dos lugares nos que vostedes como partidos políticos —o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego— gobernan. Digo en concellos, digo en deputacións e digo mesmo no Goberno de España, porque ás veces, a verdade, iso si que son políticas culturais —se me permiten chamalo así, porque ás veces nin son iso— que dan verdadeira vergoña e das que falarei máis adiante.



Este Grupo Parlamentario Popular respalda e referenda absolutamente esta política cultural, este proxecto de xestión, ao longo do tempo, e ademais cun orzamento concreto, e cunhas reaccións en determinados momentos como foi o tempo da covid exemplares en toda España. É ademais para nós un orgullo pertencer ao grupo do Parlamento do Partido Popular, que sustenta a Xunta de Galicia.

Ben, señora Díaz, vostede primeiro dixo que era moi escueto o señor conselleiro e despois que non daba tempo a tratar todos os temas que dixo; eu estou convencida de que poderíamos aínda falar máis polo miúdo, falar de moitas cousas máis. E os éxitos para vostede non se poden asumir por parte da Xunta. Pero atribúelle todos os fracasos —como sempre fan—, que iso non nos sorprende en absoluto porque sempre teñen o mesmo discurso.

Vou darlle tamén dous datos, que vostede dixo, que non son certos: o Consello da Cultura Galega aumenta un 8 por cento o orzamento este ano; polo tanto, supera os 3 millóns de euros —dixo vostede que se reducía—. E o índice de lectura non é certo: non somos a comunidade autónoma que teñamos o peor resultado, non estamos no mellor pero tampouco somos a que teñamos peor, e ese non é un dato certo tampouco.

Todos os plans parécenlle unha tomadura de pelo, pero quizais a xestión da cultura por parte do Goberno de España de Iceta —do que falarei máis adiante se teño tempo— si que é unha auténtica tomadura de pelo.

Ben, señora Queixas, vostede está sorprendida porque hoxe veña o conselleiro falar de cultura. Hoxe, que fala de cultura, a vostede interesaríalle máis que falara de educación. A verdade é que non entendemos realmente cales son os seus desexos, porque cando fala de educación tamén mete vostede e intenta vostede que se fale de cultura, e, cando se fala de cultura, quere falar de educación. E hoxe parece que a cultura non é importante, hoxe pasa a un segundo plano, pero ata hoxe estaba sempre nun primeiro e era moi necesario falar de cultura. A verdade é que neste momento tampouco hai quen os entenda.

E falou tamén da importancia dos enunciados; se o señor conselleiro vén unha, dúas, tres ou catro veces ao Parlamento; ben, iso é importante, son temas ademais do trámite administrativo e do trámite político do Parlamento.

Pero realmente ten vostede un discurso que non se sostén neste momento, porque fala vostede dunha macroconsellería. Di vostede que nos podería explicar que fai o conselleiro con esa maroconsellería, que agora fixo balance do ámbito da cultura. Pero vostedes agora en Santiago acaban de crear unha concellería que se chama «Concellería de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica». Entón, eu non sei: se para vostede isto é un concepto de macroconsellería, vaime explicar tamén como pode aglutinar todo iso vostede nunha soa concellería. Polo tanto, é unha incongruencia que meta ese discurso e que entenda que por ter unha serie de áreas importantes nunha consellería non se pode atender a todas.

E —insisto—, ademais, os adxectivos que lle aplicou vostede ao señor conselleiro —que xa nin os anotei nin quero repetilos— podería aplicarllelos vostede pois ás persoas tamén que xestionan en diferentes administracións por parte do Bloque Nacionalista Galego.



Critican por sistema —como digo— a xestión da Xunta de Galicia, pero eu vou falar de exemplos dalgúns concellos, porque son moi relevantes e sosteñen ademais as políticas que vostedes defenden desde os seus partidos; entón, imos ver, como digo.

Vostede, señora Queixas, dixo en varias ocasións que o sistema cultural galego non pode seguir perdendo peso político, porque queda diluído nunha macroconsellería. E —insisto— infórmolles, por se non o saben, que en Santiago o Bloque Nacionalista Galego acaba de crear a Concellería de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica; polo tanto, xa nos explicará como se pode xestionar e se queda diluída por aí a cultura ou non.

En canto ao Museo do Pobo Galego, a señora Pontón dixo en reiteradas ocasións que tiña que ser o Museo de Pontevedra o Museo Nacional de Galicia; nunca nomeaba o Museo do Pobo Galego, ignoraba absolutamente o Museo do Pobo galego. Gustaríame saber se agora ten a mesma opinión, porque as súas manifestacións e declaracións culturais sempre ían segundo o vento e os gobernos políticos onde estiveran. Gustaríame saber se vostedes seguen pensando que o Museo de Pontevedra debe converterse en Museo Nacional de Galicia e o Museo do Pobo Galego queda relegado ou inexistente neste ámbito da Comunidade Autónoma.

Con respecto ao acordo na alcaldía da Coruña —temas pendentes—, vostede apoiou, creo que o Bloque Nacionalista Galego —do que vostede forma parte na Coruña— apoiou un investimento de Inés Rey, dunha alcaldesa que ten moitísimos temas pendentes en materia cultural.

Eu creo que o conselleiro foi aquí bastante leve —permítame— ou bastante educado cando falaba de alcaldes, pero a deslealdade institucional coa Xunta de Galicia en temas culturais é moi elevada. Eu coñezo tamén de preto o Concello de Vigo e sei que os desplantes foron infinitos, e vexo que no Concello da Coruña imos polo mesmo camiño.

A alcaldesa Inés Rey incumpre o acordo para reclamar a Casa Cornide —da que vostede fala reiteradas veces tamén na Comisión 4<sup>a</sup>—. Non toma as medidas necesarias para protexer os murais de Lugo; creo que ignora absolutamente tamén este tema cultural importante. Continúa pechado o Museo de Arte Contemporánea; tivemos un problema gordo co Museo de Arte Contemporánea de Vigo e grazas á sociedade viguesa e grazas aos grupos da oposición logramos reconducir a xestión dese museo. Pero parece que na Coruña leva o mesmo camiño que intentou Abel Caballero —que non conseguiu— e parece que ela vai conseguilo co apoio do Bloque Nacionalista Galego.

Vostede di tamén, señora Queixas, en reiteradas ocasións, que nós gobernamos ou que a Xunta —perdón— goberna a golpe de nota de prensa. E hoxe fixo vostede aquí un repaso de todas as notas de prensa do Bloque Nacionalista Galego como —non sei— exemplo da política cultural que vostede quere poñer enriba da mesa ou que vostede quere amosarlle ao conselleiro. E todo foron pois reiteradas notas de prensa de intervencións na Comisión 4<sup>a</sup>, de intervencións tamén en diferentes comparecencias, no propio pleno. Entón, eu creo que tamén vostede ten unha nota de prensa ou unha rolda de prensa moi chamativa, que nos chamou a todos a atención, cando dicía vostede que querían impulsar unha lei integral de cultura, da que nada sabemos, da que non temos ningunha referencia.



Eu creo que, ben, quizais quedou algo agochada cando sabe que outro dos traballos que se está facendo por parte da Xunta, por parte do Partido Popular, é tramitar unha lei de cultura incluída e accesible, xa sumada a todas as que se fixeron, porque iso é facer política cultural.

Eu quero facer unha diferenza e, segundo o que expuxo aquí o conselleiro, vemos que hai plans, que hai accións e que temos proxectos culturais, política cultural, como digo, da que poden vostedes discrepar, pero non poden dicir que non existe, porque si que existe.

Eu vexo moitas veces nas súas intervencións que vostedes queren facer moita política coa cultura, e vexo ademais que nas deputacións e nos concellos, e mesmo no Goberno de España, os orzamentos da cultura teñen outros empregos diferentes aos relacionados coa cultura. E falan de subvencións e falan de axudas, pero temos que ver tamén como se dirixen os orzamentos de cultura nos lugares nos que goberna o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego.

Se falo do Goberno central e falo do Bono Cultura, vemos que foi un fracaso total, que a propia xente nova dicía: «*nos topamos con la burocracia, solicitar el Bono Cultura es más difícil que sacarse el bachillerato*». Tiveron moitísimas trabas, tiveron moitísimas complicacións. Como sempre, foi unha soflama de Sánchez para intentar pois agradecer ou intentar convencer a xente nova, como agora fai co cine á xente maior. É todo pois utilizar e empregar os cartos para gañar el o seu rédito persoal.

E non hai unha política cultural seria detrás, que si que temos —insisto— en Galicia, porque, ademais, acaba de poñelo de manifesto, soamente en trinta minutos —que, como digo, podería dar para máis—, o señor conselleiro Román Rodríguez.

A Biblioteca de Vigo —falando tamén doutro concello—. O outro día nun debate eu cunha deputada de Vigo dicía que a Biblioteca do Estado xa estaba feita. Iso é unha mentira e non existe. E outra das deputadas que estaba no debate tamén agora sorrí, porque a verdade é que máis voltas non puido dar. Con gobernos do Partido Popular do Estado nos orzamentos, coa intención e a vontade da Xunta de Galicia de facela, coas propias declaracións do alcalde: «*aprobada la recalificación de los terrenos de la Biblioteca del Estado en la calle Lalín*», na rúa Lalín segue o edificio, o antigo edificio dos xulgados, e estase xa a proxectar e a facer o novo Centro Integral de Sanidade Olímpica Valencia. E da biblioteca non sabemos nada; insisto: non sabemos nada, e Abel Caballero é o alcalde dende o ano 2007.

Ben, o Museo Arqueolóxico en Ourense, outra telenovela —se me permiten—. Veu Iceta, faláron tamén... ben, outros catro ministros de Cultura que tivemos neste goberno, porque, claro, tamén parece que Cultura van repartíndoa e o propio ministro actual dixo, ben, que era un consolo, que a el non lle apetecía moito pero, ben, tiña Cultura.

Vostedes desprezan as políticas culturais, a cultura como un eixe vertebrador que entendemos dende o Grupo Parlamentario Popular e dende os gobernos do Partido Popular.

O Museo Arqueolóxico. Mire: «*El ministro Iceta pide perdón por los retrasos en las obras del Museo Arqueolóxico de Ourense*». Veu, anunciouno, de repente quedou tamén nun caixón, non sabemos nada. Ese é un exemplo de política de xestión cultural do Partido Socialista.



Un fracaso tamén coa Lei de patrimonio histórico: «*El Gobierno guarda en un cajón la ley que prohibía a la Iglesia privatizar monumentos; Cultura mantiene congelada la reforma de la Ley de patrimonio histórico, que preveía también la creación de patronatos para gestionar los bienes de la Unesco. Nada se sabe.*»

Temos outras prioridades, temos outros momentos políticos e a cultura, como sempre, non importa para nada. A cultura interesa para aceptar o 32 por cento das emendas aos orzamentos xerais do Estado e despois pois dar cantidades bastante apetitosas a ERC, a Compromís, ao PNV,...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...a Bildu, e iso sae todo dos orzamentos de cultura. Entón, iso tamén é política, iso forma parte dunha maneira de xestionar, desde o noso punto de vista moi, moi vergonzosa e que realmente si que é para poñerse neste momento colorado.

Xa remato, presidente. Despois temos outra quenda.

Eu, conselleiro, e despois de escoitalo a vostede, sei que ademais neste tempo resumiu moi por enriba todo o que fixo a Xunta de Galicia, poderíamos profundar máis, pero teño que darlle a noraboa. E —insisto— está claro que houbo plans que non lle gustaron á oposición e que hai resultados. E, polo tanto, nós apoiaremos e seguiremos apoiando a Xunta para que traballe nese camiño, porque cremos que, ademais, cada vez aos galegos e ás galegas lles convencen máis estas políticas culturais da Xunta de Galicia.

Nada máis, grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Ben, en primeiro lugar, case me resulta curioso que, neste caso, os portavoces da oposición estean case apenados de que hoxe estea comparecendo eu aquí como conselleiro de Cultura e falando de cultura. Parece que non queren vostedes que fagamos unha comparecencia sobre o ámbito cultural, petición de comparecencia que foi presentada o 25 de maio, moito antes de que se presentara a oferta de formación profesional, e vostedes apuntan a que parece como se quixeramos furtar o debate. Ao contrario, en ningún caso queremos furtar o debate sobre unha fortaleza deste goberno e de Galicia.

Mañá imos falar de formación profesional sen dúbida e, á parte, agradezo que teñan feito estas reflexións, sobre todo por unha cousa: porque van quedar no *Diario de sesións*.



E xa non é a primeira vez que eu escoitei nesta cámara os diferentes portavoces —non a vostedes, a outras persoas das súas formacións políticas— cuestionando todo o relativo aos cambios que había en FP. Eu aquí escoitei cuestionar con dureza, con moita dureza, a FP básica, a FP dual, os centros integrados de formación profesional, todo iso. E, ao final, o tempo é o mellor xuíz. Co cal vostedes ata chegaron aquí dicir que se desmantela a formación profesional presencial. Pois é unha expresión que creo que vai ser moi positiva para que, dentro de moi pouco tempo, poñamos os datos, que xa os coñecen, encima da mesa, e veremos como se pode chamar desmantelamento a enorme oferta de formación profesional que se está facendo este ano.

Tamén hai algo que eu a verdade é que contaba —as dúas deputadas comentárono— con esta reacción pola súa parte. É lóxico tamén; eu iso, dende a perspectiva política, enténdoo, por lóxica política. Se un sector, se unha dinámica, se unha área vai ben, é grazas aos profesionais da mesma, sen dúbida ningunha e pese ao Goberno; agora, se vai mal, é só culpa do Goberno. Iso véxoo ou téño visto, por exemplo, no ámbito da educación cando falabamos de PISA. Se PISA vai ben, é grazas aos profesores, por suposto, e o Goberno non ten nada que ver; agora, se ía mal, era culpa do Goberno e non era grazas aos profesores.

Aquí é o mesmo. Efectivamente, a cultura galega nos vinte últimos anos, na dinámica comparativa, para ter un foco un pouquiño aberto, ¿non?, ou tamén no curto prazo, ten unha dinámica positiva —creo que ata vostedes o recoñecen—, en todos os parámetros que midan a saúde do sector. Hai que cuantificar o sector, hai que medilo, hai que saber o que significa, hai que saber cantos profesionais hai, como evoluciona a dinámica, como evolucionan os principais elementos que marcan a traxectoria do sector. E, efectivamente, non cabe a menor dúbida de que isto é grazas aos profesionais, sen ningunha dúbida, ao seu traballo, á súa calidade, ao seu compromiso, a todo o que ten que ver co traballo dos profesionais e dos creadores.

Agora, eu tamén estou seguro —e creo que vostedes tamén están seguros— de que dirían exactamente o contrario se foran mal; se foran mal, a culpa era do Goberno, pero, como vai ben, o Goberno non ten nada que ver.

Nos últimos vinte anos as políticas culturais de Galicia, dezaseis deses vinte anos, estiveron xestionadas e dirixidas polo Partido Popular. Creo que, se un sector funciona ben durante vinte anos e ten dado un salto cuantitativo durante vinte anos, algo tería que ver neste caso a acción e a política do Partido Popular no ámbito cultural. Que non é igual que a súa, afortunadamente non é igual que a súa. Non digo nin mellor nin peor. Quen di que é mellor son os cidadáns, cando apoian nestes últimos vinte anos dezaseis anos do Goberno popular, fronte a catro anos dos gobernos bipartitos.

E todos estes datos non é que os diga un político, non é que os diga o Goberno, que interesadamente seguro que manipularía os profesionais etc., etc. Os datos que eu puxen encima da mesa, que puxen aquí diante da Cámara galega, son do Consello da Cultura Galega, que din o que din; son datos da Fundación Contemporánea, que din o que din; e son datos comparativos con outras comunidades autónomas de España, que din o que din.



É obvio que existen moitos xeitos de entender a cultura e de abordar as políticas culturais, faltaría máis, todas moi respectables, faltaría máis. Pero o que si é certo é que as políticas culturais, as políticas do Partido Popular nos últimos anos en Galicia posibilitaron que un sector tan complexo, tan competitivo, no que é necesario estar constantemente innovando e no cal debemos estar constantemente ofrecendo novos produtos para unha sociedade e unha demanda cambiante, funcionaron ben.

E mire, o Partido Popular no ámbito cultural teno pero moi, moi claro. Nós queremos —e así apoiamos sempre— unha cultura libre, unha cultura aberta, independente, crítica, disruptiva, innovadora, sostible. E nós en cultura non temos un baremo de *buenos o malos*, non o temos. Hai aspectos culturais de maior calidade ou de maior éxito, que iso correspóndelle ao público sabelo. Pero non discriminamos entre *buenos y malos*, entre bos e malos se coinciden comigo ou se coinciden coa miña ideoloxía. Nós iso non o facemos nin o fixemos nunca. Nós non lle miramos o carné a ninguén e apoiamos todo o mundo. E estou seguro de que algunha formación política desta cámara fai absolutamente o contrario; entende a política en *buenos o malos*, a política cultural en *buenos o malos* en función das súas afinidades. Algo que nós nunca, nunca fixemos nin imos facer.

E tamén estamos —xa o sabemos tamén—, nos últimos anos, na última década, nos últimos catorce anos, cun discurso catastrofista, que repiten constantemente. Obviamente, ese discurso catastrofista ao final non lles funciona. Parece que vai haber sempre unha apocalipse pasadomañá, que pasadomañá se acaba o mundo.

Miren, o resumo e os datos cuestionan esa visión súa. Hai unha cultura en Galicia, os profesionais da cultura superaron situacións ben difíciles e os últimos anos tiveron un gran vigor e un gran dinamismo. Os datos están aí; datos —insisto— do Observatorio da Cultura Galega. Hai un momento de crecemento económico, de crecemento laboral e de crecemento creativo, indiscutible, e constantemente hai un incremento da vitalidade da propia cultura.

Nós fuximos, nós non queremos unha cultura que confronte, non queremos unha cultura de bos e malos. A realidade do sector cultural e dos sectores culturais é moito máis aberta, é moito máis plural do que aquí algúns grupos intentan plantexar. E algúns arróganse a representatividade dos axentes culturais, e falan duns poucos, pero como se falaran do conxunto. Ben, a realidade é que as estatísticas, que reflicten a globalidade, desmenten aqueles que se intentan apropiariar dos axentes culturais. A inmensa maioría, segundo este barómetro, o barómetro do Consello da Cultura Galega, di que o ano 2002 foi moito mellor que o ano 2021, que teñen unhas perspectivas de negocio e de actividade moi superiores. O 70 por cento cre que o sector irá mellor no ano 2023 respecto ao ano 2022 e respecto ao ano 2021.

E as entidades dedicadas á actividade cultural, é dicir, as empresas culturais, o 76 por cento das empresas culturais dinnos que van ter unha evolución da facturación positiva. Creo que son datos que falan moi ás claras das dinámicas dos axentes culturais, non duns concretos, e a partir de aí extrapolo ao conxunto, senón dunha globalidade, a partir dun órgano autónomo.

E quixera facer unhas precisións tamén respecto a algunhas cuestións plantexadas pola señoras deputadas.



Respecto ao Partido Socialista, vostede dixo aquí —creo que hai que dicilo para que quede constancia— que o orzamento do Consello da Cultura Galega depende da Xunta. Iso é falso, iso é unha mentira que dixo vostede. Non depende. O orzamento do Consello da Cultura Galega depende do Parlamento. A Xunta non ten nada que ver no orzamento do Consello da Cultura Galega. E di que o asfixiamos. Mire, medra, medrou igual que nós este ano e no anterior medrou máis porcentualmente que nós. Creo que iso é algo que hai que dicir. O orzamento do Consello da Cultura Galega non depende da Xunta de Galicia, como órgano estatutario que é, depende directamente do Parlamento.

Di que ninguneamos a participación. Pois mire vostede, proceso máis participativo que o que fixemos para a avaliación do PERTE é difícil, ¡eh! O Partido Socialista *lo cogió y ni tan siquiera lo tramitó*. Tirouno por un rato e negouse absolutamente. Mire o que respectan vostedes a participación.

Tamén comentou vostede que eu só falaba do Museo da Cidade da Cultura. ¡Home!, onte mesmo estiven no Museo de Belas Artes, presumindo —e dígoo con orgullo— dunha fantástica e moi boa exposición; onte mesmo no Museo de Belas Artes da Coruña.

Despois dixo tamén que o índice de lectura dos galegos era o máis baixo de España. Eu teño aquí uns datos, que xa sei que os datos non lle gustan, pero teño aquí uns datos. Segundo a conxuntura estatística do propio Consello, de outubro do 2022, dinnos que o ano 2021, comparado co ano 2017, hai un incremento de case un 50 por cento do gasto de lectura de libros nos fogares galegos.

No ámbito da lectura, o único indicador comparable é o Informe PISA. Non sei se vostede me dá algún que eu non coñeza. Pois mire, o Informe PISA sitúanos terceiros de España.

E tamén hai outro dato moi significativo: que Galicia é a comunidade autónoma con máis librerías por habitantes do conxunto de España. Ben, vostede di que somos os peores de España; pois xa está, non se discute.

E tamén falou a portavoz do Bloque Nacionalista Galego referente ao BIC da Casa Cornide. Mire, hai dous anos houbo un acordo entre o concello e a Xunta de Galicia polo cal nós declarabamos e incoabamos o expediente e o concello ía iniciar un proceso xudicial. Non só incoamos o expediente hai dous anos, ¡eh!, senón que o aprobamos recentemente, pero a figura de protección é efectiva dende o momento da incoación. Eu ata o momento sei que o Concello da Coruña non fixo nada, tampouco lle debe preocupar moito ao Bloque Nacionalista; de vez en cando maniféstanse, din calquera cousa, pero ao final apoian a alcaldesa Inés Rey. Co cal moito falar, pero pouco practicar; moito pico e moi pouca pa. Porque, se en dous anos son incapaces de iniciar un proceso xudicial fronte á familia Franco, pois non se lles ve moi preocupados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E respecto ao Museo Maside, xa lles adianto tamén, señorías, que van ter noticias moi rápidas e moi prontas neste ámbito.

Respecto a algunhas precisións que tamén lle quería facer á portavoz do Bloque Nacionalista Galego, eu fixen unha exposición creo que con dúas partes moi claras: unha parte de con-





texto, de situación, de balance, que obviamente non lle gusta, son datos cuantitativos que se desprezan; e, por outro, fixen un discurso de futuro, falando dun proxecto que tamén non é do seu agrado, que é a Xeración Cultura.

Tamén, igual que dixo a portavoz do Partido Popular, eu non sei se lle gustou ou non que compareza, non o sei. Porque, despois de escoitala, daba a sensación de *mejor que no compa-reciera*, case parece que acababa dicindo iso.

E hai cuestións curiosas. Eu tamén apuntei o da macroconsellería, que creo que moi acertadamente llo dixo a portavoz, porque a min, se me di iso, ¿que se lles dirá a vostedes, non? Porque, ademais —co máximo respecto para esta persoa, por suposto—, creo que ao final as cousas son como son. E co máximo respecto a esta persoa, se vostede utiliza este termo, pois debería dalgún xeito precisalo.

O que si me parece moi curioso —e é algo que se vén repetindo normalmente no discurso político do BNG— é esa capacidade para intentar arrogarse a representatividade do todo. Fano como país: Galicia é o BNG, ou Galicia somos os nacionalistas. Arróganse unha parte e falan no nome dos axentes culturais do país, e despois os axentes culturais do país, cando hai un estudo sólido e solvente, como é o do Consello da Cultura Galega, sabemos que as porcentaxes maioritarias en certa medida responden aos datos que eu aquí expuxen. E eu utilízoo, utilízoo con moitísimo respecto, pero con absoluto respecto. Non podía ser menos.

E tamén vexo que hai unha visión, se se quere, cativa do que é a cultura. Dicía anteriormente que hai que ter unha visión transversal, porque, por exemplo, se rehabilitamos un centro educativo histórico, por exemplo o Valle-Inclán en Pontevedra, ¿iso é rehabilitación do patrimonio cultural si ou non? Eu entendo que si, porque é un edificio histórico. Se rehabilitamos calquera centro educativo con valores patrimoniais, estamos rehabilitando patrimonio cultural. Se tamén no patrimonio civil, por exemplo, nas vivendas dun casco histórico ou na área do Camiño, se rehabilitamos a través de medio ambiente vivendas ou construcións civís, estamos rehabilitando patrimonio. Se en turismo se fai unha actividade de promoción do Camiño en base a accións culturais, estamos tamén falando de cultura, de promoción da cultura. Se a propia Consellería do Mar está facendo, coa nosa colaboración, man a man, un plan de cultura mariñeira, cun investimento moi potente, estamos falando de cultura. Se na rede educativa, nas ensinanzas artísticas, nos conservatorios, nas escolas de teatro, na Escola de Danza, temos un investimento moi potente, estamos falando de cultura.

Teñen unha visión moi concreta. Se todo isto o sumamos, dános aproximadamente un 3 por cento do orzamento da Xunta. Se todo o que é cultura nesta consellería ou noutras áreas cunha visión transversal e cunha boa coordinación como existe, estamos a falar dun 3 por cento do investimento no mundo da cultura.

E ao final creo que a problemática que aquí se plantexa é que hai unha visión diferente. Eu xa dixen antes: vostedes teñen unha visión total de Galicia. Galicia é o seu, o resto non é Galicia; cultura é a súa, o resto non é cultura. E a cultura é boa ou é mala non en base a parámetros de seguimento de público, de sustentabilidade e de calidade, senón se coincide co-



migo ou non coincide. Esa visión, como xa dixeran, a nós non nos gusta e, sobre todo, gustaríame que fôsemos xustos.

E, neste caso, o BNG —tamén o comentou a nosa portavoz, a portavoz do Partido Popular—, moita preocupación por certas cuestións, pero despois cando teñen que votar votan sempre cos seus socios do Partido Socialista; hai unha especie eu case diría dunha relación política tóxica, porque debe ser moi tóxico dende o punto de vista político, (*Murmurios.*) dende o punto de vista político, estar cuestionando nesta cámara unhas cousas e chegar aos concellos ou ás deputacións e facer xustamente o contrario. Creo que iso non é san. O Partido Socialista está contento porque ten unha boa muletilla e iso non lles importa a vostedes, pero, certamente, é unha cuestión moi, moi difícil.

En todo caso, como xa digo, nós temos unha estratexia e unha forma de traballar transversal e integral, e ao final temos que ter planificación. Aquí cuestionáronse os plans como se isto se improvisara. Ningunha política pública sería se improvisa, a cultura non se pode improvisar. Por iso hai que ter plans en marcha, e aquí citei algúns deles: o Plan Catedral, o Plan de Arquivos, o Plan estratéxico da Cidade da Cultura, o Plan de dinamización da lectura, o Plan de acción cultural no exterior que queremos facer e moitos outros.

Falamos tamén e falouse aquí de participación, de gobernanza. Miren, ten que haber unha interlocución permanente e un diálogo permanente co sector, e nós témolo.

Pode que eu non vaia a un evento, eu non podo ir a todos os eventos que me gustaría, señora Queixas, pero estou seguro de que a consellería estaba representada neses eventos. Non me diga que un secretario xeral ou un director xeral non representa a consellería. Non me diga, non me diga iso, porque non llo podo crer. É rarísimo, creo que sería algo absolutamente excepcional que nun evento, unha gala, sexa a Gala do Libro ou calquera outra gala, non estea alguén da consellería; obviamente, o conselleiro é un e non pode ir a todas as partes.

Agora, a gobernanza ten que ser unha gobernanza transversal e tremendamente participativa e ten que haber foros e espazos de encontro, espazos de reflexión e espazos que permitan xuntar —iso si— os axentes culturais, a globalidade, non unha parte dos axentes culturais, ás veces con independencia das ideoloxías ou con independencia de que esteamos a favor ou en contra de determinadas políticas públicas, neste caso concreto das políticas culturais: Consello de Arquivos, de Avaliación Documental, Consello Especial do Patrimonio, Consello Asesor do Libro, de Bibliotecas; e xa lle dixeran que imos crear novos consellos, un observatorio na cultura inclusiva ou un observatorio de innovación do patrimonio cultural.

E todo isto, obviamente, ten que ter unha regulación, unha regulación normativa. Creo que nos últimos anos se deron avances moi significativos no que é a estrutura xurídica normativa das máis significativas institucións culturais do país: bibliotecas, arquivos, patrimonio cultural, museos. Agora estamos para impulsar, como xa dixeran tamén, a Lei de cultura inclusiva, a Lei de cultura dixital.

E isto é traballar con sentido común. Non vale facer leis por facelas, teñen que ter un sentido. Facer leis por facelas xa o fai o señor Sánchez, por exemplo, nos ámbitos que eu coñezo. No



ámbito educativo fai leis por facelas, cuns resultados desastrosos. Quixo facelo tamén en cultura coa Lei de patrimonio, que ao final non se fixo nada. Pero hai que facer leis con sentido, consensuadas e que respondan ás necesidades.

E, despois, hai que ser corresponsables, absolutamente corresponsables. A acción cultural, a política cultural non é só exclusiva da Xunta, tamén participan as administracións locais (concellos e deputacións) e o propio Estado.

E aquí —é verdade— eu quixera dicir dúas cuestións.

A primeira, cando se falaba do apoio institucional á cultura. Os propios axentes culturais, ante o Consello da Cultura Galega, din que a administración mellor valorada —dinllo de xeito reiterado— é a Xunta de Galicia; o último, o Estado; e no medio están os concellos, pero con bastante diferenza. A administración que ten un maior apoio e é máis respectada por parte dos axentes culturais —non o di o conselleiro, dío o Consello da Cultura Galega— é a Xunta de Galicia.

E despois, se falamos de actividade creativa ou actividade que se desenvolve, creo que tamén é moi significativo o papel naqueles eventos, ben organizados ou ben financiados, onde colaboramos cos produtores, cos axentes culturais. Tamén hai que destacar que no ano pasado —os deste ano non o sabemos—, do ano 2022, das cincuenta propostas —tamén datos do Consello da Cultura Galega— máis importantes de Galicia, trinta e nove delas son organizadas pola Xunta ou coparticipadas pola Xunta de Galicia. Non hai, por certo, ningunha do Estado, e o Estado ten un papel moi importante tamén na promoción da cultura ou debería ter un papel moi importante na promoción da cultura. Non cita o Bono Cultural de Sánchez, cita o da Xunta, por exemplo. E das deputacións e dos concellos cita tamén un número tremendamente escaso.

En todo caso, o máis importante é que as políticas culturais poden gustar ou non obviamente; por lóxica política, non poden gustarlles a vostedes, son políticas diferentes. Pero voulles dicir o que máis nos importa a nós e, realmente, cal é o obxectivo do noso traballo. O obxectivo do noso traballo é que os nosos profesionais da cultura, as persoas que viven lexitimamente da cultura teñan os maiores éxitos posibles, e alegrámonos absolutamente cada vez que temos un recoñecemento, cada vez que teñen un premio, cada vez que hai un avance no ámbito da cultura galega, porque iso é recoñecer unha parte moi significativa do que somos.

Cando vemos que vai ben o audiovisual e ten premios en calquera festival do mundo, cando vemos tamén que hai festivais de música ou actuacións de creadores nosos que están tendo un gran talento, cando vemos o traballo dos profesionais tanto en Galicia como fóra e hai un recoñecemento a ese traballo, a nós é o que máis nos interesa e o que máis nos gusta, co cal poden, sen dúbida ningunha —e é a súa función—, cuestionar todo o que queiran, que ao final o máis importante é o traballo, o recoñecemento, os éxitos do sector cultural, que obviamente na Xunta de Galicia intentamos apoiar na medida das nosas responsabilidades e intentamos e facemos sempre respectar como unha parte moi significativa do que somos como galegos.



Moitas grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda especial.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidente.

Mire, señor conselleiro, política tóxica, a súa e de todo o seu partido con Vox, (Aplausos.) esa é a política tóxica. E asegúrolle que é asombroso que neste momento hoxe vostede poida dicir isto aquí; non teñen xa nin a máis mínima vergoña, nin a máis mínima vergoña.

Máis cuestións. Señor conselleiro, mire, debía quizais deixar vostede, cando falamos de cultura e de lingua —eu doulle un consello con toda a miña mellor intención—, de falar sempre de confrontación, sempre que fala. Eu non lle escoito iso cando falamos da educación, cando vostede fala da educación. Con lingua e cultura, sempre, confrontación, sempre. Algún tipo de complexo debe ter vostede e o seu partido e o seu Goberno, o Goberno galego, que é o Goberno de todos, e tampouco imos poñernos agora tan, tan tremendas. Pero é así. ¿Que confrontación? ¿Quen está aquí confrontando? Nós entendemos precisamente a cultura como un elemento de unión, de fraternidade, de enriquecemento, nunca de confrontación. Son vostedes os que adoptan sempre esa postura un pouco de defensa fronte aos nosos discursos que son críticos; está vostede gobernando, terá que asumilos.

Mire, desculpe o erro sobre o orzamento do Consello da Cultura Galega. Por certo, señora Egerique, que xa estou acostumada, xa me está preocupando a min que vostede non me escoite nunca ben, porque sempre fala de imprecisións; non quero dicir que minta acerca do que eu digo, pero sempre son imprecisións acerca do meu discurso. Mire, non dixen nada de que se reducía. Vou corrixirme: é o Partido Popular quen decide o pírrico orzamento do Consello da Cultura Galega. Non sei se lle gusta máis así; probablemente lle guste máis así. Un orzamento que vostede sabe ben que é claramente insuficiente.

Non fale do informe PISA, fale quizais do que hai que falar, que é o Barómetro da Federación de Gremios de Editoras de España. Sabe vostede que ese é o índice que se emprega para saber cal é o índice de lectura. Sabe vostede ben que o índice do ano 2022, un índice que utilizan todas as comunidades autónomas ademais do Ministerio, ¿que di? Que estamos por baixo da media do Estado, que estamos á cola de todas as comunidades autónomas —recórdolle que son dezasete— e que, ademais, aínda por riba, o índice do ano 2022 aínda é peor que o índice do ano 2021. Así que non me fale do Informe PISA. Iso queda para outra das súas áreas de traballo.

Mire, señora Egerique, o conselleiro non falou nunca aquí, en absoluto, de resultados, a non ser que pretenden facernos crer que o estado da nosa cultura é produto, como dixen xa, da



xestión do Goberno galego. Eu convídoa a que lle dea lectura a ese barómetro do Consello da Cultura Galega e verá como, ao principio da miña intervención anterior, deixaba claro que non é isto. Hoxe aquí o conselleiro non veu explicar ningún resultado senón que veu falar de programación, programación cultural.

Tampouco dixen, por certo, unha comparecencia escueta. O que falei foi de pouca análise; son cuestións moi diferentes; pouca análise, non fixo absolutamente ningunha análise do sector cultural noso.

Señor conselleiro, quedame pouco tempo, pero mire, dírelle só tres pequenos matices. Fala vostede da Film Commission. ¿Refírese a esa páxina web, que custou preto de catrocentos mil euros, unha páxina web? ¿Fala diso, desa Film Commission, que custou catrocentos mil euros, que é unha páxina web?

¿Ou fala vostede tamén desa Rede de centros culturais do rural, cando rexeitaron todas as emendas que este grupo parlamentario nos orzamentos para o ano 2023 presentou para que a Xunta de Galicia se implique na creación de novos centros ou a rehabilitación dalgúns dos que xa existen, habida conta das escasas posibilidades de financiamento das entidades locais? ¿Fala vostede tamén desa Rede de centros culturais do rural? ¿Que van facer?, se votaron en contra, o seu grupo parlamentario votou en contra de absolutamente todas as propostas que trouxemos aquí o Grupo Socialista.

Mire, en definitiva, non hai estratexia. Lamento dicirlle que non hai estratexia. Pode que houbera unha, un documento cando menos escrito, pero non lle fixeron ningún caso. Nin ideas novas nin moito menos compromiso coa nosa cultura nin coa nosa lingua. Ben, de feito, non en van no discurso de investidura do señor Rueda tanto a cultura como a lingua foron as grandes esquecidas, así que xa damos conta diso.

Mire, a xestión cultural non é a programación de espectáculos, en absoluto, non o é, e menos con ese que lle vai chamar agora «culturón». Eu non sei se están a tempo vostedes de cambiarlle o nome, porque case dá máis medo que apetece ir a unha programación así, pero, en fin, iso xa é cousa súa.

Mire, facer un balance cultural non pode ser nunca dar conta dun documento Excel no que sumamos accións e contamos espectáculos. Xestionar a cultura é coidala, asegurar as estruturas de base e as estruturas empresariais da industria, de todos e cada un dos sectores que comprende, escoitar e despois actuar. Isto é xestionar a cultura, e ata que comprendan isto tan básico que dicimos, que non é máis que estratexia e máis estratexia, por suposto acordada con todos os axentes da nosa cultura, nós non poderemos valorar positivamente os discursos triunfalistas seus e do seu Goberno.

Nunha cousa na que si que lle teño que dar a razón hoxe, si que lla dou, é que hai que deixar de ter unha visión cativa da cultura.

Mire, conselleiro, queda moito por facer e dende logo dende o Grupo Socialista pensamos que a súa cerrazón está freando as expectativas e os éxitos futuros da nosa cultura.



Nada máis, grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Varela.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, señora Egerique, agradézolle moitísimo tanta atención cara á miña persoa, que de verdade que non merezo, porque eu non son a conselleira. Síntoo, señor conselleiro, que o deixase en segundo lugar, (Aplausos.) ignorando a súa intervención tan prolongada e demorada no tempo ilimitado durante esta mañá.

E tamén teño que agradecerlle, por suposto, a atención e o afecto cara ao Goberno, o novo Goberno de Santiago, liderado pola compañeira Goretti Sanmartín como alcaldesa, e todo ese novo impulso que lle vai dar á capital de Galiza. (Aplausos.) Asuman os resultados das eleccións municipais canto antes, que lle vai vir moi ben ao país.

Señor conselleiro, vostede definiuno clarísimamente: o BNG ten unha visión total, totalizadora da cultura; efectivamente, é máis, xa o afirmou vostede: Galiza é o BNG. Díxoo o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. (Aplausos.) Xa aceptan que o Partido Popular non é o partido que máis se parece a Galiza. Imos estupendamente.

O que si, con tanto tempo que tivo, parece mentira que se despistase dalgunhas informacións que era importante dar, ¿non? Porque falo dalgunhas cousas pero esqueceu nalgúns parágrafos desa lectura que debeu facer un pouco rápida ou transversal. Esqueceu citar que nalgúns dos proxectos que vostede citou non ten nada que ver a Xunta con eles —por tanto, apropiouse deles—, como son moitos dos que participan as universidades, si. Ou esqueceu mencionar, por exemplo, ese último informe da Fundación Contemporánea que vostede mencionou, pero esqueceu algo moi importante, que a min me enche de orgullo e satisfacción dicir aquí: que neste último informe destacou como o mellor proxecto da Comunidade Autónoma o FIOT, ese inmenso festival de teatro internacional sufragado economicamente na súa inmensa maior parte polo Concello de Carballo, onde a Xunta é a administración (Aplausos.) que menos colabora economicamente e onde a grande responsabilidade que é o Centro Dramático Galego quedou en quinto lugar pola cola.

Eu facíalle unha pregunta que para nós é fundamental, que non é motivo para nada de secundarización; é dicir, realmente, vostedes ¿que entenden por cultura galega? Porque eu creo que vostedes están un pouco dándolle voltas aínda a esa pregunta que non acaban de ter claro. E, sobre todo, ¿para que a queren? ¿Para que sociedade queren construír vostedes desde a cultura galega? E nós faciamos a pregunta porque, evidentemente, non queda nada claro cal é o rumbo que vostedes seguen coa liña política cultural do Partido Popular: Consellería de Cultura por un lado, Agadic polo outro, Cidade da Cultura, Secre-



taría Xeral de Política Lingüística, o Xacobeo... Aquí non hai absolutamente ningún tipo de columna vertebral nin coordinación entre esas diferentes áreas, porque vostedes xogan a pisar uns aos outros, acoller máis menos protagonismo e a non saber, en definitiva, cal é o proxecto cultural, verdadeiramente cultural, neuronal, ou simplemente elitista, turístico e de escenario.

Polo tanto, a pregunta que nós faciamos era moi seria e vostede pois non a respondeu. Claro que temos unha visión totalizadora no BNG.

E, efectivamente, claro, señora Egerique, que nós estamos traballando nesa Lei de dereitos culturais, pero, antes de que a coñezan vostedes, estana coñecendo os diferentes sectores e axentes culturais, que son cos que estamos falando, (*Aplausos.*) porque a imos elaborar con eles, que nós non traemos aquí o menú feito nin moitísimo menos.

Miren, para nós, efectivamente, a cultura é un dereito; dicímolos e practicámolos alí onde temos responsabilidades de goberno e tamén desde onde temos responsabilidades da oposición. É un vínculo social, unha alianza coa identidade, tecedora de comunidade, desde unha mirada inclusiva, diversa e integradora.

Esa é a nosa visión e ese é o retrato do que vai ser a Lei de dereitos culturais, aínda que, polo que volvemos comprobar hoxe, ao Partido Popular lle molesta que esteamos traballando en positivo e co sector.

As políticas culturais —acreditamos no BNG— deben servir para que as persoas e os pobos poidan desenvolver todo o seu potencial creativo e intelectual, para gañar en autoestima, e, desde logo, desde nós, desde a nosa propia creatividade, achegar a nosa singularidade a un mundo global. Unha política cultural debe atender todas as dimensións. Apoiar é coidar os procesos de traballo, combinar as accións de recuperación, estudo e divulgación da herdanza colectiva con aquelas que son máis de apoio á creación contemporánea.

Os retos do BNG desde logo son os seguintes: unha vez superados corenta anos de Estatuto de autonomía, cómpre avaliar o modelo cultural que se foi desenvolvendo e que ao noso ver presenta déficits estruturais moi importantes.

En segundo lugar, hai que atender a algo fundamental, e é que a nivel global os cambios sociais e tecnolóxicos afectaron a forma en que hoxe nos relacionamos cos contidos culturais, coa aparición do mundo dixital e a globalización deses contidos. E iso formula novos retos centrais, aos que nós non podemos permanecer alleos, porque son fundamentais para a sobrevivencia dun contexto cultural como é o galego.

E, en terceiro e último lugar, a nivel internacional, señor conselleiro, están a darse debates moi importantes no campo cultural: o da sustentabilidade económica, social, ecolóxica e tamén cultural. Por iso, asegurar, blindar os dereitos culturais da cidadanía é tan importante.

Remato xa.



Nós, no BNG, seguimos a traballar para dar ese rango de ben básico á cultura, para desenvolver a función social da cultura na construción dunha sociedade moito máis igualitaria e moito máis xusta da que temos hoxe. E non nos queda moi claro ese Cultur-ON co que vostede hoxe nos asustou tanto. Desde logo no BNG si que imos activar sempre e premer a tecla *on* para a cultura e non *off*.

Acaba o curso, señor conselleiro. Supoño que, aínda que leva moito tempo fóra das aulas, o lembrará, igual que o lembro eu estes días, e teño que dicirlle algo que vostede tamén esqueceu. Vostede, a consellería, este goberno en materia cultural segue suspenso nese barómetro que hoxe vostede por fin mencionou aquí como un ímprobo traballo que se fai continuamente desde o Consello da Cultura Galega. Aí sabe vostede que, aínda que poida estar mellor considerado que outras administracións, vostede segue estando suspenso, non conseguiu aprobar aínda; é máis —voulle dicir algo que vostede sabe—: pode repetir o curso vindeiro, pero lembre: é a última oportunidade e traballaremos para que sexa a derradeira.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Señora Queixas, vostede merece toda a miña atención. Ademais, como voceira de cultura, claro que estou moi atenta a todo o que vostede di e ao que vostede fai. E, como sabe, nós estamos ademais sempre dispostos a escoitar e ao diálogo. Polo tanto, eu claro que sigo absolutamente todo o que vostede di, o que dixó aquí hoxe e o que vostede di en moitas ocasións, que hai unha macroconsellería de Educación e Cultura, e faime graza que o Bloque Nacionalista Galego faga unha concellería aínda maior, ademais nun concello que perdeu. Porque teño que lembrarlle que o noso compañeiro Borja Vereja, que encabezaba a lista do Partido Popular, obtivo once concelleiros e o Bloque Nacionalista Galego obtivo seis. E vostedes celebran sempre moito máis as súas derrotas que nós as nosas vitorias. (Aplausos.) Pero ben, eu alégrome e estarei atenta tamén a esa macroconcellería e ver se a cultura tamén queda diluída, como di vostede.

Señor conselleiro, vostede falou de non improvisación, e creo que é algo fundamental na política cultural do Partido Popular e da Xunta de Galicia, porque o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista sobre todo están na improvisación constante, continuamente improvisando. Cando dixen antes que de repente inventaban un Bono Cultura ou inventaban unha axuda para o cine e inventan calquera excusa para obter un rédito electoral, é a realidade. E, polo tanto, viven nunha continua improvisación. Por iso, non lles gustan os plans da Xunta.

E claro, señora Díaz, eu agradezo enormemente as súas aclaracións, pero ¡que vostede me diga que o señor conselleiro non falou de accións ou de resultados cando estivo falando de accións e resultados musicais, artes escénicas, audiovisual, na lectura, na lingua, nas novas





tecnoloxías, en museos...!, a raíz e consecuencia de plans que nun momento dado establece e dos que vostedes discrepan. Polo tanto, eu agradézolle tamén a non improvisación dos gobernos do Partido Popular en todas as administracións.

Todas as políticas expostas —tamén vou aclaralo— fíxoas o Partido Popular en solitario.

Fala vostede de relacións tóxicas, pero as relacións tóxicas neste momento estamos a vivilas no Goberno de España. Os orzamentos de cultura no Goberno de España están repartidos e dirixidos a partidos políticos, neste caso ademais con cifras exactas, segundo informa hoxe un medio de comunicación: a ERC-PDeCat 39 millóns de euros, ao PNV-Bildu 20 millóns de euros, a Teruel Existe 6,3 millóns de euros e a Compromís 1,1 millón de euros, derivados dos orzamentos, da partida de Cultura. Iso a min paréceme unha relación tóxica, porque eu non sei se os españois e os galegos e galegas sacamos algún rédito cultural desta repartición do orzamento de cultura en canto ao Goberno de España.

Polo tanto, eu creo que dous anos con Iceta como ministro de Cultura falan dunha desviación presupostaría multiplicada por corenta no ámbito da cultura. ¿Que políticas culturais? ¿Que balance farían de política cultural do Goberno de España? Afortunadamente, os galegos saben que aquí hai estabilidade, que hai planificación, que hai transparencia, e, polo tanto, apostan á hora de votar por un goberno do Partido Popular, que é o que farán probablemente o 23 de xullo, e xa o veremos en pouco tempo. Hai unha política cultural identificable e transparente.

E, señora Queixas, cando vostede di: non me responde á pregunta, si que respondo, pero non lle gusta a resposta. Non lle gusta a resposta porque é certo que vostedes no Bloque Nacionalista Galego fan política cultural de primeira, política cultural de segunda, política cultural de bos e de malos, máis galegos e menos galegos, mellor lingua peor lingua. É que vostedes sempre establecen esas diferenzas no Bloque Nacionalista Galego e nos proxectos que vostedes fan en materia cultural, tamén onde goberna.

Como dicimos, nós no Partido Popular estamos abertos ao diálogo, a todo tipo de espectros culturais que se presentan, porque, ademais, cada vez coa tecnoloxía e a medida que avanza a sociedade, tamén son maiores e temos tamén que abrir ese espectro, e vese ademais que a Consellería de Cultura neste caso vai ao ritmo tamén do que demanda o sector cultural de Galicia, como digo, escoitando sempre antes de decidir e tomar decisións de plans ou de diferentes leis.

Podería seguir falando da *Cultur-OFF* do Partido Socialista, da *Cultur-OFF* do partido do Bloque Nacionalista Galego. Eu quédome co *Cultur-ON*, señor conselleiro, porque iso quere dicir que estamos reactivando a cultura en Galicia, que imos no bo camiño. A *Cultur-OFF* é, por exemplo, un concerto en Vigo outorgado dun xeito algo sospeitoso, asinado por unha concelleira xa cesada, cunha cantidade de 1,9 millóns de euros de patrocinio antes dun concurso, é dicir, algo bastante sospeitoso do que teremos que falar; o concerto de Guns N' Roses, efectivamente.

Falamos de que o PSOE ten un dobre relato, que reclama máis investimentos en materia de patrimonio ao Goberno galego, pero o 2 por cento <<de la cultura lleva congelado desde la llegada



*al Gobierno de Carnicero, el arquitecto amigo de Sánchez*». E tamén vemos uns desvíos —como digo— orzamentarios a partidos políticos que están sostendo neste caso o Goberno de España. E, polo tanto, iso si que son relacións tóxicas cos cartos e os orzamentos adicados á cultura, ese sector tan importante, ese elemento tan vertebrador e ese elemento que ten que aglutinar a toda a sociedade.

Os museos nacionais, pechados. *Iceba salva el agujero de los museos estatales con tres años de retraso*. E podería seguir, porque non temos ningún horizonte cultural. Temos un estatuto ademais do artista, que se aprobou por unanimidade, con moito traballo no Congreso dos Deputados, que están sen executar. Como dicía, a Lei de patrimonio. Como dicía, o abandono de tantos e tantos museos dependentes do Goberno de España.

Polo tanto, señor conselleiro, eu creo que teño capacidade de escoita, ás veces tamén acepto os consellos e rectifico cando me confundo, pero vostede hoxe aquí fixo un balance concreto dun resultado de políticas culturais da Xunta de Galicia e, ademais, tamén falou dunha planificación a futuro da que terá, por suposto, o apoio total deste Grupo Parlamentario Popular, porque cremos que son políticas culturais que funcionan, e non facer pois política coa cultura e utilizar os orzamentos de todos os españois para aproveitar e manterse no Goberno a través de pactos, porque iso nos parece que si que é moi vergoñento e é moi sospeitoso.

Pola miña banda, nada máis.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da comparecencia, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Coa señora Díaz teño que compartir unha cuestión e desmentir e non compartir outra. A verdade é que comparto, se é sincera, a súa apreciación de que a cultura non se debe facer nunca para confrontar. É máis: eu sempre digo que a cultura non pode confrontar as persoas, a boa cultura non pode confrontar as persoas, debe contribuír a unir as persoas, a cohesionar a sociedade.

E eu plantéxoo sempre: o noso modelo cultural sempre foxe da confrontación, igual que o modelo lingüístico; non o plantexamos como unha confrontación; ao revés, creo que aí podemos compartilo, seguramente ao mellor os seus socios non o comparten, con case toda a seguridade os seus socios non o comparten.

Agora, teño que desmentir e non coincidir con vostede, desgraciadamente, pois na visión do que fixemos aquí. Vostede di que eu non falei de resultados. ¡Home!, eu obviamente falei dun balance. A outra señora deputada dixo que abusara dos datos, das cifras. Debían poñerse



de acordo, pero eu aquí fixen un balance de resultados, utilizando datos propios e utilizando datos de institucións e entidades alleas neste caso ao Goberno, o Consello da Cultura Galega, ou como pode ser tamén a Fundación Contemporánea, co cal creo que son cuestións diferentes.

E tamén non podo deixar pasar por alto que vostede diga que as expectativas da cultura galega son máis. *(Murmurios.)* Vostede díxoo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois eu entendín mal. Vostede dixo que as expectativas da cultura galega son máis. Outra vez boto man dos datos do Consello da Cultura Galega, que nos din que o 75 por cento dos profesionais ven boas expectativas, en facturación, en programación, en creación de emprego. E eu creo que iso debe alegrarnos, eu creo que iso é o máis importante, porque ao final o resultado neste caso concreto, como se fose outra política diferente, é que o sector se vexa beneficiado da nosa acción, das accións que estamos a facer dende a perspectiva política. ¡Oia!, se os profesionais medran, se a facturación medra, se a actividade medra, se a programación medra, se as expectativas son boas, ¡home!, iso en principio non pode ser negativo.

E respecto á señora Queixas, ben, eu alégrome moito de que vostede cite o FIOT, sobre todo porque me trae recordos dun bo compañeiro do Partido Popular que dirixe a asociación que o organiza, que é o señor Alberto Sueiro; o FIOT está dirixido por un deputado desta casa, sentado onde se sentaba o señor Balseiro precisamente, e que fai un gran traballo, e que por certo está financiado cunha alta porcentaxe pola Xunta de Galicia, como vostede ben sabe, aproximadamente, un ano con outro —este ano está sen resolver—, entre 45.000 ou 50.000 euros aproximadamente. O ano pasado —que vostede citou o FIOT— o número un era a Cidade da Cultura, este ano é o número dous. Entón, se vostede lle dá credibilidade a ese indicador, tamén ten que recoñecer que o ano pasado o evento cultural máis significativo de Galicia pois foi a Cidade da Cultura. Polo o cal tamén nos alegra que vostede cite esta fonte, pero citada sempre, cando nos convén ou cando non nos convén.

E, claro, despois vostede tamén di aquí: se Agadic, se a Secretaría Xeral, se a Cidade da Cultura.... Podía seguir citando: pois a Fundación Cela, o Museo do Mar, o Xacobeo... Todo isto ten un eixo vertebral, transversal, que nos permite coordinar as políticas públicas. Como lle dixen antes, a Xunta de Galicia, cunha visión transversal, aporta ao redor do 3 por cento do orzamento ao ámbito cultural.

Obviamente, coa rehabilitación dunha vivenda tradicional do patrimonio civil estamos rehabilitando o patrimonio construído, por exemplo no Camiño de Santiago, por exemplo nos cascos históricos; iso xestiónao outra consellería, obviamente, pero estamos contribuíndo á rehabilitación do patrimonio construído do noso país.

E eu reafirmome no que dixen antes: vostedes teñen unha visión total, pensan que a súa visión é a visión de Galicia; obviamente, están equivocados, porque nunca gañaron as eleccións en Galicia, tampouco as gañaron en Santiago, ¡eh!, nin noutros moitos sitios, nunca as gañaron, pero teñen a súa visión de que só o seu é o bo e o resto é malo, dito dun xeito pois moi simple.

Pero ben, nós a nosa política cultural xa a plantexamos. Eu, como peche, quixera, en certa medida, fixar de novo os puntos principais da nosa política cultural. Nós o que queremos,



cunha perspectiva integral —insisto—, é contribuír no ámbito das nosas capacidades e competencias á difusión da creación cultural, tanto dende as agrupacións afeccionadas; nós temos convenios de colaboración cos colectivos de cultura afeccionada, por exemplo co teatro afeccionado, co Teatro Amador, unha cantidade económica que lle posibilita ter unha proxección moi importante, e tamén por suposto coas grandes infraestruturas culturais. Fíxese vostede que nós apoiamos, por exemplo, o Teatro Amador e apoiamos a campaña de Lírica da Coruña, por exemplo. Fíxese que diferenza pode haber nun aspecto —digamos— do que se entende como alta cultura, moi concreta e moi específica, ou o que é o Teatro Amador. Hai que apoiar tanto o afeccionado como o profesional de máis alta cualificación.

Nós queremos tamén incentivar o que é a competitividade das industrias culturais, para que sexan precisamente sostibles, para que haxa dignidade no seu traballo, para que non estea o sector cultural sempre dependente da axuda pública. Temos que facer que as nosas industrias culturais sexan competitivas, que sexan sostibles economicamente e que poidan xerar riqueza, que xeren tamén emprego, e iso é o que lles vai dar liberdade aos creadores e lles vai dar capacidade crítica aos creadores, e non depender neste caso dunha administración pública ou doutra.

Por suposto, queremos potencia-la, e sabemos que ten un retorno económico importantísimo a conservación do noso patrimonio (do civil, do eclesiástico, do cultural), e pensamos que isto tamén ten un carácter transversal, non só o material senón tamén o patrimonio inmaterial.

E, por suposto, temos que asegurar —e esa é a nosa función, tamén no eido educativo— que todas as persoas poidan usar a lingua galega con total liberdade e en calquera espazo, e en todos os ámbitos da sociedade.

Apostamos pola cultura e as nosas políticas culturais pensamos que son un eixo transversal das políticas do Goberno galego, está presente en todos os ámbitos dun xeito directo e dun xeito indirecto e ten un gran papel transformador; creo que aí niso ata podemos estar de acordo.

E reafírmome, con humildade pero tamén con contundencia —creo que son conceptos homólogos, con humildade pero con contundencia—, en que a visión e a situación da cultura galega é positiva e que vive un momento de enorme vitalidade. ¿Que hai que seguir traballando? Por suposto. ¿Que hai cousas que ao mellor se fixeron mal? Por suposto. Pero se imos aos datos —e volvo repetir os datos, que son resultados—, estamos a falar dun 3,6 por cento do emprego, dun 3 por cento do PIB, que aumenta a confianza dos creadores, que crece o consumo cultural, que a oferta cultural está en niveis históricos, que nunca houbo un consumo cultural tan importante.

Creo que estamos nunha boa situación, e se vemos cara a atrás, os últimos vinte anos, como xa digo, dezaseis dos vinte anos cun goberno do Partido Popular, creo que a cultura galega mellorou nos principais parámetros que miden a súa saúde, e iso creo que é moi positivo, e, en vez de cuestionalo ou crítico-lo, deberíamos de estar francamente contentos.



Eu sigo dicindo que a cultura ten unha enorme capacidade integradora, que non debe ser nunca, non debemos usar nunca a nosa cultura como un elemento excluínte, como un elemento que confronte. Ao revés, a nosa cultura é como é Galicia, como é o país; ten que ser unha cultura integradora, que aporte convivencia, que aporte liberdade, que posibilite ter unha capacidade crítica, que tamén nos divirta aos cidadáns, que tamén ten unha parte importante de consumo e de satisfacción no propio consumo, e velo sempre cunha perspectiva tanto profesional, da máis alta cualificación profesional, como desde unha perspectiva afeccionada.

E creo que debemos manter os bos resultados, manter a folla de ruta, porque isto nos posibilitou ter, pese aos vaivéns dos últimos anos, un crecemento do sector de xeración de riqueza, de xeración de emprego e de xeración de benestar importante, cun incremento da oferta, cun incremento da demanda. Permittiunos tamén modernizar as estruturas de creación onde se desenvolven as actividades culturais, os controis culturais e —algo moi importante— chegar coa cultura a todas as partes, reforzar o acceso á cultura en todo o territorio.

En definitiva, apostamos por unha cultura viva, que non se paralizou en ningún momento, por unha cultura en todo o territorio para todas as persoas, que xera benestar económico, emprego e riqueza en Galicia, que promova a creatividade en liberdade e a creación ao tempo que se apoia a conservación e a posta en valor dos nosos bens patrimoniais. Aseguramos que as persoas con estas accións poidan vivir da cultura, que vivan ao seu xeito pero que vivan da cultura, e garantimos que se poida empregar o galego con liberdade en todos os ámbitos e por suposto queremos unha cultura transformadora, competitiva e de vangarda.

E xa remato, señorías, invitando a todos vostedes, especialmente aquelas persoas que teñan unha maior discrepancia ou unha maior desconfianza respecto ao programa que imos sacar, o Cultur-ON —por certo dúas mil quiñentas actividades—, a que vaian este verán a algunha delas, porque malo será que algunha non lles guste; entre dúas mil quiñentas malo será que algunha delas non lles guste; se non lles gusta ningunha das dúas mil quiñentas, si sería para estar moi preocupados.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández, sobre o servizo de axuda no fogar**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Marina Ortega Otero, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*



*Emenda de modificación do punto 1.*

*Débese modificar o punto 1 da moción polo seguinte contido:*

*«1. Constituír un grupo de traballo conxunto entre a Fegamp, a Xunta de Galicia, o Goberno español, as empresas e o persoal do sector para avaliar a situación do servizo de axuda no fogar e levar a cabo as reformas precisas para garantir, no curto prazo, a estabilidade e sostibilidade económica do SAF.»*

*Emenda de modificación do punto 2.*

*Débese modificar no punto 2 da moción o seguinte contido:*

*Onde di: «...en outubro de 2021, e constituír unha Comisión mixta entre ambas as dúas institucións...», debe dicir: «en outubro de 2021, e constituír de maneira inmediata unha Comisión mixta entre ambas as dúas institucións...»*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir un novo punto na moción, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«2 bis. Poñer a disposición das entidades locais, a través da Fegamp, do modelo de prego tipo de licitación do SAF ao que se comprometeu a Xunta de Galicia no convenio firmado no 2021.»*

*Emenda de modificación do punto 3.*

*Débese modificar o punto 3 da moción polo seguinte contido:*

*«3. Impulsar a elaboración conxunta, a través do SUG e a Fegamp, dun estudo sobre o servizo de axuda no fogar e outros programas integrados na atención domiciliar de persoas maiores e con discapacidade (Xantar na Casa, teleasistencia, Coidados porta a porta...) co obxectivo de analizar a prestación do servizo desde a súa creación até a actualidade, o seu financiamento, grao de implantación e cobertura social e territorial así como analizar, a través de enquisas, a valoración que del fan as traballadoras e persoas usuarias. O estudo e as súas conclusións deberán publicarse e ser presentadas diante do Parlamento de Galicia antes de rematar a presente lexislatura.»*)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Houbo un momento, conselleiro, cando nos invitaba, en que pensei que nos ía invitar ao Resu —que empeza mañá e é un dos festivais de Fest Galiza, que se engloban dentro desa marca—. Houbo un momento en que o pensei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu tamén, se o corpo o permite. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Imos centrarnos na moción que presenta hoxe o BNG, e que deriva da interpelación que faciamos hai quince días, e que ten a ver ou quere cumprir un obxectivo fundamental, que é garantir a sustentabilidade económica do servizo de axuda no fogar, un dos servizos de atención á dependencia en Galiza dos máis importantes, e adaptalo sobre todo ás necesidades presentes, pero especialmente ás necesidades futuras das galegas e dos galegos.

E dividimos a moción, a batería de iniciativas que inclúe esta moción, de catro puntos, en dous grandes grupos, por intentar sintetizalo.

O primeiro, que ten que a ver con atender ás demandas dos concellos. Diciámolo na interpelación: a situación actualmente do servizo de axuda no fogar no que ten a ver coa sustentabilidade económica do propio SAF é insostible. E a segunda parte da iniciativa, que ten a ver con esa adaptación ao futuro demográfico de Galiza.

No que ten a ver con ese SOS, esa chamada de auxilio que lanzaban xa desde hai moitos meses os concellos galegos a través da Fegamp, dicimos e advertíámolle á conselleira, aínda que sabe a Xunta de Galiza, o Goberno do Partido Popular, sobradamente cal é a situación, advertían os concellos de que está ao borde de quebrar o propio sistema polo financiamento ou a modalidade de financiamento que actualmente rexe o SAF.

A Fegamp saben que leva moito tempo reclamándolle á Xunta de Galiza e ao Goberno español que atenda ás necesidades do servizo de axuda no fogar e que garanta o cumprimento das súas obrigas económicas. O SAF, ao igual que todo o servizo de atención e axuda ás persoas dependentes, ten que ser sufragado economicamente nun 50 por cento pola Xunta de Galiza e outro 50 por cento pola Administración central.

E a situación actual está moi lonxe diso. O que hai é un esforzo económico, un investimento cada vez maior por parte dos concellos. É un sistema de financiamento do SAF moi pernicioso, que o que está favorecendo é a precarización do propio servizo.

Falabamos na interpelación hai quince días que formulabamos desde o BNG á conselleira do estudo, da análise, da avaliación dos pregos de licitación en máis de cen concellos galegos que elaborou a Fegamp, e nese estudo, que ten a Xunta de Galiza ao seu dispor, porque estou absolutamente convencida de que llo fixeron chegar os propios concellos galegos, se vemos a aportación que fai cada unha das administracións en función do custo, en función do prezo de prestación do servizo de axuda no fogar, canto máis pequeno é o prezo dos pregos de licitación, a aportación é máis equilibrada —por dicilo dunha maneira sinxela de entender— entre as tres administracións: entre a aportación que fai a Xunta de Galiza, a Administración central e as entidades locais, xunto coas aportacións das usuarias e usuarios en función da renda que teñen.

Pero se vemos como aumenta progresivamente o custo de prestación do servizo, un custo que oscila entre os 20 e 23 euros por hora efectivamente, prestada, e o que vemos é que a aportación, o esforzo económico e orzamentario recae maioritariamente sobre os concellos, sobre as administracións locais. Este sistema actual —dicía— pernicioso favorece a precarización do servizo, porque o que fai é que se tire á baixa nos pregos de licitación o prezo de



prestación do servizo de axuda no fogar. E, ao final, iso recae directamente no lombo das auxiliares, no lombo das traballadoras e dos traballadores; maioritariamente mulleres, que son as que coidan e atenden as persoas dependentes nos seus fogares.

O que nós propoñemos hoxe é, basicamente, que a Xunta de Galiza cumpra co compromiso que ela mesma asumiu —coa propia conselleira de Política Social á cabeza— no convenio que asinaba, ou no acordo que asinaba, a propia Consellería de Política Social, a Xunta de Galiza, coa Fegamp en outubro de 2021 (*A señora Rodil Fernández mostra un documento.*) e que, entre outras cuestións, o que sinalaba era a necesidade de crear unha comisión compartida entre a propia Fegamp e a Xunta de Galiza, xunto coa Administración xeral, coa Administración estatal, para valorar cales son as mudanzas que se necesitan adoptar para garantir a sustentabilidade económica do propio sistema.

Porque é certo —nós dixémolo tamén na primeira intervención, naquela interpelación— que a Xunta de Galiza subiu a aportación que fai aos concellos a 12 euros a hora —levaba moitísimos anos por debaixo de 8 euros a hora—, pero é que ese incremento na aportación que fai a Xunta de Galiza o papou literalmente a inflación e o incremento dos custos que se veñen sucedendo, especialmente nos últimos anos, entre outras cousas tamén por un incremento dos salarios das propias traballadoras, que é unha parte importante do custo ou do prezo da propia prestación do servizo.

Por iso, basicamente, o que recollemos na primeira parte —insisto— da moción é que se cree ese grupo de traballo conxunto entre as tres administracións, tal e como demandan os concellos galegos, para abordar o financiamento do SAF e garantir no inmediato a sustentabilidade económica do sistema. Pero tamén que se cree unha comisión mixta entre a Xunta e a Fegamp, comprometida e prometida polo Goberno do Partido Popular en 2021, para avaliar as condicións nas que se está prestando actualmente o servizo nos concellos galegos e cales son as medidas necesarias para estandarizar esa prestación do servizo. Porque hoxe o que temos é que aquí vai por parroquias, cadaquén fai o que pode, o que quere ou para o que lle dá o orzamento moi limitado que teñen a maior parte dos concellos galegos. Insisto en que o custo real de prestación do servizo como mínimo son 20 euros; como mínimo, e iso tirando á baixa, e de aí para arriba. E os concellos están asumindo un esforzo que non poden asumir porque non teñen recursos económicos suficientes para poder atender debidamente as necesidades crecentes da poboación dependente do noso país. A situación é insostible, e así llo veñen advertindo os concellos galegos, a través da Fegamp, á Xunta de Galiza, e así o vemos tamén desde o BNG.

Hai concellos —para que entendamos de que estamos a falar cando dicimos que non hai unha prestación do servizo idéntica, homoxénea e uniforme en toda Galicia— que, por exemplo, pagan a quilometraxe das auxiliares, os tempos de desprazamento nos seus propios vehículos para ir dun domicilio a outro —que son o seu centro de traballo—, hai quen non o paga, hai quen paga unha quilometraxe, hai quen paga outra... Iso o que vai é en detrimento, unha, das condicións laborais e dos dereitos, por suposto, das auxiliares; pero tamén acaba repercutindo directamente na merma da calidade que reciben na atención as persoas dependentes. Hai concellos que —porque teñen máis ou menos posibilidades— ofrecen servizos complementarios á atención básica das persoas dependentes; e hai quen





non o fai porque non pode, porque non quere, ou polo que sexa, e iso non pode ser. É dicir, as persoas dependentes teñen uns dereitos fundamentais que teñen que ser garantidos, independentemente do concello no que vivan, e esa é unha responsabilidade do Goberno galego.

E a segunda parte da moción que presentamos ten a ver co futuro, con adaptarnos nós mesmas e os servizos de atención á dependencia e ao coidado das persoas maiores á realidade demográfica deste país, xa hoxe co 25 por cento da poboación con 65 anos ou máis, pero sobre todo á realidade futura; e é que cada vez vai haber máis persoas que teñan necesidade de contar con servizos como o SAF.

Nós temos propostas concretas —dixémolo moitas veces—. Temos traído iniciativas nese sentido, e cremos que hai que camiñar na prevención da dependencia, na garantía da autonomía persoal das propias usuarias e usuarios, que hai que incorporar formación para as persoas que traballan, sexan auxiliares ou familiares que coidan no fogar, que hai que promover a actividade física, por exemplo, ou servizos complementarios como a teleasistencia ou outras aplicacións tecnolóxicas; pero o que hoxe propoñemos desde o BNG é outra cousa, non as propostas do BNG, senón que neste país, no marco do Consello Galego de Benestar Social —que é o que prevé a Lei de servizos sociais de Galiza do ano 2008—, se analice e se debata cal é o modelo a futuro para garantir que o servizo de axuda no fogar —que é a clave de bóveda, a xoia da coroa do servizo e do sistema de atención á dependencia no noso país— se axuste ás necesidades das galegas e dos galegos hoxe, e sobre todo ás necesidades de mañá.

Por iso, o que propoñemos é, primeiro, avaliar o propio SAF, pero tamén outros servizos como Xantar na casa ou os Coidados porta a porta; que se analicen e se avalíen os anos que levan implantados —no caso do SAF, falamos de catorce anos xa—; que o faga, ademais, o sistema universitario público deste país, que cremos que ten capacidade para facelo —e creo que ninguén discutirá os resultados dese estudo—; que se faga, ademais, contando coa opinión das traballadoras que conforman o SAF e das persoas usuarias que son atendidas por ese servizo; e, a partir de aí, que se poña a traballar o Consello Galego de Benestar, que —insisto— está previsto na Lei de servizos sociais, no artigo 40, que é o organismo no que están representadas todas as entidades, institucións e axentes implicados para abordar cales son as medidas necesarias para garantir non só a pervivencia, senón a mellora, o reforzo e a ampliación da rede de servizos de atención e de axuda a domicilio.

Remato agardando contar co apoio unánime do resto dos grupos da Cámara.

E remato como rematabamos a interpelación hai quince días: coidar é un traballo. Coidar é un traballo, aínda que a maior parte da xente que coida non cobre por el, e hai que garantir que ese coidado se fai nas mellores condicións posibles, sexas unha familiar da persoa dependente ou unha traballadora. E para iso necesítase orzamento e necesítanse servizos públicos fortes que atendan a realidade presente e futura das galegas e dos galegos.

De momento, máis nada e moitas grazas.



(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Efectivamente, estamos de acordo coa maioría das cuestións ou practicamente coa totalidade desta proposta que fai hoxe o BNG e que coincide basicamente coa maioría das propostas que fixemos tamén neste sentido dende o Grupo Socialista.

Ademais, tamén a señora Rodil relatou e desmenuzou bastante e concretamente ben o tema económico e o entramado económico que conleva o servizo de axuda no fogar e que os concellos coñecen moi ben.

Pero nós queremos falar claro hoxe do servizo de axuda no fogar, de que é, de como chegamos ata aquí e de a onde queremos ir. ¿Que é o SAF? O SAF é un dos piares do noso estado de benestar, un dos servizos máis emblemáticos dos servizos sociais que xa daba os primeiros pasos nos anos oitenta. O servizo de axuda no fogar é ese recurso do que todo o mundo escoita falar, pero que en realidade é un gran descoñecido e que ten que ser posto en valor, así como debe trasladárselle á cidadanía a pedagogía precisa para que sexamos conscientes de cales son as súas funcións e obxectivos como servizo complementario —que isto é moi importante— que precisa dunha coordinación cos coidados familiares, que é o que moitas veces non existe. Ese é o gran problema que temos no século XXI.

¿Como chegamos ata aquí? A través dun trueque do Goberno galego para aforrar cartos a custa das persoas con dependencia. E dígoo así de claro, porque temos que falar claro do que pasou en Galicia e de como pasou de ser un servizo complementario a usarse como servizo único que se lles concede a moitas persoas con dependencia con graos altos. E isto —as persoas que veñen do eido local saben ben do que estou falando— non foi da noite para a mañá, foi cociñado a lume lento e con premeditación, en complot entre o Goberno de Mariano Rajoy e o Goberno de Feijóo en Galicia. Porque —como dixo Rajoy— para o Partido Popular os dereitos e as axudas para a dependencia non eran viables; e realmente o Partido Popular non cre no Estado do benestar, ata que lle toca vivilo en primeira persoa e non ten os recursos suficientes para afrontalo. Aí acórdase da importancia do Estado do benestar.

Mentres que antes deste complot unha das axudas que constituían o groso do piar da chamada Lei de dependencia era a prestación que recibían os familiares —dos que falaba agora a señora Rodil—, non profesionais, que coidaban e coidan os seus familiares, despois do Real decreto 20/2012 —o que eu chamo a arma letal da dependencia—, baixo a firma do Partido Popular, o Goberno galego empezou a recortar masivamente e sen miramentos as retribucións que recibían as persoas coidadoras, e, de paso, a cargarse por completo a cotización especial que tiñan como coidadores, o que non recuperaron ata que chegou Pedro Sánchez; Pedro Sánchez, o mesmo que duplicou os fondos estatais para a dependencia, do que tanto se queixan dende o Partido Popular de Galicia. Porque aínda non chegou ao 50 por



cento, ¡certo!, pero ¿por que non chega ao 50 por cento? Porque o Partido Popular aportaba só o 17 por cento, e agora xa estamos no 30 por cento. Porque se se queixan de que agora temos poucos fondos, recoméndolles aos que se queixan —ao señor Rueda, ao presidente Rueda, e á conselleira de Política Social, entre outros— que nas próximas eleccións voten o Partido Socialista, que duplica os fondos estatais para dependencia, mentres o Partido Popular sempre os recortou sen excepción. *(Aplausos.)*

E todo iso fixo que á gran maioría de persoas con dependencia que solicitaban esta axuda para coidar os seus familiares se lles negase, se reconvertese de oficio —ou sexa, a decisión do Goberno galego, sen contar cos usuarios e as familias— e se lles transformase nun servizo de axuda no fogar, porque así aforraban cartos. Pero, ¿cal é o problema disto? O problema disto é que un familiar coidador —e mais o seu respiro familiar correspondente, ao que ten dereito en centros— si cubriría os grandes dependentes, pero un servizo de axuda no fogar por si só non cobre e non dá atención completa aos familiares e ás persoas con grandes dependencias. Isto é do que se queixan a gran parte das traballadoras do servizo de axuda no fogar, que teñen que ver día a día casos de persoas maiores con dependencia sen ter unha atención debidamente completa. E isto sucede porque o servizo de axuda no fogar son 72 horas máximas ao mes —que tamén se recortou por parte do Partido Popular; antes eran máis—, e, loxicamente, con 1 ou 2 horas ao día non se pode atender unha persoa con gran dependencia cunha mínima dignidade, señorías. E as traballadoras —a maioría mulleres, por iso digo traballadoras— levan á casa o estrés que lles supón vivir este tipo de situacións porque son persoas, non son robots. E ademais de ter pésimas condicións laborais, aínda que agora subise o salario mínimo interprofesional —grazas ao Goberno estatal—, séntense responsables dos seus usuarios sen ter culpa de nada, e iso crea un estrés e repercute sobre a saúde mental das traballadoras.

Preguntamos na Comisión 5ª hai uns días ao Goberno galego: ¿cantas persoas con grandes dependencias viven só cos recursos do servizo de axuda no fogar? ¿E saben o que nos responde o Goberno? Que non tiñan esa información, que non nola aportaban. Unha vez máis, a censura ao pobo é a batuta que rexe o Goberno galego. Pero, ¡ollo!, porque o dano que fixo o tándem Rajoy-Feijóo ás persoas con dependencia pode ser aínda superado polo Goberno galego presidido por Rueda coa práctica covarde de intentar desentenderse das competencias do SAF. Non existe, señorías, liderado máis pobre que aquel que cando máis o precisa o pobo escapa ou foxe das súas competencias en lugar de mirar aos ollos aos problemas para encarar as solucións. As políticas covardes xogarán sempre en contra dos que teñen a vida máis difícil.

E a lei é clara. Non o vou detallar porque non teño tempo, pero no artigo 7 a lei, a chamada Lei de dependencia, decreta os niveis de protección a nivel estatal «no primeiro nivel de protección mínimo establecido pola Administración xeral do Estado. Segundo, «*el nivel de protección que se acuerde entre la Administración General del Estado y la Administración de cada una de las comunidades autónomas. Tercero, el nivel adicional de protección que pueda establecer cada comunidad autónoma*».

«Artículo 10, cooperación entre la Administración General del Estado y las comunidades autónomas: En el seno del Consejo Territorial del Sistema para la Autonomía y la Atención a la Dependencia, la



*Administración General del Estado y las comunidades autónomas acordarán el marco de cooperación interadministrativa que se desarrollará mediante los correspondientes convenios entre la Administración general del Estado y cada una de las comunidades autónomas».*

Traducindo, en conclusión: se a comunidade autónoma — neste caso, Galicia— decide que as competencias do SAF recaen sobre os concellos, será unha decisión única e exclusivamente do Goberno galego, porque a normativa deixa claro que onde se toman as decisións é no Consello Territorial do Sistema para Autonomía e Atención á Dependencia, no cal están representadas as comunidades autónomas e tamén o Estado, a través das consellerías e a través do Ministerio. E, a modo opcional, poderán estar representantes da Administración local con voz, pero sen voto, señoría do Partido Popular. ¿O señor Rueda pensa que o pobo é tan parvo como para crer que as competencias do recurso máis utilizado en Galicia, como é o SAF, son do único nivel de goberno, neste caso do local, que non ten voto no máximo órgano representativo, sobre as decisións para as persoas con dependencia? ¿En serio cren que as galegas e os galegos somos tan parvos para crer que a competencia do SAF é dos concellos, cando o Goberno galego decretou un SAF extraordinario na pandemia e o retirou no peor momento, a pesar da presión social e da presión dos propios concellos, que non o querían retirar? Se o Goberno galego decidise claudicar das súas responsabilidades —que iso sería así, claudicar das súas responsabilidades— cos sectores da poboación máis vulnerables, que o diga. Pero que apoquine os recursos económicos que precisarán e precisan os concellos para poder afrontar un desafío de tal magnitude. Porque ata o de agora as competencias en apoquinar a maioría dos cartos xa as tiñan e as teñen os concellos e os usuarios co propio copago. Pero as medallistas nos medios de comunicación sempre as leva o Goberno galego. ¿E logo preguntan por que gaña as eleccións o Partido Popular en Galicia? Pois co método de «eu invito e ti pagas».

Pero, por último e o máis importante, ¿a onde queremos ir co servizo de axuda no fogar? Queremos mellorar a calidade da vida das persoas usuarias; posibilitar a permanencia das persoas na súa contorna de convivencia habitual; favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio; manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social; prever situacións de dependencia ou exclusión social, apostando por combinar o resto de recursos.

¡Menos mal que ten boa voz a señora Rodil porque, co murmurio co que leva toda a mañá o Partido Popular...! ¡Menos mal que ten boa voz para poder escoitala ben!

Seguimos. Retardar ou evitar a institucionalización das persoas dependentes ou das persoas maiores.

Sétimo —e urxente—. Mellorar as condicións das traballadoras do sector, que tiveron melloras, pero que aínda non son suficientes. Son profesionais que teñen, en ocasións, poucas horas, pero dispersas ao longo da xornada, feito que incluso lles impide ter outro traballo.

E a lei estatal é moi clara, señoría, fai responsable á Xunta de Galicia da planificación xeral do servizo de axuda no fogar. Non escapen das súas competencias, non fagan política de covardía.



É fundamental que o Goberno galego reformule de arriba abaixo o servizo de axuda no fogar canto antes, mediante a incorporación de novos profesionais para a psicoloxía e a educación social, entre outros moitísimos, que permita optimizar a supervisión, o seguimento e a función rehabilitadora do servizo, polo ben das persoas con dependencia, que cada vez están máis soas e con menos apoio familiar, e polo ben das traballadoras e traballadores do sector. E tamén é fundamental establecer un diálogo de escoita activa directo e constante co propio sector para poder dotalo de recursos non só cuantitativos, senón cualitativos. O Goberno galego ten que incrementar a súa aportación, si ou si; se non, este servizo non vai sobrevivir, porque precisa dunha aportación. E, ademais, como sempre digo, o señor Rueda sempre di que non é un problema de cartos, que cartos hai, que temos os fondos máis importantes que nunca en Galicia polas aportacións que tivemos dos fondos estatais e europeos. Usémoslos no importante.

E termino dicindo: volvo apelar á empatía. Todos e todas, cun pouco de sorte, chegaremos a maiores, e é máis que probable que precisemos destes servizos e doutros. Hai que apostar por eles. Falamos das persoas maiores de hoxe, pero mañá seremos nós. E o tempo pasa —por sorte, e outras veces por desgraza— rápido.

Impulsemos o SAF, innovemos, non escapemos das nosas competencias, sexamos responsables e valentes, que para iso teñen unha maioría absoluta. Escoitemos as traballadoras e traballadores do sector. E, por suposto, escoitemos as persoas maiores ou con dependencia e as súas familias.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

En primeiro lugar, quero felicitar a aquelas deputadas e deputados que hoxe se incorporan a esta Cámara.

Señora Ortega, ¡que mitin máis entusiasta, agora que xa estamos case en campaña electoral! ¡E que bonito sería! ¡Sería redondo se, ademais, estivese baseado en certezas! ¡Por favor, un pouco máis de seriedade! Eu voulle demostrar datos, porque, se vostede os di aquí alegremente, parece que está falando dunha realidade que en verdade o que é é unha realidade paralela á súa, (A señora Arias Rodríguez sinala co dedo a señora Ortega Otero.) á dos socialistas.

Señora Rodil, estou de acordo con vostede no que dicía na interpelación á conselleira de que a axuda no fogar é a xoia da coroa das axudas da atención a persoas dependentes en Galicia.



É o servizo máis demandado. Si que se coñece, señora Ortega, 26.000 persoas maiores en Galicia teñen este servizo. Pero é que, ademais, é o máis valorado, non só polos usuarios, senón tamén polos seus familiares; unha valoración que temos que agradecer tamén a eses profesionais que traballan en axuda no fogar e que se convierten nunha peza fundamental para aquelas persoas que coidan.

Pero, señora Ortega, é que non é que teñan só a axuda no fogar, é que vostede sabe moi ben que Galicia é unha das poucas comunidades que permite compatibilizar a axuda no fogar con outros servizos, como poden ser as actividades para un envellecemento activo, o Xantar na casa, os centros de día, as casas do maior, a teleasistencia, os servizos porta a porta, etc. Porque, de feito, como lle dicía, é unha das poucas comunidades nas que iso se pode facer.

E o compromiso da Xunta de Galicia co servizo de axuda no fogar é incuestionable, ¡incuestionable! Porque, de feito, a Xunta financia o 70 por cento deste custo do servizo de axuda no fogar, cando en realidade é unha competencia municipal. E é unha competencia municipal non porque o diga o Partido Popular, non porque o diga a Xunta de Galicia; é unha competencia municipal porque así o quixeron e o deixaron establecido nunha lei o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista no ano 2008, en concreto, nos seus artigos 11 e 60.

Señora Rodil, estou segura de que tamén vostede, igual que a señora Ortega, sabe este dato, porque eu coñezo que vostede prepara concienciadamente os temas. O que pasa é que o que hoxe teñen é unha mala conciencia, porque neste tema, como en decenas de temas que se poderían poñer como exemplo, se ve que cando o BNG vai a Madrid a súa utilidade para as galegas e para os galegos é cero. *(A señora Arias Rodríguez fai o símbolo dun cero cos dedos.)* Esta é a utilidade do Bloque Nacionalista Galego cando vai a Madrid.

Porque vostedes saben que o Goberno de Sánchez nos debe 2.500 millóns de euros de axuda á dependencia. Vostedes firmaron, nese pacto de Ana e Adriana, que se chegase ao 50 por cento que a lei establece. ¿E saben o que pasou? Acabou a lexislatura e a Xunta paga o 70 por cento e o Goberno de Madrid paga o 30 por cento. Unha vez máis, señora Ortega, o PSOE invita e o PP paga. Así son as cousas, señora Ortega. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Si, si, si, o apoio do BNG ao sanchismo a cambio de nada na Lei de dependencia, como en todas as outras cousas que asasinaron. ¿Onde estará ese superdeputado? ¿Onde estará o señor Rego, que ía traer para Galicia tantas cousas boas a cambio de apoiar a Sánchez en Madrid? ¿Onde estará agora, que o teñen medio agochado?

Falaba de sostibilidade. A sostibilidade, efectivamente, conseguiríase se ese acordo se cumprise, se o Goberno de Sánchez cumprise o que por lei lle corresponde: o 50 por cento, o Estado; o 50 por cento a Xunta de Galicia.

Vostedes presumen de políticas sociais, pero á hora da verdade quen fai as políticas sociais, quen paga as políticas sociais é o Goberno do Partido Popular sempre, ¡sempre!

E, mire, neste 2023, a Xunta bate un novo récord de investimento ao destinar máis de 112 millóns de euros ao servizo de axuda no fogar. É un 10 por cento máis que o ano pasado. Pero é que, mire, son 100 millóns de euros máis que no ano 2009.



Estes son os datos, mal que lles pese. E o incremento o que permite é que poida haber máis horas dispoñibles, e permitiu que se poida incrementar a achega autonómica.

Efectivamente, había un acordo. Non eran 8 euros, señora Rodil, o que se estaba pagando, senón que eran nove euros e medio. E había un acordo do ano 2021 para que no 2024 se chegase aos 12 euros. A Xunta de Galicia o que fixo foi adiantar ese incremento e pasar aos 12 euros xa neste ano 2023. E con efectos do 1 de xaneiro pagaráselles ese incremento. É unha lexislatura na que se incrementou o 24 por cento a achega autonómica ao servizo de axuda no fogar. Pero, como eu lles dicía e como vostedes saben moi ben, a competencia é municipal. E precisamente por este motivo, porque a competencia é municipal, a súa xestión, as listas de agarda e as condicións laborais son tamén de competencia municipal.

Por certo, voulles contar unha anécdota. ¿Saben cal é o goberno galego que peor xestión ten da axuda do fogar? O Goberno de Pontevedra. (*Murmurios.*) E ademais dos máis de 400 concellos que hai con máis de 20.000 habitantes, o Goberno de Pontevedra está no número 16 como o que peor xestiona este servizo. Pero é que, ademais, vostedes sempre falan de privatizar: «*El PP privatiza*». ¡Oe, o PP privatiza! Mire, a xestión absolutamente privatizada do servizo de axuda no fogar está liderada polo Partido Socialista. No 48 por cento dos concellos que tiña o Partido Socialista tiña privatizado absolutamente este servizo. Algúns como o de Caldas de Reis incluso facían negocio, porque están pagando por debaixo do que lles dá a Xunta; unha situación que ten denunciado o Partido Popular nese concello. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero é que mire... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, pero é que, mire, claro... (*Murmurios.*) Iso, os socialistas tiñan o 48 por cento e o BNG, o 46 por cento. E aquí poden preguntarlle vostedes á compañeira que se acaba de incorporar en Ponteareas como era a xestión nese concello, ou como era a xestión en Pontevedra e como segue sendo, ou ao compañeiro de Ribadeo —que non o vexo— como era tamén a xestión en Ribadeo. (*Murmurios.*) Mire, o 48 por cento privatizado nos do PSOE, o 46 por cento privatizado nos do Bloque Nacionalista Galego e 30 por cento nos concellos do PP. ¿Quen privatiza? Vostedes mesmos fagan as contas.

Pero dende o Partido Popular temos claro que, independentemente das competencias, independentemente de que nos deban 2.500 millóns de euros, hai que atender a dependencia e hai que atender a axuda no fogar. Por iso, precisamente, non entendemos moi ben como hoxe se vén pedir aquí unha reunión e unha comisión, porque, como vostedes moi ben saben —porque é público e porque vostedes teñen representantes na Fegamp—, hai unha comisión dende abril deste ano precisamente para estudar as competencias neste tema dos servizos sociais e noutros temas, para ver cales son competencias da Deputación, do Goberno do Estado e dos concellos ou da Xunta de Galicia; para ver tamén canto está pagando cada un por eses servizos, cal é o custo real e entre todos garantir unha prestación eficiente dos recursos públicos. Deixemos traballar os técnicos, deixemos que os técnicos fagan os estudos e despois falemos, sentémonos e vexamos como solucionar para dar unha prestación dos servizos máis eficiente.

De momento, o útil é facer o que está facendo o Partido Popular: apostar pola axuda no fogar. O que, desde logo, non é útil para Galicia nin para os galegos é ir a Madrid a firmar docu-



mentos, apoiar gobernos sanchistas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que na axuda a domicilio como en todas as cousas que teñen que ver con Galicia, sistematicamente nos maltratan. Iso non é ser útil a Galicia nin ser útil aos galegos. (*Murmurios.*)

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Arias.

Polo grupo autor da moción, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Eu, antes de máis, quero agradecerlle á señora Ortega e ao Partido Socialista o apoio —agora falarei da emenda—. Non sei se a señora Ortega veu darnos un mitin —como dicía a señora Arias— ou non; agora vostede, tirar de argumentario todo o que puido toda a intervención para non falar do tema, ¡bastante!

E hai algo que levan repetindo días e días, e eu non podo coa tentación de responderlle, porque é curioso. ¡Que maneira máis curiosa ten o BNG de esconder a alguén, de esconder o portavoz do BNG no Congreso, que é poñelo de número un pola candidatura da Coruña! (*Aplausos.*) É unha cousa bastante curiosa de esconder a alguén: que encabece unha lista electoral que se presentaba hoxe pola mañá. Eu invito a todo o mundo a que entre na páxina web e siga os medios de comunicación deste país, que presentabamos precisamente hoxe pola mañá a candidatura do BNG pola Coruña a estas eleccións xerais.

Señora Arias, dicía vostede que o Partido Popular estaba moi orgulloso do servizo de axuda no fogar e moi orgulloso tamén das traballadoras que sosteñen o servizo. Nós, ademais de orgullo, o que queremos é recoñecerlles dereitos e condicións de traballo dignas, e iso é o que trouxo hoxe e do que veu falar hoxe o BNG nesta moción, de como garantir a sustentabilidade económica dun servizo fundamental que está a punto de facer *crack* —e agora falaremos del outra vez—. E, en segundo lugar, queremos garantir a viabilidade non só presente, senón futura dun servizo que ten que ser a clave de bóveda do novo paradigma de coidados que se centre na atención no domicilio e no dereito de todas e todos a facernos vellos nas nosas casas cos apoios e cunha rede de servizos públicos que garantan calidade de vida e benestar social, que é o que significa o dereito a unha vellez digna.

É mentira que a Lei de servizos sociais diga que o SAF é unha competencia municipal. ¡É mentira! É de xestión municipal, pero o financiamento de todos os servizos do sistema de atención e axuda á dependencia son financiados e deben ser financiados ao 50 por cento pola Xunta de Galicia e ao 50 por cento pola Administración xeral do Estado. E, efectivamente, non lle pagan o que lle deben a Galiza; adebédanlle máis de dous mil millóns de euros os distintos gobernos do Estado español a este país en materia de dependencia. ¿Que facía o Partido Popular cando gobernaba en Madrid? Non é que non pagase, é que, ademais, recortaba en dereitos, en servizos e en financiamento. (*Aplausos.*) ¿Cantas veces trouxo o Bloque





Nacionalista Galego aquí, cando gobernaba o Partido Popular en Madrid —que agora van vir salvarnos de todo, ¡pero xa estiveron aí!—...? ¿Que facía o Partido Popular cada vez que o BNG reclamaba nesta Cámara que se lle pagase a este país e ás galegas e aos galegos dependentes o que se lles debía? ¡Votar en contra! (*Aplausos.*) Entón, ¡home!, *el sanchismo y el rajiísmo...* (*Aplausos.*)

Todos os gobernos —desde o ano 2006 que se aprobou a Lei de dependencia— do Partido Popular e do Partido Socialista se alternaron sen pudor na discriminación a este país e en non cumprir coas súas obrigas legais. Ter que pagar o 50 por cento o Estado da atención á dependencia é unha obriga da lexislación española, non do Bloque. Entón, ¡home! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa terá tempo vostede a falar, se quere que o nomeen portavoz nesta materia.

Señora Arias, dicía vostede que vimos pedir aquí algo que xa está. Efectivamente, a Fegamp leva pedíndolle dous anos ao Goberno do Partido Popular que cumpra. Por iso o trae o Bloque Nacionalista Galego aquí, (*Aplausos.*) porque vostedes se ensarillan en calquera cousa menos en asumir a responsabilidade que teñen, que é o sostemento económico e o financiamento do servizo de axuda no fogar e en que a Xunta pague o que custa realmente prestar o servizo. Claro, veu vostede dicir: é que subiu un 10 por cento. Tamén o dixen eu. Agora o que está pagando a Xunta de Galiza hoxe para soste o SAF son 12 euros. ¿Canto custa prestar o servizo? Se o queres facer nas mellores condicións laborais e salariais para as traballadoras e nas mellores condicións para as persoas usuarias, de 23 euros non baixa. ¿Quen pon esa diferenza? As persoas usuarias, que pagan en función da renda que teñen, e sobre todo as entidades locais, os concellos. Os concellos son incapaces na maior parte dos casos de asumir, cos orzamentos tan limitados que teñen, a prestación dun servizo que ten unha demanda crecente, e non vai haber menos persoas usuarias do SAF. O que imos ter é cada vez máis persoas, e esas 26.000 persoas probablemente en cinco ou en oito anos se dupliquen. Entón, o BNG ¿que quere? Anticiparnos, primeiro garantir a sustentabilidade financeira hoxe xa do propio servizo e que os concellos non estean afogados.

Tamén me falaba de Pontearreas. E tamén temos o tenente alcalde de Verín. Remunicipalizaron agora o servizo de axuda no fogar —digo—, se queremos analizar o modelo de xestión. A min paréceme ben, que é o que propón o Bloque: levémolo a onde ten que levarse, que é ao Consello Galego de Benestar. Debatamos sobre o sistema de financiamento, o modelo de xestión e prestación do servizo, sobre os servizos e a atención que reciben as persoas usuarias, as persoas dependentes, ás que se lles está prestando ese servizo de axuda no fogar, que, efectivamente, reciben, cando teñen menos de 20.000 habitantes, financiamento das deputacións provinciais. E eu fun mirar canto pon cada un —que nos gusta moito facer a comparativa—: a Deputación da Coruña, para axudar os concellos de menos de 20.000 habitantes no financiamento do SAF, 8,3 millóns de euros; a Deputación de Lugo, 3,4 millóns de euros. ¿E a de Ourense? ¿Que pon o Partido Popular na única deputación que gobernaba até este momento? Pon 1,2 millóns de euros, única e exclusivamente, (*Aplausos.*) tendo máis poboación Ourense que Lugo e máis persoas maiores de 65 anos e persoas dependentes. O Partido Popular, para querer tanto —e con isto remato, presidente— o servizo de axuda no fogar, afógao bastante. Hai que garantirlle orzamento, financiamento e, sobre todo, que as galegas e os galegos, independentemente do concello no que vivan, reciban a atención que merecen e, sobre todo, que necesitan.



En canto á emenda do Partido Socialista, imos aceptar os primeiros puntos. O único que non aceptamos é o último, que ten a ver co estudo. Nós cremos que o Sistema universitario galego pode facer esa avaliación, e logo si, no seo do Consello Galego de Benestar, onde xa ten a Fe-gamp seis representantes, pois xa se debate sobre as reformas que corresponda facer no SAF.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María González Albert, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Esta moción que imos debater agora é ao fío da interpelación feita pola miña compañeira María González Albert, hoxe flamante alcaldesa da Rúa, a quen lle enviamos todo o noso agarimo e desexos de boa singradura. (Aplausos.)

Na interpelación citada o señor conselleiro, nun reiterado exercicio de escapismo, non respondeu a ningunha das cuestións que durante o debate se lle plantexaron. Declaracións de Sandiás: «...porque estamos facendo aquí unhas exixencias medioambientais, estamos poñéndolles tantas trabas aos nosos agricultores e gandeiros, que imos acabar coa agricultura e a gandería en Galicia, en España e en Europa».

O ano pasado, que ardeu un golpe de hectáreas en Galicia, ¿saben onde estaban o 70 por cento desas hectáreas? En Rede Natura. ¡Algo falla! Non se trata dunhas declaracións fortuítas, señorías, feitas no fragor do combate electoral —e isto é o grave—, son o sustento ideolóxico dunha acción de goberno continuada na barbarie e no negacionismo da realidade.

Vexamos antecedentes: temos menos do 12 por cento do territorio en Rede Natura, catro veces menos que Madrid. O ano pasado, o sector da agrogandaría en ecolóxico levou un serio revés e quedaron fóra das imprescindibles axudas máis do 80 por cento das solicitudes, por 2,6 millóns de euros. Claro que quedaron sen executar dos orzamentos de Medio Rural 165 millóns.

No verán pasado o 70 por cento das máis de 50.000 hectáreas que arderon estaban en Rede Natura, «sendo a súa existencia e non a súa xestión» —son palabras do conselleiro— «a causa do seu desastre». Desde finais do ano 2022 e arreciando no 2023, asistimos a charlas técnicas sobre a nova PAC a cargo dun autotitulado especialista en axudas e oportunidades do sector primario que cadrou ser director xeral de Agricultura, Gandaría e Alimentación.



Nestas charlas bótanse tamén pestes sobre as exixencias medioambientais para Galicia da nova PAC, debuxando un panorama catastrofista. Nada se conta da pobre defensa que o Goberno do PP fixo en Madrid dos sectores produtivos galegos, das nosas singularidades e das nosas exixencias.

Tampouco se dá conta nestas charlas da inutilidade dos parlamentarios populares en Madrid e en Bruxelas. ¿Que se pretende con toda esta colección de despropósitos?, ¿desanimar os gandeiros e agricultoras e promocionar o abandono? Tras as declaracións de Sandiás, cremos necesario saber se é ese concepto, esa visión negacionista da necesidade de espazos naturais protexidos, da necesaria atención ao medio ambiente e da evidencia do cambio climático, o que defende o PP de Galicia e o Goberno que sustenta. Porque, sendo así, estamos nun gravísimo problema: a incapacidade de encarmos o futuro.

Señorías, isto é moi grave porque no fondo as palabras do conselleiro poden ser unha xustificación aos que delitivamente plantan lume. Si, lembren: ¡todo abandonado e cheo de xabarís, de corzos e de lobos! ¡Gravísimo!

¿Que persegue o Partido Popular con estes posicionamentos reiterados e declaracións negacionistas? ¿Que quere conseguir? Un, enmascarar a incompetencia dun goberno incapaz de xestionar razoablemente os espazos protexidos, a súa flora e a súa fauna. Dous, camuflar o pouco interese que lle merecen a biodiversidade e a conservación dos mínimos necesarios para a supervivencia da especie —¡a nosa especie!—, e, de paso, aproveitando, desgastamos os adversarios. Tres, cargarnos de máis as culpas do abandono da superficie agraria útil, do despoboamento e da desertificación do rural, froito de corenta anos de desagrarización e de políticas erradas, co PP ao temón. Catro, cargar as culpas dos danos da fauna salvaxe noutras institucións, aínda que as competencias foron e son do Goberno autónomo. Cinco, eludir responsabilidades nos incendios, e en especial nos de hai un ano, nos que non houbo máis pirómanos que a meteoroloxía, e si o caos na xestión e ordenación destes espazos protexidos. E seis, culpabilizar todas esas asociacións, plataformas e movementos veciñais que se opoñen frontalmente a esa insensata e delictiva colonización eólica.

¿Saben no PP, no Goberno da Xunta, que é a biodiversidade e por que nos é vitalmente necesaria? ¿Teñen claro o concepto e a finalidade da Rede Natura? ¿Saben de que vai iso da ordenación do territorio? ¿E saben algo do mosaico?, ¿e da gandaría en extensivo como actividade económica de xestión contra os lumes?, ¿e dos cortalumes verdes pacidos por gando? ¿Cando imos ser maiores de idade e cando imos ampliar como é debido a Rede Natura?

¿Que rendas lles dan estas manifestacións públicas? Vexamos. Alporizan os sectores gandeiros e agrícolas e dan unha explicación populista e retorcida á pouca poboación que nos queda nas aldeas e ao abandono en que se atopa o rural. E así a culpa do abandono non é que os sectores produtores primarios estean vendendo por baixo dos custos de produción e que os gobernos do Estado e autonómico —PSOE e mais PP— non teñan reaños a modificar a fondo a Lei da cadea alimentaria. Non lles importa a mentira, a negación da evidencia; todo vale, mesmo a manipulación da xente, mesmo a mentira. Orientan a incertidume, o desespero e a falta de proxecto colectivo cara a un culpable externo: a culpa é dos que coidan eses



bichiños; eses son os culpables. E así abandono imparable de arredor de catrocentas explotacións lácteas rendibles que pechan ao ano, territorios sen xente, maduros para a súa explotación en granxas concentradas, e terreo abandonado, fácil para o negocio eólico. Repito, terreo fácil para a concentración dos recursos en poucas mans e sen problemas para o eólico.

Vostedes, nesa comunión con Vox, utilizan un negacionismo perigoso. Vén de vello. Xa a prima de Mariano Rajoy pregoaba a maldade da ciencia, que poñía impedimentos e alarmas innecesarias. Ese negacionismo da evidencia facilita os negocios das grandes corporacións, dos cobizosos insensatos que rin dos avisos dos científicos que negan a emerxencia climática e a suicida perda de biodiversidade. E o grave é que xogan co noso futuro, e o máis grave é que ese futuro é dos nosos netos e netas, o futuro dun país enteiro.

A consecución de alimentos, señorías, e dos bens de consumo non pode ser a custa da súa calidade nin da deterioración medioambiental. A sustentabilidade do territorio pasa por exixencias aínda máis duras porque a ameaza e a deterioración climática está rebentando todas as previsións nun adianto en progresión alarmante. E, ¿despois que? Díganos como se harmonizan estas declaracións —as de Sandiás, antes citadas— e esas maravillosas palabras que impregnan os seus discursos para a galería neste Parlamento: parzamiques cheos de sustentabilidade, bioeconomía, economía circular e de máis lindezas nun exercicio de cinismo intolerable.

«Biodiversidade», señorías, é algo máis ca unha palabra na moda; é un concepto e unha necesidade irrenunciable para defender o noso futuro como especie, compartindo a vida coa vida.

Son tan respectuosos con todo que, antes de debater a nova Lei de incendios, xa anuncian a creación dun ente que contempla o anteproxecto e que, con participación pública e mais Inditex, vai encargarse da recuperación de espazos calcinados. Nas Neves desde 2016-2017, que ardeu o 90 por cento do seu territorio, nada fixeron. A paisaxe das Neves son esqueletos calcinados de eucaliptos con rebrotes e desolación; todo un exemplo da incapacidade do Goberno do Partido Popular para xestionar o noso territorio.

Señorías do Partido Popular, é necesario que se expliquen, que nos sitúen e contextualicen as declaracións de Sandiás; así llelo exiximos desde o BNG polo ben dos sectores do primario. Vostedes verán.

Moitos grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.



O verán pasado vivimos incendios que afectaban as zonas protexidas, como o espazo Rede Natura 2000 do Courel e os parques naturais do Invernadoiro, Serra da Enciña da Lastra e o Xurés. Ardeu o Parque Natural do Invernadoiro, unha das xoias máis apreciadas do patrimonio natural galego, ademais finca propiedade da Xunta de Galicia. Unha catástrofe ecolóxica sen precedentes, pois ardeu máis da metade da superficie protexida e practicamente toda a zona de reserva e de maior valor ambiental do parque, sen que se saiba, ata o de agora, que a señora conselleira de Medio Ambiente, nin ningún cargo de certa relevancia da súa consellería, se presentase na zona para avaliar os danos e asumir responsabilidades; algo ao que, por desgraza, xa estamos afeitos. Tan pouco vale o Parque Natural do Invernadoiro para a Xunta de Galicia, tan pouco vale o único espazo protexido propiedade da Xunta de Galicia; algúns espazos que supostamente tiñan que estar protexidos.

E fronte a esta situación, o conselleiro de Medio Rural, en plena campaña electoral das pasadas municipais, manifestaba de forma literal que os requirimentos medioambientais están facendo que Europa dispare un tiro ao pé, porque estabamos poñendo —di o conselleiro— «exixencias medioambientais, tantas trabas aos nosos agricultores e gandeiros, que imos acabar coa agricultura e gandaría en Galicia, en España e en Europa». E seguía, dicía: «Cando empecei de conselleiro, podía ser un pouco máis proclive ao tema medioambiental, pero agora digo que é o peor que nos podía pasar».

Señorías, o mundo ao revés, arden os espazos que o Goberno galego debía protexer especialmente; e sen facer un mínimo exercicio de autocrítica e de análise real das causas motivadoras súmase á ola negacionista da ultradereita. ¡Que dispare, señores e señoras do Goberno, señoras e señores do Partido Popular! E, por certo, gustaríanos saber que opina a señora conselleira de Medio Ambiente —a hoxe flamante vicepresidenta segunda da Xunta— sobre as disparatadas opinións do seu colega de goberno. Unha e outra vez ten incidido o Grupo Parlamentario Socialista nas verdadeiras causas que provocan esta situación, señoras e señores do PP: o abandono do rural galego, cun forte declive económico e demográfico das áreas rurais, a falta dunha política forestal e de prevención de incendios axeitada á realidade do territorio, as xa non digamos zonas de especial conservación da Rede Natura e, por suposto, por suposto, o cambio climático.

Permítame que me centre uns minutos nun parque natural en concreto —vaia por diante que a situación dos restantes é moi semellante—: Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés. Un bo exemplo do abandono ao que está sometido esta área protexida reflíctese na superficie afectada polos lumes na última década, período no que ardeu, tal e como recolle o propio documento do PRUX, case a metade da superficie do parque natural.

O Partido Popular votou en contra dúas veces dunha iniciativa presentada por este grupo parlamentario na que instabamos á recuperación dunha brigada para labores de desbroce durante seis meses para os seis municipios. E aí queda ben retratada, desgraciadamente, a maneira en que o Goberno galego leva xestionado nestes catorce anos un territorio que, entre outras cousas, integra a reserva transfronteiriza máis grande de Europa, declarada pola Unesco no ano 2009, grazas ao bo facer do Goberno bipartito da Xunta de Galicia.



De feito, en relación cunha pregunta que fixemos dende o Grupo Parlamentario Socialista sobre o número de incendios forestais rexistrados no parque e o seu custo dende o ano 2016 ata o 2020, contestaba a Xunta que se deron conta nada máis e nada menos que 112 lumes, e destacaban que os danos na súa extinción supuxeron un gasto de máis de 13,3 millóns de euros, sen contar, neste caso, os lumes que acontecían en setembro. ¡Cantas brigadas de mantemento, cantos investimentos e cantos plans de actuación se poderían realizar con estes cartos!

E para entender o desleixo ao que estamos a aludir, darei conta cunha pincelada das eivas deste Plan de usos e xestión, porque malia a importancia desta área protexida que goza de todos os recoñecementos autonómicos nacionais e internacionais a nivel ambiental, e que ademais é o parque natural máis grande de Galicia, o documento nada aporta para a poboación residente, esquecéndose dela; un programa de actuacións deficitario, evidentemente inxusto e insolidario por canto esquece totalmente as persoas que viven e manteñen esta área protexida. A Xunta de Galicia destina unicamente a esta área a lamentable cantidade de 200.000 euros ao ano para cada ano dos dez de vixencia do PRUX. Estamos a falar de que o compromiso da Xunta con este territorio, logo de trinta anos da creación dun parque natural que nunca chegou a desenvolver as súas potencialidades, vai ser de unicamente 7 euros por hectárea e ano, e sei que o portavoz do Grupo Parlamentario Popular nos dirá que son 15 millóns os que van investir, pero aínda non nos achegou a documentación necesaria para que vexamos se ese compromiso é real.

¡Que lonxe estamos de todas aquelas medidas e ferramentas que pretendía poñer en marcha o Goberno da Xunta de Galicia do presidente Touriño, como o programa Parques para vivir, e o Consello da Rede de Parques Naturais de Galicia, creado o 14 de xullo de 2008. ¡Canto tempo perdido e canto abandono e desidia!, non só pola protección destes espazos tan valiosos, senón tamén pola protección da pouca xente que vai quedando dentro deles e que eran obxecto preferente de atención de todos eses plans e programas que morreron de inaniación no caixón dos seus despachos. Van xa quince anos. ¿Que se podería facer por parte da Xunta de Galicia, do Goberno galego? Pois axudas propias e específicas para a rehabilitación de vivendas nos núcleos rurais dos parques e na súa influencia socioeconómica, fomentar a agricultura ecolóxica e a gandería extensiva, medidas silvícolas e fomento da xestión forestal sustentable e comercialización e transformación de produtos endóxenos, etcétera, etcétera... E moitas outras cousas nas que a Xunta, como organismo xestor dos parques, podería implicarse decididamente ou incluso implicar a outras administracións, que era o espírito do defunto Consello da Rede de Parques Naturais de Galicia, unha rede que vostedes tentaron recuperar no ano 2016 sen ningún éxito, porque a vostedes estas cousas, certamente, non lles importan nada. Trátase, en fin, tal e como se dicía naqueles esquecidos plans, de cumprir uns obxectivos básicos como promover políticas de crecemento económico sostible, de involucrar os actores locais, tanto sociais como económicos, na xestión da área protexida, e de mellorar a calidade de vida dos seus moradores.

E, por suposto, para conseguir todo isto é imprescindible antes que nada que a Xunta poña en marcha os plans especiais de protección contra os incendios forestais na zonas de Rede Natura de xeito coordinado entre os departamentos de Medio Ambiente e Medio Rural, porque, se todo segue ardendo como ata agora, pouco ou ningunha esperanza queda.



E tamén estamos de acordo co punto segundo da moción, que insta a proceder á ampliación inmediata da superficie acollida na Rede Natura 2000; iniciativa que levou este grupo parlamentario por activa e por pasiva, en pleno e en comisión, polos compañeiros portavoces deste ámbito. Porque Galicia ten a Rede Natura máis pequena entre as dezasete comunidades autónomas con menos do 12 por cento da superficie protexida —sobre o papel, obviamente—, fronte ao 27 por cento da media estatal. É, ademais, a que menos aumentou a súa rede dende 2004, e tamén a que conta con menor superficie protexida. E, de feito, hai un acordo na Comisión 2ª, que obriga a rematar estes traballos para a ampliación desta rede.

Quero tamén pór en valor o incansable traballo do eurodeputado do PSdeG Nicolás González Casares na Comisión Europea, defendendo os intereses de Galicia tamén nesta materia. Para mostra, un botón; hai moitísima documentación ao respecto. Nicolás González Casares denuncia o incumprimento da conservación e protección do Courel. Preguntaba o 29 de xullo de 2022; concretamente dicía que en 2019 e 2020 xa realizara dúas preguntas á Comisión sobre os problemas de xestión e sobre o estado do expediente de infracción, que, como a Comisión informa, recoñece a falta de cumprimento da directiva europea relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres e a falta de instrumentos de xestión na zona Red Natura de Galicia. Preguntaba se a Comisión abriera expediente pola mala xestión da Rede Natura en Galicia e que instrumentos contaban Os Ancares e O Courel adecuados á directiva e se vía adecuado a Comisión manter expediente durante sete anos sen resolución e sen verdadeiros avances na xestión deste expediente. Tamén por cales ían ser as medidas que ía tomar a Comisión para que se cumprise a normativa. E respondeu a Unión Europea dicindo que o plan director non cumpre os requisitos, que a Comisión non dubidaría en seguir adiante con este procedemento de infracción en caso de que fose necesario, da falta de fixación de obxectivos e de conservación suficientemente detallados para cada lugar e das medidas de conservación na zona pola que preguntaba.

Señores do Goberno, poñan as pilas. É unha vergoña que sexamos a comunidade con menor porcentaxe de superficie protexida de España. É unha vergoña que nos teñan que chamar a atención en Bruxelas por non facer os deberes, como pasou coa cepa da Limia, que vostedes se enfrontaron con todo o seu poder mediático durante o Goberno bipartito, e logo, cando chegaron á Xunta, non tiveron máis remedio que tragala con patacas fritidas da Limia e declararala a toda présa e con nocturnidade e aleivosía.

É unha vergoña que siga ardendo o país e milleiros de hectáreas todos os anos nos parques naturais e nas zonas de especial conservación por falta de programación e planificación, por non contar coa implicación da sociedade civil e da poboación residente na coxestión dos espazos protexidos e por non atender as súas demandas máis básicas; e xa non digamos a vergoña que sentimos pola ousadía do señor conselleiro de culpar de todos os males do mundo rural as políticas de medio ambiente, de conservación da natureza e os moitos e ferozes lobos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...que percorren incesantemente este gran país chamado Galicia.



Nada máis. Grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Armada.

**O señor ARMADA PÉREZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, a verdade é que, despois de escoitar os dous voceiros, pois lles direi que sigan vosdes descontextualizado as declaracións do conselleiro, que sigan pensando que nós aquí queremos cargarnos o medio ambiente e que queremos levarnos absolutamente todo o mundo rural por diante, pero ¡que curioso!, sempre seguimos tendo un apoio maioritario no noso rural. ¡Por algo será!, ¡por algo será! (Aplausos.)

Miren, nós temos moi claro que o primeiro que temos que facer é pensar nas persoas; son as que primeiro temos que ter por diante. Diante da valoración dunha determinada estratexia ante o lume, temos que ter en conta todos os condicionantes e non soamente as consecuencias. Por suposto, sempre que falamos de incendios forestais gústame facer ese agradecemento ao labor do noso servizo público de extinción de incendios, sobre todo a cada unha das sete mil persoas que forman ese dispositivo único; por suposto tamén a alcaldes e concelleiros de diferentes partidos políticos; por suposto tamén ao persoal dos GDR, que axudaron e axudan a que cando os lumes tiveron ese protagonismo o ano pasado foran quen de pórse ao carón dos veciños e das veciñas para poder axudalos, sobre todo a aqueles máis afectados; por suposto tamén ao persoal dos centros sanitarios, que tiveron que atender tamén moita xente cando tivemos eses desgraciados incendios forestais; e, como non, aos verdadeiros protagonistas e custodios do territorio, os nosos veciños e veciñas.

E antes de entrar en materia, gustárame facer unha alusión, porque vai ser moi gráfica, respecto deste debate, ao que pasou o ano pasado, concretamente entre o 15 e o 17 de xullo. Cabería resaltar que as condicións climatolóxicas non foron as habituais. Deberíamos saber que tamén o que pasou aquí é que houbo un sistema convectivo de mesoescala; traducido, imos dicilo nunha linguaxe entendible, foi o que provocou máis de 6.000 mil raios, que ocasionaron 52 lumes de xeito simultáneo en menos de catro horas; unha afección que provocou cinco incendios forestais grandes, e tamén houbo un total de 140 rexistros entre o 14 e o 18 de xullo. É dicir, falamos dunha simultaneidade dun elevado número de incendios forestais en diferentes partes do territorio, tamén, por suposto nestes espazos naturais aos que lles estamos facendo alusión, e dunha virulencia e dunha proporción que foron moi intensas.

Atopámonos, desgraciadamente, ante unha auténtica situación de emerxencia civil, e a máxima foi e sempre será: pór por enriba de todo o máis importante, as persoas.

Antes de continuar, gustárame facer un apuntamento respecto da Rede Natura, porque, respecto das afirmacións que fixo aquí a voceira do Partido Socialista, nós non estamos moi de acordo nos datos que deu, e explícolle, porque se sitúa esta comunidade autónoma na





media das rexións atlánticas que se move entre o 10 e o 15 por cento, e refírome a ese 12 por cento da superficie galega; é dicir, a 355.000 hectáreas que están dentro da Rede Natura 2000. De feito, dareille outro apuntamento: hai nove países da Unión Europea que teñen unha porcentaxe de territorio en Rede Natura similar ao da nosa comunidade. Por suposto, tamén lle falarei de que hai moitas comunidades que se atopan por debaixo da superficie neta incluída en Rede Natura, e o Plan director —xa entrando no que contempla esta Rede Natura, que foi aprobado no ano 2014— consolidouse como instrumento marco na planificación de todos os espazos, e nel fixéronse os obxectivos e as medidas de conservación suficientes e axeitadas para garantir a protección dos seus valores.

En todo caso, o compromiso adquirido coa Comisión Europea é que se realicen plans de xestión en todos os espazos galegos da Rede Natura, e iso antes do ano 2027. Cóstanos a intención da Xunta de Galicia de seguir completando o actual sistema de áreas protexidas e de avanzar na súa ampliación, para mellorar o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario, xa que o 42 por cento do noso territorio está amparado baixo algunha figura de protección, e iso inclúe 6 parques naturais e 1 parque nacional, 7 reservas da biosfera, 6 humidais protexidos, 8 monumentos naturais, 2 paisaxes protexidas, 59 zonas de especial conservación, 16 zonas de especial protección para aves e 2 xeoparques mundiais.

De feito, o compromiso coa protección da biodiversidade e o seu patrimonio natural reflíctese no feito de que o 77,5 por cento da nosa superficie estea blindado fronte á instalación —xa que falaba vostede— de proxectos eólicos —que tanto lles gustan a vostedes— por motivos ambientais. Son uns criterios, por certo, moito máis restritivos, por exemplo, que os que aplica o Goberno central, e direille que, por exemplo, a Xunta impide a implantación destes eólicos en Rede Natura, por suposto, mentres que o Ministerio, non. E anticipolle unha cousa: o ano pasado, co apoio do seu grupo, do Bloque Nacionalista Galego, aprobouse un procedemento que permitía a tramitación deste tipo de proxectos, prescindíndose do trámite ambiental habitual, polo que isto é bastante menos garantista.

¿Que me ten que dicir vostede a isto? ¿Está de acordo co que votaron vostedes..., bueno o seu superdeputado, como lle chaman vostedes, alí en Madrid? Espero a súa resposta.

Mire, voltando novamente ao impacto que fan os lumes nos espazos protexidos, direille que no ano 2022 estiveron operativos varios efectivos, entre os cales temos que destacar as 7.000 persoas, por suposto, profesionais tanto da Xunta de Galicia como os adscritos noutras administracións; e en medios materiais, hai que falar dunha trintena de medios aéreos, os propios da Xunta e tamén os aportados pola Administración estatal, así como 380 motobombas sobre o terreo.

Será interesante que vostedes profunden no Pladiga deste ano, xa que contempla unha incorporación dende maio a novembro de preto dun millar de traballadores, que, de feito, xa están exercendo os seus labores e ocupando prazas de natureza discontinua de seis meses para reforzar os labores antes da chegada do verán; por suposto, a creación dun grupo especializado —que seguramente escoitaría falar del— para a loita contra a nova tipoloxía de incendios, que é a Unidade de Directores de Extinción, para a súa intervención en lumes cun elevado potencial de converterse en grandes incendios forestais; e por suposto impulsando



con máis forza o papel clave das UIFO, as investigacións que realizan e, por suposto, a causalidade dos incendios.

Lémbrolles que isto foi un compromiso que adquiriu aquí o noso presidente, que xa é un feito, que hai traballadores de 9 meses que xa pasan a ter 12 meses nos seus contratos, e ademais saiban vostedes que está en marcha un proceso de funcionarización, para que moitos deles poidan adquirir a condición de funcionario.

Tamén outras importantes novidades respecto dos medios materiais son que se renovarán 15 dos vehículos motobomba, que se crearán 3 brigadas —que xa están creadas— helitransportadas públicas que prestarán servizo durante todo o ano, ampliando a rede de videovixilancia fixa, que xa acada 153 cámaras de vixilancia en 76 localizacións, actualizando as parroquias de alta actividade incendiaria, que se elevaron a 40 neste ano, e reforzando tamén os plans de formación; por certo, uns plans de formación que consensuamos con sindicatos, incluído algún que vostedes coñecen bastante ben, e que redundan en que este servizo público de extinción de incendios sexa considerado xa non soamente o mellor de España, senón de Europa, e posiblemente un dos mellores do mundo, e, por suposto, optimizando as infraestruturas preventivas coa introdución de bases de unidades operativas; e isto dígoo porque este operativo, todos estes operativos, incluídas estas unidades, se atopan tamén neses espazos naturais, e, se non están dentro, están moitas delas xusto ao carón, precisamente para que cando é precisa a súa actuación, estean ao carón do territorio. Así mesmo, tamén lle teño que dicir que continuamos avanzando coa configuración do Centro Integral de Loita contra os Incendios.

Pero todos estes medios, tanto humanos como materiais, precisan dunha estratexia, dunha estratexia transversal. E isto ¿en que se traduce? Pois en medidas a curto prazo, como foron as diferentes axudas que se lles deron polos grandes incendios forestais do ano pasado: 9 millóns de axudas directas e 4 millóns para explotacións danadas; por suposto tamén para a recuperación de soutos e castiñeiros, posiblemente por iso que dicía vostede da descontinuidade e das paisaxes mosaicos. Pois si, xa se está traballando niso. E coñece vostede bastante ben que aquí votaron vostedes en contra da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia. ¿E que dicía esa lei? Que habería que fomentar ese tipo de espazos. ¿É verdade ou non é verdade? E, por suposto, tampouco hai que olvidarse das explotacións apícolas, que tamén foron afectadas.

Cabería destacar que estas axudas directas nós consideramos que non son suficientes, e por iso se poñen en práctica medidas a medio e longo prazo para recuperar a integridade do territorio afectado. Dezaoito millóns de euros creo que son bastante, bastante elocuentes.

Por suposto, hai que realizar sempre unha planificación preventiva, e esta leva sendo a nosa estratexia na loita contra o lume. Incluso antes do Pladiga se puxo a funcionar o plan preventivo. E, por suposto, hai que falar tamén do convenio de protección das aldeas e tamén da colaboración necesaria institucional que hai que realizar e que se require non soamente cos concellos senón coas deputacións provinciais, que diso tamén xa temos falado moitas veces, sobre todo no que é a cooperación coa Xunta de Galicia cos propios concellos que fan algunhas deputacións nas que vostedes cogobernan, e que, dende logo, non mostran, precisamente, moito compromiso á hora de facer labores de prevención de incendios.



Tamén terei que falar do Plan forestal de Galicia 2021-2040, que agora conta cun inventario forestal continuo de Galicia para ser todo o dinámico que a realidade precise e para dar resposta a demandas e oportunidades que tamén xorden no tempo. *(Murmurios.)*

Tranquilo, xa remato, non se preocupe, señor Bará. Mire, espero que tampouco demonicen vostedes, como xa me parece que empezaban a facer ou a insinuar, respecto de que Inditex estaba participando..., ou falaban dunha aportación de 9 millóns de euros respecto dos incendios forestais. Se me di que non, quedo tranquilo. E, por suposto, tamén hai outra empresa como Naturgy, que fala de que empeza a despreparar un sistema para detectar lume nunha reserva, como é a do Xurés. Co cal, damos sempre a benvida a este compromiso, xa non só social, senón tamén empresarial, para cos nosos espazos naturais.

Nós o que lles pedimos a vostedes é que na futura lei, como ben falou vostede de loita integral contra os incendios forestais, fagan as súas aportacións. Nós estaremos sempre moi atentos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ARMADA PÉREZ:** ...e, por favor, o noso monte non o debuxen desa maneira, porque realmente o noso monte o que require son medidas e actuacións, e non [...].

Nada máis e moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da moción, o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, presidente.

¡Uf!, son moitísimas as cousas que o señor Armada deixou caer aquí. ¿Dixo ou non dixo o señor conselleiro o que dixo? ¿Dixo ou non dixo o señor director xeral o que dixo? E o caos na fauna salvaxe, ¿está aí ou non está aí? É dicir, o porco bravo nestes momentos segue fozando e destrozando as leiras de millo, ¿si ou non? ¿Hai control sobre del? Non. Punto, xa está. ¡Punto!

Por tanto, mire, «se as condicións non fosen normais...», dixo vostede en canto aos incendios do ano pasado. ¿E foron normais no 2016? ¿E foron normais nos lumes do 2017? ¿E foron normais no 2022? ¿Vostede a iso chámalle condicións meteorolóxicas normais ou cambio climático? Claro, porque é que se vostedes están tan arrimadiños como están agora a Vox, o primeiro que teñen que facer é a declaración de intencións dicindo: o cambio climático non existe; é un invento dos científicos e desa xente que soamente se dedica a pensar e a razoar. Punto.

Logo, outro mantra: «vostedes votaron en contra da Lei de recuperación da terra agraria». Non, vostedes tiraron abaixo o Banco de Terras... Si, si, si, tiraron abaixo o Bantegal, e estiveron con esa figura, despois, de reforma que lle fixeron, durante doce anos, rascando a



*barrigha*, sen facer nada, nada, ¡nada! Por tanto, miren, ¿que xestión se pode facer duns espazos naturais nos que non se cre? ¿Que xestión poden facer? Ningunha, e así está.

Miren, si que é certo que hai un bo número de afrontas na materialización das exixencias medioambientais, ¡claro que si! Nacen do pouco peso político que lle dan vostedes a este país, a este país que nos acolle; nacen do pouco amor que senten polo que somos como territorio e como nación de nós. E dígolles máis: nós somos os primeiros en afirmar que o Decreto de nutrición sostible dos solos agrarios é lesivo para as nosas explotacións. Si, non polo espírito que o informa, senón polo café para todos, á moda duns poucos, que non contempla as pequenas e medianas explotacións con terra, nin a nosa orografía, nin a permeabilidade dos nosos solos, nin todo iso que vostede e mais nós sabemos.

Tamén afirmamos que nas negociacións da nova PAC o noso país, Galicia, non estivo presente. ¿Onde estaba o Goberno da Xunta? ¿Tan pouco pesa o case cincuenta por cento da produción láctea do Estado? ¿Tan pouco pesa a nosa singularidade climática? ¿Pensan que algún gandeiro vai deixar sen segar a herba seca este ano, co prexuízo que obtén para ese prado? ¿Alguén pensa iso? ¿Ou que vai deixar sen apañar os pementos, os tomates, as xudías e as patacas, porque veñen tarde, veñen no verán?

Vostedes non foron capaces de dicirlle na Meseta que aquí temos un sistema distinto, que aquí o clima é doutra maneira, que aquí os produtos é que veñen máis tarde. Non foron capaces. ¿Por que? Porque non cren neste país, porque Xénova manda e vostedes acatan; punto, nada máis. ¿Non será tamén que «canto máis peor, máis mellor», sempre que sirva para cabrear a xente do rural e que arremeta nas votacións contra nós, contra Sánchez, contra ese inimigo que vostedes teñen, que lles ocupa o poder que é naturalmente pola graza de Deus e de vostedes desde hai tempo?

Miren, todo sexa dito de paso, o Goberno de Madrid nunca comprendeu o sector primario galego. ¡Somos tan rariños...! Pois mire, que conste, Tejerina —aquela ministra que procedía de Fertiberia e acabou noutra grande empresa— estaba na mesma orquestra ás voltas con esta mesma melodía. Uns e outros teñen o mesmo problema, teñen unha cegueira mesetaria cando cruzan do Padornelo para aló que os rebenta.

Señorías, voulles facer unha pregunta aparentemente estúpida, pero que non o é: ¿están realmente protexidos os espazos protexidos? O verán do 2022 amosounos que non, e as declaracións de Sandiás dinnos o porqué desa desprotección. Ben puidera ser que o primeiro levase ao segundo; primeiro o desleixo e logo o negocio, porque non se pode entender que, se os problemas son estruturais, o Goberno estea mirando para outro lado, investindo en extinción e deixando a ordenación e as medidas preventivas para a propaganda e o esquecemento. As cargas elevadas de biomasa teñen unha solución: illamento, xestión e ordenación. Illamento para que non poidan ser focos de expansión do lume, xestión para que a carga de biomasa sexa menor e ordenación para que non haxa continuidades e se autoprotexan os núcleos sen necesidade de medios de extinción. A protección das persoas debe ser anterior aos lumes; debemos regresar ao mosaico, que vén sendo a paisaxe de sempre: pastos, terras de labor, soutos..., xestión de núcleos. A todo isto, 165 millóns de euros sen executar no exercicio 2022. E a pregunta non respondida: ¿pensa o Partido Popular que sustenta



o Goberno da Xunta de Galicia que a protección ambiental e os espazos protexidos son un lastre para o noso sector agrícola e gandeiro e que esta protección é a causa dos incendios forestais dos espazos protexidos?

Se consideran que os argumentos expostos na interpelación e nesta intervención non se axeitan á realidade, xa saben, voten a favor do texto da moción e santas pascuas.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis quince, catro e cuarto.

*Suspéndese a sesión ás tres e oito minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Continuamos co punto 3º, cunha moción do Grupo Parlamentario Socialista.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Martín Seco.

**O señor SECO GARCÍA:** Moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todos e todas.

No pleno pasado interpelexabamos o conselleiro de Medio Rural para saber o motivo do cambio de criterio da consellería que, tan só dous meses despois de publicar as bases das axudas públicas no marco do PDR para a transformación e comercialización de produtos agrarios, decidiu eliminar destas bases o requisito de que para poder ser perceptores destas axudas as empresas solicitantes deberían cumprir coa Lei da cadea alimentaria e non ter sancións graves ou moi graves por parte das axencias de control alimentario.

Esperabamos ter unha resposta do conselleiro que fose coherente co discurso que lle escoitamos ao Partido Popular habitualmente, no que di que moitos agricultores e gandeiros do noso país non están a cobrar un prezo que cubra os custos de produción da súa actividade. E esperabamos que fosen tamén coherentes con esa crítica habitual que fan á última reforma da Lei da cadea alimentaria por non garantir que non exista a venda a perdas duns gandeiros e agricultores que deben ter un beneficio axeitado polo traballo que realizan.



Pero, curiosamente, ese conselleiro que tan combativo se mostra contra o Goberno do Estado polas dificultades na aplicación da Lei da cadea resulta que, cando ten capacidade de utilizar instrumentos para que a lei se cumpra, renuncia a facelo porque estes instrumentos poden ser lesivos contra os intereses das empresas que desexan acceder a unhas axudas públicas que pagamos todos e todas. Como se os incumprimentos da Lei da cadea alimentaria fosen algo etéreo e non tivesen responsables con nomes e apelidos.

Na contestación do señor González Vázquez quedou meridianamente claro que ao Partido Popular de Galicia, que di estar moi preocupado polos nosos agricultores e gandeiros, o que realmente lle preocupan son as contas de resultados duns cantos empresarios que reciben cuantiosos beneficios por maltratar os nosos gandeiros e que deben recibir o premio da Administración cunhas axudas públicas que pagamos toda a cidadanía.

Señor Armada —que seguramente será o que me conteste—, gustaríame que me explicasen a seguinte cuestión. O señor González Vázquez e a Consellería de Medio Rural dinnos que excluír da liña de axudas as empresas que teñan sancións graves e moi graves da AICA por incumprimento da Lei da cadea pode ter efectos indesexados e desproporcionados para as ditas empresas. Entón, para o seu criterio e o do Partido Popular, e segundo a Lei xeral de subvencións que se aprobou —recórdoo— baixo o Goberno de José María Aznar no ano 2003 e que impide que os posibles beneficiarios de subvencións teñan débedas con Facenda ou coa Seguridade Social, ¿consideran que son uns criterios desproporcionados? ¿Consideran que poden causar un grave prexuízo a moitos cidadáns e moitas empresas que non cumpren coas súas obrigas coa Administración pública? ¿Ou defenden que, para recibir fondos públicos, que pagamos entre todos, os beneficiarios deben cumprir coa lei e estar ao corrente de pagos coa Administración?

Porque esta, ao fin ao cabo, é a cuestión, señorías do Partido Popular. Ou tomamos medidas para loitar contra o grave problema do noso rural, como é o abandono da actividade agraria, tomamos medidas para favorecer a incorporación de xente moza ao noso campo e tomamos medidas para garantir o mantemento das nosas explotacións; ou ben deixamos que o noso medio rural esmoreza. Xa que este dificilmente terá futuro sen a dita actividade agraria.

Outras das argumentacións para o cambio de criterio que lle escoitei ao conselleiro foi deixar sobre a mesa que as sancións da Axencia de Información e Control Alimentario son desproporcionadas e un capricho do ministerio —case, case—. Como se non tivesen un procedemento regulamentado e fosen algo sorpresivo para os sancionados. Pero resulta que estas sancións se fan públicas despois de que sexan firmes en vía administrativa ou, no caso de recurso contencioso-administrativo, en vía xudicial.

Señor Armada, non estamos a falar dun despiste no rexistro dun contrato ou na entrega dunha documentación. Vostedes renuncian a ter un instrumento para facer que a industria cumpra cos agricultores e gandeiros, o mesmo que renuncian a ter unha axencia propia que garanta que os nosos produtores cobren con xustiza. Porque saben que a Lei da cadea establece uns mecanismos para o control, dos cales unha parte son de competencia estatal, pero tamén das autoridades competentes das comunidades nos seus ámbitos.



Pero dende o ministerio levan anos reforzando o funcionamento da axencia. Só hai que ver os orzamentos dos anos 2021, 2022 e 2023, onde se aumentou significativamente. E segundo o informe de actividade da propia axencia do ano pasado, de 2022, esta entidade a nivel estatal realizou novecentos vinte e nove controis e revisou mil quiñentas relacións comerciais, recibiu setenta e oito denuncias e, como resultado das investigacións, puxéronse en marcha douscentos setenta e dous expedientes sancionadores.

Pero vostedes no Goberno galego gustaríame saber que fixeron durante o ano 2022. Pois neste primeiro ano en que vostedes teñen competencias o conxunto das comunidades autónomas realizou quiñentas cincuenta inspeccións de oficio e controlou dúas mil relacións comerciais. As comunidades con maior actividade foron Andalucía, Castela e León e Cataluña, pero en Galicia só se realizaron quince inspeccións de oficio; cinco no sector lácteo e dez no cárnico.

Cataluña e Navarra, ademais diso, foron as que máis sancións impuxeron. ¿Pero saben vostedes no Partido Popular o que pasou en Galicia? Que este Goberno tan sumamente preocupado polos nosos produtores impuxo cero sancións, señores do Partido Popular. ¡Cero sancións en 2022! Supoño que, con estes datos, o problema da venda a perdas non existe para o Goberno galego nin para o Partido Popular.

Señorías, hoxe teñen que decidir de que lado teñen que estar. Se están cos produtores e tamén coas industrias que se comportan con respecto ao traballo dos nosos gandeiros ou se están con aquelas industrias que se comportan como auténticas mafias organizadas, utilizando a súa posición de poder para maltratar aqueles que lles venden os seus produtos.

Esa é a decisión que teñen que tomar, porque esta moción non vai en contra da industria agroalimentaria; non vai en contra de que se establezan axudas para unha maior transformación dos nosos produtos primarios. Vai en contra de darlles fondos públicos a aqueles que utilizan os cartos de todos para ter uns beneficios millonarios á custa daqueles aos que non lles pagan un prezo xusto polo seu traballo.

E debemos falar claro. A realidade non é que no Goberno do Partido Popular se desen conta en tres meses de que as condicións das axudas eran desproporcionadas. No Goberno sabían perfectamente o que facían cando estableceron esa condición. En xaneiro defendían unhas bases das axudas ás industrias para a transformación e comercialización no marco do PDR que excluían os que tiñan sancións graves ou moi graves por incumprir esta lei da cadea. Xusto un mes despois, en febreiro, saíron publicadas as sancións do primeiro trimestre de 2023 da AICA.

Nesa listaxe de multados curiosamente aparecía unha multa a Inleit, cunha sanción de nove mil euros que non vén motivada por un pequeno despiste ou unha falla de rexistro nos seus contratos, como parecía que quería deixar ver o conselleiro; vén motivada por realizar modificacións do prezo incluído nos contratos que non estaban pactadas expresamente polas partes. É dicir, múltase esta empresa por non cumprir o acordado cos gandeiros. A finais de marzo, outro mes despois, vimos como o presidente Rueda visitaba as instalacións da dita industria en Curtis e alí reivindicaba a aposta pola transformación do leite. E xusto un mes



despois desta visita, no mes de abril, no Goberno galego modifican a orde de axudas para que empresas como a visitada polo señor Rueda, que non cumpren coa Lei da cadea alimentaria —non respectan os contratos asinados cos gandeiros—, poidan optar a axudas millo-narias que regulamenta a Xunta de Galicia e que pagamos todas e todos.

¿É unha casualidade ou coincidencia este relato cronolóxico, señor Armada? Vostede e todo o sector lácteo saben que non. Inleit recibiu dende o ano 2018 ata o ano 2022 nada máis e nada menos que sete millóns de euros de axudas públicas. ¿Aposta algo comigo, tal e como lle dicía ao señor conselleiro, a que esta empresa sairá beneficiada tamén desta nova con-vocatoria de axudas? E non o digo porque estas axudas non se concedan legalmente, como parecía tamén que quería deixar o conselleiro encima da mesa; dígoo porque no noso grupo temos claro que esta modificación se fixo ad hoc para esta empresa. O tempo dará e quitará razóns.

Mentres Inleit maltrata os gandeiros galegos aos que lles merca o leite, vemos —como dicía o outro día— que as organizacións agrarias denunciaban que esta empresa está a traer hoxe en día leite de produtores portugueses. Porque pasaron de mercarlle a uns douscentos se-senta produtores galegos a ter só uns cento cincuenta á disposición, xa que están a ofrecer-lles cinco céntimos por litro menos que outras industrias nos seus novos contratos. Todo o esforzo económico dos galegos e das galegas en axudas públicas para que se transforme o leite do país veciño. Un gran éxito do Goberno do Partido Popular do señor Rueda.

Ese é o compromiso do Goberno galego cos gandeiros do noso país. Ese é o compromiso do Goberno galego para que os produtores agrarios cobren por encima dos custos de produción. O resto son contos chineses, señorías do Partido Popular.

Hoxe teñen que decidir —como lles dicía— se están do lado dos gandeiros que honrada-mente fan un traballo polo que deben cobrar un prezo xusto e tamén daquelas industrias que transforman eses produtos con respecto aos produtores e, polo tanto, merecen o apoio económico da Administración para mellorar a súa actividade; ou se están do lado daqueles que actúan como auténticas mafias organizadas, que maltratan os produtores ante os ollos e o silencio dun Goberno galego que é cómplice do que está a suceder. Vostedes deciden.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Martín Seco.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde.





Unha vez máis sae a colación a Lei da cadea alimentaria, esa que «si, pero non». Eu quería referirme á Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento desa cadea alimentaria. Na exposición de motivos, no preámbulo, fálase de «deficiencias no funcionamento e nas relacións dos axentes que operan ao longo da cadea alimentaria, que se viron agravadas no contexto da actual crise económica global.» Sinálase a volatilidade dos prezos percibidos polos produtores. Fálase de desequilibrios existentes entre os distintos elos da cadea. Fálase de claras asimetrías no poder de negociación que poden derivar, e en ocasión derivan, nunha falta de transparencia na formación de prezos e en prácticas comerciais potencialmente desleais, contrarias á competencia, que distorsionan o mercado e teñen un efecto negativo sobre a competitividade etcétera, etcétera, etcétera. Simplemente, este preámbulo ampara a inclusión do punto 3 do artigo 6 da orde de axudas publicada en xaneiro.

Desde o BNG, posto que se fala da Lei da cadea alimentaria, non perdemos a ocasión de reiterar a nosa esixencia de compromiso. ¿Imos reclamar a reforma desa lei para incluír de xeito claro un mecanismo que permita fixar custos de produción de xeito obxectivo ou que valide mecanismos das administracións autonómicas seriamente calculados? Porque este é o tema. É o tema que interesa a todos os subsectores primarios non só de Galicia, senón de todo o Estado.

Porque esta é a única terapia que a Galicia abandonada necesita: a terapia de choque. Se os prezos dos produtos agrarios son razoables e superan os custos de produción, o rural dinamízase por si só. Cincuenta e sesenta pesetas por litro de leite na década dos oitenta ou noventa cambiaron a cara e a ollada dos cativos das nosas aldeas. Así de claro. Eu viño e teño fotos de antes e de despois. Iso demoétrao.

¿Vai adiante logo o compromiso ou son tantas as presións que van poñer unha pexa para non camiñar no necesario labor lexislativo a favor das maiorías? Nós, que non temos máis intereses cós dos nosos produtores e produtoras, así o proclamamos. Demandaremos desde o noso futuro grupo do Congreso dos Deputados unha reforma competente desta lei da cadea alimentaria. ¿Vostedes van facer?

Pero, ben, nestes días estamos a falar e a debater sobre ese escándalo a boca pechada que o Goberno do PP provocou. Digo a boca pechada e digo ben, porque ben se coidaron de que non saíse publicada a noticia en case ningún medio de comunicación. E xa se sabe que o que non sae no periódico non acontece.

Situémonos. O 27 de xaneiro, publicación da orde de axudas á transformación e comercialización dos produtos agrarios; vinte e sete millóns de euros procedentes do Feader e tres millóns de euros de fondos propios da Xunta. O 24 de febreiro, a Axencia de Información e Control Alimentario publica o listado estatal de industrias sancionadas, no que figura unha soa industria galega. O 20 de marzo, visita oficial de apoio do Goberno da Xunta a Inleit, en pleno. O 21 de abril, publicación da modificación da orde de axudas publicada o 27 de xaneiro. Non hai máis nada que dicir nin que discutir.

Miren, durante toda a pasada lexislatura, e como continuidade dos gobernos que naceron naquel nefasto 2009, o Partido Popular negou a posibilidade de recuperar a Mesa do Leite,



o Observatorio da Carne e o Observatorio Lácteo, as AXE que proporcionaban datos fiables sobre prezos e comportamentos dos mercados e outros mecanismos de negociación entre a distribución, a industria e os produtores e produtoras, controlados e dirixidos polo Goberno.

Vostedes negaban e negaron en sede parlamentaria esta posibilidade de intermediación e chegaron a afirmar que era contraria á lei. Nós afirmabamos que a Consellería tiña armas para presionar nos casos de produtos reclamo, prácticas mafiosas nos contratos, movementos de materias primas... Vostedes, erre que erre que non.

E velaí que na orde de axudas á transformación e comercialización de produtos agrarios publicada en xaneiro deste ano aparecía un elemento de aviso a navegantes que valorizaba o carto público. ¡Aleluia! Condicionaba esas axudas a un comportamento acorde coa legalidade na relación coas produtoras e produtores, tal cal o que o BNG viña demandando logo de doce anos de somnolencia e apatía. Nós dicimos conivencia, pero bueno, somnolencia e apatía. O Partido Popular poñía condicións razoables ás axudas públicas para a industria.

Claro que contaba con que a AICA non puxese sancións ás industrias de transformación galegas. E a AICA si sancionou dúas empresas, unha transformadora e outra comercializadora. A industria e a transformación en xeral puxeron o grito no ceo e apertaron. ¡E vaia se apertaron! Porque vergoñosamente apareceu outra orde que modificaba a primeira e curiosamente suprimía o punto 3 do artigo 6 no sentido que xa se imaxinan. Porque debeu ser tanta a presión que, unha vez analizada a orde logo da súa publicación, decidiron recuar.

Xa nos contarán cal é o mecanismo administrativo que fai analizar as ordes de axuda no período intermedio que vai entre a publicación e a resolución. E ¡vaia! Analizan sisudamente e chegan á conclusión de falta de proporcionalidade; as sancións da Axencia de Información e Control Alimentario son demasiado pequenas para as axudas que poden perder. E teñen razón nesta análise, abofé que si. Abofé que son ridículas, vistas as irregularidades e as ganancias que proporcionan estas prácticas mafiosas. ¿Queren dicir vostedes que o incumprimento da lei e as prácticas abusivas para cos produtores, unhas directas e outras indirectas —como a compra de leite do veciño Portugal para presionar prezos agora en agosto—, deben ser premiadas con subvencións a fondo perdido?

Miren, véñenme á cabeza ou nomes como Gürtel ou Pokémon e non o podo remediar. Agora razónenme vostedes, señor Armada, a Lei da cadea alimentaria con elementos de referencia que condicionen o pago por riba dos custos de produción, claramente a favor dos produtores. Razóemo, porque o vou necesitar, cando non son capaces de defender una condición mínima para velar polo cumprimento da legalidade, evitando que o carto público caia en mans non recomendables.

A realidade éles que a empresa en cuestión obxecto desta manobra entrou con moi bo pé no sector, pagando razoablemente ben e procesando un dezasete por cento do leite galego. Logo esqueceulle e comezou a facer esas cousas que xa comentei e que a AICA valorou —eran horas— e comezou a perder subministración. Pregunten vostedes na comarca, en explotacións que deixaron de darlles o leite.



En definitiva, apoiamos a proposta do Partido Socialista, por suposto, de regresar á orde de xaneiro e restaurar para recuperar a decencia, polo menos na aparencia, das ordes que emanan dun goberno que protexe os seus produtores e produtoras.

Por certo, nisto das axudas á transformación e comercialización de produtos agrarios —e iso vai para vostedes, señores do Partido Popular— votamos a faltar a posta en valor e a promoción sería dos centros comarcais de apoio á transformación de alimentos e a súa comercialización. Creo que saben do que falamos. Eses centros onde hai elementos homólogos para envasar ao baleiro, preparar precociñados e conservas para pequenas producións e para a comercialización dos excedentes do autoconsumo. Eses centros que poden devolver a vitalidade ás aldeas, facilitando pequenas rendas e complementos aos ingresos familiares comercializando precisamente eses produtos. Outro día falaremos en serio desa posibilidade.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Armada.

**O señor ARMADA PÉREZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Fíxense vostedes se nós cremos e seguimos crendo nesa lei e, sobre todo, na necesaria reforma desa lei da cadea alimentaria que —como ben sabe vostede— na última reforma votamos en contra. E precisamente porque nós entendiamos que o que tiñamos que contemplar nesa normativa non é que os gandeiros non quedasen a perdas, senón que tiñan que ter un mínimo beneficio. Eu creo que iso xa é un xesto suficientemente significativo para mandar unha mensaxe de que nós estamos polo labor de, no momento en que sexamos goberno en Madrid, poder cambiar esa lei da cadea alimentaria.

Está claro que para actuar hai que planificar esas actuacións. Dende o inicio da tramitación desta reforma da Lei da cadea alimentaria á que facemos alusións e mentres se tramitaba esa modificación, nós faciamos os deberes e planificabamos con estratexias sectoriais, primeiro coa estratexia do sector lácteo e posteriormente tamén coa estratexia do sector da carne. Isto sempre falando da necesidade de que os nosos agricultores e gandeiros fosen capaces de calcular os seus custos de produción.

A verdade é que a nós resúltanos irónico, señor Seco, que cando nos fala deste tema o Goberno central vostede veña aquí e expoña en sede parlamentaria que a lei é un bo marco para conseguir que os produtores perciban un prezo xusto pola súa produción. O que fan falla son mecanismos para garantir o seu cumprimento. Para iso nós fixemos efectiva unha normativa vixente e, sobre todo, nós o que quixemos facer era pór todos os medios para posibilitar ese fin. Con ese fin, nós o que buscabamos era acreditar que se realizase conforme aos medios de proba admitidos en dereito, tal como se contemplaba dentro da normativa.



Durante a tramitación da lexislación advertimos que non podiamos permitir que esa prohibición de venda a perdas quedase en papel mollado e defendemos que se regulasen os mecanismos de control que garantisen o seu efectivo cumprimento.

Así, mentres o Goberno central nos desoía, a Xunta traballaba na configuración de ferramentas web de cálculo dos custos de produción. Hoxe saben perfectamente que eses mecanismos son a Conta Láctea é a Conta Carne. Mecanismos que poden ser mellorables, por suposto, pero eran mecanismos que para nós eran indispensables. E, ¡ollo!, ningún destes mecanismos foi aceptado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como fonte admisible para a acreditación dos custos de produción.

Saben vostedes que a Administración non pode fixar prezos. Estamos cansos de remarcarlle ao Ministerio o cumprimento da lei para que a industria pague polos produtos agrarios o que custa producilos. Pero nin sequera ten a ben aceptar estas ferramentas. ¡Que curioso o proceder do ministerio!

Non nos queda máis que poñernos ao noso. Loxicamente, en tanto non se cobren os custos dalgúns sectores pola vía dos prezos, tentamos mellorar os balances económicos das nosas explotacións pola vía das axudas.

No caso do sector de carne de vacún, neste ano 2023 fundamentalmente no extensivo estase experimentar unha inxección directa de nada máis e nada menos cento catro millóns de euros. E dígolles máis, posto que entre todas estas ordes de axudas destinadas principalmente ao sector primario o importe ascenderá ata case os trescentos trinta e nove millóns de euros só neste ano 2023. Un orzamento ao que hai que engadir iniciativas que xa puxemos en marcha, precisamente para mellorar a posición dos nosos produtores.

Falamos así das estratexias sectoriais que xa citei, do noso protocolo histórico de entendemento entre a cadea de valor carne e da promoción do consumo de produtos agrarios. Estes, loxicamente, había algún ministro de Consumo que xa se ocupaba de desprestixialos. E, por suposto, tamén falamos do Observatorio da Cadea Alimentaria da AICA como un mecanismo por excelencia para controlar o cumprimento desta lei de cadea alimentaria.

E afondando un pouquiño máis na materia que nos ocupaba, nesas especulacións de favorecer supostamente a —case— oligarcas de transformación alimentaria, debe quedar claro que a única explicación desta modificación que fixemos á orde de axudas para a transformación e comercialización de produtos agrarios claramente era a proporcionalidade.

Está claro que nós asumimos a responsabilidade de cumprir coa Lei da cadea alimentaria. Isto lévanos necesariamente a incluír na convocatoria da orde de axudas para a transformación e comercialización de produtos agrarios unha novidade nese artigo 6.3. que impedía conceder axudas aos solicitantes con sancións graves ou moi graves.

A responsabilidade tamén nos levou a facer un estudo en profundidade do que podería supoñer esa novidade nos meses posteriores á publicación da convocatoria. Fíxose unha análise en dúas direccións.



Por una parte, estudamos o sistema de infraccións da Lei 12/2013, concretamente o artigo 23.2, que incluía cerca dunha vintena de infraccións consideradas graves. A tipoloxía desas infraccións graves van desde as características dos contratos ata prácticas abusivas, pasando polo incumprimento dos prazos de pago ou un longo etcétera de posibles incumprimentos.

Neste respecto, as probabilidades que existen de recibir unha sanción grave son altamente elevadas. Ademais, a simple falta, por exemplo, dun único contrato ou o atraso nun único pago pode constituír unha infracción grave. De feito, se nos fixamos no último informe da AICA, as inspeccións realizadas foron en total 4.655 e as sancións impostas no mesmo período foron 2.169, é dicir, un 46,6 por cento do total das inspeccións realizadas.

E falaba desa primeira vía, pero vimos tamén outra vía respecto ao que tamén se estudou nas características desas sancións. En particular, analizáronse as sancións graves firmes en vía administrativa ou xudicial publicadas pola AICA neste ano 2023.

É curioso que na maioría dos casos estas infraccións comportan sancións de importe mínimo. Basicamente nun setenta e sete por cento dos casos a sanción situouse entre os mil oitocentos e os tres mil un euros. Considerando que dentro da gradación destas sancións graves os importes oscilan entre os tres mil e ata os cen mil euros é evidente que se imponen de forma maioritaria as sancións máis baixas. De feito, isto é posible porque o órgano que resolve o expediente literalmente di que «non se estima a existencia dunha apreciable transcendencia económica e social da actuación infractora».

Polo tanto, neste respecto nós tiñamos a opción de manter a novidade despois dunha análise máis que clarificadora. Pola contra, cos datos enriba da mesa, a alta probabilidade de ser sancionado dada a ampla diversidade e tipoloxía das infraccións consideradas graves —como aludín anteriormente— e incluso o feito de que as sancións producidas habitualmente sexan de transcendencia banal nós entendemos que non tiña sentido manter ese requirimento.

Sendo un pouquiño máis explícito, se comparamos eses importes por sanción e os importes das axudas concedidas pola Consellería, os datos creo que xa falan por si sós. Nas últimas dúas convocatorias, na de 2020 e 2022, un oitenta e catro por cento das persoas beneficiarias destas axudas tiveron unha axuda superior a trinta mil euros. E destas a metade —digo ben, a metade— tiveron unha axuda superior a cen mil.

Se a vostedes lles parece lóxico retirarlle a un beneficiario unha axuda de cen mil euros por asumir una sanción de mil e poucos euros, logo a min pouco me queda que dicir, señorías. Desde logo, nós entendemos que á Xunta de Galicia isto tamén non lle parecese nin lóxico nin xusto.

É máis, aínda que queremos e traballamos para que se faga efectiva a Lei de cadea alimentaria, facer perder ás empresas axudas cun importe dez veces superior ás sancións que lle poderían imponer non é, desde logo, o camiño. Neste contexto, o máis razoable foi modificar a convocatoria e, en todo caso, dirixir todos os esforzos a aqueles casos nos que si se produzan infraccións realmente graves. E nestes casos que se actúe con decisión.



Desde logo, nós non soamente nos quedamos nestes mecanismos, senón que tamén hai outros mecanismos que se poñen a prol dos nosos gandeiros e, sobre todo, a través de que se faga efectiva esta lei de cadea alimentaria. Incluso por enriba dese estatismo que mostrou dende o primeiro momento o Goberno central.

Eses mecanismos son as aplicacións web xurdidas no seo das nosas estratexias, a Conta Láctea e a Conta Carne —tal como xa relatei anteriormente— e os mecanismos con axudas a curto prazo que se poñan á disposición do sector namentres non se cobren os custos de produción. Por suposto, tamén hai que contar que para o sector de vacún de carne, ademais deses cento catro millóns de euros que estaban a percibir no ano 2023, tamén hai que resaltar as axudas directas da PAC, de preto de catorce millóns de euros destinados a paliar as axudas como consecuencia da invasión rusa en Ucraína.

Outro mecanismo que, en definitiva, conforma tamén a planificación da consellería son todas esas políticas que suman e que cada vez se poden ir estendendo a través deses diferentes instrumentos de recuperación, de reestruturacións parcelarias, o desenrolo do Plan de pastos de Galicia e, por suposto, tamén o apoio ás diferentes razas autóctonas con ata seis convenios en vigor de case tres millóns de euros.

Sería, por suposto, doado que non se aplicasen medidas discriminatorias, como por exemplo a tan reclamada aquí unha e outra vez rebaixa do IVE dos alimentos básicos coa exclusión da carne e do peixe.

Pero a nós o que nos queda é seguir traballando en prol do noso rural, porque nós entendemos que o cumprimento da Lei da cadea alimentaria ten que ser claro, contundente e efectivo. Por suposto, que tamén cumpra a industria transformadora todo o que ten que ver cos seus cumprimentos.

Evidentemente, nós debemos estar atentos a que non se produza ningún tipo de incumprimento dentro do que son os custos que van para os nosos gandeiros, para así garantir a súa sustentabilidade e, por suposto, a viabilidade do noso agro.

Nada máis. Moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da moción.

Ten a palabra o señor Seco.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Moitas veces falamos dos papelóns que lles toca facer aos grupos parlamentarios. Certamente, non ter absolutamente ningún argumento razoable para intentar xustificar este cam-



bio de criterio por parte da Xunta de Galicia fai que teñan que facer un auténtico papelón. ¡Un auténtico papelón!

Resulta que o Partido Popular agora está moi preocupado porque a Lei da cadea non funciona. A lei da cadea inicial é do ano 2013, de Tejerina, do Goberno do Partido Popular. E do 2013 ao 2018 non lle escoitei a ningún membro do Partido Popular, nin á anterior conselleira nin ao actual conselleiro, dicir que necesitaba unha modificación. E xustamente cando se introduce unha modificación que axusta precisamente para que non se poida vender a perdas agora non serve. Pero o Partido Popular non dicía nada.

Vostedes sempre fan as promesas cando están na oposición. Vémolo sistematicamente. Vostedes din que hai que baixar o IVE aos produtos alimentarios básicos, pero cando chegaron ao goberno con Mariano Rajoy subiron absolutamente todos os impostos neste país. Absolutamente todos.

Vostedes cando están na oposición din que nas administracións que gobernan os socialistas hai un auténtico despilfarro. Iso si, cando chegan a gobernar institucións vemos o que pasou en Castilla y León, vemos o que está pasando estes días en Torrelodones, vemos o que pasa no meu concello, precisamente; que se multiplica sistematicamente o gasto por parte dos políticos deses concellos. Pero vostedes están acostumbrados. Debe ser esa famosa regra do dous que fai que o propio Feijóo converta dous por dez en vinte e dous. Debe ser o que vostedes seguen. (*Aplausos.*)

A realidade é que hai dúas posibilidades. Evidentemente, todo o sector lácteo sabe que vostedes modificaron un decreto de axudas ad hoc segundo o que lles pedía a única empresa sancionada. Pero non era por rexistrar tarde un contrato e non era por facer unha modificación. ¡É que estaban modificando as relacións contractuais cos gandeiros porque non estaban cumprindo con eles! Unha multa de nove mil euros. Ou é por iso —que todos sabemos que é así— ou é que son un auténtico desastre.

¡A Consellería de Medio Rural é un auténtico desastre! Ou sexa, para poñer en marcha unha liña de axudas —supoño que estarán meses traballando niso— non detecta que poden existir esas posibilidades de que se queden sen axudas e que iso sexa desproporcionado. Logo, no tempo dende xaneiro ata abril é cando fan un estudo e descubren que pode ser desproporcionado para as axudas.

Pero, ¿a quen lle queren tomar o pelo, señor Armada? Isto é auténtica tomadura de pelo. Vostedes se realmente cresen en que non se pode vender a perdas terían un instrumento que non cerrase empresas, que non sancionase empresas, senón que simplemente non lles permitise acceder ás axudas que damos todos e todas, porque son fondos de todos e todas. Resulta que renuncian a ese mecanismo, pero é que «a Lei da cadea non funciona». Resulta que é que a Lei da cadea non funciona.

A Lei da cadea establece que vostedes poden ter axencias, igual que está a AICA, para multar as empresas que non cumpren cos prezos. E resulta que dende o 2022, cando as autonomías puideron ter isto, en Galicia multouse cero empresas. ¿Vostedes de verdade cren que poden



ser cribles cando non utilizan ningún tipo de instrumento para facer valer esa lei? Ningún instrumento. Absolutamente ningún instrumento por parte da Consellería do Medio Rural.

Pero a realidade é que estamos vendo dende hai xa doce anos que organizacións agrarias denunciaron que existía un cártel do leite; que as industrias estaban pactando prezos para pagarlles por debaixo dos prezos que eran admisibles. Estamos pendentes agora de que haxa unha sentenza do Tribunal Supremo e, mentres, o Goberno galego calado facendo este tipo de cuestións. Pode ser un golpe terrorífico para a industria agroalimentaria galega, porque se esta sentenza sae favorable aos gandeiros vai ser unha auténtica millonada o que lles terán que pagar a todos os gandeiros de Galicia. Estiveron doce anos pagándolles por debaixo dos prezos que lles tiñan que pagar porque pactaban os prezos.

Vostedes non queren ver iso. Temos instrumentos coma este que, por certo, promovemos nós en marzo de 2021 —e vostede sábeo— cando vostedes presentaban unha iniciativa na cal pedían que se desen axudas para a transformación e nós introducíamos unha emenda para pedirilles que fosen para aqueles que cumprían coa Lei da cadea alimentaria. Daquela votaban en contra. E cando por fin teñen algún instrumento, un pequeno instrumento, resulta que este pode ser moi lesivo para aqueles que están collendo os cartos de todos para maltratar os gandeiros e pagarlles por debaixo dos prezos de produción.

Nada máis. Simplemente, pensen ben o que fan. Ou están cos gandeiros ou están con aquelas industrias que non cumpren cos gandeiros.

Nada máis e moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Seco.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación das mocións. Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Olalla Rodil.

Sobre a emenda do Grupo Parlamentario Socialista, acepta os primeiros puntos pero non o último.

Tendo en conta isto, votamos.

*Votación do texto transaccionado sobre a Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández, sobre o servizo de axuda no fogar.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*





*En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a seguinte moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Rivas Cruz.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María González Albert, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Martín Seco. Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron aquí as votacións. Continuamos co punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei. A primeira é do Grupo Parlamentario Socialista.

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e unha autoemenda do Grupo Socialista.

*(O G. P. Popular de Galicia a través do seu voceiro, por iniciativa da deputada Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*



*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:*

- 1. Seguir a desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia na súa totalidade e velar polo seu cumprimento.*
- 2. No marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, seguir a promover o traballo dos grupos existentes para afondar na realidade das persoas LGTBI e impulsar así medidas que garantan os seus dereitos.*
- 3. Poñer en marcha campañas de sensibilización, información e formación sobre a realidade das persoas LGTBI así como intensificar a formación para os axentes de atención no territorio.»)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noelia Otero Lago e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo punto ao texto da parte resolutiva co seguinte texto:*

*«2 bis. Cumprir cos principios e obxectivos marcados na creación do Observatorio Galego. Tanto na programación de xuntanzas trimestrais como na dotación de contido e desenvolvemento dos plans e áreas de traballo.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Otero.

**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e todos.

Hoxe, e ata onte, estaba convocada unha xuntanza do Observatorio Galego contra a Discriminación. Finalmente esta mañá non se produciu, porque non houbo quórum debido a que as asociacións e colectivos que durante todo o ano traballan —xa o avisaran o ano pasado tamén— pola igualdade de trato e polos dereitos das persoas LGTBI decidiron non acudir. Unha vez máis, a semana xustamente do ano onde teñen máis traballo en canto a actividades e visibilización decidiron non acudir a unha convocatoria do observatorio interesada por parte da consellería, única e exclusivamente para sacar unha foto na semana do Orgullo.

Contamos aquí na nosa comunidade con ese Observatorio Galego contra a Discriminación. É un órgano colexiado que tería que reunirse para traballar cando menos unha vez cada trimestre, pero leva practicamente sen actividade dende o seu inicio.



As asociacións néganse —deixárono claro este ano e xa o avisaron tamén o ano pasado— a ser empregadas deste xeito, coa que está caendo, para unha fotografía. Coa evolución preocupante dese aumento dos discursos de odio e con ese aumento dos delitos de odio constatados polas forzas e corpos de seguridade.

Por desgraza, son moitas as mentiras —así consta no Diario de Sesións deste Parlamento— que nesta lexislatura pronunciou a que ata o de agora era a conselleira responsable de velar polos dereitos, a igualdade e o cumprimento da Lei das persoas LGTBI, a señora Lorenzana, ata agora conselleira de Igualdade. Todos os compromisos expresados neste Parlamento convertéronse, así queda acreditado con tempo, nunha mentira e en papel mollado. Prometeu que despois da pandemia o observatorio comezaría xa a finais do ano 2020 e a partir de 2021 a ter actividade trimestral.

Prometía tamén cando hai dous anos neste Parlamento nós traíamos as conclusións dun estudo elaborado polo sindicato UXT sobre a enorme discriminación que sofren os traballadores e as traballadoras LGTBI na nosa comunidade. Arroxaba ese estudo que arredor do noventa por cento consideraba algo negativo ou tamén sufrira algún tipo de agresión verbal ou física no ámbito do seu traballo. Nese caso preguntabamos á Consellería de Emprego e Igualdade, por certo, que era o que ía facer e dicía en decembro do ano 2021 que estaba a piques de saír á luz un estudo elaborado pola propia consellería sobre a situación laboral das persoas LGTB.

Hai un ano, con motivo do Orgullo e nesa xuntanza con esa fotografía cos colectivos, precisamente no marco do Observatorio Galego contra a Discriminación, novamente a conselleira anunciaba que xa estaba a piques de novo ese estudo laboral. Chegamos a xuño de 2023, un ano, case dous, despois de anunciálo sen absolutamente nada, o que amosa e acredita ese desleixo inxustificable.

Temos, así mesmo, unha lei do ano 2014 pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI, sen desenvolver en tantos ámbitos: no plano educativo, no plano de formación, no plano cultural, tamén temos falado no plano laboral agora mesmo... Por non contar, non contamos nin tan sequera con ese estudo que —dicíamos— fora anunciado en reiteradas ocasións.

E o único certo e o único tanxible é que a pesar de que contamos con esa lei galega e con ese observatorio galego son outros —as institucións, os organismos, os propios sindicatos— os que nos van achegando cal é a preocupante radiografía das persoas LGTBI tamén na nosa comunidade, xunto cos datos dos delitos de odio que achega o propio Ministerio de Interior.

Todos os estudos avisan e nós, arredor destes estudos que van saíndo, temos presentado durante esta lexislatura numerosas iniciativas. En definitiva, o que pedimos é que se cumpra a lei e sempre nos atopamos unha e outra vez co voto en contra do Partido Popular.

¿E neste momento en que situación estamos? Por desgraza, —con toda a impotencia, inqueda, ás veces ata con incredulidade, moita pena e moita rabia— contrastamos como nestas últimas semanas en tan só vinte días retrocedemos vinte anos en materia de dereitos



civís. Falemos de igualdade, de loita contra a violencia machista ou falemos de dereitos das persoas LGTBI.

Acordar coa extrema dereita retirar e prohibir bandeiras LGTBI non é algo inocuo. Hoxe mesmo temos a nova de que por primeira vez no Parlamento balear Partido Popular e VOX —é o titular— prohiben pendurar a bandeira do orgullo. (*Aplausos.*) E non é inocuo prohibir símbolos. Son bandeiras que reivindicán o orgullo; que queren borrar e que xa pactaron, de feito, borrar. Aí si votan que si.

Eu quero lembrar agora ante este esperpento, este retroceso sen precedentes que estamos a vivir, as palabras do director e guionista Javier Ambrossi nunha ocasión falando da importancia de conmemorar o orgullo e tamén os símbolos. Decía: «Moitas persoas LGTBI crecemos desenvolvendo unha personalidade que non era nosa. Medramos ocultándonos para que non nos vexan, para que non nos pegasen, para que non nos insultasen, para que non queiran. Por iso, o Orgullo representa o contrario: expoñerse, saír e celebrar.» E, polo tanto, non podemos dar un paso atrás. Borrar bandeiras, borrar símbolos, pactar iso sobre o papel non é, insistimos, algo inocuo.

Xunto ao aumento —vimos tamén dende hai moito tempo advertíndoo— deses discursos de odio, acompasadamente aumentaron os delitos de odio. Temos nesta comunidade rexistradas preguntas, valoracións, casos de agresións físicas e verbais, incidentes como a morte de Samuel Luiz, que o último que escoitou nas rúas da Coruña foi «maricón, maricón»... Uns feitos que están aumentando exponencialmente. Hai estudos que xa falan de que dende o ano 2019 ao 2022, en tan só tres anos, o odio contra as persoas LGTBI aumentou un cento trinta por cento. Ao mesmo tempo que aumentan eses delitos e eses discursos de odio se normalizan, tamén as manifestacións de apoio aos dereitos das persoas LGTBI deron un paso atrás.

Pero temos traballos recentes destes días, como o do Consello Galego da Cultura. Dezaoito meses de traballo de investigación, estudo e análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galicia, elaborado polo Foro Identidades e Disidencias Sexuais do Consello da Cultura Galega.

Atención ao que temos entre mans na nosa comunidade, porque nin o negacionismo, nin a complicidade nin a equidistancia son algo aceptable. O sesenta e cinco por cento do alumnado de secundaria galego presenciou nas clases de educación física comportamentos homofóbicos entre estudantes. Un traballo realizado durante dezaoito meses no seo do Consello da Cultura Galega, liderado e coordinado por Carme Adán. Entre o oitenta e seis por cento e o noventa e dous por cento das agresións físicas non se denuncian; tampouco aquí en Galicia. Estamos ante un informe pioneiro, no que por primeira vez se lles dá voz a todos os colectivos implicados para abordar as necesidades e preocupación de todas as persoas LGTB+ e que propón tamén accións de mellora.

Este informe atópase cunha das eivas de partida que tamén denunciámos e que precisamente ten que ver con esa reivindicación de que se se crea un órgano colexiado como é o Observatorio é para ter, cando menos de partida, información; para traballar, para que sirva de algo.



Porque temos ese observatorio galego contra a discriminación que carece absolutamente de datos. Precisamente o Consello da Cultura neste traballo pon o acento nesa ausencia de datos propios e específicos de Galicia para coñecer a realidade con maior precisión.

Por iso, a primeira conclusión é a necesidade de fotografar a realidade galega, de preocuparse; de que a Xunta de Galicia se preocupe e se ocupe dela como manda a lei. A segunda apunta á necesidade de formar profesionais e tamén de apoiar os colectivos e asociacións que traballan, moi por riba das súas posibilidades e cunha sobrecarga de traballo, velando polos dereitos das persoas LGTBI.

Ben, seguirei na segunda quenda. Pero dicía que temos aí ese informe, esa publicación de hai tan só uns días. Son tantas as voces que lamentan a falta de estudos e investigacións e que esta non sexa unha materia a ter en conta polo Goberno galego... Hoxe insistimos en que estamos nun momento ademais delicado, no que todas as persoas demócratas, defensoras da igualdade, dos dereitos civís e humanos, temos que pronunciarnos —como dicía— sen equidistancias e con responsabilidade.

Nós agardamos que este Parlamento polo menos estea á altura do que a sociedade agarda de todas e de todos nós. Xa anunciamos que non imos aceptar a emenda do Partido Popular, que di seguir traballando cun observatorio que non reúnen e que non conta con recursos e seguir desenvolvendo unha lei que todos os indicadores e estudos din que non conta con recursos e que non se desenvolve. Aí está a fiscalización que veñen facendo colectivos e todo tipo de institucións.

Así que pedimos, con toda a calma e o sosego, seriedade, porque nos estamos a xogar moito.

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda de intervención para os restantes grupos. Neste caso, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra dona Marta María Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Señora Otero —perdoe que non a vía—, dende logo que dende o noso grupo este tema tomámolo moi, pero que moi en serio. E dende logo que hai gobernos do Partido Popular que nas institucións onde gobernan ao mellor non colocan unha bandeira, pero si colocan as luces da bandeira LGTBI. Este é o concello de Madrid. *(A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez amósalles unha foto desde un teléfono móbil aos membros da Cámara.)* Que o vexan vostedes, señorías. Está colocado; pódese ver desde aquí.

Pero non é unha discusión de «nun sitio bandeira, noutro sitio non bandeira». O primeiro que quero facer, dende logo, é felicitar as persoas LGTBI de Galicia, que mañá celebran o día



28 de xuño, o Día Internacional das Persoas Lesbianas Gais, Bisexuais, Transexuais, Transxénero e Intersexuais. E os días internacionais son días que todos tomamos moi en serio, porque serven non para enfrontarnos, nin para lanzarnos acusacións políticas nin para manipular temas politicamente, senón para axudar todas estas persoas, seriamente falando, tratando de sensibilizar, tratando de concienciar, tratando de chamar a atención. E tamén para sinalar que existe un problema sen resolver, que niso estamos totalmente de acordo con vostede, como ocorre coa discriminación das persoas LGTBI en moitos lugares do mundo e con moitas actitudes que tamén ocorren no noso país.

É un obxectivo que nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, compartimos. Así o demostramos o pasado ano, precisamente ao propoñer unha declaración institucional ao resto da Cámara galega que foi aprobada, certamente, por todos os grupos. Unha declaración de adhesión á conmemoración do Día Internacional LGTBI e de rexeitamento absoluto aos discursos de odio cara a estas persoas.

Ademais, cóstanos que tamén é compartido polo Goberno galego. A Xunta de Galicia, digan vostedes o que digan, leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero a través de todos os seus departamentos. Porque a igualdade e a non discriminación están presentes en cada actuación que fai. Un gran traballo o que fixo durante catorce anos a secretaria xeral de Igualdade, que hoxe é compañeira nosa neste hemiciclo, a señora López Abella. *(Aplausos.)*

Galicia conta dende o 2014 cunha lei que a converteu na primeira comunidade cunha lei específica e propia que consolida o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI. E é certo que avanzamos moito e que a sociedade galega ten un alto grao de aceptación das persoas LGTBI. Pero tamén é certo que aínda existen persoas intolerantes, o que se amosa precisamente neses comportamentos dos que falan vostedes na iniciativa, e que nós —volvo repetir— rexeitamos absolutamente.

Polo tanto, estamos de acordo en que non debemos baixar a garda. Debemos seguir construíndo unha sociedade galega baseada na igualdade, na tolerancia, no respecto e na liberdade de todos nós. Unha tarefa que non é fácil e por iso debemos seguir traballando todos e cada un de nós. O que non poden dicir, señoría, é que o Goberno galego non desenvolve a lei, porque non é verdade; si que a está a desenvolver. Traballa dende o ano 2014 en moitos ámbitos e, como sempre fixemos, dunha forma transversal para dar visibilidade á realidade LGTBI e acadar a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero.

Vostedes empéñanse en dicir que o Goberno galego, como é un Goberno do PP, non fai nada. Ese é o seu discurso. Esquécese ás veces de que estas actitudes intolerantes pouco ou nada teñen que ver cos gobernos das comunidades autónomas nas que se producen. Porque se non se producirían nalgunhas comunidades gobernadas por vostedes mesmos ou gobernadas por partidos nacionalistas. Non hai máis que ir á hemeroteca. Por exemplo: «*Los delitos de odio al colectivo LGTBI descendieron en 2022 en Galicia*». Doutra banda: «*La Lgbtifobia crece en Barcelona*». Non ten nada que ver cos gobernos, senón coas persoas que non son tolerantes.



En Galicia, precisamente para evitar isto, déronse e séguense a dar pasos moi importantes. Vostede o dixo: a creación no ano 2018 dun observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. Un órgano que é moi importante, porque é un órgano de participación que está integrado por todas as asociacións e institucións que traballan en Galicia na defensa dos dereitos LGTBI. Conta ademais cunha dotación orzamentaria anual, quince mil euros este ano, para o seu correcto funcionamento.

O Observatorio é un órgano aberto. Pódense sumar todas as entidades que queiran, todas as entidades que traballan na defensa dos dereitos deste colectivo LGTBI. De feito, neste ano 2023 somouse a asociación Trans Miño LGTBIQ+. Nel, como dicía, trabállase man a man coas asociacións, organizacións e colectivos, que son precisamente as que están máis preto das persoas que por desgracia sofren estas actitudes de homofobia.

En canto á emenda, que volven vostedes pedir que se presenten e se programen os contidos e as reunións do Observatorio... Deste tema, vostede o dicía, xa falamos algunha vez na Comisión de Sanidade. E díxenlle o que lle volvo repetir: o observatorio ten un regulamento propio. Polo tanto, non corresponde a este Parlamento establecer nin a frecuencia nin a periodicidade das reunións deste órgano, xa que son o propio pleno e os seus membros os que o poden solicitar, segundo establece ademais o regulamento no artigo 21. Este di que se reunirá en sesión ordinaria dúas veces cada ano, pero que ademais se poderá reunir con carácter extraordinario cando sexa convocada pola persoa titular da Presidencia por algún motivo de especial transcendencia relacionado coa competencia do observatorio ou pola petición dun terzo dos seus membros.

Vostedes parece que están empeñados en dirixir a súa actividade. Pero é un órgano independente, como debe ser, e traballa dunha forma independente. Non se pode controlar todo. O observatorio traballa, e ademais traballa moito.

Na reunión de 2021 acordou a creación de dous grupos de traballo. Un en materia de educación e deportes, coa finalidade de elaborar informes da situación dos menores pertencentes ao colectivo LGTBI, protocolos de actuación para evitar situacións de discriminación e propostas de acción, sensibilización e visibilización específica. E un segundo grupo para atender as necesidades de colectivos vulnerables, para elaborar precisamente un estudo da situación das persoas que pertencen ao colectivo LGTBI, sobre todo persoas con discapacidade e persoas maiores, e do tratamento do colectivo no ámbito sanitario e para propoñer tamén accións de sensibilización e visualización específicas.

O 22 de novembro de 2022 tivo lugar unha reunión destes grupos, que acordaron os cronogramas e tamén se aprobou o regulamento interno das mesas de traballo. Díciallo tamén a vostede un día: nós no pleno temos pleno e traballamos, pero cando non hai pleno seguimos traballando nas comisións e seguimos traballando nos nosos grupos de traballo. Pois é o mesmo que fai o observatorio; teñen grupos de traballo e traballan acotío e moi duramente. O pasado 10 de febreiro o observatorio reuniuse de novo para expoñer o estado actual dos estudos dos grupos de traballo e tamén se avanzou noutros ámbitos do desenvolvemento da Lei 2/2014.

Respecto do que din na iniciativa de apoiar economicamente as asociacións LGTBI, por suposto que estamos de acordo en que é necesario apoialas e compartimos apoiar as necesi-



dades económicas que poden ter. Pero, dende logo, no que non podemos estar de acordo con vostede é en que digan que algunhas denuncian a escasa colaboración económica. A verdade é que non sabemos con que asociacións falan vostedes, porque moitas outras non opinan o mesmo. Nos orzamentos de 2023 contempláronse corenta e oito mil euros de apoio directo ao movemento asociativo LGTBI, o que implica un incremento con respecto a 2022 de máis do dobre. Ademais, asináronse sete convenios con outras tantas entidades para seguir traballando pola igualdade de trato e non discriminación.

Ademais, co fin de visualizar e divulgar a evolución histórica do movemento LGTBI, realizouse co Consello da Cultura Galega a exposición itinerante *Sen Cancelas*, que vai percorrendo os centros educativos galegos —vostede, que dicía que en Educación non se fai nada—. Unha actividade, ademais, que está enmarcada no calendario de accións da comisión técnica promotora do Foro Identidade e Disidencias Sexuais, que é...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** ...—remato, señora presidenta— un espazo pioneiro de diálogo e debate que busca actualizar a información sobre as necesidades das persoas LGTBI en Galicia.

Polo tanto e xa para rematar, dende o Grupo Popular unha vez máis dicímolo e facémolo. Claro que estamos comprometidos en mellorar a situación das persoas LGTBI en Galicia e por iso é polo que presentamos a nosa emenda.

Moitas grazas, señora presidenta.

Máis nada e moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Iria Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas, presidenta.

Señora Rodríguez-Vispo, dicir que é a lgbtfobia é un problema simplemente de que existen persoas intolerantes é como dicir que ás mulleres nos asasinan uns cantos homes desalmados. *(Aplausos.)* Negar que existe un problema estrutural non axuda máis que a perpetualo.

E non por previsible resulta menos sorprendente a autocompracencia que teñen a respecto de calquera política que desenvolve este goberno. O que sucede coa Lei de igualdade de trato e non discriminación das persoas LGBT tamén é marca da casa do Partido Popular. Unha lei aprobada pero que non se executa.





As persoas LGBT deste país precisamos moito máis que felicitacións, que se poñan bandeiras ou que se deturpen os nosos símbolos. O que precisamos é que se garantan, que se respecten todos e cada un dos nosos dereitos. Falamos de dereitos humanos básicos.

Desde o BNG denunciámos xa no momento da aprobación da Lei 2/2014 que esta era unha lei que nacía con eivas. Nacía sen ningún tipo de compromiso orzamentario, sen atender a problemática que xa daquela supoñían as violencias lgbtfóbicas. Pero unha década despois da súa aprobación o que temos é xa non só un texto escaso, senón un texto que está sen desenvolver. Quero lembrar tamén que desde que se aprobou ata hoxe gobernou sempre o mesmo partido, case a mesma persoa, ata que agora o señor Feixóo decidiu ir facer as Américas.

Permítanme traer a esta sesión plenaria que é o que se recolle na Lei 2/2014, artigo por artigo. Artigo 8. Servizo de apoio á mediación LGBTI: «Apoiarase un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais». ¿Cal é ese servizo de apoio e mediación? Poderían ser os centros Quérote, que naceron precisamente con esa mesma idea, pero o Partido Popular xa se encargou de desmantelalos e de desartellalos a través de orzamentos reducidos e dun incremento nas súas funcións que tampouco levou consigo un incremento do persoal. Desá rede que se deseñou para despregarse por todo o territorio, actualmente quedan cinco centros na Coruña, Lugo, Santiago, Ourense e Vigo. ¿Quen asume en moitos casos estas tarefas? Os CIM, os centros de información ás mulleres, que xa temos denunciado en moitas ocasións que nin son suficientes, nin contan cun orzamento nin con persoal abondo.

Artigo 10. Formación dos corpos e forzas de seguridade: «Os plans de formación da Academia Galega de Seguridade Pública incluírán accións formativas nas que especificamente se recolla o tratamento do dereito á igualdade e a non discriminación das persoas LGBTI. Nestas actividades poderán participar todos os colectivos relacionados coa seguridade pública ou coas emerxencias aos que se dirixa a acción da Academia Galega de Seguridade Pública». ¿Que sucede na realidade? Que temos unha taxa de infradenuncia de delitos lgbtfóbicos do noventa por cento; de cada dez agresións lgbtfóbicas só se chega a denunciar unha. E ¿por que? Un dos motivos máis frecuentes que aluden as persoas enquisadas é que teñen medo a non ser tomadas en serio á hora de efectivizar esa denuncia polos corpos e forzas de seguridade. No día de hoxe temos casos de persoas LGBT no noso país que chegan fisicamente ata o lugar de denunciar unha agresión e o que reciben é desprezo e desdén por parte desas persoas.

Artigo 12. Punto 3: «A Administración autonómica promoverá a elaboración dun estudo no que se visibilice a situación das persoas LGBT para os efectos de coñecer a súa situación laboral e as medidas que se deben adoptar para loitar contra a súa posible discriminación no ámbito das empresas públicas e privadas». Hai máis dun ano que pedimos un estudo específico xa non só sobre as persoas LGBT, senón sobre a situación das mulleres trans no eido laboral, as que soportan unha maior precariedade. O Partido Popular votou en contra, porque seica xa estaban facendo ese estudo que recolle a lei, que xa estaba a puntinho, a piques de ser publicado. Xuño de 2023 e, ¡sorpresa!, aínda non temos nada.



Capítulo III. Medidas no ámbito familiar. Artigo 17. Medidas de prevención e a favor da visibilidade: «Os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de familia e igualdade, así como os gobernos locais, poderán establecer programas de información dirixidos ás familias co obxecto de divulgar as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos familiares e combater a discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero no ámbito familiar. En particular, incidirase na información e promoción da igualdade de trato daquelas persoas LGBT máis vulnerables por razón de idade (as e os adolescentes, mozos e mozas e terceira idade) e xénero (mulleres), para os efectos de garantir o pleno gozo dos seus dereitos e o libre desenvolvemento da súa personalidade no ámbito familiar».

¿Que temos hoxe? Que para moitas persoas LGBT a familia aínda non é un espazo seguro; que moitas persoas LGBT viven como un punto crítico saír do armario nas súas propias casas; que moitas persoas LGBT sofren violencia lgbtfóbica dentro das súas propias familias. ¿Cantos programas de información dirixidos ás familias leva posto en marcha a Xunta de Galiza?

Artigo 19. Medidas de información e formación do persoal sanitario: «A consellería competente en materia de Sanidade garantirá a información que recolle a OMS a todas as persoas que traballan no ámbito da saúde, tanto no público coma no privado ou concertado. Para iso, a consellería promoverá campañas e cursos de formación sobre os aspectos, problemas e necesidades específicas das persoas LGBT no ámbito sanitario». ¿Que hai na realidade? Un curso voluntario sobre información básica de que é ser gai, ser lesbica ou ser trans e pouco máis. Problemas e necesidades específicas, ningunha; obrigatoriedade, tampouco.

Artigo 20. Transexualidade: «Garantírase a atención sanitaria segundo a necesidade e o criterio clínico das prácticas e para as terapias relacionadas coa transexualidade». Non deixa de ser significativo que a única mención que existe na lei ás persoas trans sexa dentro do capítulo de Sanidade. Pero é que, ademais, resulta ata insultante cando as persoas trans denuncian que no día de hoxe reciben transfobia continuada no Sergas; incluso nas propias unidades de xénero, o que resulta aínda máis grave.

Artigo 21. Campañas de educación sexual: «A consellería competente en materia de Saúde tratará de xeito específico a realidade LGBT nas campañas de educación sexual e de prevención de enfermidades de transmisión sexual. En concreto, garantirá a realización de campañas efectivas de concienciación respectuosas e inclusivas; realización de campañas de visibilización e información do tratamento de profilaxe postexposición para evitar a aparición do VIH; e campañas destinadas ás mulleres que teñen relacións sexuais con outras mulleres».

A pesar das múltiples denuncias que ten recibido o Plan galego antiVIH e outras enfermidades de transmisión sexual, expirado hai xa cinco anos, por vincular a homosexualidade cun maior consumo de drogas ou cunhas prácticas sexuais proclives a contraer a sida, o plan non foi modificado. Non se redactou un novo libre de estigmatización e dos estereotipos que contén o anterior, senón que segue prorrogado no día de hoxe. Por suposto, das campañas dirixidas ás mulleres que teñan relacións sexuais con mulleres nada se sabe. E, como nota a pé de pá-



xina, a educación sexual fai falta para todas, porque ser cisheterosexual non provoca un coñecemento automático nin das fases da sífile nin de como previr gonorrea ou clamidia.

Artigo 22. Inclusión da realidade LGBT nos plans de estudos: «A consellería competente en materia de Educación incorporará a realidade LGBT nos contidos transversais de formación a todo o alumnado». As persoas LGBT non existimos nos currículos escolares, máis alá da propia vontade do profesorado que si se preocupa por educar en igualdade. E non só iso, o Partido Popular votou de xeito reiterado en contra de elaborar e implantar un plan de educación afectivo-sexual nas escolas galegas.

Artigo 23. Actitudes: «A Administración educativa galega fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios por orientación sexual ou identidade de xénero».

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade: «Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero». O que sucede no día de hoxe é que os centros de ensino, as escolas, non son espazos seguros. A lgbtfobia é un motivo frecuente de acoso escolar. O sesenta e cinco por cento das adolescentes de secundaria presenciaron algún tipo de agresión lgbtfóbica nas aulas de educación física.

Artigo 27. Centro de documentación: «O órgano competente da Comunidade Autónoma favorecerá a creación dunha sección específica na Biblioteca de Galicia sobre o feito LGBT en materia de orientación sexual e de identidade de xénero». Que me corrixan se erro, pero xuraría que non lle escoitei nada hoxe ao señor conselleiro pola mañá na súa comparecencia acerca desta sección, así que quedará sen crear.

Disposición adicional. Información ao Parlamento de Galiza: «A Xunta de Galiza remitíralle ao Parlamento de Galiza con carácter trianual un informe sobre a aplicación desta lei». O último informe sobre a aplicación da lei é do 2017. Último e único. Van seis anos. Tiñamos que ter dous xa novos e aínda non temos ningún. Tamén é certo que ¿que se vai recoller nese informe? ¿Cales son as medidas que se levaron a cabo? ¡Ningunha! Tanto ten que atendamos a medidas de calado ou a cuestións máis simbólicas, esta lei —escasa xa de base— no día de hoxe continúa sen desenvolver.

O certo é que, pese a todo, avanzamos moito desde 2014. Moito. Debémollos sobre todo ás persoas LGBT e a todas as organizacións que levan anos traballando e loitando nas institucións e nas rúas polos nosos dereitos. Porque a loita do colectivo LGBT atínxenos a todas, identifíquense ou non como disidentes sexuais ou de xénero. Imos seguir avanzando coa Xunta de Galiza ou sen ela e, sobre todo, a pesar do Partido Popular.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.



Pecha a autora da proposición non de lei, dona Noelia Otero.

**A señora OTERO LAGO:** Eu animo de verdade a que se lea con detemento e con todo o respecto a conclusión do informe do documento do Consello da Cultura Galega. Son datos sobre a realidade dos colectivos e asociacións que traballan na nosa comunidade, absolutamente desamparados por parte da Administración, cunha sobrecarga de traballo evidente; e máis nos últimos tempos.

Son afirmacións durante todos estes meses dos propios colectivos e asociacións, que —insistimos, por algo será— onte dixeron «xa abunda» e negáronse a participar na farsa de xuntar o Observatorio Galego contra a Discriminación para darlle á nova conselleira o gusto de sacar unha foto e publicala na prensa. (*Aplausos.*) Non son afirmacións de colleita propia.

Presumir de que no orzamento máis expansivo da Xunta de Galicia o Goberno destina 48.000 euros ao conxunto ás dúcias de asociacións e colectivos que traballan en materia de sanidade, de educación social, de igualdade contra as violencias LGTBIfóbicas, etc., etc., etc., 48.000 euros —que antes eran 20.000—, xa dá para pensar.

Comunidades dicía, si, claro que si. Porque agradécense as boas palabras, agradécese o ton, pódense discutir moitas cousas, pero os feitos, son os feitos. Valencia, Aragón, Baleares. Capitais como Valladolid, Burgos, Toledo, Ciudad Real ou Guadalajara; cidades e vilas como Xixón, Ponferrada, Elxe, Molina de Segura, Murcia, Torrijos, Bormujos... Todas foron convertidas xa, por escrito, no laboratorio de ideas da alianza entre o Partido Popular e Vox, varrendo as políticas en defensa dos dereitos das persoas LGTBI, ademais das mulleres. (*Aplausos.*) Un retroceso insólito e histórico. Nestes lugares, señoras do Partido Popular, gobernarán pechando departamentos específicos, xa o están a facer, que traballan con políticas específicas fronte ás violencias machistas e departamentos específicos que traballan contra a discriminación das persoas LGTBI, con acordos, para silenciar e negar a propia existencia do machismo e os dereitos das persoas LGTBI. Lamentamos, profundamente, que estean asumindo nun partido como o seu este retroceso, este ataque e este odio a través das propostas de Vox. Compañeiros de Goberno, durante os vindeiros catro anos. Si, por escrito. En 140 concellos, 23 grandes cidades, comunidades como Valencia, Baleares ou Aragón. Dando a Presidencia a negacionistas das vacinas, do machismo, do cambio climático... Dicindo que as persoas LGTBI son enfermos que teñen que someterse a terapias de conversión. A esas persoas, vostedes, estanas situando á fronte de comunidades autónomas das principais institucións. Estamos nese punto de gravidade, nin máis nin menos. Non a que lles fala e iso está así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Polo tanto, esa virulencia, ese escoce, empréguenla para marcar liñas vermellas. Non coma os da señora Guardiola en Estremadura, que as cambia dunha semana para outra. De verdade, como demócratas para marcar liñas vermellas de verdade. Non estamos dispostos e non estamos dispostas a dar un paso atrás e retroceder, como dicíamos, e volver a un pasado absolutamente reaccionario.

Nós o que pedimos aquí é que cumpran a lei, a lei galega que se cumpra, que non se desenvolve; non se desenvolve e non conta con recursos. Onte mesmo, etiquetábanos nunha pu-



blicación unhas nais que viñan de facer unha matrícula para a escola pública, para un colexio: nome do pai, nome da nai. Pedían... Iso está tamén contemplado na Lei LGTBI do 2014. A documentación administrativa non é igualitaria, non cumpre coa lei. Podemos pasar do máis básico, dun papeliño que nega a identidade e a realidade das persoas LGTBI na nosa comunidade e na educación pública, á sentenza, por exemplo, condenatoria ao Sergas por incumprir a lei e negar os seus dereitos a unha muller transexual como Sara Romero. Sentenza firme e pioneira a nivel estatal contra o Sergas dende hai pouco.

Así que nós, de verdade, o que pedimos é que aproben —teñen hoxe a oportunidade— unha iniciativa que pide cumprir a lei. Pide que un observatorio que se ten que reunir, que ten que ter actividade, que ten que loitar contra a discriminación destas persoas, teña actividade, teña contido, que non se converta nunha fotografía anos despois. Porque xa abonda.

E nós, de verdade, o que pedimos é que loiten xunto a nós polo desenvolvemento das leis do conquirido, polos dereitos que son os nosos, os seus, dos nosos familiares, fillas, fillos, dos seus veciños, veciñas, e absolutamente de todo o mundo. *(Aplausos.)*

Teñen hoxe unha oportunidade de blindar e comprometerse ao que xa temos aprobado e acordado neste Parlamento hai anos, que, por desgraza, polo de agora, como vimos reclamando dende hai moito tempo xunto a sindicatos e moitos organismos, non se cumpre.

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para determinar normativamente os criterios de destino das doazóns de material ao sistema público de saúde**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A esta proposición non se presentaron emendas. Para o seu debate, por dez minutos, ten a palabra don Julio Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

Traemos hoxe unha proposta que cremos bastante sinxela e bastante directa a este Pleno, e que ten que ver cunha cuestión que, xa trasladamos mediante comisión en preguntas ao Goberno, pero que ás veces os membros do Goberno non teñen días afortunados, atrapallouse bastante. E o Goberno foi incapaz de explicar realmente que está pasando con algúns problemas das doazóns de maquinaria, de tecnoloxía sanitaria a centros privados. Un problema que tamén quixo afrontar, ou máis ben esconderse del, o presidente Rueda e que tamén se atrapallou un pouco coas explicacións.



Verán, ten que ver coa relación entre o sistema sanitario público e o privado. Evidentemente, o sistema sanitario privado, é non só lexítimo senón importante en calquera país avanzado, ten a súa lexitimidade e a súa forma de funcionar. Ademais, desa maneira paralela, traballa en relación co sistema público, existen puntos de confluencia nos que tamén o sistema público ou privado colaboran ou participan.

Esta participación debe ser, innegablemente, desde o noso punto de vista, puntual e circunstancial. Non pode converterse en algo habitual, nin sequera que existan unhas pasarelas perigosas, porque sempre acaban favorecendo aos mesmos; unhas pasarelas nas que o sistema público acaba converténdose, como o converte o PP habitualmente, en *pagafantas* do sistema privado. Isto é o que acaba pasando, o Sergas, que somos todos, e que pagamos entre todos, acabamos sendo os *pagafantas* do sistema privado. Isto non pode ocorrer e isto é o que basicamente está pasando en Galicia. (*Aplausos.*)

Para ir máis ao concreto: o sistema sanitario público debera ter a capacidade de financiarse plenamente con recursos públicos. E esta si que debera ser a famosa idea dun pacto, dun entendemento sobre a sanidade; ao final, falar de financiamento é falar do sistema fiscal. Polo tanto, o Partido Popular cando lles retira impostos aos que teñen máis, aos máis ricos, o que fai é denigrar os servizos públicos e pasan algunhas cousas como esta.

Dentro do sistema público, que debera ter a capacidade de financiarse por si só, existen algunhas veces doazóns, que sempre serán benvidas e son, evidentemente, unha boa nova.

É certo que amosan eivas. A necesidade de recibir doazóns dalgunha maquinaria que non pode comprar ou que non afronta a comprar o sistema público amosa unha eiva. En realidade é un problema ter que asumir que nos teñen que pagar sistemas ou maquinarias que o sistema público non pode pagar, porque non está ben financiado.

En todo caso, sendo unha boa noticia sempre que existan, entramos en materia: ¿que sucede co material que doan persoas, entidades, colectivos ao sistema público, neste caso ao sistema público de saúde? Pois vostedes dirían: se alguén lle doa unha máquina, unha tecnoloxía sanitaria, uns instrumentos ao sistema público de saúde, o sistema público de saúde usarao ou terao nalgún dos seus lugares, cos seus profesionais, funcionando como debera funcionar. Isto é o lóxico, e como todo o que é lóxico, o Goberno do Partido Popular non o fai. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É basicamente así, (*Aplausos.*) como é lóxico e é natural, e ten dous dedos de fronte, o Partido Popular non o utiliza.

Porque vostedes dirán: ¿pero como pode ser que unha doazón que se fai ao sistema público de saúde non se utilice no sistema público de saúde? E vostedes preguntaranse iso. E preguntaranse con razón. E sorprenderanse ao saber que ocorre, pero, efectivamente, así é.

Hai algúns casos coñecidos. Vou centrarme, evidentemente, como todos podían esperar —non son moitos tampouco—, nalgún especialmente coñecido en recentes datas: maquinaria de tecnoloxía oncolóxica doada ao Sergas, doada nun proceso que inicia en 2013 e finaliza en 2015, ou chega o material en 2015; hai oito anos. —Queden con este dato, ten que ver despois coa historia: 2015—. É dicir, hai oito anos chega maquinaria, tecno-



loxía oncolóxica, importante, para traballar ou para mellorar o diagnóstico e tratamento de cancro en Galicia.

¿Que ocorre con isto? Ben, pois ocorre que o Sergas decide que esa maquinaria vai ir a un centro privado. É máis, vai a un centro privado no que, ademais, non só é que exista concerto co propio Sergas —si, pódese argumentar— senón que a utilizan pacientes da entidade privada, con aseguradoras privadas, con sistemas mutualistas privados que non teñen nada que ver co Sergas.

Trátase dunha situación aparentemente absurda. ¿Que é o normal? Pedirle explicacións ao Sergas, ou á Xunta de Galicia, ou ao Goberno Galego. ¿Que fai a Xunta de Galicia? Argumenta dúas cousas: a primeira —ía empezar pola que é peor, pero sigo sen saber cal é máis absurda das dúas, entón vou empezar por unha—: o centro non é privado de todo porque a Xunta participa —30 %— como patrón dunha fundación e entón non é privada.

Ben, é un argumento moi interesante. Con base nisto, calquera fundación na que a Xunta participe cun 1 % podería recibir persoal público, medios públicos na súa totalidade, podería recibir calquera tipo de doazón doutro material. É dicir, con que a Xunta participe nun 1 % nunha fundación privada, podería recibir calquera tipo de beneficio que ten o sistema público, en igualdade de condicións, o cal creo que por si só parece un absurdo.

Pero a segunda argumentación —que é moito mellor— é a que dá o presidente da Xunta de Galicia: é que están esperando que exista o sitio, o sitio no Hospital da Coruña, en realidade neste caso, o lugar físico para poder poñelas.

E agora voulles lembrar outra vez un dato que lles pedín antes que se acordaran. Hai oito anos. O cal significa que o presidente da Xunta está recoñecendo, con toda tranquilidade, que en oito anos, este Goberno é tan incompetente que foi incapaz de habilitar un espazo nun hospital público para poñer a funcionar tecnoloxía oncolóxica, que naquel momento era de última xeración e axudaba moitísimo aos tratamentos oncolóxicos, pero non está funcionando porque non atoparon onde poñela. (*Aplausos.*)

Por se acaso todo isto non fose suficiente para sentirse abraiado pola situación, o Consello de Contas —que entendo eu que é unha institución á que hai que facerlle caso—, argumenta que non está debidamente xustificada aquela doazón, que o Sergas colle e deriva a un centro privado. E apunta, por se acaso, para esta argumentación, que o centro é participado pola Xunta de Galicia, apunta —leo literalmente— «que presta servizos en condicións de mercado». Para os que somos neófitos: é un centro privado e cobra por iso.

Por tanto, volvo recompilar: a Xunta de Galicia recibe unha doazón de material ou tecnoloxía oncolóxica de última xeración, e en vez de destinala a algún lugar, porque non atopa un lugar onde poñela —lembro a argumentación do señor Rueda—, destínaa a un centro privado e oito anos despois di que aínda está buscando o sitio.

Basicamente, isto xa de por si sería tan sorprendente que a alguén debería caerlle a cara de vergoña. Pero, como todas as historias con este Goberno, aínda hai unha volta máis de torca,



porque como ese centro recibe pacientes concertados do sistema público, ¿que ocorre coa maquinaria oncolóxica, que o Sergas recibía en doazón e que decidiu non quedarse, porque dixo que non atopaba un sitio, e destinou a unha clínica privada?

Cando o Sergas manda á clínica privada os seus pacientes, do sistema público, concertados, págalle á clínica privada por usar a máquina que é do Sergas. O Sergas colle unha máquina, regálala e cando recibe pacientes e os deriva, ten que pagarlle a aquela clínica, porque aquela clínica está utilizando una máquina que é do Sergas. *Pagafantas* é pouca cousa. (*Aplausos.*)

Pero o problema de ser *pagafantas* é que estano facendo vostedes, dándolle diñeiro a unha clínica privada co diñeiro de todos. Se o fan co de vostedes serían *pagafantas*, pero que nolo fagan ser a todos xa é un pouco máis complicado. O que é peor: a clínica está cobrándolle aos pacientes que recibe das mutuas privadas por usar unha máquina que non é dela.

Por se lles vale con outro exemplo: é como se eu regalo un coche a un amigo. E ese amigo, con ese coche, pásamo a min para que eu cobre por usalo como taxi e cando se monte el no coche tamén lle cobro, pero paga el a gasolina. Absurdo, por todos os lados. O Sergas evidentemente atrapallouse. O señor Rueda —digamos— atrapallouse un pouco á hora de intentar explicar isto, porque non hai por onde collelo. E a partir de aí basicamente o que fixo foi intentar agocharse.

Agocharse ou ocultarse non resolve os problemas, nunca. Permítanme unha paréntese: isto funciona sobre unha xestión ineficiente do Sergas, funciona sobre as políticas de igualdade, funciona sobre o medio ambiente... Agocharse nunca é a solución, e vostedes están agochando demasiado a cabeza. Ollo con iso.

Polo tanto, nós traemos unha proposta a este Parlamento. Non parece tan complicada. ¿Que di esta proposta? Que nas doazóns que cheguen ao sistema público de saúde establezamos unha norma que ditamine onde teñen que ir. Polos criterios que se consideren, pero que a onde teñan que ir sexa un centro de titularidade pública, de xestión pública e no que se trate os pacientes do sistema público. É dicir, que aqueles bens instrumentais que sexan do sistema público de saúde se usen para os pacientes do sistema público no sistema público de saúde.

Isto, que parece extremadamente lóxico, hai que pedilo. ¿Por que? Porque como é lóxico o Goberno non o fai. Por tanto, nós ¿sorprensidos da incapacidade deste Goberno para resolver estas dúbidas? ¿Sorprensidos de que haxa que chamarlle a atención de tal maneira? ¿Deste absurdo tan enorme no que entrou e da incapacidade de explicalo? Porque probablemente non teña moito que explicar, senón recoñecer que o fixeron mal a propósito.

Nós propoñemos que resolvamos esta situación para este caso e para todos. Porque este sa-bémolo, pero hai moito casos que poden existir no sistema e dos que aínda non sabemos. Polo tanto, cremos que hai que resolvelos canto antes.

Moitas grazas.





(Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona María Monserrat Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

Hoxe estamos a falar nesta iniciativa que presenta o Partido Socialista dunha peza máis, dun novo capítulo das actuacións do Partido Popular para facilitar o negocio da sanidade ás empresas privadas. Sobre o que estamos tratando o BNG xa presentou iniciativas e pediu documentación por medio do artigo 9. E, coma sempre, o que fai o Partido Popular é trasladar unha información que non é a que se lle pide.

En todo caso, do que estamos a falar é de que o Consello de Contas, a finais do ano 2022, publicou o que lle chamou «Informe de fiscalización da contratación dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Sergas». ¿Que significa esta cousa así tan longa? Unha cousa que veu en chamar o Partido Popular o tema do «socio tecnolóxico». Dentro desa outra cuestión, ese termo que introduciu de «colaboración público-privada», como unha cousa marabillosa onde *lo público y lo privado interaccionan, se complementan*, actúan para o ben común... Todo iso para xustificar que os recursos públicos se drenen, a poder ser a canta máis velocidade e en canta máis cantidade posible, cara á sanidade privada.

Esa figura do socio tecnolóxico non era outra cousa que establecer un mecanismo polo cal as empresas privadas facían a avaliación de que recursos tecnolóxicos necesitaba o Sergas, onde había que colocalos e poñíanos. Decidían como e cando, cando había que repoñelos e demais. Basicamente tratábase diso: un mecanismo polo que se permite a eliminación de barreiras para a introdución do sector privado na sanidade pública, a introdución de provedores de servizos sanitarios, a libre circulación de empresas sanitarias privadas polo sistema sanitario.

Un mecanismo que significa que a Consellería de Sanidade, en mans do Partido Popular, deixou en mans de empresas privadas as decisións das prestacións sanitarias en radioloxía, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia. Nin máis nin menos. Porque todo este tipo de probas son pezas fundamentais da asistencia sanitaria.

¿Que significa tamén? Un paso máis na descapitalización do sistema sanitario público. Porque o que fai é que con eses dispositivos e esa tecnoloxía os profesionais públicos que fan esa avaliación e que fan esas probas sexan substituídos por profesionais privados. Unha descapitalización en toda regra. Responder ao modelo de neoliberalismo puro e duro aplicado a



algo tan esencial como é a sanidade pública, que tiña que ser un servizo esencial. O Partido Popular, conxuntamente con outras organizacións políticas que gobernan noutros moitos sitios, convertérono nun negocio en vez dun servizo esencial. (*Aplausos.*) Digo isto porque creo que é bo contextualizar por que fan as cousas.

Nese marco é onde fiscalizou o Consello de Contas, unha una figura iniciada no ano 2013 que logo foi efectivizándose. Neste informe, o Consello de Contas fai unha avaliación deste procedemento de contratación, iniciado polo Sergas no ano 2013, que denominou «contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado» para dispoñer diso que chamaron de «solución global». Moi beneficiosa. Todo moi limpo e moi pulcro.

Trátase dun contrato que ten por obxecto esa renovación tecnolóxica, volvendo dicir o Partido Popular que non ten capacidade para endebedarse. Supoño que todos imos lembrar da mesma figura co Hospital Álvaro Cunqueiro, que responde a este mesmo modelo. Non ten capacidade para endebedarse. Si tivo a Xunta do Partido Popular capacidade para buscar financiamento ás empresas que quebraron e para falar cos bancos para darlles créditos. Pero non tiña capacidade para facer iso por si mesma. Non, tiña para as entidades privadas, pero para a propia Administración non tiña esa capacidade.

O obxecto era a renovación tecnolóxica deses dispositivos de alta tecnoloxía empregados no diagnóstico e no tratamento de enfermidades moi sensibles, fundamentalmente en moitos casos cancros e cuestións graves.

Neste contrato o Sergas incluíu, dentro das súas necesidades tecnolóxicas, as dotacións doutras entidades que lle presten servizos, incluído o Centro Oncolóxico da Coruña. Un centro oncolóxico co que o Sergas ten establecido un concerto singular polo cal presta servizos á poboación da área sanitaria da Coruña-Cee, de Ferrol e de Lugo-A Mariña-Monforte.

¿Que di o informe do Consello de Contas? Que dentro desas necesidades que estableceu o Sergas decidiu que para este centro oncolóxico tiña que ir un acelerador lineal por un prezo estimado de un millón novecientos mil euros e un PET cun valor estimado de un millón catrocentos trinta mil euros. Calderilla. Coma sempre, parece calderilla.

E ¿que di o Consello de Contas no seu informe de fiscalización a respecto desta inclusión do centro oncolóxico nisto? Fai as seguintes consideracións. Di que é unha entidade suxeito a dereito privado que ten o obxecto de prestar servizos, pero di que se trata dunha entidade de natureza privada na que o Sergas forma parte do seu padroado. Moi ben. É un operador libre de mercado, no sentido de que presta servizos de natureza sanitaria no mercado en condicións de competencia co resto de operadores sanitarios. Di que non forma parte do sector público. Estou lendo textualmente o informe do Consello de Contas, que é un órgano estatutario creado por vontade do pobo galego a través deste Parlamento.

Di que non forma parte do sector público, xa que non reúne os requisitos establecidos na Lei 16/2010 para ser considerada unha entidade do sector público autonómico. Di tamén que vén relacionándose co Sergas de forma recorrente ao longo do tempo mediante relacións contractuais para a prestación dos servizos sanitarios mediante a fórmula de concertos. Non



é unha peza máis do sistema público. Non forma parte do sistema público, senón que o Sergas o que fai é toda unha serie de acordos pola vía dos concertos, igual que fai con outros hospitais privados.

Dí o Consello de Contas, igual que di que no contrato de servizos con esta entidade se establece unha cláusula, que lle chaman «Cláusula 10. Regulación da actividade», que prevé una compensación por parte da entidade... É dicir, isto que veu o director xeral de Asistencia Sanitaria aquí ao Parlamento explicar que non cedeu equipos —dixo o señor Aboal que non cedeu equipos—; púxoos á disposición, que non é o mesmo. Claro, todo o mundo sabe que no están cedidos. Ponos á disposición, decide que están no centro oncológico, que o centro oncológico atenda a poboación que vén da pública, pola que cobra á parte pola vía do concerto e á parte a súa actividade privada.

E ¿que di con respecto a iso? Di que ten que compensar o centro oncológico ao Sergas por ter esas máquinas para atender a poboación privada. E ¿que di o Consello de Contas a respecto diso? Que este proceder podía estar amparando de forma indirecta unha subvención. É dicir, é que non deixa títere con cabeza o Consello de Contas a respecto de como o Sergas, o Partido Popular, permite e favorece a actividade privada a un centro con recursos públicos.

E ¿que segue dicindo o Consello de Contas? Que o centro oncológico atende simultaneamente doentes procedentes da derivación que lle realiza o Sergas e de doentes privados. Que a súa memoria de actividades do ano 2021 recolle importe de peso da actividade privada: o sesenta e tres por cento das consultas proveñen de persoas con seguros privados, ao igual que o trinta e oito por cento dos seguimentos. É dicir, que unha parte importante do volume da súa actividade vén do sector privado. ¡Ah!, pero usa os recursos públicos, a tecnoloxía pública, sexa pagada con recursos públicos ou *de la donación benéfica de un* altruísta ao que logo non se cobran impostos. Pero, en todo caso, pertencentes ao sistema público. E di que consideran preciso que o Sergas rectifique isto.

E no BNG consideramos que, efectivamente, hai que rectificalo. Non poden vir sempre con ese uso fraudulento da terminoloxía; que cando dicimos «cesión fraudulenta de equipos» digan que non é cesión, que é «poñer á disposición». Non pode ser que digan que forma parte da rede do Sergas, cando unha entidade como o Consello de Contas di que non, di que é un operador libre de mercado na actividade sanitaria.

É dicir, todo un despropósito que, como dicía ao principio, é unha peza máis de como o Partido Popular na Xunta de Galicia actúa continuamente para drenar o maior número de recursos públicos cara ás empresas da sanidade privada, na súa maioría incluso empresas de fóra de Galiza que se poñen as botas. (*Aplausos.*)

Actúa para descapitalizar o sistema público para que cada vez dependa máis do sistema privado. Iso é o que leva facendo catorce anos o Partido Popular. Polo tanto, coa actuación do Partido Popular a sanidade pública sempre perde e a sanidade privada sempre gana, porque o Partido Popular non sabe facer outra cousa que poñerlles a alfombra vermella.



Polo tanto, imos apoiar a iniciativa do Partido Socialista e sería bo que o Partido Popular non se agochase detrás dese relato e de vez en cando asumise os informes dos órganos estatutarios. Para iso os constituímos, para que...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora PRADO CORES:** ...analicen que fai a Administración. Eses informes deberían ser lei, pero para o Partido Popular só son lei os informes que lle dan a razón.

Moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra don Alberto Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidenta. Señorías.

Non é fácil dicir isto neste Parlamento, pero en poucas ocasións imos ter a oportunidade de debater unha iniciativa que acumule tal número de inexactitudes e falsidades como esta PNL. Estamos —efectivamente, xa sei que me repito, señorías— ante un capítulo máis da estratexia da esquerda galega para acusar o PP de privatizar a sanidade pública galega. Creo que o señor Torrado o denominou «atrapallar» ou «entrampallar» ou algo así.

A realidade é outra. A realidade é que a sanidade pública galega nunca tivo máis orzamento, máis profesionais e máis recursos dos que ten neste momento. E, claro, dino eses informes dos que vostedes len algúns parágrafos, pero dos que ocultan as partes que non lles gustan. Como esas partes que din que hoxe traballan sete mil profesionais máis nesa sanidade ou que, fronte aos 3.600 millóns que dedicaba á sanidade o Bipartito, estamos en 4.972 millóns.

Do mesmo xeito que podemos afirmar iso, podemos afirmar que nunca se dedicaron máis recursos públicos dos galegos a financiar a sanidade privada que cando gobernaron Galicia o PSDG e o BNG, como amosan tamén eses informes do Consello de Contas que a vostedes non lles interesa ler. Acreditan que dende que gobernamos estamos case dous puntos por debaixo nos concertos do que dedicaban vostedes. Pero esta parte a vostedes non lles gusta.

A realidade é que nos atopamos ante un exercicio de manipulación impúdico e mal intencionado, que ten como único obxectivo enganar os cidadáns, facéndolles crer que a Xunta de Galicia cedeu tecnoloxía médica doada ao Sergas para unha clínica privada. E imos deixar o primeiro claro: é mentira. Radical, absoluta e totalmente mentira.

O Sergas asinou un convenio para poñer tres equipos doados pola Fundación Amancio Ortega á disposición, efectivamente, dun consorcio público. Este consorcio está formado pola Xunta



de Galicia, que participa nun 57 por cento —non nun 30 por cento—; polo Concello da Coruña, que participa nun 14,3 por cento; e pola Fundación Centro Oncolóxico Rexional José Antonio Quiroga y Piñeyro, que participa no resto, o 28 por cento. Ademais, carece de ánimo de lucro.

Polo tanto, efectivamente non existe cesión de equipos, senón unha posta á disposición temporal. Hai unha diferenza substancial, porque os equipos seguen a ser da titularidade do Sergas. Efectivamente, serán ubicados definitivamente no novo CHUAC cando xa estean alí habilitados os servizos de radioterapia e medicina nuclear.

Non existe, polo tanto, beneficio económico privado, porque o único beneficio que se obtivo deste equipo foi o que conseguiron os máis de trinta mil pacientes que se beneficiaron desa tecnoloxía, cuxa doazón foi durisimamente criticada pola esquerda máis rancia deste país.

Por certo, xa aproveito para, no nome destes corenta e dous deputados do Partido Popular de Galicia e da inmensa maioría dos galegos, darlles as grazas a Amancio Ortega e a todos eses filántropos que doan gratuitamente pola súa xenerosidade, polo seu compromiso e polo cariño que teñen con España e con Galicia. *(Aplausos.)*

Pero o máis sorprendente de toda esta patraña é que tanto o convenio como o decreto de constitución deste polémico consorcio están asinados por unha conselleira de Sanidade socialista, a señora Rubio, e por un presidente da Xunta de Galicia socialista, o señor Touriño. Por certo, como debería saber a representante do BNG, porque foi documentación facilitada a través do artigo 9.

*(O señor Pazos Couñago amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Aquí teño o convenio de creación do consorcio que asinaron vostedes e o decreto de creación do consorcio asinado en 2008 polo señor Pérez Touriño. ¡Home! Foron a señora Rubio e o señor Touriño os que en 2008, en atención «á capacidade do hospital monográfico da Fundación», decidiron crear un «consorcio sanitario de natureza pública». Repítollo: decidiron crear un consorcio sanitario de natureza pública.

Se miran vostedes o convenio observarán que ao final hai tres sinaturas. Son as de María José Rubio, conselleira socialista de Sanidade; Javier Losada, alcalde socialista da Coruña; e o señor José Antonio Quiroga. Isto é o que o señor Torrado denominou «os pagafantas». Estes son os pagafantas. Os pagafantas que, segundo vostedes, crearon unha clínica privada. É unha cousa sorprendente.

Eu teño que dicir que creo sinceramente —isto dígoo de corazón— que cualificar de clínica privada un hospital fundado grazas ao mecenado de José Antonio Quiroga é unha absoluta falla de respecto á súa memoria e ao labor da fundación que continúa coa súa obra filantrópica. Unha obra que mereceu moitos recoñecementos, entre eles a medalla de ouro da Asociación Española contra o Cancro e, por suposto, —e hai que dicilo tamén— o recoñecemento unánime de toda a sociedade coruñesa. Que lle propuxo, por certo, unha merecidísima homenaxe polo seu labor filantrópico en favor da cidade da Coruña.

Eu recomendaríalles que botasen unha simple ollada ao padroado desta fundación. Está presidido, por certo, polo señor José Luis Calvo Pumpido, que a verdade é que eu sabía que se



dedicaba a negocios, pero non sanitarios. Del forman parte persoas tan sospeitosas como Alfonso Rueda, Julio García Comesaña, Inés Rey García, o presidente da Xunta Provincial da Asociación Española contra o Cancro da provincia da Coruña, o seu homólogo de Lugo, o de Ourense e o de Pontevedra. Segundo vostedes, son xente que está facendo negocio coa oncoloxía no noso país.

Se a pesar de todo isto que lles acabo de relatar están dispostos a manter que nos atopamos ante unha clínica privada con ánimo de lucro, deberían vostedes aclarar algunha contradición evidente. Porque o Concello da Coruña neste momento está a tramitar un convenio para ceder todos os seus dereitos ao consorcio; todos os dereitos que ten sobre o edificio que alberga esa suposta clínica privada. Eu pregunteille a unha compañeira a ver se cambiara o Goberno da Coruña e eu me esquecera. Pero non, parece ser que seguen gobernando o PSdeG e o BNG. E están gratuitamente cedendo todos os seus dereitos sobre un edificio que é o edificio que alberga esta clínica privada, segundo vostedes. E cédeno gratuitamente.

Cabe preguntarse: ¿está a señora Inés Rey cedendo un edificio do Concello a unha entidade con ánimo de lucro? ¿Está o BNG consentíndoo? Deberían aclaralo. Porque onte mesmo houbo unha reunión do padroado para este tema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois sorpréndese un escoitando certas cousas.

¿Opóñense vostedes —pregunto— a que os pacientes das mutuas se beneficien desta tecnoloxía, cando o están facendo, por certo, exactamente nas mesmas condicións nas que se benefician desta tecnoloxía cando está ubicada nun hospital público? ¿Ou é que un mutualista...? Estou mirando un mutualista que me fai acenos de que non. Eu preguntolle se vostede, como mutualista, considera que non debe ter acceso a esa tecnoloxía. Evidentemente, pagando o seu uso a mutua da avogacía no seu caso, como sería no meu. ¡Que é exactamente como se fai en todos os hospitais públicos de Galicia e é exactamente igual que se fai neste hospital, que está xestionado por un consorcio público! ¡Vostedes levan aquí un bo rato insultando todas as xentes que están traballando alí e faltando á verdade dunha maneira flagrante e escandalosa! É indignante o que se escoitou hoxe aquí. ¡Indignante! (*Aplausos.*)

Cando ademais o seu Goberno municipal está a facilitar a ubicación desa clínica gratuitamente. ¡O edificio! Señora Prado, fale cos seus compañeiros no Concello da Coruña. Tiveron unha xuntanza onte mesmo. ¡Ontes mesmo! (*A señora Prado Cores: ¡Non ten medida!*) ¿Pero como que non teño medida? O que non ten vostede é vergonza. (*Murmurios.*) Pero, se quere, doulle o borrador do convenio. Téñoos á disposición. Non teño ningún inconveniente en facilitarlles copias aos dous do borrador do convenio do Concello da Coruña cedendo o edificio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Todos os dereitos. ¡Non me podo calmar! (*Murmurios.*) Non me podo calmar cando se falla tan flagrantemente á verdade.

Pregunto: ¿queren vostedes prohibir aos mutualistas o acceso aos tratamentos oncolóxicos? Se o queren deberían dicilo aquí. E se non teremos que facer como ata agora. Benefíciense deles e as súas mutualidades, evidentemente, aboan a parte que lles corresponde polo servizo. Faltaría máis.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Pazos.



**O señor PAZOS COUÑAGO:** Remato xa. Eu creo, sinceramente llelo digo, que a demagogia ten que ter un límite e vostedes hoxe superárono con creces. Pero tamén lles digo que aínda están a tempo de rectificar.

Eu ao que os invito é a que retiren esta iniciativa, a que se desculpen cos padróns e os profesionais do Consorcio Oncolóxico e a que lle aforren un ridículo espantoso ao seu partido. Namentres, queden tranquilos,...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...porque os criterios de destino das doazóns do material ao Sergas son, foron e serán sempre os mesmos. Estarán alá onde sexan máis útiles para os cidadáns, polo menos...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...mentres dependa do PPdG.

Efectivamente, a alguén lle debería caer a cara de vergoña e eu creo que o faría mirar. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Pecha o grupo parlamentario autor da proposición non de lei.

Ten novamente a palabra don Julio Torrado por cinco minutos.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidenta.

Cando se ten razón non fai falta gritar, así que vou empezar a darlle as grazas ao BNG polo apoio á iniciativa. E vou empezar a explicar algunha cousa con toda a naturalidade para intentar non facer moito sangue, que non se trata diso.

Non está lista todavía a súa ubicación definitiva, que si será agora nun hospital público. ¿Hai filólogos na sala? Algún aí. Vou repetir a frase: «non está lista todavía a súa ubicación definitiva, que será, agora si, nun hospital público». ¿Alguén pode argumentarme que despois desta frase non se pode entender que se di «agora si nun hospital público» é que antes non o estaba? *(Un deputado: corroboro.)* É do BNG, pero eu creo que é bo. Autor da frase: Alfonso Rueda. ¿Alfonso Rueda é un manipulador, un absurdo, é un tipo impresentable e debería retirar todas as súas iniciais...? Ben, isto igual si. *(Risos.)* ¿Debería marchar deste Parlamento e non ten nin idea do que fala? Eu creo que non. Alfonso Rueda: «Permite [que as máquinas estean alí] que teñan tamén acceso os pacientes dos seguros privados». É dicir, utilízanse para negocio privado.

Se o problema aquí nin está, nin estivo nin estará en que exista unha fundación de carácter privado. Por certo, fundara quen a fundase a min paréceme moi ben e oxalá funcione todo o mellor que poida, que seguro que funciona ben. Ese non é o debate. Intentou vir aquí camuflar o debate da discusión nosa, facendo ver que ía sobre de quen é a fundación ou de quen



non é. O noso debate é sobre a instalación e a utilización de maquinaria en centros privados. Non de quen é e de quen non deixa de ser, nin de quen a fundou e con quen se reúne o padroado. Si que é un centro privado.

Pero, por se acaso quedaban dúbidas, imos un pouco máis alá. Se non ten ningún ánimo de lucro e non se paga nada por el, hai un problema. O problema ten un tamaño: corenta e cinco millóns de euros. É o custo que o Sergas lle pagou por servizos sanitarios a esa fundación no acordo asinado para 2017-2021. ¿Se non cobra ninguén alí por facer nada e a entidade non cobra, a quen lle están pagando corenta e cinco millóns de euros?

Pero voulles explicar outra cousa. O acordo recolle dende 2017 —os primeiros dous anos das máquinas que entraron no 2015 non— que agora si o Sergas recibirá polo uso que o centro lle dá a esas máquinas para usar en pacientes das mutuas privadas. É dicir, o centro reconece que cobra ás mutuas privadas e, por tanto, ten que pagar un canon ao Sergas. Un canon que o Consello de Contas advirte de que pode estar ocultando unha subvención —pero ese é outro debate—, porque está estimado á alza anualmente. Ao principio do ano estímase máis ou menos canto se vai utilizar e págase en consecuencia. Cuestión que non deixa de ser tam pouco tan rara nos convenios; é razoable facelo así. Setecentos vinte e tres mil euros ao ano, que, por catro anos non chegan dende logo aos corenta e cinco millóns que lle pagamos.

É dicir, que hai unha entidade que está fantásticamente ben que funcione, que canto mellor funcione mellor para todos; pero que cobra por dar asistencia sanitaria. Discutir isto eu non diría que é manipular, pero si que lle digo que creo que é enterarse de pouco. Ou sabelo pero querer contar outra cousa. Que, en fin, cadaquén...

E, por se acaso, para diferenciar se é público ou privado eu creo que hai un dato bastante fácil. Eu creo que podería ser razoable pensar que se é público e é parte do sistema público non tería CIF. Eu teño o CIF da empresa aquí apuntado; é público porque o poñen na súa portada.

Por certo —como paréntese—, tamén ten CIF o Hospital Álvaro Cunqueiro. A ver como argumentan que é público e ten CIF. Pero, en todo caso, unha entidade privada —está moi ben que funcione— ten máquinas do Sergas que o propio señor Rueda reconece que non están nun centro público e que o seu obxectivo é que vaian a un centro público oito anos despois. Estámoslle pagando polo seu uso e estase beneficiando unha entidade privada polo uso dunhas máquinas que son do Sergas. E a nós parécenos que isto hai que cambialo.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** A partir de aí cadaquén pode intentar berrar todo o alto que queira para intentar xustificalo. O problema é que cando alguén ten que berrar moito é porque de falar sabe menos.

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.





**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García e D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación das e dos emigrantes galegos en Suíza**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

E para defendela, por dez minutos, ten a palabra don Daniel Castro.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Como sabedes, estou substituíndo o presidente. É o que ten no guión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O letrado tamén me confirma que está ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*(Pausa.)*

¿Hai algún inconveniente en que...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Cal propón vostede? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Pero deixen falar a xente para poder opinar! Creo que todo o mundo ten dereito a expoñer. Non pasa nada. Pida a palabra e... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* despois poderán dicir se si ou se non, ¿non?, digo eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Precisamente. Unha primeira educación é escoitarnos e despois decidir, con respecto, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A 4.3, por favor. Don Daniel, desculpe.

*(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Hai unha alteración na seguinte, pero non nesta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A 4.5 e a 4.6. Ben, aclarado. Moitas grazas.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Imos comezar ademais con ton propositivo, xa que traemos unhas medidas aquí que creo que poden ser perfectamente compartidas por todos e todas as deputadas de todos os grupos políticos. Iso si, unhas medidas que deberían estar resoltas, quizais hai xa tempo. Hai unha frase que creo que escoitei bastantes veces, incluso da Xunta de Galicia e do Partido Popular, que era iso de «onde haxa un galego ou unha galega ten que estar a Xunta de Galicia». E esta premisa creo que debe ser compartida por todos e por todas as deputadas desta Cámara, e así creo que realmente é.

Pois atendendo a isto, imos falar dun lugar onde hai moitos galegos e moitas galegas como é a Suíza, na que residen máis de corenta mil galegos e galegas que, por desgraza, tiveron que marchar algún día deste país porque este país non lles ofrecía as mellores condicións de vida e tiveron que ir en busca a de traballo e de construír unha nova vida. Hai tantos galegos e galegas que temos ata un alcalde, o de Xenebra, e incluso no BNG temos ata candidatos ao



Senado, como é o caso de Jesús Gómez Antelo. E isto fai da Suíza un dos principais núcleos de emigración galega e é por iso que a Xunta ten que centrar, no que ten a ver coas políticas de emigración, especial atención ás problemáticas comúns da nosa inmigración na Suíza para resolver —aínda así, despois de moitos anos— unha serie de peticións que a comunidade galega na Suíza leva facendo desde hai ben tempo.

A primeira destas necesidades ten que ver coa homologación dos títulos académicos, concretamente dos títulos da formación profesional —da FP—, xa que, coa crise de 2008 en diante, houbo unha nova xeración de galegos e galegas con moita formación que tivo que marchar deste país para buscar unhas novas oportunidades no país helvético. Ían cunha formación, unha preparación, e, pese a isto, seguen a ter dificultades para homologar esta formación e, polo tanto, débeseles permitir ter un salario acorde á cualificación que teñen.

E este é un problema que se centra exclusivamente ademais na formación profesional, de tal xeito que os galegos e as galegas que chegan á Suíza cun título de FP teñen moitas dificultades para validalo. E isto pode parecer, a priori, un problema burocrático administrativo, pero non se queda soamente nisto senón que a consecuencia é quizais máis grave. Porque o que ocorre é que moitas empresas —como salientan moitos galegos e galegas na Suíza— o que fan é aproveitar este baleiro —digamos— e pagarlles menos salarios aos traballadores e traballadoras galegas na Suíza, coa escusa de que non teñen homologado o seu título pese a que realizan, evidentemente, o mesmo labor coa mesma eficacia. E isto segue a ocorrer e isto debe ser resolto, e creo que é algo que compartimos todos e todas as que estamos aquí.

Entón, por isto, solicitámoslles, xa que teñen as competencias en educación —aínda que ás veces hai momentos— digamos— en que parece que preferirían entregalas—, que negocien de ti a ti co Goberno suízo e busquen un convenio de colaboración que permita a homologación directa e automática dos títulos da FP na Suíza, evitando así calquera demora que discrimine ou penalice laboralmente os galegos e galegas que están traballando nese país.

Outro aspecto no que queremos incidir é no do idioma. Os galegos e as galegas na Suíza teñen que ter dereito a expresarse na súa lingua e, sobre todo, ter os medios, iso é, teren a liberdade para poder educar os fillos e fillas, os netos e netas, na nosa lingua. E é por iso que a Xunta ten a obriga de promover a nosa lingua tamén onde estea a emigración, neste caso na Suíza. E para isto ten moitos xeitos, por suposto, pero quizais unha maneira moi positiva e inmediata de pasar á acción sería que a TVG emitise, a través da súa canle internacional, programación infantil e xuvenil en galego; agora mesmo ségueno sen facer e ademais deixa moitos nenos e nenas sen esta programación non só da Suíza senón tamén de diferentes países e estados de Europa.

E é que, como ven, tanto estas propostas como as novas que lles direi agora son todas en positivo e débense a problemas concretos que cremos, desde o BNG, que deben ser resolto e que ademais teñen unha solución bastante fácil, se hai a vontade de facelo, como é, por exemplo, a seguinte: vostedes saben que cando unha persoa ten que emigrar xéranse moitas problemáticas que derivan en moitos trámites como os da xestión da documentación, a información laboral, as axudas a solicitar e demais procesos administrativos. E é por iso que se fai necesario, como así indican os emigrantes galegos e galegas na Suíza, unha oficina



física e permanente co persoal e cos medios necesarios para que a nosa xente, os galegos e as galegas que estean alí ou que vaian alí, teñan un lugar de acollida; unha oficina que lles axude no momento de chegar, no momento de marchar; unha oficina que lles axude a recibir información e asesoramento para facer calquera tipo de trámite administrativo coa maior axilidade posible e, por suposto, co menor custo posible.

E, logo, quizais tratamos uns temas máis truculentos, porque falan de necesidades bastante perentorias como son, por exemplo, as relacionadas coa pensión de invalidez ou cos certificados de discapacidade, que deben ser recoñecidos de xeito inmediato. Cousa que non ocorre alí, pero tamén cousa que non ocorre no noso país, porque teñen o galardón —o triste galardón— de que non cumpren ningunha medida legal en calquera das provincias galegas como para cumprila tamén cos galegos e galegas na Suíza. Pero intentamos e seguimos crendo.

E logo, quizais unha cuestión máis grave é que temos que acabar tamén, como país, coa vergoña que consiste en que provoca que aqueles e aquelas emigrantes galegos que nunca puideron cotizar no noso país ou que nunca puideron cotizar no Estado español teñan que pagar unha cota mensual se deciden retornar; que iso é o que queremos: que os galegos e galegas que tiveron que marchar, polo motivo que fose, retornen. Pois cando retornan moitas delas teñen que pagar unha cota mensual por facer uso da nosa sanidade pública. E iso é o mesmo que dicirlles a galegos e galegas que son galegos e galegas pero que non o son para todo; que son galegos e galegas para unha cousa pero para outras non. Porque non é normal que, despois de que o teu país che di que non podes estar nel porque non tes futuro, porque non tes opcións laborais, e teñas que coller as maletas por falta dese traballo digno, por falta de oportunidades, e cando decides retornar, se che trate como unha persoa, como un habitante de segunda, cando máis se estamos falando de algo tan básico e tan necesario, por suposto, como é a saúde das persoas.

Falamos de dereitos básicos, falamos de trámites administrativos, falamos de educación, falamos de lingua, de casos concretos que mellorarían a vida dos galegos e galegas na Suíza, en ton propositivo, con casos nos que creo que todos e todas os que estamos aquí estaríamos de acordo, porque, sinxelamente, non queremos que haxa galegos de primeira e galegos de segunda e o que estamos a poñer enriba da mesa é, sinxelamente, o que reclama toda a comunidade galega na Suíza.

Por iso, agardamos un pouco de consenso, que tanto predicán e tan pouco fan, e a ver se hoxe podemos ter aquí unha excepción.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Continuamos co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra don Pablo Arangüena.



**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señora presidenta.

Como se dixou, hai máis de corenta mil galegos e galegas en Suíza e vaia por diante que somos decidida e claramente partidarios de facilitarlles e mellorarlles a vida o máis posible, entre outras cousas porque son xente que traballou arreo e que contribuíu co seu traballo no exterior a mellorar a nosa economía, especialmente nunha época na que as remesas de divisas procedentes da emigración foron moi importantes para unha economía que estaba saíndo da autarquía. Moitos deses galegos e galegas residentes en Suíza son descendentes daqueles galegos da emigración; son cidadáns e cidadás do noso país, que naceron no exterior por ese fenómeno tan galego que foi a emigración, especificamente a dos anos 60, 70 e ata principios dos 80, anos nos que tantos galegos e galegas marcharon a Suíza, Alemaña, Francia ou ao Reino Unido en busca das oportunidades de traballo que non tiñan e que non se lles permitían na Galiza daquel momento. Unha emigración que foi motivada polo atraso económico e tamén social e cultural do noso país no que afondou un golpe de Estado cunha dereita reaccionaria que provocou unha guerra no seu momento, que destrizou o seu país e a súa economía e destrizou tamén os dereitos e liberdades das súas xentes.

E, por iso, pregúntome: ¿que pensará hoxe un emigrante galego que está nesa democracia avanzada, moi avanzada, que é Suíza ante o avance en España, no noso país, da ultradereita que gobernou con puño de ferro este país durante corenta anos? ¿Que pensará un emigrante galego en Suíza cando ve que o Partido Popular —que, idealmente ou, incluso diría, normalmente, debería representar a tradición conservadora europea e que debera representar un liberalismo modernizador, que debera aspirar a equipararse co que representou, por exemplo, en Europa unha Ánxela Merkel, un partido que debería estar no centro-dereita democrático—, renuncia, definitivamente, ao parecer, a representar esas ideas democráticas e adícase a ceder posicións de poder a unha ultradereita que entronca coas peores e máis negras páxinas da nosa historia? ¿Que pensará un galego ou unha galega descendente daqueles que tiveron que emigrar de Galicia, que estaba baixo unha ditadura, cando ve como ideas que entroncan con esa ditadura —que deberan estar completamente superadas tras máis de corenta anos de democracia— volven en forma de presidentes e presidentas de parlamentos autonómicos homófobos e homófbas, machistas, xenófobos e xenófbas, negacionistas da violencia de xénero e do cambio climático, ou volven en forma de toureiros vicepresidentes do Goberno de Valencia? E temo, lamentablemente, que isto, coma a calor, non fixo máis que empezar porque queda moito verán por diante; e temo que o PP vai seguir introducindo nas institucións democráticas eses posfascistas que antes estaban dentro do seu partido, e disimulaban, e agora están fóra, e xa non disimulan nada.

¿E que pensará unha galega ou un galego que tivo que emigrar a Suíza, cando un aspirante a presidente do Goberno de España, como o señor Feijóo, leva décadas presumindo de transparencia, pero négase a facer público canto cobra? Por certo, xa que estamos con isto, ¿canto cobra o señor Feijóo? ¿Segue o PP mantendo o famoso sistema de sobres, que, segundo o señor Bárcenas, existía na época do señor Rajoy, e que, ademais, tiña unha procedencia delituosa? ¿Proceden agora ese sobres, no seu caso, da mesma actividade delituosa que existía na época do señor Bárcenas?



¿Que pensará unha galega emigrante en Suíza de que o Senado teña que marcarlle un prazo, hoxe mesmo, ao señor Feijóo para que faga público —porque non o quería facer público e segue sen querer facelo público—, ademais do seu salario como senador que ascende a máis de setenta mil euros cada ano, canto cobra do Partido Popular? Porque o señor Feijóo se nega a facer público ese sobresoldo.

¿Que pensará un galego emigrante nese país de máxima transparencia pública, que é Suíza, sobre a falla de transparencia elemental de quen aspira a dirixir este país? E iso a pesar de que a Lei de transparencia, no seu artigo 8, di con meridiana claridade que os cargos dos partidos teñen que facer públicos os seus salarios.

E, ¿que pensará unha galega ou un galego emigrante en Suíza sobre unha televisión pública, como a TVG, que hoxe mesmo, esta mesma mañá —non onte nin pasado mañá—, non sabemos cantos, tiña sinalados tres xuízos por vulneración dos dereitos dos traballadores? ¿Que pensará sobre unha televisión pública que acumula centenas de condenas xudiciais por vulnerar dereitos dos traballadores e traballadoras e que ten o seu director e varios directivos imputados por un presunto delito de acoso laboral a unha traballadora nun contexto de descarada e sistemática censura e de manipulación informativa, que fai da Televisión de Galicia o medio público máis parecido en España á televisión norcoreana?

¿Que pensará unha galega residente en Suíza cando ve que, despois de corenta e tres anos de autonomía nos cales Galicia recibiu a histórica lotería dos fondos europeos —que caeron ano tras ano en forma de miles e miles de millóns de euros, ata ao redor de 25.000 millóns de euros, o que é equivalente a varios plans Marshall—, tantos mozos e mozas de Galicia teñen que seguir emigrando despois de trinta e seis anos de gobernos autonómicos do Partido Popular? Porque, a diferenza doutros países e de rexións da Unión Europea, fomos capaces de maquillarnos, pero non fomos capaces de redefinirnos porque, malia a intensa axuda europea, o impulso, da sociedade civil, das empresas e dun pobo traballador, non foi acompañado case nunca dunha acción pública dinamizadora da Xunta de Galicia, manexada pola dereita e instalada no inmovilismo, na propaganda, na ineficiencia e na falla de visión estratéxica.

Desmentindo a feliz propaganda oficial, moita xente nova, ben formada e preparada, segue tendo que emigrar, buscando emprego, como tantos galegos e galegas no pasado. E empresas, que deberan ficar no noso país, escapan a Portugal, e así centenas e centenas de empresas deslocalizáronse a Portugal na última década. Iso si, Galicia resiste como destacada potencia na exportación de políticos; de feito, os políticos conservadores galegos —encabezados por Núñez Feijóo devecen —por dicilo suavemente— por ser exportados porque, para eles, Galicia é unha especie de estación de paso nas súas carreiras. Por iso tantos cargos da Xunta de Galicia van dar agora o salto a Madrid, acompañando o seu líder nesta última aventura política. E unha vez exportado a Madrid, todos vemos o que pasa cando o señor Feijóo sae da súa zona de confort, xa que demostra que non domina os temas, que patina e que non sabe do que fala.

E o señor Feijóo aterrou en Madrid e pasou case un ano exercendo de Nostradamus e pronosticando a apocalipse; por exemplo, en outubro de 2022 Feijóo dixo literalmente: «es-



tamos a poucas semanas de entrar nunha recesión» —outubro de 2022—. Segundo Feijóo, estabamos a piques de entrar en recesión; rematou o ano 2022 e non houbo recesión, senón que a economía española medrou un 5,5 por cento, que é o crecemento máis alto, con gran diferenza, entre as grandes economías da Unión Europea. Estamos en 2023 e a recesión nin está nin se espera. No que resta de ano está previsto, polo Banco de España, pola propia Unión Europea, polo Fondo Monetario Internacional e pola OCDE, que España siga sendo a economía que máis medre entre os grandes países da Unión Europea. Por tanto, das profecías do señor Feijóo, ¿para que imos falar? E, ademais, temos a menor inflación de entre os grandes países da Unión Europea —a terceira máis baixa de toda a zona euro—; unha inflación menor da metade que a media da Unión Europea. E todo isto, péselles ou non, ten que ver tamén coas perspectivas en canto a que sigan emigrando os nosos xoves e os nosos maiores.

Hai un Goberno progresista que tivo que facer fronte á maior sucesión de crises e de catástrofes de todo tipo, que non tivo ningún goberno —calquera goberno— en toda a democracia: a pandemia, a guerra, un volcán, unha inflación en todo o mundo —como non a había dende había corenta anos—. E fíxoo ben e conseguíuno, mal que lles pese a vostedes (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) e tamén ao señor Pazos, que está interrompéndome —¡pero, bueno!, estou falando eu, se non lle importa—. E digo que o fixo ben —por moito que a vostede lle incomode—: subiu o salario mínimo interprofesional de setecentos trinta e seis a mil oitenta euros —entendo que a vostede lle incomode—; evitou, cos ERTE, que moita xente perdesse o seu traballo, a diferenza da crise de 2008 —entendo que a vostede lle incomode—; (*Murmurios.*) pactou unha reforma laboral con sindicatos e con empresarios, a diferenza do señor Rajoy, que non o fixo, xa que soamente a pactou cos empresarios; e pactou coa Unión Europea a reforma das pensións; conseguiu que, representando o dez por cento da poboación da Unión Europea, España vaia recibir o dezaioito por cento dos fondos Next Generation —entendo que a vostede tamén lle moleste—; é, por tanto, un Goberno progresista que fixo moitas cousas ben, entre elas, manter a capacidade adquisitiva das pensións, a diferenza do Goberno do señor Rajoy —e isto tamén lle molesta—. (*Murmurios.*) Bueno, o señor Rajoy subía as pensións o 0,25 por cento, e, por tanto, os pensionistas perderon capacidade adquisitiva durante anos.

E que continúe ou que se pare ese proceso modernizador do noso país vai depender do que pase dentro dunhas semanas; e iso, no seu caso, é o que permitirá evitar que a nosa mocidade siga emigrando de Galicia...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** ...e, por tanto —remato xa—, tamén para os galegos e para as galegas residentes en Suíza é de máxima importancia o que ocorra.

E, por tanto, entre outros moitos motivos, imos votar a favor de calquera iniciativa que mellore a súa situación, que mellore as facilidades para obter determinado tipo de dereitos e de prestacións; e, por tanto, imos votar a favor desta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas.



(Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor Arangüena.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra don Moisés Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Grazas, presidenta.

Señorías, boa tarde.

En primeiro lugar, quérome desculpar porque nós pensabamos que esta iniciativa ía ser debatida mañá, despois do turno de control ao presidente, pero non hai ningún problema, xa que nós a temos preparada e, seguramente, moito mellor preparada que o Partido Socialista, (Risos.) porque estou convencido de que o señor Arangüena falou de todo. Señor Arangüena, eu entendo que, cando non o deixan falar moito e un ten un micro, ten que falar de todo. (Aplausos.) Pero eu creo que a iniciativa está faltando ao respecto a esta Cámara e ao Bloque Nacionalista Galego, porque de Suíza non falou nada. Eu creo que tiña que miralo, non sei se nunha clínica privada ou nunha clínica pública, pero eu creo que é importante que pensemos o que dicimos.

Señor Arangüena, vostede falou de todo; falou de todo, e non falou de nada. Eu creo que vai ser o único mitin socialista en que o deixen falar a vostede porque é increíble a cantidade de cousas que dixo sen dicir nada, de verdade: falou de VOX, falou de Bárcenas, falou de Suíza, de transparencia; transparencia é a da Deputación de Pontevedra da señora Carmela Silva, pero, afortunadamente, é pasado. (Murmurios.) Carmela Silva é pasado; (Murmurios.) non se me poñan nerviosos, que eu veño aquí falar da iniciativa. (Risos.) (Murmurios.) E, sobre todo, señorías, que a esquerda desta Cámara veña reivindicar a figura de Angela Merkel é de nota. (Aplausos.) (O señor Rodríguez Pérez dá tres aplausos.) ¡Si, señor!

(O señor Rodríguez Pérez suspira.) Señorías —agora en serio—, se hai un grupo nesta Cámara que se preocupou, que se preocupa e que se preocupará por mellorar a situación dos nosos emigrantes en Suíza é, por suposto, este Grupo Parlamentario Popular, que leva, neste grupo maioritario, a responsabilidade do Goberno da Xunta de Galicia, pero, señorías, sempre dentro das nosas competencias.

Digo isto, señorías do BNG, porque o deputado do BNG, o señor Castro García, presentou unha iniciativa na cal obxectivamente —eu non sei se é porque é candidato para ir para Madrid— (Murmurios.) confundiu o foro. Non sei; non ten moi claro as competencias de cada administración, pero isto verémolo punto por punto, porque vou ir á iniciativa. En todo caso, se vostede, con esta iniciativa, pretendía descubrir América, subir á lúa, descubrir Suíza e descubrir a emigración, ten que saber que, cando vostede chega, nós xa estabamos alí, e durante moitísimos anos; e a nosa xente emigrante, afortunadamente, sábeo. Chegan tarde, chegan tarde coma sempre.



Pero, bueno, eu quixera aproveitar a miña intervención, e non me quero enredar. Non podo deixar de pasar a ocasión para manifestar o noso agradecemento e o deste grupo a todas as persoas, homes e mulleres, que emigraron, tanto a Suíza como a outros países europeos e americanos, e que con grande esforzo persoal e laboral contribuíron, en tempos difíciles, a que Galicia prosperase. Para todos eles, dende o noso grupo parlamentario, digo ¡grazas, grazas e grazas! (*Aplausos.*)

Señor Castro —que teño moito que dicir, e teño pouco tempo— (*O señor Rodríguez Pérez le unha parte da iniciativa do señor Castro García.*): «Negociar co Goberno suízo un convenio que permita a homologación directa e automática dos títulos de formación profesional». Señor Castro —míreme, por favor—, Galicia é unha comunidade autónoma; para vostedes non sei o que será —se é unha república ou que sexa—, pero a Xunta de Galicia non ten competencia sobre os criterios de homologación. Non é cuestión de vontade, é cuestión de competencia, e é responsabilidade do Estado; ese que vostedes apoiaron (*O señor Rodríguez Pérez remarca, coa súa man esquerda, os nomes das deputadas Pontón Mondelo e Lastra Fernández.*) Ana e Adriana, pero afortunadamente nesta lexislatura, que está a piques de rematar.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidades non ten competencia para negociar con terceiros países nesta materia; e podo dicirlle máis, incluso as tres comunidades autónomas que a teñen transferida cederon, pero non cederon con diñeiro —que ese é o problema—. E, sobre todo, vostedes presumen de que no ano 2008 chegou a homologación e validación dos títulos de estudos estranxeiros e ensinanzas non universitarias, pero o que non din e o que non queren explicar hoxe é que chegou con escasos recursos.

Con respecto ao segundo punto da TVG, Señor Castro, na actualidade a canle internacional da TVG pódese ver a través do sinal de satélite, que se emite para todo o continente europeo —eu creo que debería sabelo—, a través da distribuidora de Cable Tema, onde a TVG forma parte do paquete comercial denominado Bouquet Espagnol. Vostedes sábeno ou deberían sabelo, pero, ¿que máis dá?, «presentamos unha iniciativa e xa está». Dende hai varios anos, a estratexia establecida pola Corporación Radio e Televisión de Galicia para os contidos infantís céntrase fundamentalmente nas canles dixitais, que son o medio tecnolóxico máis consumido, ben a través da emisión de contidos nos diferentes webs e nas *apps* da corporación, ou ben a través da creación de programas nativos, como o *Dígocho eu*. Cómpre dicir que a plataforma OTT da CRTVG, que será publica no último trimestre deste ano, incluírá tamén contidos infantís e específicos que poderán ser vistos desde fóra de Galicia.

Canto ao terceiro punto —porque eu vou ir punto por punto na súa iniciativa, sobre todo, porque entendemos que é importante falar e tratar de chegar a un acordo—: (*O señor Rodríguez Pérez le unha parte do terceiro punto da iniciativa do señor Castro García.*) «Crear unha oficina física e permanente con persoal e con medios necesarios para que os nosos emigrantes teñan unha oficina que os axude no seu momento de chegar a Suíza, e na cal recibir información e asesoramento», esta demanda, señor Castro, carece de sentido se temos en conta que xa existen os centros galegos en diversas localidades deste país, que atenden, apoian, asesoran e coordinan a información que demandan os galegos que residen no país helvético. A posta en marcha da dita oficina suporía duplicar os esforzos, dada a atención e a coordinación constante que existe entre distintas entidades e a Secretaría Xeral de Emigración.





Por outra banda, os galegos emigrados tamén teñen a posibilidade de centralizar as súas demandas a través da Fundación Galicia Europa, que está situada en Bruxelas, á cal o invito para que vostedes vaian e para que saiban o que fan e coñezan todo o traballo que fan pola nosa xente emigrada.

No seu punto cuarto: *(O señor Rodríguez Pérez le unha parte do cuarto punto da iniciativa do señor Castro García.)* «Recoñecer automaticamente as pensións de invalidez e os certificados de discapacidade», vostede e o BNG fallan máis que unha escopeta de feira: teñen que apuntar mellor o tiro; teñen que axustar a puntería porque non acertan nin de broma. ¿Vostedes saben realmente cales son as competencias da Xunta de Galicia? Galicia —repito— é unha comunidade autónoma, e non corresponde á Xunta de Galicia establecer os criterios normativos que permitan o recoñecemento automático das pensións de invalidez e dos certificados de discapacidade emitidos no estranxeiro, porque, de facelo, señor Castro, implicaría modificar a normativa básica do Estado. Ademais, esta proposta nin tan sequera explica os certificados que serían homologables.

Señor Castro, por favor, non se poden facer propostas sen o correspondente estudo, con pouco rigor e que dean lugar a situacións de discriminación negativa, sobre todo para os galegos que aquí estamos. Repito, vostedes equivócanse unha vez máis de porta: non é a Xunta, é o Estado; é o Estado e os seus socios de investidura. Vostedes non reclamaron esta petición. Axusten a puntería. Vostedes buscan solucións fáciles a cousas complicadas, e isto non funciona así.

E para rematar a iniciativa: *(O señor Rodríguez Pérez le unha parte da iniciativa do señor Castro García.)* «O recoñecemento da asistencia sanitaria pública en España», isto corresponde outra vez á Administración xeral do Estado. Estou convencido de que o saben, ¡pero que máis dá!, están en modo campaña; isto parece unha carta aos Reis Magos. O Instituto Nacional da Seguridade Social vén desestimando as solicitudes de recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria pública como españois residentes en España; vostede sábeo e dixo que terían que pagar unha cota que rolda os trescentos euros ou senón outra de noventa euros, que é a cal se están acollendo cando volven.

En resumo, señor Castro, todas as propostas que vostede formula estaríamos dispostos a votalas favorablemente porque entendemos que é importante chegar ou tratar de buscar un acordo. Estaríamos dispostos a votar favorablemente o punto número 2 e este punto número 5, correspondente á atención sanitaria dos emigrantes galegos retornados, pero teríamos que transaccionar o punto 2 —e dígollo para que quede claro—, que quedaría redactado deste xeito: «Realizar os trámites necesarios para que a CRTVG emita, a través das canles dixitais con cobertura internacional, programación infantil e xuvenil en galego».

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Pecha o autor da proposición non de lei, don Daniel Castro.



**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas de novo, presidenta.

Viña pensando de camiño aquí que ía dicir, pero ás veces é difícil.

En primeiro lugar —imos tomalo a ben, que estamos cerca do verán; ¡veña!, imos ser propositivos—, quero agradecer ao Partido Socialista o voto afirmativo a esta iniciativa. Iso si, era ben falar un pouco máis da propia iniciativa. Pero logo, ¡claro!, chego aquí a escoitar ao Partido Popular falar de respecto a esta Cámara e á institución do Parlamento, cando, pleno tras pleno, se nota que dá bastante igual, por exemplo, cando mesmo mañá, por causa dos galardóns da Xunta de Galiza, se trastoca todo o horario do pleno, todo o horario do lexislativo, para o ben da súa axenda; por exemplo, cando aquí se ten visto como se paralizaban as votacións para que saíse un resultado que fose mellor para o Partido Popular..., pois bueno, faise un pouco estraño.

E aquí, ao final, despois de dicir non sei cantas cousas que non viñan a conto —a verdade—, vénnos dicir que está todo feito; pero logo, ao mesmo tempo, vénnos dicir que non está todo feito porque hai algunhas cousas que si que se poden facer. Ou sexa, a ver, ¿en que quedamos?

Aquí o que está claro é que pedimos cinco cousas ben clariñas: Fomentar o galego, garantir a sanidade gratuíta, crear a oficina de asesoramento, recoñecer as pensións de invalidez e discapacidade e homologar a FP; e isto pareceu, case ao final, que era unha declaración de independencia. ¡Que tolería, ¿verdade?!, e, sobre todo, cando estamos falando de competencias que xa ten a propia Xunta de Galiza, como son a de sanidade e a de educación. ¿Que, logo, isto depende do Estado, e hai que falar co Estado? Pois cando teñen que chocar co Estado por outros temas, ben que o fan, ben que reclaman competencias. (*Murmurios.*) Iso si, fano só de boquilla, porque logo xa se ve que, en catorce anos, vostedes non trouxeron ningunha competencia.

Aquí non se falou nada de emigración —e será por emigración en Galiza—, como se non levásemos douscentos mil mozos e mozas emigrados nos últimos anos de goberno do Partido Popular.

Aquí, o que está claro, é que non hai vontade política en absoluto, porque todo aquilo en que un regulamento me di que teño que falar co Estado, que teño que chocar co Estado, para conseguir algo para este país, agora parece que se encollen; agora parece que din: «¡ai, que medo ao Goberno estatal!». (*Murmurios.*) ¡Quen diría iso de vostedes co que levamos visto nesta lexislatura? Xa que cando teñen a mínima ocasión para poder chocar co Goberno do Estado, ¡ben que o fan! Creo que levan para o próximo pleno a Lei do litoral. ¿Non será o mesmo caso? ¿Algo semellante, ou? (*O señor Rodríguez Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) Pode ser.

Aquí temos o voto afirmativo do Partido Socialista; podemos negociar porque mentres se poida sacar algo... Xa se viu a vontade propositiva desta iniciativa: falamos da transacción e como aquí debate non houbo porque directamente aquí non se debateu nada, pouco máis podo engadir. Negociaremos e a ver se sacamos algo polo ben dos galegos e as galegas que están na Suíza.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

### ***Alteración da orde do día***

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Aquí si que hai unha alteración da orde do día, e pasamos ao punto 5 de proposicións non de lei. Neste caso, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as solicitudes que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central, logo das eleccións xerais, no que se refire á ampliación do autogoberno e á axenda de traspaso de competencias**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, a número 54830, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don José Alberto Pazos Couñago.

*(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz, por iniciativa do deputado José Alberto Pazos Couñago e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*<<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar perante o novo Goberno de España:*

*1. O tratamento xusto ás Comunidades Autónomas, sen discriminacións por razóns de carácter político, dialogando cos Gobernos autonómicos no deseño das políticas dirixidas a elas.*

*2. A transferencia á Xunta de Galicia da titularidade de AP-9 e AP-53, convenientemente financiadas para asumir os custos das actuacións, obras e rebaixas de peaxes comprometidas nas mesmas, así como daquelas outras transferencias que, contando co respaldo do Parlamento de Galicia, permitan unha mellor xestión desde a proximidade e dentro do marco constitucional e estatutario.*

*3. Que respecte as normativas legais impulsadas pola Xunta de Galicia no ámbito das súas competencias sobre a xestión e ordenación do dominio público marítimo-terrestre, para facer compatible a protección do medio ambiente co mantemento de usos e actividades socioeconómicas que se desenvolven de forma sostible e tradicional nesta parte do territorio. Así como a cesión dos medios materiais asociados a esta competencia a través do procedemento habitual, isto é aprobación a través do Real Decreto.*

*4. A negociación dun novo sistema de financiamento autonómico que pondere nunha maior medida cuestións como o envellecemento e a dispersión da poboación, cun efecto directo no custo de prestación dos servizos e, en consecuencia, das necesidade efectivas de gasto.*



5. A cumprir todas as reclamacións que se veñen elevando desde Comunidades Autónomas de distinto signo político en relación ás necesidades da atención primaria. Entre elas: reforma do sistema de elección de prazas de formación sanitaria especializada, aceleración da tramitación da creación do Título en Especialista de Urgencias e Emerxencias, remate do trámite da nova normativa de requisitos de acreditación de unidades docentes flexibilizando os mesmos (facilitando os trámites para que nestas novas condición poidan acreditarse e formarse 1.000 prazas formativas de medicina de familia) e medidas para facer operativo e manter actualizado e completo o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios.

6. A xestión cunha cogobernanza real e efectiva dos fondos Next Generation UE destinados á industria, evitando poñer en risco os principais proxectos tractores promovidos desde Galicia para favorecer o noso desenvolvemento industrial, nun marco que favoreza a complementariedade das accións públicas e privadas.

7. A convocatoria urgente dunha xuntanza co comisario do Corredor Atlántico e as comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León, para tratar as necesidades específicas do corredor atlántico noroeste e que se garantan condicións de igualdade —de oportunidades, investimentos e de avances— entre o corredor atlántico de mercadorías e o corredor mediterráneo.

8. Que garanta os tempos de viaxe do AVE comprometidos dotando a rede ferroviaria da Comunidade de trens AVRIL; que concrete o cronograma para a chegada da alta velocidade ao conxunto das cidades galegas; e informe de forma certa de cando estarán dispoñibles eses trens de rodadura desprazable, algo que, en todo caso, deberá ser no prazo máis breve posible.

9. O incremento da achega da administración xeral do Estado no cofinanciamento das prestacións de dependencia ata chegar a ser equitativa coa que fai a administración autonómica.

10. A transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión do ingreso mínimo vital (IMV), creado a través do Real decreto lei 20/2020 e impulsar, no prazo máis breve posible, as modificacións normativas necesarias para garantir a complementariedade da Risga co IMV de cara a facilitar a transición cara a unha renda única.

11. A creación de xulgados exclusivos de violencia de xénero nas cidades galegas que non contan con eles.

12. En materia de seguridade, a incorporación de novos axentes á Unidade de Policía Adscrita a Galicia ata completar a súa dotación e a ampliación das taxas de reposición de efectivos que permitan levar a cabo a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades.

13. A rebaixa tributaria tamén polo Goberno central á carne e ao peixe —e ás súas conservas—, co fin último de estimular a demanda interna e mellorar as previsións de crecemento da economía de ambos os dous sectores, evitando o prexuízo derivado da iniciativa aprobada polo Goberno de España.

14. A axilización da execución dos fondos europeos destinados a cumprir os obxectivos de cobertura de banda larga fixados pola Unión Europea para 2020.>>)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** E para expoñer e formular a proposición non de lei ten a palabra, por dez minutos, don Xosé Luís Bará.



**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidenta.

O pasado 22 de setembro do ano 2022 houbo unha reunión da Comisión Mixta, Xunta-Estado, de Transferencias, á cal tiven a honra de asistir en representación do BNG. Na documentación desa xuntanza, que foi a número 43 de toda a historia, figuraba a acta da reunión anterior, da número 42; a reunión número 42 foi o 21 de decembro de 2009. *(Pausa breve.)* Todo un récord e un resumo do que foron estes anos de Goberno do Partido Popular na Xunta: ¡trece anos! sen reunirse a Comisión Mixta de Transferencias. *(Aplausos.)* ¡Catro lexislaturas!, algo nunca visto na historia; catro lexislaturas sen conseguir ningunha transferencia demandada pola Xunta ou demandada polo Parlamento. É un triste récord dese tándem Rueda-Feixóo, letal para o autogoberno: os únicos presidentes da historia desta autonomía que non conseguiron ningunha competencia para Galiza. E é que a vostedes quédalles grande o autogoberno; a vostedes quédalles grande a autonomía e o Estatuto. Vostedes ían para autonomistas reconvertidos, no seu día, e quedaron en rexionalistas de mesa camilla; quedaron realmente no que quedaron, isto é, en centralistas recalitrantes, en centralistas convencidos e confesos, que practican o centralismo día si e día tamén.

E miren, a verdade é que vostedes cando empezaron no ano 2009, neste último ciclo, prometían. *(O señor Bará Torres colle un documento coa man dereita.)* Teño aquí un comunicado do Consello da Xunta do 8 de outubro do ano 2009. Fíxense: *(O señor Barra Torres le parte do comunicado mencionado.)* «A Xunta urxirá...» — atención ao verbo — «...o Estado a convocar a Comisión Bilateral de Cooperación para abordar o traspaso de competencias» — 8 de outubro de 2009; urxirá—. Estamos esperando. *(O señor Bará Torres continúa a ler o comunicado.)* «O Goberno galego solicitará, nunha primeira fase, a transferencia de até dezasete competencias — ¡nunha primeira fase!; atención aos temas—: a titularidade da AP-9 e da AP-53 —¿non sei se lles soa este tema?—, as competencias en meteoroloxía, a ordenación do sector pesqueiro ou a ordenación do litoral». Non sei se isto tamén lles soa. Estamos agardando desde o ano 2009, en que vostedes dixeron que isto era urxente e que ían pedir a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias.

Nese Consello da Xunta, o señor Feixóo, moi dado ás declaracións así rimbombantes, pronunciou tamén unha frase que quedou aí gravada nos anais: «Iniciaremos a fase de maior autogoberno de Galiza». Como dicía a miña avoa: «tócalle un sacho». «A fase de maior autogoberno de Galiza», e o que iniciaron vostedes foi a fase de maior parálise do autogoberno de Galiza; algo nunca visto. En realidade, o que iniciaron vostedes foi o retroceso e a recentralización coa escusa da crise.

Ademais, vostedes non só non impulsaron o autogoberno, senón que vostedes son como o can do hortelano, ¿saben?; isto é, que nin come nin deixa comer. E o que fixeron foi poñer sistematicamente paus nas rodas de todas aquelas demandas que, unha vez tras outra, traía o BNG ou levaba o BNG ao Congreso: vostedes puxeron paus nas rodas, reiteradamente ademais, á transferencia de tráfico e de seguridade viaria, o que, na práctica, o que fixo foi converter en papel mollado o desenvolvemento da policía autonómica, que é unha competencia que está prevista no Estatuto; unha competencia que foi desenvolvida por lei no ano 2007 e que vostedes paralizaron porque son letais para o autogoberno. Vostedes, recentemente ademais, vetaron a transferencia de costas no pasado pleno; votaron en contra da admisión á



trámite dunha lei —e, ademais, fixérono con argumentos absolutamente torticeiros, incoherentes e inconsistentes— que pretendía un trámite previsto no Estatuto, que é que o Parlamento tome a iniciativa de tramitación de leis para a transferencia de competencias que son de titularidade estatal, porque o dominio público marítimo terrestre é unha competencia de titularidade estatal —e, senón, lea a Constitución, señor Pazos, que non a leu ben—. A titularidade do dominio público marítimo-terrestre é unha competencia estatal, e tense que transferir pola vía prevista no artigo 152 da Constitución. Por iso nós presentamos unha proposición de lei de transferencias que vostedes votaron en contra. E vostedes, ademais, vetaron a transferencia da AP-9, e isto é moi grave porque foi aprobada reiteradamente neste Parlamento e foi vetada dúas veces a admisión á trámite no Congreso dos Deputados, por informes do Goberno do señor Rajoy e polo veto da señora Pastor, como presidenta da Mesa do Congreso, no ano 2016 —Iso está no seu haber—. E, despois, cando foi admitida a trámite, en febreiro de 2021, vostedes e o Partido Socialista —cooperador necesario tamén nesta operación— estiveron dous anos e medio paralizndo e pondo paus nas rodas á aprobación desta lei, con emendas que desvirtuaban o aprobado aquí, neste Parlamento. E recórdolles que no mes de abril aprobamos por unanimidade un acordo neste Parlamento, defendendo que se mantivese o texto aprobado nesta Cámara, e vostedes traizoaron ese acordo e deixaron que o trámite desa lei morrese.

E o que lles debemos no caso da AP9 —agora presumen de que presentaron unha nova proposición de lei, por certo, despois da presentada polo BNG o pasado mércores. Vostedes presentaron unha onte e o BNG xa a presentara o pasado mércores; van vostedes a rebufo— é o incremento das peaxes, por un lado, durante os anos que gobernaron en Madrid, e, sobre todo, o incremento en vinte e cinco anos da concesión da AP9; un incremento da concesión que empeza a contar o próximo 18 de agosto e que imos ter que pagar a tocateja os galegos e as galegas, se ninguén o remedia —que esperemos que se remedie, e hai procedementos abertos para iso—, durante vinte e cinco anos (até o 18 de agosto do ano 2048), o que suporía que a empresa concesionaria ingresase máis de catro mil millóns de euros, que vostedes —o señor Aznar— lle regalaron con esa ampliación do prazo da concesión no ano 2000.

A conclusión, polo tanto, é que o PP, ao longo de todos estes anos na Xunta —catorce anos xa—, foi o maior inimigo do autogoberno; foi incapaz de desenvolvelo e de agrandalo, e foi incapaz de aprobar as ferramentas para que Galiza tivese máis capacidade de decisión —que diso se trata—, máis instrumentos para mellorar a xestión e a vida das galegas e dos galegos.

Vostedes están moi incómodos neste debate porque teñen todos estes antecedentes e porque poñen en evidencia cal foi o seu papel en todos estes anos, e entón véñennos aquí cunha especie de lista da compra (*O señor Bará Torres mostra un documento ao resto da Cámara.*) dunha emenda de catorce puntos, que é unha especie de *totum revolutum*, en que vostedes meten de todo. A maior parte son temas xa debatidos e aprobados neste Parlamento; algún, aprobado no pasado pleno, outro, que se vai aprobar neste mesmo pleno, méteno igual aquí —dálles igual ou non miran o que presentan, ou, se non, non se entende—. E, claro, eu, visto o visto, vendo esta lista de catorce puntos, quero darlles un consello, se me permiten humildemente: eu propoñolles que lle envíen esta lista ao senador por designación autonómica, ao señor Feixóo, ao inventor da regra do dous, que, polo que se ve, non coñece ben estes temas porque



non tivo tempo en máis dun ano de presentar algunha iniciativa por Galiza; entón, pásenlle esta lista e, polo menos, que traballe algo, que xustifique que é senador por designación autonómica porque até agora non presentou ningunha iniciativa.

Despois destes catorce anos en branco, eu creo que xa é hora de dar o finiquito a un Goberno que non fixo nada por incrementar o autogoberno e que traizoou a defensa dos intereses de Galiza. Ademais, vostedes botan a culpa ao Goberno do Partido Socialista nestes últimos cinco anos, pero esquecen que vostedes estiveron gobernando os oito anos anteriores, ¿non?; os seis anos anteriores, co señor Rajoy no Goberno central, e, daquela, tampouco se acordaron de pedir ningunha transferencia. Por iso, presentamos esta iniciativa que ten tres puntos moi concretos: o primeiro é un compromiso por defender a transferencia de até vinte competencias que se consideran prioritarias e que vostedes xa defenderon noutras ocasións, xa que a maior parte delas estaba naquel documento do Consello da Xunta do ano 2008; o segundo é que se informe ao Parlamento de todos os trámites da Comisión Mixta Xunta-Estado, por exemplo, desta última que houbo o ano pasado; e o terceiro é que tamén se defenda a inclusión de Galiza en organismos do Estado, por exemplo, no Banco de España, por exemplo, en AENA, noutras empresas públicas, nos portos de interese xeral...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** ...ou na Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Esta non é unha proposta de máximos do BNG; esta é unha proposta de mínimos, é unha proposta razoábel, unha proposta realista. É unha oportunidade máis para que escollan de que lado están: se están do lado dunha Galiza máis forte, con máis capacidade e máis competencias ou se están de novo, unha vez máis, do lado do centralismo e dos seus xefes de Madrid.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**O señor BARÁ TORRES:** O BNG teno claro; vostedes tamén, por desgraza.

(Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra don Alberto Pazos

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidenta.

A ver, don José Luis, eu explícollo: o finiquito ao Goberno galego téñeno que firmar os galegos, e por iso levan vostedes catorce anos finiquitados nesa bancada. ¿Entendeuno? É unha cuestión tan sinxela como esa. Decídeno os galegos, e vostedes levan catorce anos de finiquito permanente, (Aplausos.) que non é que o lle molesta; o que lle molesta é o que lles queda.



Mire, hoxe tráennos a debate unha PNL cun plantexamento que evidencia algo pouco noticioso, a verdade; a maioría dos galegos xa o sospeitabamos, isto é, a total desconexión do BNG coa Galicia real, porque teñen ese descoñecemento absoluto do sentir real dos galegos e, polo tanto, póñense a facer anuncios, como o que fixeron onte ou antonte —xa non o recordo, a verdade—: ese de que van traballar para que Galicia obteña un status de «nazón», que parece ser que é o fundamento desta iniciativa. O profeta Rego anuncia unha república galega libre e soberana e a señora Pontón saca a careta de moderada para, o habitual, poñerse ao servizo dos delirios nacionalistas da U. En fin, é o BNG de sempre: pouco innovador.

Nós, señorías, cremos que o que demanda a inmensa maioría dos galegos é a mellora dos servizos públicos, é solucións aos seus problemas reais e tamén, se non é moito pedir, é o respecto pola súa propia identidade porque, guste ou non guste ao BNG, a inmensa maioría deste pobo se sente orgullosamente galego, orgullosamente español e, cada día máis, orgullosamente europeo. E, por iso, os galegos, cada vez que son chamados ás urnas, apoian maioritariamente este grupo, o do Partido Popular de Galicia, porque, fronte aos que nos queren impoñer a súa visión sectaria de Galicia, nós seguimos e seguiremos estando ao servizo dos sonhos, das esperanzas e das aspiracións da Galicia real; esa Galicia que quere máis investimentos, que quere mellores infraestruturas, que quere respecto ás súas institucións, que quere unha repartición xusta dos fondos europeos, e que, dende logo, non quere copiar ese modelo que lles gusta, a vostedes, de Bildu e do independentismo catalán, que, por certo, levou Cataluña a perder a súa autonomía financeira —esa que Galicia mantivo en todo momento, por certo, sen o apoio nin de uns nin de outros—.

A verdade é que esta PNL non é máis que un truco propagandístico do BNG —hoxe vimos aquí algúns mitins certamente interesantes—; é o truco que pretende que debatamos, como propostas de futuro, o que non é máis que un resumo dos seus fracasos do pasado. Asinaron un pacto que resolvía todos os problemas de Galicia. Recordarano vostedes; seguro que a señora Pontón recorda aquelas afortunadísimas declaracións: «Conseguimos nun mes máis que Feijóo en dez anos». E, ¿de que falaba aquel pacto?: da cesión da AP-9, do cincuenta por cento da dependencia, da modernización do tren, do recoñecemento do sentimento nacional, da derogación da lei mordaza, da reforma laboral, da transición enerxética —¿acórdanse do da transición enerxética?—, dos xulgados de violencia de xénero en todas as cidades galegas, e, por suposto —non me quero esquecer—, da convocatoria inmediata dunha Comisión mixta de transferencias prevista para o primeiro trimestre de 2020. ¿Acórdanse disto? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, que non se... ¡Ah!, entendo, gobernar, goberna o PPdeG, pero quen marca o calendario da Comisión de transferencias é o BNG, que, despois cando non se celebra, a pesar de que ten un acordo co Goberno de España, resulta que non ten ningunha destas responsabilidades.

Todos eses eran compromisos, señoría, do pacto de Ana e Adriana e que presentan como se nunca existisen. E a realidade é que este documento (*O señor Pazos Couñago levanta, coa man esquerda, un documento que mostra ao resto da Cámara.*) e este outro, (*O señor Pazos Couñago levanta, coa man dereita, outro documento que mostra ao resto da Cámara.*) que presentaron onte, son idénticos; son as mesmas trolas con distintas portadas, nin máis nin menos, señoría.





E un ten que empezar a pensar que pretende o BNG. Agora veñen aquí facer borrón e conta nova, como se vostedes non fosen corresponsables da investidura do señor Sánchez e como se non tivesen nada que ver cos ataques e coas discriminacións que Galicia sufriu ao longo do mandato do señor Sánchez. Por certo, ¡que maneira de tratar o socio!: un día firman con eles e, ao día seguinte lles chaman —¿como dixo?— «cooperadores necesarios».

¡Bueno!, eu pregunto onde estaba o BNG cando se atacou os pactos sucesorios galegos; eu pregunto onde estaba o BNG cando se recorrían leis galegas, que despois copiaban outras comunidades onde non eran recorridas; eu preguntome onde estaba o BNG cando se incumprían os compromisos coa nosa industria; preguntome onde estaban cando reclamabamos os trens Alvia; preguntome onde estaban cando se atacaba a cadea mar-industria, ou cando se discriminaba o corredor Atlántico, ou cando nos negaban unha repartición xusta dos fondos Next Generation. Pois, ¿saben onde estaban?: negociando os sillóns co partido que fixo todo iso, porque hai unha cousa, respecto ás prioridades do BNG, que hai que recoñecer que a teñen bastante clara: vostedes, cando hai que elixir entre os intereses de Galicia e os intereses do BNG, elixen os intereses do BNG; e cando hai que elixir entre os principios do BNG e o sillón, sempre elixen o sillón. Nisto non fallan nunca; son auténticos profesionais de dicir unha cousa e de facer a contraria.

Nós, como somos un pouco máis realistas e traballamos por outras cousas, presentamos unha emenda que pretendía substituír as prioridades políticas do BNG polas prioridades políticas de Galicia —miren vostedes que atrevemento— sen renunciar a nada, por suposto, pero establecendo con claridade cales son os problemas máis urxentes dos galegos e cales son as solucións a eses problemas. ¡Home!, pedimos cousas que non parece que sexan moi raras: un trato xusto e equitativo para todas as comunidades autónomas; a transferencia da AP9 e da AP53, co respectivo financiamento que corresponde; pedimos respecto para unha lei autonómica para a xestión e ordenación do litoral —esa que vostedes se negan a apoiar; por certo, esa que desenvolvemos porque é unha competencia propia de Galicia, porque aquí parece que hai quen lea moitos informes, pero despois non lles fai moito caso cando din o que non lle interesa—; en todo caso, pedimos tamén a cesión de medios que acompaña esa competencia, pero pedímolos por un real decreto, polo mecanismo ordinario, porque non cremos que Galicia teña que mendigar o que a outro se outorga polo procedemento ordinario; pedimos un financiamento xusto que contemple e pondere adecuadamente os criterios de dispersión de poboación e de envellecemento, e que leva parado catro anos sen que vostedes digan nada; pedimos a posibilidade de formar máis médicos de familia, de facilitar a cobertura das prazas e de poder formar máis profesionais; pedimos cogobernanza, cogobernanza real dos fondos Next Generation; pedimos unha xuntanza co comisario do corredor Atlántico —¡miren vostedes que atrevemento!: pedir que o comisario do corredor Atlántico se sente a falar coas tres comunidades que conforman o corredor Atlántico (Asturias, Galicia, e Castela e León); nin sequera pedimos que sente con Galicia soa, senón con todos. ¡Que atrevemento!—; pedimos que cheguen os trens AVRIL, xa non digo nos prazos comprometidos, pero, ¡home!, cunha certa inmediatez, despois de todas as trolas que nos levan metidas; pedimos que se cumpra o cofinanciamento da dependencia, que vostedes aseguraban que estaba cumprido antes do final da lexislatura —non sei se se enteraron de que xa acabou; rematou a lexislatura e vólveno plantexar de novo, como se nunca tivesen falado deste tema e como se ese compromiso non fose con vostedes—; pedimos a transferencia do ingreso mí-



nimo vital porque se deu a outras comunidades e Galicia entende que se xestionaría mellor dende aquí, e, polo tanto, demandámola; pedimos, efectivamente, a transferencia e a creación deses xulgados de violencia de xénero nas cidades galegas que restan; pedimos que se complete a dotación da Policía autonómica, da unidade policial adscrita; pedimos que se reduza o IVE á carne, ao peixe e ás conservas porque son elementos esenciais da economía galega; pedimos que se axilicen os fondos europeos para conseguir unha cobertura de banda larga axeitada.

Pedimos cousas que, ¡claro!, eu entendo que aportan pouco á ensoñación nacionalista do BNG; pero, miren vostedes, solucionan problemas dos galegos. E non o van crer: é que nos pagan por intentar solucionar os problemas dos galegos (*Aplausos.*) e non por alimentar as turras ideolóxicas do Bloque Nacionalista Galego. ¿Vostedes entenden isto? Eu creo que é sinxelo de entender.

Nós, polo tanto, entendemos que a atribución de competencias ten que atender ao criterio da utilidade. E, polo tanto, pedimos e entendemos que, do mesmo xeito que hai competencias que son máis eficaces cando se executan dende o ámbito autonómico, hai outras que están mellor no ámbito estatal, e outras que están mellor no ámbito europeo; por exemplo, aprendémolo cando foi o do *Prestige*. Claro que é fundamental ter un servizo de salvamento marítimo en Galicia, pero cando hai unha grande catástrofe demostrouse que toda Europa xunta tiña dificultades para atendela.

E por iso non se trata de facer unha Galicia independente, trátase de facer unha Galicia útil aos galegos. Nin buscamos confrontar con esa España da que nos sentimos parte nin podemos aceptar que se nos negue o que nos corresponde por mandato constitucional e por xustiza territorial. Non queremos ser máis que ninguén e non aceptamos ser menos que ninguén. Iso é o que queremos os galegos. Somos xente sinxela, somos xente razoable, somos xente que o único ao que aspiramos é a que os nosos fillos vivan un pouco mellor do que vivimos nós, como os nosos pais procuraron que nós vivísemos un pouco mellor do que o facían eles. Iso é o progreso, iso é traballar por Galicia e en serio.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** E, polo tanto —e resumo xa—, nós aspiramos a todas as competencias que por cercanía sería mellor xestionalas dende Galicia. Aspiramos a fortalecer o noso autogoberno dende o máximo respecto ao proxecto común chamado España; aspiramos a que as autonomías sexan unha ferramenta para o diálogo e o progreso, e non unha escusa para a confrontación e a volta ao pasado; aspiramos a unha Galicia mellor, dentro dunha España mellor; e aspiramos a ter un presidente do Goberno que entenda, fomente e traballe por ese obxectivo. (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Afortunadamente, será un que gobernou catorce anos Galicia.

Nada máis e moitas grazas.



(Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra don Luis Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Permítanme, en primeiro lugar, felicitar as novas deputadas e deputados tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Popular que hoxe se incorporan a este parlamento, a esta XI lexislatura, dure o que dure.

Señor Pazos, pouco falou da iniciativa. E que fale vostede de sillóns é meritorio, jeh!, despois da rotación que teñen vostedes, que parecen o xogo da silla. (Aplausos.)

Pero mire, é certo que dende o ano 2009 os sucesivos gobernos do Partido Popular en Galicia nunca consideraron necesaria a asunción de novas competencias, coa irrelevante excepción á que fixo referencia o señor Bará, sobre esa reunión que houbo o día 26 de setembro do ano 2022, que é algo meramente técnico e que, polo tanto, tampouco debера computar como mérito.

Tamén é certo que tiveron vostedes un repunte crítico coa Lei de xestión integrada do litoral, de curto percorrido parlamentario e incerto futuro. Porque quero lembrarllas a todos que o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Pontevedra solicitou ao Tribunal Constitucional que aclare se a Xunta de Galicia invadiu competencias na zona de servidume de protección de costas; non o Partido Socialista de Galicia, senón un xulgado do contencioso-administrativo.

E os diversos gobernos baixo a presidencia tanto do señor Feijóo antes como do señor Rueda neste momento caracterízanse polo completo abandono sobre as demandas de máis competencias para a Comunidade Autónoma de Galicia. E así nos últimos catorce anos non foi solicitada ningunha nova cuestión que supuxera a ampliación das funcións do autogoberno galego nin se activou con ese cometido a Comisión Mixta de Transferencias.

E esta posición política coincide e resulta congruente co balance de cero transferencias durante os últimos catorce anos, onde, por certo, maioritariamente gobernou no Goberno central o Partido Popular. E vén contrastar a nivel galego co dinamismo de anteriores gobernos de distinto signo político da Xunta de Galicia.

E é preciso recordar, para estes efectos, que a última intentona foi a do Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño no ano 2005 logo de que un Consello da Xunta de Galicia aprobara priorizar unha serie de transferencias que se debían solicitar ao Goberno. E cito algunhas delas, como, por exemplo, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e ordenación de usos e actividades —¡que ben nos iría se xa tiveramos esa transferencia!—, outorgamento



de concesións e autorizacións para a utilización do dominio público marítimo-terrestre, obras de conservación nese mesmo dominio, a Policía Autonómica galega, tráfico e seguridade viaria —posición cambiante do Partido Popular sobre este asunto, que un día vota si e dous días despois di que non—, servizos de proximidade ferroviaria, a transferencia da AP-53, efectivamente, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ou, por exemplo, a expedición e homologación de títulos e estudos estranxeiros de ensino universitario. E así ata trinta competencias novas.

Como ven, é unha relación maioritariamente coincidente cunha parte da proposición non de lei que hoxe se trae a debate. Pero tamén resulta necesario poñer de manifesto certas eivas que dende o noso punto de vista presenta o texto proposto.

Miren, unha delas é a relativa a obras hidráulicas de interese xeral, sobre as que as comunidades autónomas teñen xa competencias plenas cando se realizan dentro da comunidade autónoma, conforme o que establece o artigo 148 da Constitución española, pero, como resulta totalmente razoable, é o Estado o competente cando esas obras afectan varias comunidades autónomas.

E se falo do marco constitucional, ese sobre o que vostedes teñen postura ambivalente, é porque vostedes mesmos o citan na exposición de motivos da súa iniciativa.

Outra eiva que ao noso punto de vista presenta o texto proposto é a petición da xestión da bacía hidrográfica Miño-Sil, cando saben vostedes que esa bacía ten un 77 por cento do seu ámbito dentro da Comunidade Autónoma de Galicia pero ten nada menos que un 23 por cento dentro de Castela e León. É a literalidade da súa proposta.

Vou facer unha interpretación benévola e considerar que este erro foi froito da présa por rexistrar a iniciativa e non que o que pretenden é rexer dende Galicia o ámbito de toda esa bacía. Pero tamén saben que, cando os ámbitos dunha bacía afectan varias comunidades autónomas, a competencia é estatal e que ocorre exactamente o mesmo en todo o territorio do Estado español.

E o mesmo poderíamos dicir sobre a petición da competencia sobre a instalación de espazos pertencentes ao Ministerio de Defensa, aínda que vostedes despois introducen unha relación aberta que parece querer limitar esa competencia ás instalacións de uso non militar.

E a continuación propoñen unha serie de competencias sobre instalacións enerxéticas, redes básicas de gasodutos, que xeran máis dúbidas que certezas na súa interpretación. Porque non sabemos se se refiren a infraestruturas que están situadas integramente en territorio galego ou o tramo galego de infraestruturas de competencia estatal, o que requiriría unha reforma constitucional.

O seu punto terceiro parece chamado a singularizar a Comunidade Autónoma de Galicia dentro do ámbito organizativo do Estado. Porque miren, piden negociar a presenza galega en entidades de carácter estatal, como, por citar a primeira que vostedes din, o Banco de España. Supoño que saben que a composición do Consello do Goberno do Banco de España é a persoa



que exerce como gobernador, a persoa que exerce como vicegobernadora, seis conselleiros nomeados polo Goberno, a persoa que exerce como secretario xeral do Tesouro e a vicepresidenta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, e non hai ningunha representación de ningunha comunidade autónoma.

E así poderíamos analizar o que pasa con Portos do Estado, con AENA, etc., concluindo que ou se modifican todos os órganos de goberno das entidades que vostedes relacionan para dar cabida a todas as comunidades autónomas ou parece unha petición para a galería sabendo da súa inviabilidade.

En definitiva, cremos que é unha iniciativa feita —e dígollelo dende o respecto o político— con escasa solvencia e que se entende pola urxencia dos promotores en rexistrala.

Pero é necesario volver ao principio e saber por que hoxe estamos así e estamos aquí. E iso é porque o desenvolvemento estatutario non é un ascendente continuo. E estamos a vivir unha paréntese de catorce anos de conxelación no desenvolvemento autonómico no mellor dos casos. O último intento de reforma do Estatuto, que se produciu entre os anos 2006 e 2007, rematou lamentablemente nun bloqueo que ten nome e apelidos, e ese bloqueo chámase Partido Popular. Porque foi o bloqueo protagonizado polo Partido Popular o que deu unha vez máis mostra de miopía política e unha responsabilidade institucional máis ben cativa. Porque paralizando o proceso do Estatuto, que tería permitido a posta ao día do texto, deixou Galicia descolgada dunha auténtica vaga de reformas estatutarias ás que se uniron a práctica totalidade das comunidades autónomas, e así ata hoxe.

A conxuntura política que se deu logo da chegada do Goberno do Partido Popular no ano 2009 inaugurou unha especie de idade de xeo no proceso de consolidación autonómico; unha aldraxe ao proceso de desenvolvemento, que se demostra con ese dato de cero novas transferencias en toda esta etapa. Por primeira vez na historia da Autonomía, nin sequera con esa excepción á que vostede fixo referencia, foi convocada a Comisión Mixta de Transferencias. Máis dunha década na que nin sequera foi solicitada unha nova cuestión que supuxera a ampliación do autogoberno galego. É o único caso estatal no que un goberno autonómico por primeira vez decide unilateralmente renunciar a calquera tipo de demanda de máis competencias que permitan estender a súa autonomía.

E as competencias autonómicas, señores promotores da iniciativa, señores do BNG, señores do Partido Popular, non son ou non deberan ser un trofeo político para exhibir como elemento decorativo na sala de consellos da Xunta ou no salón de plenos deste Parlamento de Galicia, e tampouco deben ser un recurso retórico do que botar man á demanda ou descartar se nos interesa.

A Galicia interésalle blindarse fronte a modelos recentralizadores do Estado que só poden ir en contra das comunidades autónomas, sen caer no rupturismo. E entre unha e outra opción está a reforma e actualización do marco estatutario no camiño da unidade das galegas e dos galegos.

Galicia require dun modelo que equipare e que non diferencie. E hai que ter coidado, señor Bará, coas opcións que pretenden unha deliberada asimetría política, porque poden derivar



na exclusión interesada das rexións máis prósperas. As vantaxes dese camiño son bastante numerosas e os riscos son bastante difusos, máis alá dos custos políticos, que poden e deben ser resoltos se camiñamos xuntos —e falo dos tres grupos parlamentarios— neste proceso.

A tensión entre os que rexeitan a descentralización por insuficiente e os que a rexeitan por excesiva produce unha fatiga e desapego na sociedade, que entre todos debemos evitar. As galegas e os galegos deben ser partícipes e sentirse incluídos e non debidos.

Polo que dende aquí emprazo o Partido Popular a que rompa co inmobilismo e se sume ao reforzo do autogoberno, que poña fin a eses catorce anos de xeo nos que non foi capaz de asumir novas competencias nin desenvolver as materias pendentes do Estatuto. Un tempo no que nos obrigaron a ver unha Galicia estancada, mentres outras comunidades autónomas acadan cada vez máis ámbitos de decisión.

Así que nin ruptura nin retroceso. A política, a reforma e a vía do diálogo son as únicas que nos garantirán un éxito sólido e duradeiro. Precisamos acordos e volver á política con maiúsculas.

Señores do BNG, para unha posición rupturista non conten co Partido Socialista de Galicia. Señores do Partido Popular, para unha oposición recentralizadora tampouco conten co Partido Socialista de Galicia.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Álvarez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Todo o anterior —remato, si, presidenta— semella para o Partido Popular cada vez máis complicado, porque cando un le que o que pretenden os socios preferentes de goberno por España adiante é a devolución inmediata ao Estado das competencias en educación, sanidade, seguridade e xustiza, limitando en todo o posible —sic— a posibilidade e capacidade lexislativa autonómica, como paso previo á creación dun Estado unitario —jarrriba España!—, administrativamente descentralizado, que promova a igualdade e a solidariedade entre españois, explicaría se cadra a emenda do Partido Popular...,

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Álvarez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...sobre a que a min non me corresponde pronunciarme.

Nada máis e moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Remata o autor da proposición non de lei.

Ten novamente a palabra don Xosé Luís Bará.



**O señor BARÁ TORRES:** Pois si, o BNG fixo máis cun só deputado, co señor Néstor Rego, que o señor Feixóo en dez anos, (*Aplausos.*) fixo máis, e as probas están aí. O BNG conseguiu unha rebaixa histórica das peaxes da AP-9, que senten todos os días os galegos e as galegas que utilizan a autoestrada, que non pagan a viaxe de volta. Iso foi grazas ao BNG, a esa negociación co BNG. Vostedes o que fixeron foi incrementar as peaxes e incrementar a concesión vinte e cinco anos, vostedes, para negocio da concesionaria.

E mire, eu véxoos moi preocupados polo BNG, moi preocupados por Ana Pontón e por Néstor Rego, e isto para nós é unha motivación extra. Vemos que están nerviosos ante o medre do BNG, ante o crecemento do BNG, ante a fortaleza cada vez maior do BNG, que incrementa a representación en todas as eleccións nas que se presenta. Por iso están vostedes nerviosos.

E, claro, vostedes tráennos aquí unha lista de emendas. Xa lle dixen: non ten nada que ver coa proposta que presentamos, que é de transferencia de competencias. Pero ben, se se poñen, se queren, podémollesla aceptar como unha emenda de engádega, xa digo, aínda que non ten nada que ver e aínda que recolle cuestións estrambóticas, como a PNL que imos discutir despois, na que vostedes meteron catorce puntos. ¡Que reciba as comunidades o comisionado do corredor atlántico!, mire que rigor teñen vostedes nas súas emendas. Pero dá igual, incluímolas como engádega.

Miren, o BNG practica a coherencia. Somos nacionalistas — non sei se non se deran conta, dígolleslo a uns e a outros —, somos nacionalistas, defendemos os dereitos nacionais de Galiza, defendemos que Galiza é unha nación, con todas as súas consecuencias. Pero hoxe non viñemos aquí falar disto, non viñemos aquí cunha proposta soberanista, non viñemos aquí falar do status de nación. Viñemos cunha proposta de mínimos. Vostedes non entenderon nada. Eu pensei que me ían chamar moderado, autonomista, porque realmente o que viñemos aquí é a defender o que está previsto no Estatuto, é dicir, desenvolvemento das competencias previstas no Estatuto que non están desenvolvidas, é dicir, que se cumpra o Estatuto e que se utilice a vía prevista na Constitución para transferir aquelas competencias que son de titularidade do Estado, que a Constitución tamén prevé o seu traspaso ás comunidades autónomas que o demanden.

Por certo, viñemos aquí recoller unha serie de demandas que na súa maior parte aparecían nese acordo da Xunta do ano 2009 do señor Feixóo, daquelas competencias que eran prioritarias, si, si, punto por punto: a autoestrada AP9, a autoestrada AP53, meteoroloxía, os portos, a ordenación do litoral, e que estaban todas aí. Mire, ata teño aquí o a nota de prensa. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) ¿Isto é independentismo soberanista e rupturista? É que o defendían vostedes no ano 2009, pero esqueceulles, despois desertaron.

Pero miren, isto para o señor Álvarez: «competencias sobre as bacías da Comunidade, para o que reclamará que sexa a encargada da licitación, execución e xestión das obras hidráulicas de interese xeral que se acometan na Comunidade.» Obras hidráulicas de interese xeral, defendíao o Partido Popular no ano 2009, vostedes nin sequera chegan aí.

Pero o curioso do caso é que, cando gobernaban en Madrid, o señor Zapatero transferiulle as competencias do Guadalquivir a Andalucía. E o que vale para Andalucía non vale para Ga-



liza, porque o Guadalquivir tamén pasa por outras comunidades que non sexa Andalucía. Aclárense vostedes, porque tamén ás veces é difícil diferenciarlos do Partido Popular nas súas posicións xacobinas e centralistas, e así lles vai a vostedes. *(Aplausos.)*

Miren, vostedes, señorías do Partido Popular, retrátanse nestes debates, vostedes foron nalgún momento autonomistas por comenencia, pero despois descubriron a súa verdadeira cara, a súa cara máis ultra, a súa cara máis centralista. E non é de agora, isto xa vén de atrás, xa o fixeron no ano 2019. Miren o que puxeron vostedes no programa electoral do ano 2019: «*Aprobaremos una moratoria que paralizará la cesión de competencias a las comunidades autónomas.*» Branco e en botella, unha moratoria que paralizará a transferencia de competencias. É que son vostedes perfectamente coherentes co que puxeron no seu programa electoral. Pero é que o señor Feixóo xa decretou a moratoria no ano 2009, xa levamos catorce anos de moratoria, por responsabilidade do Partido Popular. E o señor Rueda tamén falou claro cando foi á Televisión, xa o dixo o outro día nunha entrevista en directo: o Goberno do PP decidiu que non se podían facer novas transferencias a Galicia. E que non me estraña nada do que están dicindo vostedes aquí, porque xa o dixeron, por activa e por pasiva, no seu programa electoral e nas declaracións que fixo o señor Rueda.

Así que esta iniciativa e a votación é perfectamente clarificadora, pon a cadaquén no seu sitio: o BNG na defensa dos intereses de Galiza e os demais na submisión a Madrid.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** E mañá, que é a data do aniversario do Estatuto do 36, o estatuto polo que loitaron Castelao e Bóveda, polo que mataron a Alexandre Bóveda, o BNG seguirá sendo fiel ao legado que nos deixaron Castelao e Bóveda. *(Aplausos.)* Vostedes non poden dicir o mesmo.

Moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** ¿Da emenda?, señor Bará.

*(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

Continuamos co punto 6.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para seguir impulsando o proxecto do corredor atlántico ferroviario, no que se integran as comunidades do noroeste peninsular**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta proposición non se presentaron emendas e, para formulala, ten a palabra o señor Balseiro.





**O señor BALSEIRO OROL:** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

No pleno do pasado 11 de abril este parlamento aprobaba por unanimidade unha iniciativa liderada polo grupo maioritario desta cámara, polo Grupo Popular, á que despois se sumaron tanto nacionalistas como socialistas, na que demandabamos unha aposta decidida a favor dunha infraestrutura estratéxica para Galicia como é o corredor atlántico de mercadorías.

Poucas veces un proxecto tan ambicioso como este da rede ferroviaria, que aspira a superar as fronteiras técnicas dos distintos países da Unión Europea, foi capaz de concitar tanto apoio ao seu arredor. Crece o clamor social e crece o clamor institucional para que Galicia poida estar presente na rede transeuropea de transportes. E, nese senso, a alianza formada no ano 2018 polas comunidades autónomas do noroeste peninsular (Galicia, Asturias, Castela-León, Cantabria e País Vasco) logrou o que parecía máis complicado: fixo posible incluír os treitos do Noroeste no trazado do corredor atlántico. Ou, dito doutro xeito, grazas á unión das forzas destas comunidades e ao respaldo dun galego —repito ben: o respaldo dun galego daquela presidente do Goberno, Mariano Rajoy—, Galicia logrou o seu obxectivo de incorporarse ao corredor atlántico. Pero co cambio de Goberno e a chegada do Partido Socialista e da esquerda populista a Madrid é unha realidade incuestionable a falta de impulso desta infraestrutura.

Feito este diagnóstico, no pleno de abril demandabamos por unanimidade catro puntos: incluír nesa rede de transporte transeuropea o denominado trazado norte, é dicir, a liña Ferrol-A Coruña-Betanzos-Lugo-Monforte-León. Provincias como a de Lugo ou iniciativas como o AVE a Portugal non podían verse excluídas deste proxecto. E viamos como a estratexia de bloqueo operada polo Goberno de Pedro Sánchez contrastaba cos avances políticos no ámbito político comunitario.

Así, recentemente, a Eurocámara aprobou, co voto a favor do Partido Popular, na súa Comisión de Transportes, a incorporación como proxecto prioritario da rede transeuropea todos os treitos galegos do corredor atlántico, unha petición que agora debера ser referendada polo Consello neste segundo semestre do ano, coincidindo coa presidencia española da Unión Europea.

Ata aí todos os avances experimentados. Os tres puntos adicionais do acordo plenario do pasado mes de abril son hoxe, lamentablemente, señora Otero, incumpridos. É dicir, que con Sánchez na Moncloa non quixeron incorporar no plan director desta infraestrutura o investimento de 8.000 millóns de euros adicionais co obxecto de financiar as actuacións que as comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Castela-León teñen identificadas como prioritarias.

En segundo lugar, tampouco hoxe a Moncloa ten vontade de garantir condicións de igualdade; igualdade de oportunidades en investimentos e en avances entre o corredor atlántico e o corredor mediterráneo. E o que aínda é máis significativo: o comisionado nomeado en xaneiro por Pedro Sánchez para dirixir este plan estratéxico, José Antonio Sebastián Ruiz,



segue sen responder á petición feita pola Xunta para manter unha reunión. Transcorridos xa seis meses, parece unha misión imposible manter un encontro coa persoa designada polo Goberno central para levar os asuntos relacionados con esta infraestrutura, que ten un carácter estratéxico para Galicia no ámbito da mobilidade ferroviaria. Esta negativa, ademais dun evidente desprezo ao Goberno que representa a todos os galegos, pon de manifesto que a súa designación foi unha fraude. E hoxe sabemos cal podería ser a razón dese veto a Galicia: non quere recibírnos porque non xestionou os fondos europeos para financiar este proxecto.

Señorías, con tan só un día de diferenza, pasamos de escoitalle dicir a este comisionado: as obras do corredor atlántico faranse goberne quen goberne, e ao día seguinte tivo que recoñecer que non habería fondos europeos para financiarlas; é dicir, faraas outro goberno —imaxino—, non o actual.

Para o Partido Popular e mais tamén para Galicia, para os galegos e as galegas, é unha pésima noticia a exclusión do corredor atlántico noroeste da repartición de fondos europeos para o ano 2023, á vez que confirman os nosos temores: que o Goberno de España segue parado e sen facer nada para impulsar esta infraestrutura estratéxica para a nosa Comunidade Autónoma.

Señorías, o Goberno de Pedro Sánchez e de Yolanda Díaz e tamén o comisionado do Goberno para o corredor atlántico deben dar explicacións, explicar por que ningún proxecto do corredor atlántico en Galicia e no Noroeste, ningún deles, van recibir fondos europeos na convocatoria que vén de resolverse. O único que sabemos é que a Unión Europea vai destinar este ano 6.300 millóns de euros a impulsar a rede europea de transportes, dos cales 250 serán para España pero nin un só euro será para Galicia, nin un só euro será para o Noroeste de España. E iso merece, como mínimo, unha explicación por parte dos actuais responsables do Goberno de España.

Por iso hoxe, señorías, a través desta iniciativa, volvemos reclamar esa reunión, e pedímola con carácter de urxencia, sabedores e conscientes do moito que está en xogo, porque, por riba das diferenzas políticas, na nosa man está a obriga de construír, sen lugar a dúbidas, unha Galicia mellor e unha España mellor, para que as futuras xeracións reciban eses deberes feitos e poidan levantar o seu propio futuro.

Temos unha responsabilidade especial, e é a obriga de reclamar dun xeito máis belixerante e dun xeito máis decidido que o corredor atlántico de mercadorías sexa unha realidade, e só será posible, señorías, se traballamos xuntos e se traballamos con consenso; así o conseguiremos. De momento, conseguimos pouco. No futuro imaxino que, como imos ter un galego á fronte do Goberno de España, conseguiremos máis.

Nada máis e moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Balseiro.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.



Ten a palabra dona Patricia Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Remataba o señor Balseiro dicindo que coa chegada dese galego á Moncloa teríamos avances. Home, pois os de Lugo ben coñecemos as promesas do señor Feijóo. Tamén recordamos ese avance que nos dicía que ía chegar o AVE con fondos propios da Xunta de Galicia e aínda estamos esperando. Esas son as promesas do señor Núñez Feijóo para coa nosa provincia, señor Balseiro.

Vostede dicía: «anote»; dígolle eu: anote vostede. *(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, si, dixó que cun galego —anote— foi cando se incluíu Galicia no corredor Atlántico; e non é así, señor Balseiro. Galicia foi incluída de pleno dereito no corredor Atlántico no ano 2021. Apunte: ¿quen gobernaba en Madrid no ano 2021? ¿Mariano Rajoy ou Pedro Sánchez? Porque creo eu que está vostede bastante equivocado con eses datos. *(Aplausos.)*

A verdade é que eu creo que o seu grupo tiña pouca confianza en que vostede sacase adiante esta iniciativa para pedir novamente esa reunión do comisionado do corredor Atlántico con esas tres comunidades do noroeste peninsular. Porque o señor Pazos chegou a dicir: «é que, claro, non se reúne o comisionado con todas as comunidades autónomas que forman o corredor Atlántico». Señor Balseiro, coméntelle ao señor Pazos que non só esas tres comunidades conforman o corredor Atlántico, porque hai ata once comunidades que conforman o corredor Atlántico. Outra cousa distinta, señor Pazos, é o corredor Atlántico do Noroeste. Pero, claro, aquí como botamos moitas veces a lingua a pacer pois a verdade é que é o que acontece moitas veces. *(Aplausos.)*

Dicía o señor Balseiro que foi un galego o que incluíu Galicia no corredor Atlántico. Xa lle dixen que non, que foi no ano 2021 e xa estaba a gobernar Pedro Sánchez en Madrid. Porque, ademais, fagamos un pouquiño de memoria, señor Balseiro. ¿Sóalle Íñigo de la Senra? Non era do Partido Socialista; era do Partido Popular. Era ministro e dicía que Galicia non estaría integrada no corredor Atlántico e que non podería optar a axudas e subvencións europeas ata o ano 2027. Esa era a promesa e a data que poñía o Goberno do Partido Popular para que Galicia puidese estar integrada no corredor Atlántico. Polo tanto, señor Balseiro, revise quen lle pasa os apuntes.

Miren, está nomeado ese comisionado e hai orzamentos para este corredor Atlántico. Ademais, por primeira vez na historia os orzamentos do corredor Atlántico son os mesmos que para o corredor Mediterráneo. Nestes presupostos xerais do Estado para o ano 2023, 1.648 millóns de euros para o desenvolvemento do corredor Atlántico e mais 2.478 millóns de euros que proveñen de fondos europeos.

Polo tanto, está nomeado o comisionado, hai orzamentos e está en elaboración un plan director que se presentará no mes de outubro. Esa é a realidade. Ademais, hai un investimento



previsto de dezaseis mil millóns de euros nos vindeiros anos para este corredor, dos cales catro mil serán para a renovación de infraestruturas e doce mil millóns de euros para infraestruturas novas. Anote, señor Balseiro.

Xa está ben de falar de que o corredor Mediterráneo leva máis fondos que o corredor Atlántico. Como lle dicía, anteriormente acontecía iso cos gobernos do Partido Popular. Agora mesmo levan o mesmo investimento o corredor Atlántico e o Mediterráneo.

Eu quero lerlles algún fragmento da entrevista que lle fixeron a Carlo Secchi, coordinador europeo do corredor Atlántico. Non o di o PSdG. Esta entrevista é de hai dous días, é do 24 de xuño deste ano, e di —léoo en castelán porque está en castelán—: «¿Tiene datos sobre la ejecución en España del corredor Atlántico y sobre el estado actual de las infraestructuras españolas? Mantengo un contacto regular y muy fluído con los diferentes estados miembros, con los suministradores y con todos los actores implicados, como ADIF en España. Tenemos mucha información. ¿Está satisfecho con el progreso del corredor Atlántico en España?». Estoulles a dicir que é o que está a responder é o coordinador europeo do corredor Atlántico. Di: «En general, estoy muy satisfecho con el progreso en España, las principales obras en construcción están en marcha y se completarán según lo previsto antes del 2030. Estoy muy contento con que se haya nombrado recientemente un comisionado específico para el corredor Atlántico».

Outra pregunta, señor Balseiro: «¿Ve muchas diferencias entre la promoción y ejecución del Corredor Atlántico y el del Mediterráneo?». Porque vostedes sempre din que hai discriminación do corredor Atlántico con respecto ao Mediterráneo. «Creo que, en general, los dos corredores se están desarrollando y progresando bien. Y creo que el Gobierno español presta la misma atención a los dos corredores». Estou a falar do coordinador europeo do corredor Atlántico; non o di esta deputada. Polo tanto, señor Balseiro, basta xa de terxiversar a realidade e de manipular dicindo que se discrimina un corredor con respecto ao outro. Iso acontecía anteriormente.

Vostede dicía que o corredor Atlántico Noroeste queda fóra dos fondos europeos. Quedou fóra dunha parte deses fondos europeos; non quedou fóra de todos os fondos europeos. E a verdade é que debería preocuparse un pouquiño máis, porque como perigan realmente os fondos europeos é coa posible chegada ao Goberno do Partido Popular e de VOX. Porque se realmente derrogan todas esas medidas precisamente pactadas con Europa, que é o único que teñen no seu programa electoral, aí si que correrían risco os fondos europeos.

E mire, señor Balseiro, vostede incluso na súa iniciativa falaba tamén do tramo que corresponde á nosa provincia. Eu quero recordarlle que, ante as previsións de que Lugo quedase fóra do corredor Atlántico de mercadorías eu nunca escoitei o Partido Popular nin o Partido Popular de Lugo preocupándose por iso. O que escoitei sempre foi a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, que estivo aí sempre batallando —agora tamén como presidenta do Eixe Atlántico— para que non se olvidasen de incluír Lugo nese corredor Atlántico de mercadorías. Repito: en solitario a alcaldesa de Lugo, sen o apoio do Partido Popular de Lugo.

Agora que o Parlamento Europeo acordou solicitarlle á Comisión Europea que inclúa o eixe ferroviario Ferrol-A Coruña-Lugo-Monforte na Rede Transeuropea de Transporte, hai unha oportunidade. O propio Goberno do Estado, a través do seu secretario de Estado de Trans-



porte, reiterou a súa vontade de pelexar por novos tramos deste corredor ferroviario atlántico, como é o caso de Lugo. No novo prazo que abrirá a Comisión Europea neste segundo semestre, coincidindo coa presidencia española, para que os países membros soliciten a inclusión de novos trazados que consideren prioritarios para o desenvolvemento dos seus territorios, aí estará tamén este goberno central.

Señor Balseiro, para Lugo a mellora desta rede suporía unha oportunidade, por exemplo, para o porto seco de Monforte, algo do que vostedes non queren falar. Xa bufa o señor Balseiro pero, claro, é que a Xunta segue sen acordarse del. Vostede, coma min, sabe que está chamado a ser un nó central ferroviario para Galicia. ¿E que fixo a Xunta de Galicia dende o ano 2014 que inaugurou o porto seco de Monforte? ¿Onde están eses accesos ao porto seco de Monforte, señor Balseiro? ¿Onde están? ¡Búsqueos, búsqueos, porque non se atopan, porque a Xunta de Galicia non fixo nada! Unha obra que foi inaugurada no ano 2014, despois de moitísimos atrasos na súa execución. ¿Onde está tamén ese peirao intermodal que se precisa?

Polo tanto, no marco do corredor Atlántico, en Galicia estanse a desenvolver actuacións moi importantes, como é esa conexión entre Lugo, Monforte, Ourense e Vigo. ¿Que lle vou falar eu a vostede da renovación do tramo Ourense-Monforte? Polo tanto, dende logo, deberes para o Goberno do Estado, pero deberes tamén para a propia Xunta de Galicia. Porque aí as comunidades autónomas tamén teñen moito que facer, teñen moito que dicir, teñen moito que pedir e tamén teñen que completar moitas destas infraestruturas que son fundamentais para este corredor Atlántico.

Nós, unha vez máis imos apoiar a iniciativa que trae hoxe a debate o Partido Popular. Pedimos que se reúna o comisionado do corredor Atlántico coas tres comunidades que piden esa reunión. Reitero que non son todas as comunidades que conforman o corredor Atlántico —hai que revisar os datos—. Polo tanto, nós, unha vez máis, imos pedir que se reúna e que reciba esas comunidades autónomas.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Xosé Luís Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** A verdade é que me sorprende esta iniciativa do Partido Popular, que me parece un tanto decepcionante. Porque vostedes traen aquí unha proposta, semellante a unha que se aprobou xa hai tres meses, para pedirlle unha reunión ao comisionado do corredor Atlántico, un cargo público que está en funcións e en tempo de desconto.

Parécenos, ademais, unha mostra de falta de confianza, de falta de motivación do Partido Popular; de pouca confianza no resultado das eleccións do 23 de xullo. ¿Onde está ese Partido



Popular triunfalista e eufórico que xa vendeu a pel do oso, que está practicamente nomeando o novo goberno central, ministros e ministras? Fáltalles tamén xa nomear —igual está aquí nesta bancada da dereita— o novo comisionado ou comisionada do corredor Atlántico. ¿Onde está ese Partido Popular que surfea na onda neste fantástico *Verano Azul*? Non sabemos aquí quen é Chanquete ou quen é o Piraña nas bancadas populares. Supoño que haberá algún Piraña e algún Chanquete. *(Risos.)*

Hai que recoñecerlles... *(Risos.)* Home, hai que animar un pouco isto a estas horas, ¿non? Porque se non non prestan atención. Ben, dicía que hai que recoñecerlles que a vostedes lles senta ben estar na oposición en Madrid e tamén practicar a oposición aquí. Porque cada vez practican máis a oposición nesta Cámara. Séntalles ben. Vostedes descubriron o tren; vostedes descubriron a preocupación polo ferrocarril. Un pouco tarde, pero nunca é tarde.

É unha mágoa que vostedes non tivesen esa mesma preocupación para aprobar no seu día a creación do ente ferroviario galego no ano 2011. Porque vostedes chegaron a licitar un contrato para crear o ente ferroviario galego e despois deixárono gardado nun caixón. Por certo, é unha competencia prevista no Estatuto que a vostedes non lles interesou. Mágoa que vostedes non tivesen esta ansia polo tren e esta preocupación para denunciar no ano 2013 o maior ataque ao tren galego da súa historia, un plan que soaba tal que así: «Plan de racionalización do transporte ferroviario». Supuxo a eliminación de 106 trens á semana, o peche de 20 estacións e a eliminación de 1.776 paradas. É dicir, que vostedes deixaron tirada a xente deste país no andén da estación en 1.776 paradas.

E ¿que dixo o Partido Popular daquela? Vostede seguro que andaba por aquí, señor Balseiro, que é veterano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dixo o portavoz do Partido Popular —despois dígolle quen foi—: «Os recortes teñen toda a lóxica pola situación orzamentaria, pola demanda social e polo uso real do servizo». Román Rodríguez, portavoz de Infraestruturas do Partido Popular, xustificando nesta Cámara o maior trenicidio da historia deste país. Así son vostedes.

Porque vostedes tamén teñen memoria selectiva; teñen unha especie de *lapsus memoriae* e, claro, non recordan algunhas cousas. Pero vóllelas recordar eu. Foi unha mágoa que vostedes non tivesen esta ansia cando aprobou a Comisión Europea o mapa do corredor Atlántico no ano 2013, que foi este. *(O señor Bará Torres amósalles un mapa aos membros da Cámara.)* ¿Saben o que pasaba aquí? Que Galiza non está, nin está o corredor Noroeste. ¿Saben quen gobernaba en Madrid? *(O señor Bará amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Ese galego que citou vostede aquí, que foi o que permitiu esta aldraxe a Galiza: o señor Rajoy. *(Aplausos.)* Esta aldraxe a Galiza tamén cos votos do Partido Popular e do Partido Socialista no Parlamento Europeo.

Daqueles pos, esta lameira. *(O señor Bará amósalles un mapa aos membros da Cámara.)* Porque o que dicía este mapa do corredor Atlántico —por certo, que vai de Alxeciras a Madrid e de Lisboa a Madrid; ese é o corredor Atlántico prioritario no ano 2011-2013 que vostedes aprobaron— é que estas obras eran prioritarias, que formaban parte da rede básica europea e que se debían financiar de maneira prioritaria ata o ano 2030. E por iso Galiza non conta nos orzamentos comunitarios ata o ano 2030, porque vostedes a deixaron fóra. Esa é a súa



responsabilidade. Así que non veñan agora con bágoas de crocodilo; non veñan aquí laiarse de algo que é a súa responsabilidade.

Igual que é a súa responsabilidade o centralismo ferroviario. Porque teño que dicir unha cousa: un dos investimentos estrela do corredor Atlántico foi a ampliación da capacidade da estación de Chamartín, con quiñentos trinta millóns de euros. O gran logro do señor Rajoy, que tanto se preocupaba polas infraestruturas ferroviarias de Galiza, que deixou fóra o noso país.

Ben, pois isto corrixiuse tempo despois, no ano 2021, co novo regulamento que incluíu o corredor Noroeste dentro do corredor Atlántico; pero foi nunha segunda fase, con investimentos prioritarios ata o ano 2040. E por iso estamos no furgón de cola e por iso Galiza non aparece neses proxectos que xa foron aprobados, porque eses proxectos son do período prioritario 2030, do que se aprobou en 2013. Esa é a razón de que non haxa proxectos, á parte da desidia e do desleixo do Goberno central, do anterior e mais deste, que non fixeron os deberes. ¡Esta é a realidade, señor Balseiro!

E por iso Galiza está fóra do mapa. Por iso sufrimos o atraso ferroviario tanto en materia de mercadorías como tamén, por exemplo, en cercanías. Non é nada novo. Xa llo dixen noutro debate. ¿Sabe canto tarda un tren de mercadorías en chegar de Galiza a Barcelona? ¡Vinte e tres horas! Por iso, das mercadorías que se exportan a Europa desde Galiza, só o un por cento van por ferrocarril, porque non é competitivo. E isto é responsabilidade dos gobernos. Xa non é cuestión de corredor ou de non corredor; é responsabilidade dos gobernos, dunha e outra cor, de todas estas décadas no Goberno central.

Por iso temos trens de mercadorías que teñen unha media de lonxitude de trescentos cincuenta a quiñentos metros. Isto é unha falta de competitividade tamén, porque no caso de Madrid-Valencia está en setecentos e Madrid-Sevilla en seiscentos. Pero iso tamén é porque priorizaron vostedes, uns e outros, o corredor Mediterráneo e o corredor Atlántico por Madrid. Porque o corredor Atlántico non ía aos portos do Atlántico; ía ao porto do Manzanares, ao porto de Chamartín. Ese era o porto que a vostedes lles interesou.

Por iso non temos tampouco conexións ferroviarias en tres portos de interese xeral, que son de tan interese xeral que non teñen conexión ferroviaria. Por iso non temos conexión ferroviaria nas plataformas loxísticas. Isto tamén é responsabilidade dos gobernos dunha e doutra cor, de Madrid e da Xunta. Por iso non temos tren aínda na PLISAN, despois de vinte anos de obras nesta marabillosa plataforma loxística que ía resolver non sei cantos miles de problemas.

Por iso non temos conexión ferroviaria no que vostedes bautizaron como «porta ferroviaria de Europa»: o porto seco de Monforte. Que aquí si que acertaron co nome, porque é un seccarral. Leva nove anos inaugurado e non ten ningunha empresa nin ten conexión por tren. Atinaron co nome.

Pois ben, esta é a realidade e é responsabilidade de todos os gobernos. Ademais, deixouno moi claro o señor Feixóo, que ás veces é absolutamente transparente. Fixo unha declara-



ción no seu día, no ano 2021, nunha desas cimeiras que facía. Dixo: «El Noroeste ha permanecido callado demasiado tiempo». Isto do Noroeste soa así a *Far West*, a Lonxano Noroeste. «*Ha permanecido callado demasiado tiempo*». ¿Pero quen gobernou no Noroeste durante trece anos? ¿Que estivo facendo? ¡Calar, calar e achantar! Iso foi o que fixo o señor Feixóo, sobre todo cando gobernaban os seus en Madrid e cando aprobaron todas esas medidas negativas.

Por iso estamos sen plan director, por iso estamos con... (*Murmurios.*) ¿Alguén quere falar por aí? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non lle deixan falar a vostede?

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Non, non pode, señor Bará, e vostede sábeo. (*Murmurios.*)

**O señor BARÁ TORRES:** Por iso non temos comisión de seguimento dos proxectos e dos investimentos. E, claro, ante isto vostedes traen aquí unha proposta absolutamente extemporánea e fóra de lugar, que é unha mala escaramuza electoralista de última hora. Unha mala escaramuza electoralista de última hora.

E para rematar vou... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso xa veremos. Non o temos claro.

Vou rematar citando de novo —como fixen xa outras veces, porque me parece que é unha desas frases que se debían gravar nos parlamentos e nos gobernos— a Siim Kallas, excomisario europeo de Transportes estonio: «Quen non estea na Rede transeuropea de transportes que se prepare para ser un cero á esquerda en materia de transporte de mercadorías por ferrocarril». E esa é a posición na que vostedes, Partido Popular e Partido Socialista, coas súas responsabilidades compartidas, puxeron Galiza nos últimos vinte ou trinta anos.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Galiza leva dez anos fóra do mapa. Pero o BNG, desde logo, vai seguir defendendo neste Parlamento, no Congreso e en Europa que Galiza estea en todos os mapas, en todas as conexións con Europa e co mundo por todos os medios.

Ademais hai unha regra, que esta si que é unha regra do tres, que non falla: que canta máis representación teña Galiza, canta máis forza teña Galiza neses parlamentos, máis garantías hai de que este país conseguirá logros e beneficios para o ben de todos os galegos e as galegas.

Adiante con eles. Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Pecha o autor da proposición non de lei.





Ten novamente a palabra o señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señora presidenta.

Moitas grazas ao Partido Socialista por apoiar esta iniciativa. Supoño que o Bloque Nacionalista Galego tamén a acabará apoiando, aínda que o señor Bará, como é veterano xa nestas lides, non quixo pronunciarse.

De todas as formas, señor Bará, alégame moito que un nacionalista siga a campaña do Partido Popular a nivel nacional, iso do *Verano Azul*. Ademais, alí non falan en galego; falaron en castelán. Ese é un bo sinal; cando un nacionalista que o único que quixera é poñer unha comporta en Pedrafita e outra no Padornelo está seguindo a campaña a nivel nacional do Partido Popular. (*Aplausos.*) Benvido, benvido...

Señor Bará e señora Otero, menos pico e máis pa. (*Risos.*) ¡Menos pico e máis pa! Hai que traballar un pouco máis, porque vostedes trouxeron, xustamente, tanto un como o outro, o mesmo discurso que fixemos o 11 de abril. Esta iniciativa ten un só punto; a que aprobamos o 11 de abril tiña catro puntos. E xa llo dixen o 11 de abril.

Díxome que quen me pasaba a min os datos. Non, mire quen llos pasa a vostede (*O señor Balseiro Orol amósalles un documento aos membros da Cámara antes de comezar a lelo.*): «Galicia, el corredor Atlántico transeuropeo sobre la importancia tal». Fecha: ano 2018. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, espere. Para deixala a vostede ben, voullo dar á presidenta do Parlamento para que llo pase. «*Rajoy y Costa piden que la Unión Europea mantenga la apuesta por el corredor Atlántico*». Do ano 2018, xa llo dixen. Mire: «*Bruselas acepta incluír a Galicia en el corredor Atlántico ferroviario*». Ano 2018. ¡Menos pico e máis pa! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Menos pico e máis pa. Señora presidenta, fágallelo chegar aos grupos. (*O señor Balseiro Orol Bará entrégalle un documento á señora presidenta Candia López.*)

E miren vostedes, dicía o señor Bará que hai tres meses que aprobabamos algo similar. Efectivamente. E como o comisionado non contesta, hai que volvelo aprobar. ¡Só faltaría!

Pero, mire, señor Bará, vostede tamén ten que ter menos pico e máis pa. Porque no pacto da vergoña, o pacto de investidura asinado pola señora Pontón para facer presidente o señor Sánchez, prometían —e leo literalmente—: «*Actuar sobre la red ferroviaria de mercadorías corredor Atlántico de Galicia, presentando proyectos que permitan acceder a los fondos europeos*». Todo ao revés do que fixeron. «*Cuando se abra el nuevo plazo*» —atendan, atendan, que isto non ten desperdicio— «*de ayudas en el año 2021*». É dicir, vostedes poñíanse deberes a vostedes mesmos. Poñíanse unha data concreta no ano 2021 e no ano 2023 están incumpridos. Ese era o Bloque Nacionalista Galego cando apoiou o Partido Socialista e cando apoiou a Sánchez.

E vén vostede aquí dicir que se deixabamos fóra do corredor... ¡Vostedes o que venderon foi, unha vez máis, como fai sempre o Bloque Nacionalista Galego, os galegos e as galegas, home! ¡Que a iso xa nos teñen acostumados! (*Aplausos.*) Galicia xa está afeita a ver como o Partido



Socialista non cumpre o que pacta coa señora Pontón e co Bloque Nacionalista Galego. Eses incumprimentos que non teñen ningunha consecuencia. Non hai socio máis fiel a Sánchez que o Bloque Nacionalista Galego da señora Pontón. Iso si, cando pactan, sempre é en contra de Galicia. Sempre en contra de Galicia.

E vostedes soben á tribuna do Parlamento dicir o do Partido Popular... ¡Home, por favor! A vostedes xa os coñecemos. O pacto xa llelo rompín un día na tribuna do Parlamento, porque o pacto foi todo papel mollado. Agora que se acaba unha lexislatura, non se preocupen, porque imos ter un Goberno serio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Imos ter un Goberno máis reducido do que temos, pero que vai traballar moito máis do que traballou o actual. Porque o actual, á parte de ser un Goberno medio familiar e de todo iso, era o Goberno máis amplo que tivemos na historia da democracia, pero o Goberno que menos fixo por España. E nós imos facer unha España moito mellor para todos, cun presidente que hai pouco sentaba neste escano, un galego que fala galego coma nós, que é o que necesita este país. *(Risos.)*

E termino, señor Bará. Alégrome moito de que un nacionalista siga a campaña do Partido Popular a nivel nacional. Iso é bo sinal. O que si me preocupa é que vostedes, cando chegamos esta lexislatura a este Parlamento, tiñan un superdeputado que facía de todo alí e conseguía de todo e agora resulta que ese superdeputado o teñen vostedes debaixo da mesa...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** ...porque non queren que vaia debater o deputado; que é o candidato, realmente. O candidato non é a señora Pontón; é ese deputado. E vostedes téñeno escondido. Iso de súper reduciuse a miniatura.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Rematamos a sesión, que será retomada mañá ás dez da mañá.



*Suspéndese a sesión ás oito e quince minutos do serán.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pardo López, Adrián	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Daniel	(BNG)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pérez López, Noelia	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
9. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	47. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Porro Martínez, María Corina	(P)
11. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	49. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Prado del Río, Paula	(P)
13. Candia López, María Elena	(P)	51. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
14. Carballo Páez, Ramón	(P)	52. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
15. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro García, Daniel	(BNG)	54. Regueiro Fernández, José Luis	(P)
17. Castro Rey, Paloma	(S)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Conde, Ángel	(P)
22. Fernández Davila, María Cristina	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. García Vidal, Ana Belén	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. Gómez Salgado, Carlos	(P)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Abella, María Susana	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. López Sánchez, Rosalía	(P)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Lourenzo Moura, Diego	(BNG)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Mouzo Mas, Paula	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Varela Fernández, Katherinie	(P)
36. Ojea Arias, Eduardo	(S)	74. Vereá Fraiz, Borja	(P)
37. Ortega Otero, Marina	(S)	75. Vilela Riveiro, Sandra	(P)
38. Otero Lago, Noelia	(S)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

